CATEDRA

Revista eumesa de estudios

Pontedeume 2003 *N...10*

TIPOLOXÍA DE HÓRREOS NA COMARCA DO EUME

Ana Geada Uzal

1.1 PRÓLOGO

Este artigo que hoxe temos entre as mans está baseado nun traballo sobre os hórreos galegos, recollido do noso camiñar por toda Galicia. Neste traballo percíbense dúas parte. Unha que dá a liña argumental e que é: a clasificación dos hórreos de Galicia segundo a súa arquitectura, forma e materiais reflectida de forma clara e velada mediante patróns, planos e ilustracións dos mesmos. A outra fai referencia á importancia histórica do hórreo e á súa correlación coa arquitectura popular. Por iso no seu desenvolvemento fomos aproveitando os temas que nos pareceron necesarios para aclarar conceptos e fomos enlazándoos para reducilos a un eixe principal; Unha Catalogación dos Hórreos de Galicia.

Nos non tentamos formular respostas senón un coñecemento histórico de apoio do acto proxectado das edificacións adxectivas relacionadas co soporte agrícola e gandeiro que nos axudou a comprender o porqué de determinadas solucións, a súa continuidade e ruptura, a súa aceptación ou rexeitamento motivados por demandas de orde funcional, vital, espiritual ou cultural, case coma limitadores condicionantes que conduciron a esclarecer tales expresións construídas.

Este artigo supón un alto no camiño na Comarca do Eume: Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e Pontes de García Rodríguez; ao longo do cal faremos referencia á tipoloxía dos hórreos nesta comarca e arredores, expoñendo a súa localización e características constructivas.

1.2 INTRODUCCIÓN

O hórreo é unha edificación erixida para secar e/ou preservar os productos da colleita evitando a humidade, illado do chan e dos roedores.

Xenericamente encontrámolo nas proximidades da eira, lugar onde se separa a palla do grao, aínda que noutros casos, por necesidades do espacio, sitúase máis afastado desta ou da casa vivenda.

Nembargantes, sempre estará nun lugar perfectamente ventilado que soe ser a zona máis despexada e elevada da que dispón o campesiño, orientado nunha determinada dirección cunha

altura conveniente con sinxelo acceso, nun terreo próximo ou nunha leira. Non debe estar unido a ningunha construcción nin vivenda, nin tampouco quedar encerrado entre varias construccións, sendo máis aconsellábeis os lugares sobre elevacións afastadas aínda que algo arredadas da casa.

Na configuración da paisaxe galega, na súa humanización, o hórreo é un elemento de gran importancia. É xa case tópico falar do carácter especial que os hórreos dan á paisaxe, pero o certo é que estas construccións teñen unhas características específicas en Galicia; abundan de tal xeito que se podería dicir que cada casa ten o seu hórreo propio. Por suposto, existen variacións dunhas zonas a outras en relación coa frecuencia da súa aparición, mesmo no leste de Ourense e sur de Lugo é difícil atopar un hórreo, así como en certas zonas de montaña.

Os hórreos galegos non están concebidos coma despensas, senón que teñen unha finalidade específica: gardar, desecar e conservar o millo, de aí a identificación do hórreo galego coma **"celeiro especializado"**. Aínda que hoxe se utilizan tamén para gardar outros productos; a forma rectangular, as aberturas de ventilación, a súa orientación, etc, son características que se unen e compaxinan para poder cumprir, de maneira efectiva.

A función de madurar o millo é unha necesidade proveniente do feito de que o mesmo se recolle sen completar o seu ciclo, o que unido ao clima húmido da rexión, fai preciso contar cun sistema que acade esa maduración malia as condicións naturais pouco favorábeis.

Entón, unha vez recollidas as mazarocas, de ordinario, cun grao de humidade elevado sepáranse dos tallos no campo e recóllense en cestas ou ben cúrtanse as canas de millo sen separar previamente as mazarocas (disporanse en "medas" na eira durante uns días). En ámbolos dous casos procédese á "esfolla" e seguidamente depositaranse no hórreo. As mazarocas colócanse cada certa distancia e coincidindo cos claros vanse colocando unhas táboas e despois destas perpendicularmente ás mesmas colócanse filas de mazarocas ata o teito.

Se nos esquecemos da importancia funcional que desenvenvolven, aínda nos quedaría a súa forma, o seu espacio, volume e colorido, así como as súas características constructivas e arquitectónicas. Calquera delas sería motivo máis que suficiente para dedicarlle un amplo apartado neste traballo, xa que non debemos esquecer que o hórreo xorde como resposta a unhas necesidades moi concretas que determinan claramente as súas principais características, pero sempre adaptándose ao labrego, aos medios e materiais que se atopan no contorno. Todo isto dará lugar a unha serie de variacións nas formas entre unhas comarcas e outras ou entre uns municipios e outros, xerándose áreas intermedias de tránsito, de interferencia de influencias.

Pero non só existen hórreos en Galicia, senón nalgunhas outras zonas da península Ibérica, coma o norte de Portugal, Asturias, León, e todo o norte ata os Pirineos, e mesmo en terras tan afastadas coma Hungría, Cáucaso, Formosa, Países Escandinavos, Suíza, Romanía...

Respecto á súa forma, en cada unha das rexións citadas adquire diversos nomes: En Portugal espigueiro-palleiros; en Galicia cabaceiro-canasteiro-orro-horrus; en Cantabria garayas; no País Vasco garaixes; en Navarra garais.

Na actualidade unicamente mantense en Asturias e Galicia, nas outras zonas, perdida a súa funcionalidade pola que foron construídos desapareceron; tal é o caso do noroeste de Palencia (No val de Mena en Burgos, documentados en plena Idade Media, coma caso especial, posto que non é unha zona de millo) e a maior parte de Cantabria.

1.3 UN ANACO DE HISTORIA

Ningunha outra mostra da arquitectura popular foi obxeto de atención, no que respecta a estudios, coma o hórreo; o tema da súa orixe foi un dos máis discutidos e que máis hipóteses xerou.

1.3.1 Teorías sobre a súa orixe

A orixe do hórreo non está clara; hipóteses e teorías sucédense pero o problema segue suscitado. Para darmos unha visión de esta cuestión, expoñeremos algunhas hipóteses sobre ela de maneira sintetizada.

E. Frankowski foi o primeiro investigador que abordou o estudio do hórreo dende unha perspectiva ampla e científica que publica en 1918 Hórreos e Palafitos da Península Ibérica; xa no título do seu libro pódese albiscar que ve o hórreo coma unha supervivencia das construccións palafíticas de madeira, baseándose no feito de que ámbalas dúas se apoian sobre esteos, chegando a afirmar na súa obra:

> *"Os hórreos de Asturias, Galicia, Provincias Vascongadas e Portugal, deben ser considerados coma reliquias de tempos moi afastados, cando nestas terras reina - ba a construcción palafítica de madeira.*
>
> *Nas vivendas populares destas comarcas encontrámonos os trazos patrimoniais da procedencia das construccións Palafíticas. En apoio de nosa suposición poden ser - vir as indicacións da probábel existencia de construccións de Palafitos na arte rupestre do habitante prehistórico da península Ibérica".*

A teoría que defendeu foi a de orixe palafítica, fundamentando as súas afirmacións en referencias de autores que recompilaron lendas populares sobre as cidades lacustres somerxidas.

A teoría de Frankowski chega a ter influencia sobre etnólogos e historiadores da época e posteriores, por exemplo, outro autor, Torres Balbás (1933) que, anque non acepta a teses anterior,

presenta unha propia a cal obsérvase moi influenciada pola de Frankowski; segundo el derivan dunha primitiva vivenda, en xeral circular, duns homes da prehistoria que se asentaron nas marxes dos ríos, e escribe:

> *"O hórreo primitivo sería a primeira vivenda de forma circular xeralmente, que se asentou nas marxes dos ríos coma lugar de refuxio da comunidade prehistórica e que despois levantou sobre estacas para defenderse das inundacións e dos ataques das feras".*

Nembargantes, escavacións posteriores desestimaron a **teoría palafítica.**

Hoxe en día cobra maior forza a **hipótese neolítica**, ao parecer na agricultura alá polo ano 10.000 antes de Cristo, o hórreo xurdiu coma consecuencia da necesidade de almacenar productos da colleita. A Dra., González Serrano, na súa obra Historia da Arquitectura Española, di:

> *"Estes celeiros construíronse sobre estacas verticais co fin de protexer os grans e as sementes neles almacenados da humidade e dos roedores. Trasunto en pedra do que foron estes primitivos silos, son os actuais hórreos galegos e asturianos e as "grayas" vascas que seguen sendo, esencialmente, almacéns agrícolas da España húmida".*

Para o profesor Gómez-Tabanera na súa obra Estructuras Palafíticas e Arquetipos culturais, a orixe do hórreo puido coincidir cun ciclo pluviométrico extraordinariamente elevado ao que se viu sometido Europa a mediados do primeiro milenio antes de Cristo. Coma consecuencia disto a gandería veuse afectada por enfermidades articulares, e cita:

> *"Evolucionaron entón as formas de vida cara a agricultura incrementándose o cul - tivo de certas gramíneas, leguminosas e outras plantas de interese económico (liño, cánabo, etc...). E entón cando se esixe o almacenamento ensilado de posíbeis excedentes agrícolas, protexéndoos da humidade ambiental."*

A **hipótese romana** ven avalada pola raíz latina do termo hórreo, horreum, así como de moitos dos seus compoñentes estructurais: Pegollo- pegulus, trabe- trabe, liño- lignus... nomenclatura do hórreo asturiano, que se toma de Jovellanos dos seus Diarios, onde cita:

> *"...que ditos hórreo son supervivencia dos romanos demóstrao a nomenclatura dos seus diversos elementos, que en Asturias non é mais que a traducción ao bable da terminoloxía latina..."*

e a Historia Natural de Plinio no que escribe:

> *"...celeiros construídos sobre pés dereitos para facilitar a ventilación".*

Máis o propio Xovellanos foi o primeiro en concluír que anque a nomenclatura era na súa totalidade derivada do latín, atribuíulle a súa orixe ás épocas prerromanas. Os escritores asturianos coinciden en xeral en supor a existencia do hórreo asturiano en tempos anteriores á colonización romana.Un deles, o que máis interese lle adicou, Constantino Cabal, afirma: *"Roma áchao na España Citerior"* e V. Palacio Gros completa estas afirmacións engadindo:

> *"Nos escritores latinos abundan alusións aos hórreos, coma construccións de onde se pon o gran, pero non parece que súa forma fose semellante nin parecida a do hórreo asturiano. Os romanos ao chegar a Asturias deron o nome horreum as construccións que, anque diferentes na súa forma, tiñan a mesma aplicación que a usada en Italia".*

Concluíndo, os romanos encontraron o hórreo na España Citerior, adoptárono coma celeiro polas súas vantaxes para rexións húmidas, perfeccionárono, déronlle nomes latinos aos seus elementos, pero non o introduciron na rexión, xa existía con anterioridade.

Mentres, X. Dias, E. Veiga de Oliveira e F. Galhano (1961) formulan a chamada **hipótese suévica** a partir dunha furna funeraria alemana da Idade do Bronce (Obliwitz, Lavemburgo, Pomerania).

A forma desta furna aseméllase á maior parte dos hórreos galego-portugueses: rectangular alargada, erguida sobre catro pés e, por enriba destes, o que poderían ser os tornarratos.

Fundamentada na chegada dos suevos e no seu asentamento (século V), encontráronse cunha cultura agraria onde o cultivo do cereal era moi importante e conseguiron grandes progresos constituíndo un "complexo agrario" con importantes contribucións á técnica agrícola, no cal inclúese o hórreo. A conclusión dos etnógrafos é que, se ben na zoa non existían hórreos de planta redonda e de corpo entretecido de ramas para almacenar o gran, os suevos introduciron o modelo rectangular.

Esta hipótese é acollida receptivamente polas súas formulacións innovadora e máis fundamentada no senso de integrar datos de carácter arqueolóxico, histórico e etnolóxico, pero existen certas cuestións sobre as que se sustenta (nas que non entraremos) as cales non quedan claras e suscitan certos problemas.

Para rematar, a **hipótese anecdótica** que se formula Alfonso Igrexas no seu libro de hórreos, baseándose nunha praga de roedores ocorrida durante a romanización e referida por Don Xulio Caro Baroja na obra Pobos do Norte onde cita:

> *"Sería esta terrible praga de roedores unha das causas que obrigaron aos agri - cultores daquelas épocas a edificar os primeiros hórreos, con seus pegollos, mudas e tornarratos na zona de Asturias e Galicia."*

Estas hipóteses representan unha mostra das existentes e en todas elas poñen de manifesto unha gran variedade de criterios que non deixan clara nin establecida a orixe do hórreo.

1.3.2 Recesión histórica

"... supra terram granaria in agro quidam
sublimia faciunt, ut in Hispania citeriore
et in Apulia quidam, quae non solum a
lateribus per fenestras, ser etiam subtus
a solo ventus refrigerare possit."
(Varron, De re rustica, Lib. I, C. LVII)

Este fragmento foi a primeira referencia escrita sobre o hórreo ibérico. Achámola na obra De re rustica, de Marco Terencio Varron, escrita no século I a. de XC., ao falar dos modos de conservar o gran dos distintos cereais, Varron distingue tres tipos de celeiros, un dos cales o describe nos seguintes termos:

"... outros constrúen nos seus campos uns celeiros suspendidos como na Hispania citerior, nos que o ar no soamente penetra polas ventás, senón también por debaixo do piso". Esta imaxe corresponde con gran exactitude a boa parte dos nosos hórreos actuais, e coincide tamén con algunha outra descrición, como a do naturista Cayo Plinio Segundo, quen di: *"Noutros lugares, pola contra, constrúen os seus celeiros de madeira, suspendidos sobre pés, preferindo deixar que o ar sopre polos lados e aínda por baixo... "*, o a de Lucio Junio Modesto Columela: *"Pero nós, vivindo en rexións de abundante humidade, aprobamos mellor o hórreo pénsil, que descansa sobre soportes..."*, ámbalas dúas recollidas por I. Martínez Rodríguez.

Tamén da época romana, outros autores coma Vitubio e Virgilio nos dan descricións dos celeiros da época. Segundo o profesor Rodríguez Fernández a cita máis antiga sobre o hórreo corresponde ao 15 de setembro do ano 800. No seu traballo O Hórreo na Diplomática Medieval Asturiana no latín (século VIII- XIII) escribe:

"O abade Vitulo e seu parente presvitero Ervigio fundan o Monasterio de Taranco no Val de Mena (Burgos), dotándoo con terras, gando, axuar e algunhas edifica - cións; edificabimus ibi domicilia, celarios, ***orreos****..."*

A partir das mencionadas datas romanas na Península Ibérica, temos que esperar oitocentos anos antes de que a historia dos hórreos se fixera eco con claridade.

O documento número sete, do Cartulario de Santo Toribio de Liébana (Cantabria), datado no día 25 de xaneiro do ano 831, menciona na lista das doazóns a súa parroquia por unha *"señora de ben"*, que ela regala á casa co hórreo. A continuación reprodúcese algunhas partes do texto de

dito documento (Cart., fol. 8 vº, núm. 28. Publ.: JUSUÉ, Documentos, B. A. H., XLVIII (1906), páxs. 131-133.-Citado: URBEL, Condado, páx. 1337; ESCAGEDO, Estudos, III, páx. 107).

> *"… ibidem in Lone* ***horreum****, cortes, seneiras III, sibe exitis, gressum uel regres - sum; ad Sancto Petro in Secenia omnia quidquid ibidem est escepto (sic) quod ad Sancto Uincentio dedimus in Bargandale (a) id est casa et* ***horreum*** *et illa binia nobella de Faffilane; et ad Camarbenia (b) ad Sancto Petro et ad Fonticellas (c) ad Sanrto Romano illa conficta de illa parte ubi domnus Itila (d) abitabit, id est casas,* ***horrea****, lecta, cortes, binia ibidem ante casa, pomares, seneras uel quidquid ibidem est; et ad Bellenia colina et* ***horreum****, binia de Armentari etalias duas ic ad illa nobella de Lopelli et una ad Maurin; ad Sancto Acisclo in Boida casa et* ***horrea*** *sibe et cortes, senera que est inter ambos arrodios, ibidem in Boida; et ad Armanio ad Sancto Iohanne binia qui est ad illa prata et senera qui est iusta Segobium, ad illa cobella. Ad Sancta Eulalia Caornita casa,* ***horrea****, cortes, pomares, nobelle iusta casa illa, case, seneras, et ad Sancta Maria ad Lairones casa et illa sorte de Nunilla, binias, pomares et terras et ad Sancto Martino senera qui est in Mensas et binias qui in ipsa senera sunt et ad <Sancta> Eulalia in Paeccio et ad Sancto Martino in Torancio, casa,* ***horrea*** *duos, seneras duas quem comparabimus una in Torancio et alia in Baures, binias duas hic quem comparauimus ibidem in Paeccio, habeat illud in comunnitatem et in Cesaria Christoforo sorte Benfanietro (e) ante* ***horreum****, terras et pommares..."*
>
> (a) JUSUÉ lee Bargaudale.—(b) En JUSUÉ, Camarbena.—(c) En JUSUÉ, ad Sancto Petro ad Fonticelas.—(d) En JUSUÉ, Vila. (e) En JUSUÉ , Sancto Christoforo sorte benfametro.

Vemos, pois, que na Idade Media está documentada a existencia do hórreo no noroeste peninsular. Noutras zonas da península tamén existe documentación sobre o tema.

A pesar de que as primeiras descricións do hórreo se deben a escritores romanos, a imaxe gráfica máis antiga é moi posterior, nada menos que do século XIII. Atópase nunha miniatura das "Cantigas de Santa María", de Afonso X O Sabio.

O fragmento da "cantiga" di:

> *"...como hüos monges non avían que comer e rogaron a Santa María que os aco - rrese, cómo os monges s'acharon outro día os* ***orrios*** *chëos de muy bõo trigo..."*

Hórreos, semellantes en moitos aspectos, que parecen responder aos hórreos galegos actuais, a excepción do arco de ferradura da súa entrada, das basas de arranque e dos durmintes que sosteñen as súas cubertas.

Tamén no século XIII, o poeta rioxano Gonzalo de Berceo (Berceo. h. 1195-monasterio de San Millán. h. 1265) fai ao hórreo protagonista dun dos milagres de San Millán. Berceo fai uso por primeira vez da lingua castelá. No libro segundo da "Vida de San Millán de la Cogolla", Berceo relata coma se obrou dito milagre:

225. "…Creciéli al sant omne cutiano la missión,
siguiélo la gent pobre por prender la ración;
qerié alzar un ***orrio*** *por essa entención,*
por pro de los mezquinos, non por otra razón…

238. …Acabaron el ***orrio*** *con Dios los carpinteros,*
el confessor precioso pagólis sos dineros;
fuéronse a sus casas sue vía los obreros,
fincó él con sos pobres e con sos companneros…"

Se a primeira referencia en lingua castelá é do século XIII, a primeira descrición que se fixo en lingua castelá do graneiro rural peraltado no noroeste peninsular é do século XVII. Esta corresponde a dun canastro arcaico, do tipo hórreo-cesto, que aínda encontrase en uso na Galicia e norte de Portugal. Esta descrición foi realizada por Luis Alfonso de Carvallo a mediados do século XVII no seu traballo: *"Antigüidades e Cosas Memorables do Principado de Asturias"*, publicado no 1695 como obra póstuma. Neste traballo dise o seguinte:

"...Vfafe aun en Afturias efta manera de texido, pues vemos algunos graneros, que llaman ***Orrios****, hechos de barretones, texidos con varas, tan firmes, y feguras, que aunque eftàn encima de quatro palos, expueftos à los ayres, y tempeftades, y car - gados de pan, y otras cofas, lo fufren todo, fin hazer vicio.*

...Úsase aún en Asturias esta maneira de tecido, pois vemos algúns graneiros, que chaman Orrios, feitos de barrotes, tecidos con varas, tan firmes e seguras que aínda que estean enriba de catro paos, expostos a intemperie, e cargados de pan e outras cosas, o sofren todo sen facer vicio...».

1.3.3 Evolución do hórreo

Non se chegou a un acordo entre os tratadistas que se ocuparon do estudio do hórreo acerca da súa verdadeira orixe, se as diversas formas que presentan son derivación dun tipo primitivo, o cal tería evolucionado modificándose ou perfeccionándose para o mellor cumprimento das súas funcións ou se, polo contra, os distintos tipos fundamentais serían achegas sucesivas de diferentes pobos, os cales virían a superpoñerse sen que os tipos máis antigos desaparecesen do todo, resultando deste modo unha coexistencia de hórreos, uns moi antigos e elementais, e outros recentes e perfeccionados. Imos reparar fundamentalmente en dúas versións.

Hipótese Palafítica.
(Martinez Rodríguez, 1979)

Se admitimos a evolución a partir dun tipo primitivo moi antigo, esta tería sido moi lenta e abarcaría tódalas idades da historia ata a prehistoria, xa que a súa orixe se remontaría aos tempos das máis antigas poboacións de Galicia, tribos recolledoras que haberían achegado o celeiro-cesto ou cabazo.

As etapas desta evolución terían sido, ao mellor, as seguintes:

Romanización. Para autores coma Xovellanos e Ibero, entre outros, os romanos se non introduciron o hórreo, *"... lle deron a perfección que hoxe ten... "* e *"... influíron sobremaneira na reforma deste celeiro... "*. Pero nin un nin outro concreta cal puido ser este perfeccionamento polo que se nos ocorre que puido ser o emprego de táboas que permitía aumentar o tamaño do hórreo e darlle maior solidez. Seguindo esta tendencia de dar maior solidez ao hórreo, suporemos que o teito tamén evolucionou substituíndo o material vexetal (colmo) por tella curva ou lousa, e como consecuencia a adopción da cuberta a dúas ou catro augas, de superficies planas, en lugar da cuberta cónica.

Pero fose ou non debida á influencia romana, a evolución produciuse para lograr: un maior volume e capacidade de almacenamento adoptando unha forma rectangular, unha maior solidez e resistencia (construcción do hórreo en madeira) e unha arquitectura de planos e arestas, sen perder ningunha das condicións orixinarias de illamento e ventilación.

Difusión do cultivo do millo. A miniatura da Cantiga CLXXXVII do Rei Sabio no Códice do Escorial proba a existencia dos hórreos medievais, moi anteriores a introducción do millo a comezos do século XVII, onde o miniaturista debuxou as xuntas con trazos precisos, pero non debuxou as aberturas de ventilación.

Este documento fíxonos abandonar a hipótese de que a evolución do cabaceiro (cabazo rectangular) ao hórreo tería sido determinada pola introducción do millo e as súas consecuencias inmediatas. Considerando que a revolución agraria puido menos que influír no hórreo, xa que o campesiño se viu na necesidade de almacenar colleitas máis voluminosas dun cereal particularmente esixente para súa boa conservación en rexións moi húmidas.

O hórreo debeu modificarse para responder a estas esixencias; a de curar o millo almacenado nas mazarocas, para o cal é fundamental asegurar unha boa ventilación, á parte do illamento do chan e a protección contra a intemperie e os roedores, xa conseguidos. Entón se os hórreos do século XIII non tiñan aberturas de ventilación, poderiamos supor que estas aparecerían posteriormente. Dito o cal, a evolución produciuse para conseguir: un maior volume e capacidade de almacenamento aumentando a lonxitude e mantendo a súa dimensión transversal e unha especialización para a cura mediante aberturas de ventilación.

Petrificación. Este proceso, tan avanzado no norte e sur de Galicia e norte de Portugal, debeu ser de realización tardía, condicionada pola calidade da rocha afloramento no chan e non puido producirse máis que en comarcas onde a rocha granítica permite o tallado das grandes pezas de pedra requiridas. Por conseguinte non tivo grandes carácteres de xeneralidade e nalgunhas comarcas a evolución cara á pedra non se produciu e séguese construíndo de madeira. A adopción da pedra na construcción do hórreo poderíase fixar nos comezos do século XVIII. En definitiva a evolución produciuse no sentido de lograr unha maior solidez e duración coa utilización da pedra na súa construcción. En toda esta multisecular evolución o hórreo tería conservado sempre:

- **as súas características estructurais:** construcción suspendida sobre postes, illada do chan, independente e exenta de toda outra construcción; forma rectangular, estreita e longa; cuberta a dúas augas con aresta cumbreira lonxitudinal.

- **a súa finalidade e función:** almacenaxe e conservación de reservas alimenticias, xa procedentes da recolección, primeiro, xa obtidas por cultivo cerealeiro, posteriormente.

Tese Funcional.
(López Acostumar, 1931)

Se non admitimos a evolución do hórreo a partir de antecedentes prehistóricos senón que o atribuímos a unha orixe funcional; aparece en Galicia con posterioridade a introducción e difusión do cultivo do millo, a comezos do século XVII, coma consecuencia precisamente de curar e almacenar a colleita. Xorde, polo tanto, coma graneiro especializado para o cumprimento de tal finalidade.

As etapas desta evolución terían sido, tal vez, as seguintes:

Cociña. O campesiño galego tería tratado primeiramente de curar o millo, colgando as restras de mazarocas na cociña da casa, preto do fogar para que se secase co aire quente.

Solaina Aberta. Cando a colleita aumentou de volume esto levaríao a colgar as restras de mazarocas en balconadas e solainas expoñéndoas ao sol.

Celeiro anexo á casa. Dispuxo na casa de lugares adaptados a esta exposición ao sol das mazarocas; unha solaina aberta ao sur, cuberta polo tellado, coma protección das choivas abrigada lateralmente polas paredes, que foron logo perforadas con aberturas de aireación para facilitar a circulación do aire. A parte aberta protéxese primeiro cunha balaustrada; logo esta elévase ata pechala totalmente, para evitar o acceso dos roedores, pero en celosía de madeira para non impedir a ventilación. O acceso faise polo interior da casa.

Hórreo illado sobre celeiro. Hai interese en illar este hórreo da vivenda polo perigo de incendios e para facilitar o acceso ao mesmo. Entón construirase separado da casa, pero polo mesmo sistema; coma un piso alto, con paredes de persiana de madeira, sobre un ambiente inferior pechado entre paredes, que constitúe o celeiro e cunha escaleira exterior para acceso da cámara. Este tipo de hórreo exento o illado da vivenda tería sido de dúas plantas, co graneiro para o millo na superior e o celeiro na baixa, como os que se ollan actualmente en Galicia. É un hórreo de pedra con costais de celosía de madeira.

Celeiro sobre cepas. Por economía de esforzo constructivo, a evolución tería sido rumbo ao hórreo sobre cepas reducíndose as paredes inferiores aos muretes transversais que deixan o espacio inferior aberto.

Celeiro sobre esteos. Continuando a evolución no mesmo sentido dos muretes chegouse os postes, esteos.

En definitiva, o hórreo habería sido orixinariamente en pedra, pero logo ao separarse da casa se comezou a construír en madeira pola carestía do traballo de cantería.

En contraposición as ideas expostas pola teses funcional, admítese, xeralmente, que o hórreo existía con gran anterioridade a difusión do cultivo do millo e a necesidade que experimento o campesiño galego de curar e almacenar as súas voluminosas colleitas no século XVII; que a necesidade de adaptar o hórreo, xa existente, ás esixencias da boa conservación do millo, puido modificar a estructura da cámara para asegurar a circulación interior do aire e aumentar súas dimensións, pero non influíu na súa forma característica nin nas súas proporcións; que non pode aceptarse que se orixina coma un dispositivo da casa mesma, creado para secar o millo e logo segregado e independizado dela; tampouco que a evolución fixérase do hórreo de pedra ao de madeira e do hórreo sobre celeiro ao apoiado sobre postes ou esteos.

1.4 CONTORNO XEOGRÁFICO

O hórreo constitúe unha das máis significativas achegas arquitectónicas que conforman a paisaxe do noroeste peninsular. En Galicia encontrámolo repartido nas catro provincias: A Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense, concentrándose nas comarcas costeiras e diminuíndo a súa densidade a medida que nos afastamos destas, chegando a desaparecer totalmente nas comarcas sudorientais lucenses e en gran parte da metade oriental da provincia de Ourense.

A súa área de expansión abrangue todo o macizo Galaico que se estende polas comarcas occidentais de Asturias situadas ao oeste do Valle de Navia, ata o Norte de Portugal. No seu conxunto, as provincias galegas teñen catalogados uns 35.000 hórreos que reúnen unhas características arquitectónicas condicionadas pola climatoloxía do lugar sumamente húmida, con abundan-

tes precipitacións, unha frondosa vexetación e ventos constantes. Motivos suficientes para determinar a súa constitución:

- Unha cámara onde non penetra nin a choiva nin o sol.
- Unha planta rectangular, cunha lonxitude adaptada ás diferentes colleitas.
- Aberturas nas paredes da cámara para permitir unha penetración constante e repartida do aire.
- Elevación da cámara sobre unha base que illa da humidade do chan.

Características que xorden coma resposta a necesidades moi concretas, pero sempre adaptándose ao labrego, aos medios e materiais que se atopan no contorno.

1.5 TIPOLOXÍAS DOS HÓRREOS GALEGOS

Os criterios para a clasificacion tipolóxica dos hórreos galegos fixéronse en primeiro lugar dependendo do tipo de material usado para a construccion na súa totalidade ou coma defecto ao da cámara, posto que a gran maioría levan a suspensión de pedra, e en segundo lugar pola súa localizacion xeografica.

A distribución xeografica de todos os tipos é moi doada de observar en ocasións, pero nalgúns casos existen zonas xa non de transición senón de mestura ou híbridas nas que é difícil a precisión. Pequenas variacións formais ou de materiais en hórreos pertencentes ao mesmo tipo pero en zonas diferentes, fan ás veces dubidar sobre a existencia ou non de subtipos, pois estas sinxelas variancións poden facer modificar o aspecto ata ese punto.

As diferentes manifestacións do hórreo van do cabazo de varas entretecidas aos hórreos de excelente cantería, daqueles de moi reducidas dimensións, ata os parroquiais de 30- 35 metros; dos estreitos e longos aos dun ancho non usual nin case funcional; de especialización para millo ata o cabazo-despensa da zona nororiental galega; de áreas de máxima concentración a aquelas onde nin tan sequera existen.... Así, é moito máis, é o hórreo.

Recollemos a seguir o cadro das tipoloxías:

1. Hórreos primitivos. Entretecidos de varas ou ramas en labor de cestería.
    a. De planta circular. Cabazo
    b. De planta rectangular. Cabaceiro
2. Hórreos de madeira. Traballo de carpintería.
    a. Tipo Mariñán
    b. Tipo Palleira o Piorno
    c. Tipo Salnés
    d. Tipo Bergantiñán

e. Tipo Cabanas
f. Tipo Vilalba
g. Tipo Tui
h. Tipo Asturiano
i. Tipo Asturiano montañés

3. Hórreos de pedra e de madeira. Mixtos.
    a. Tipo Carral
    b. Tipo Carballo
    c. Tipo Mondoñedo
    d. Tipo Maía
    e. Tipo Pontevedra
    f. Tipo O Pino
    g. Tipo Mariñán lucense
4. Hórreos de pedra. Traballo de cantería.
    a. Tipo Ribadeo
    b. Tipo San Pedro de Visma
    c. Tipo Coristanco
    d. Tipo Fisterra
    e. Tipo Noia
    f. Tipo Morrazo
5. Hórreos de ladrillo o cemento. Traballo de albanelería.
    a. Tipo Lugo
    b. Tipo Cedeira
    c. Tipo Carballo
    d. Tipo Morrazo de albanelería
    e. Outros tipos.
6. Hórreos metálicos.
7. Hórreos prefabricados.
8. Hórreos dobres u hórreas.

A continuación neste artigo pasamos a explicar as tipoloxías que podemos achar na Comarca do Eume dunha maneira máis detallada.

1.6 TIPOLOXIAS NA COMARCA DO EUME

Na Comarca do Eume localízase principalmente unha tipoloxía de hórreo de madeira denominado *Tipo Cabanas*. Este tipo de hórreo á súa vez coexiste con outras tipoloxías nas comarcas limítrofes; co *Tipo Cedeira* en Ferrol, co *Tipo Vilalba* na Terra Chá e co *Tipo Mariñán* en Betanzos.

Agora pasamos a reseñar con detalle a súa localización e características constructivas.

TIPO CABANAS

Localización

A súa zona de expansión non é moi grande. Localízase no norte da provincia da Coruña, dende o río Eume ata Santa Marta de Ortigueira. Na zona occidental encóntrase co tipo **Cedeira** de albanelería. Isto óllase en Rioboo, Valdoviño, Cedeira, Aloira e outras localidades achegadas. Polo leste vai ata Igrexa Feita, Santoca, As Neves e Faieira. En Vilavella coexiste co tipo **Vilalba**. No sur producese a transición entre o tipo **Mariñán** e o tipo Cabanas. A maior densidade localízase entre Cerdido, Abade, Moeche e San Sadurniño.



Cabanas, Moeche (A Coruña).

Características xerais

É un hórreo de madeira de planta rectangular, máis ancha que longa. No referente ás dimensións parécese bastante ao tipo Mariñán. A Cámara é máis ancha que alta; en sentido lonxitudinal é de lonxitude moi parecida. É un hórreo pequeno.

Suspensión

A suspensión é baixa, está constituída por unhas cepas de cachotería revocada ou seca. Nalgunha ocasión encontrámonos cunhas cepas maciza das mesmas, ou parecidas, dimensións na anchura e lonxitude da cámara.

Os tornarratos son de lousa con forma cadrada; o seu grosor é duns 5 cms.. Ás veces son de pedra de maior grosor e ben talladas. Cando leva unha cepa maciza, a base da cámara sobresae nos catro lados ao exterior facendo ás veces de tornarratos.

Detalle tornarratos.



Alzado cámara.



Detalle cámara.

Cámara

A cámara está construída con táboas de madeira colocadas en sentido vertical que levan unhas separacións para que exista ventilación.

Nas esquinas e separando as paredes teñen uns piares de madeira cunha sección maior para que haxa máis resistencia. Podémonos encontrar con algunhas cámaras que están formadas por piares de formigón, co cal serán mixtas. Para unha maior suxeición das doelas colócanse un ou dous listóns horizontais polo exterior.

Se a suspensión se fai sobre cepas dispóñense dúas vigas lonxitudinais de madeira apoiadas sobre os tornarratos. Teñen a mesma lonxitude que a cámara, co cal non sobresaen como nas tipoloxías Mariñán e Palleira. Para reforzar a unión destas coas transversais faise mediante unhas grampas de ferro.

Detalle interior cámara.



Se leva cepa maciza coa base da cámara de pedra non ten estas vigas, componse doutras máis pequenas que se suxeitan ás doelas. Os piares das esquinas e os das paredes van ensamblados co piso.

Cuberta

A cuberta é a dúas augas e o material que a forma soe ser lousa, anque na zona sur de difusión pódense ver con tella. As arestas ás veces están reforzadas cunhas tellas tomadas con morteiro de cemento. A



Detalle interior cubierta.

estructura da cuberta está formada por unhas tesoiras nas que se apoian unhas táboas e enriba colócase a lousa.

Accesos e escaleira

Soamente hai unha porta colocada nun costal. Cando está formada por unha cepa maciza prolóngase para formar unha escaleira e poder acceder ao hórreo. Se leva muretes non hai escaleira construída.

Ornamentación

Non leva terminais.

Variantes

As variacións máis frecuentes son: a suspensión que pode ser sobre muretes ou sobre cepas; o material de cubrición da cuberta, tella ou lousa; a cámara mixta ou totalmente de madeira.

E un hórreo pequeno e para aumentar o seu volume auméntase a lonxitude conservando o ancho.

Nalgúns aprovéitase a parte que queda entre as cepas para colocar leña.

TIPO CEDEIRA

Localización

A área de expansión non é moi extensa. Atópase na zona norte da provincia da Coruña, zona costeira das rías de Ferrol e de Sta. Marta de Ortigueira. Onde primeiro óllanse cando se vén do sudoeste é en Narón, despois de pasar o Xubia. Empeza a ollarse moito máis dende San Martiño de Trasancos. A maior densidade localízase en Rioboo, Valdoviño, Barreiro e Mouriscal. Diminúen na zona norte, en Patín, Cedeira e Aloira. Case non hai en Mera anque chegan ata Leboredo, preto de Cariño.

Van desde a costa ata a estrada de Subía a Santa Marta de Ortigueira, pero chegan moi poucos ata a estrada. Óllase algún no leste de Subía-Sta. Marta de Ortigueira.

Non ten carácter exclusivo, atópase co tipo Cabanas, co que ten en común a súa forma podendo ser este tipo mixto a súa orixe.

Características xerais

É un hórreo de planta rectangular, alargado e estreito. Destaca por ser bastante alto, sempre entre as casas.

Suspensión

É alta e sempre sobre celeiro tendo así dúas plantas. Está feito de ladrillo ou de formigón, con iguais dimensións que a cámara ou celeiro. Ás veces leva unhas ventás pequenas para que haxa iluminación.Soe estar revocado e branqueado.

Encima do celeiro leva un beiril continuo (producido polo alargamento do piso das catro paredes da cámara) nas catro paredes que fan as veces do tornarratos. Está construído con formigón.

O celeiro úsase como almacén de patacas ou outros alimentos e para gardar os apeiros de labranza. Nalgúns anchos dividíronse en dúas ou tres habitacións, onde nunha construíron unha cociña utilizándoo como se fose a parte inferior dunha casa.

Cámara

A cámara descansa sobre o beiril feito de formigón que fai a función de tornarratos.

Hórreo de Barreiro (A Coruña).



Detalle cámara.



Detalle das paredes da cámara.

As paredes están formadas por unha especie de persianas ou celosías feitas con láminas moi finas e longas de lousa dispoñen chanquilóns. Dispóñense sentido horizontal cunhas aberturas entre elas. Estas persianas dispóñense en series verticais, separadas por unhas columnas estreitas de cemento. Con isto o que se fai é imitar aos hórreos de madeira con piares horizontais (xambas) e barrotes verticais. As esquinas e xambas da porta son máis grosas.

Prodúcese un gran contraste entre as láminas de lousa e as columnas e esquinas, pois as primeiras son negras ou de cor moi escura e as outras están revocadas e branqueadas.

Cuberta

É sempre a catro augas con tellado de lousa. A aresta que define a cumbrera é lonxitudinal colócanse os dous aleiros que van encima das paredes costais. Os que van sobre os penais son os dous menores. Ten bastante pendente. Os aleiros non sobresaen moito.

As limas levan tella curva tomada con morteiro de cemento para reforzar a lousa.



Alzado cámara.



Portada da cámara.

Accesos e escaleira

O celeiro leva unha porta e a cámara leva outra. Colócase na parede costal que da á eira. Se ten moita lonxitude poden levar dúas portas dispostas no costal de forma simétrica.

Non solen ter escaleira construída, a pesar do alto da suspensión. Normalmente úsase unha de man, que se retirará posteriormente.

Ornamentación

Xeralmente non levan terminacións, como moito ten unhas pezas de cerámica curvas e acabadas en punta. Chámanse cornixas. Están colocadas nas esquinas da cuberta e na lima da cum-

brera. Na metade desta sóese colocar un par de cornixas de forma simétrica e nalgunha ocasión entre elas disponse unha cruz pequena e delgada.

Pódese incluír o contraste que existe entre as paredes do celeiro, barrotes e esquinas as cales son moi brancas e as persianas de lousa que son negras ou dunha cor escura.

Variantes

Non soe haber moita variación. Pódense encontrar diferencias na lonxitude e na altura da suspensión. Pode ter tres plantas anque moi excepcionalmente. Normalmente é estreito e longo pero os hai anchos con grandes dimensións.

Achouse un con tres plantas e acceso exterior que ten unha escaleira construída, cunha planta de 12,0 x 6,0 m.

Hai outro localizado con planta cadrada, cousa excepcional na rexión galega, pois con este tipo de plantas soamente se observaron no tipo O Pino.

TIPO VILALBA

Localización

Anque non hai moitos exemplares o area de difusión e bastante extensa. Localízase no oeste da Meseta da provincia de Lugo, que se denomina "Terra Cha" onde o cultivo do millo non e moi elevado. Aparecen coexistindo con outros hórreos de pedra e albanelería. É un tipo que se encontra en moi mal estado de conservación; os que aínda seguen en pé están moi deteriorados, sobre todo a galería, a cal en moitos xa desapareceu.

Pódense ollar nas localidades que están na estrada da Coruña a Lugo; dende Trasparga a Rábade (onde quedan moi poucos). No norte vai dende Baamonde a Vilalba , de camiño a Ferrol óllanse en tódolos pobos ata Cabreirós e Roupar.

Nas Pontes de García Rodríguez coexiste co tipo Cabanas. Chega ata os límites da serra de Carba onde se encontra co tipo Mondoñedo. En dirección Mondoñedo dende a Meseta lucense chega ata San Xoán de Alba e Goiriz. En Gontán óllase pero sen a galería.

Denomínase Vilalba debido a que é onde máis exemplares hai.

Características xerais

Ten planta rectangular, moito máis longo que ancho. A cámara é alta e bastante estreita. É pequeno, con pouca capacidade, parecido ao tipo Mariñán.

Suspensión

A suspensión é bastante baixa, formada por dúas cepas ou por un murete macizo. Son de cachotería seca nos dous casos.

As veces as cepas están formadas por dúas partes, unha de cachotería e outra de cemento ou outras pedras, para que o hórreo sexa un pouco máis alto.

Os tornarratos poden ser rectangulares de lousa con pouco grosor ou de cemento. Colócase un en cada poste.

Cando a cepa é maciza o piso da cámara (de lousa ou de cemento) sobresae formando un beiril e así substitúe os tornarratos.

Cámara

O piso é de lousa ou de formigón e vai apoiado sobre catro vigas de madeira que forman a grade.

Tamén descansa nunhas vigas transversais ao longo da cámara. Van encaixadas nas laterais a caixa e espiga. As lonxitudinais alónganse na zona posterior; na zona dianteira tamén sobresaen pero moito máis, pois forman un pequeno soportal de entrada.

Os piares das esquinas e das paredes suxéitanse na grade. A cámara está formada de doelas verticais con fendas de ventilación. Levan un listón a media altura ou máis de un equidistantes.



Santa Baia, Vilalba (Lugo).



Detalle tornarratos.



Detalle piso cámara.

Detalle cámara.

Alzado lateral cámara.



Detalle cubierta interior.

Detalle escaleira.

Cuberta

A cuberta e a dúas augas, con lousa como material de cubrición. Leva unha viga lonxitudinal, que forma o cabalete do hórreo.

En súa parte superior as laxas de lousa colócanse de tal forma que as extremas sobresaen un pouco nos dous aleiros dando a impresión de levar unha crista na cumbrera. Tamén poden levan no cabalete unha fileira de tellas tomadas con morteiro de cemento. Para su-xeitar as pezas de lousa ás veces póñense unhas pedras enriba. Ten pouca pendente. O aleiro soamente sobresae no pe-nal que leva a porta, pois forma e o tellado do soportal de entrada. É de uns 80 cms.

Accesos e escaleira

Leva unha porta no penal cunha galería. O porcheciño é a característica máis notábel deste tipo. Componse da prolongación das vigas lonxitudinais da grade, nas cales apóianse dous pequenos piares nos que descansa o aleiro. Entre estes e os piares das esquinas hai unha varanda fabricada con táboas de madeira.

Detalle escaleira.

O piso alóngase con igual lonxitude que as vigas laterais e así forma a plataforma de entrada. Cando leva unha cepa maciza prolóngase e a base da cámara tamén formando a plataforma.

Soen ter unha escaleira de pedra diante da porta para poder acceder ao hórreo. Nunca chegan ao nivel da porta para evitar a entrada dos roedores. Cando a suspensión é baixa non leva esta escaleira, senón que se colocan unhas pedras.

Ornamentación

Non sole levar terminais, pero nalgún óllase cunha cruz enriba do porchecillo e cun pináculo no outro extremo. As pezas de lousa colócanse cun pequeno solape entre elas.

Os aleiros, na zona da porta van rematados cunhas molduras de madeira para adornar e protexer os penais, ao igual que o tipo Mariñán.

Detalle cuberta.

TIPO MARIÑÁN
Localización

Este tipoloxía de madeira é característica da zona das Mariñas, localizados na parte baixa que rodean as zonas das rías da Coruña e Betanzos. É por este motivo que se lles denomina coma tipo Mariñán. Nestas rexións óllanse bastantes e as veces con carácter exclusivo. Se estende polo oeste ata A Coruña (río Mero) e polo este ata Pontedeume (río Eume). Na meseta case non aparece e polas zonas altas que rodea as Mariñas pódense encontrar bastantes. Se seguimos os vales do río Mandeo e Mendo chega ata Curtis, Vilasantar e Présaras, ata a zona alta de Cova da Serpe, que limitan polo leste a Meseta lucense. En dirección leste óllanse en Coirós e Fontelo ata chegar á Costa do Sal (cordal de Montouto) seguindo a estrada que vai a Madrid. Podemos ollar algúns illados na meseta, coma os de Guitiriz. Dende Betanzos a Cabreirós indo por Irixoa ata a liña diviso-

ria das augas e a costa que se olla na topografía do lugar. Cara ao sur por Herves, Carral e Ordes vai ata o Río Tambre en Oroso e Sigüeiro. Pódense ollar algúns preto de Santiago. Polo oeste chega ata Carballo e Buño. Polo val de Barcia, ao pe de Montemaior, óllase en Meirama e Cerceda. Ao sur desta zona montañosa atópase algún en Xesteda e chega ata o río Tambre en Páramos.

Este hórreo é exclusivo das zonas baixas das mariñas e seus arredores. Na zona da Meseta de Mesía conviven con outros tipos, sendo este máis pequeno e pobre. Polo oeste co tipo Carballo de albanelería e co San Pedro de Visma, de pedra; na zona sur co Carral, mixto

Características xerais

É un hórreo de madeira de planta rectangular, alto e estreito (non maior de 1 m); de 1,10 x 1,80 m aproximadamente, polo que se considera pequeno. Nalgunha ocasión vesen algúns moi longos, pero o ancho non varía.

Carral (A Coruña).

A miúdo pode verse colocado sobre uns muretes de pedra que realizan a función de portón ou entrada a unha casa ou finca. Cando se fai nunha zona con bastantes casas arredor fanse máis altos que as edificacións para que exista ventilación.

Suspensión

A suspensión é alta, sendo máis aínda nos construídos entre varias casas ou os que forman un lintel a maneira de portón. Por norma xeral leva cepas en sentido transversal e son de cachotería, normalmente seca, anque nalgúns de construcción moi coidada e esmerada atópanse revocadas e branqueadas. As veces estes muretes son pedras de cantería ben talladas ou de formigón, que substituíron aos de cachotería. Estas cepas solen ser dúas, unha en cada extremo, pero cando se aumenta a lonxitude é necesario poñelas máis equidistantes.

Pode acontecer que o terreo estea inclinado, entón fanse máis altos os da parte máis baixa para que o hórreo estea horizontal. Estes muretes colócanse directamente sobre o chan, anque nos máis grandes faise un zócalo para apoialos.

Moi raramente pódese ver con postes de pedra baixos, co cal a suspensión tamén o é. O espacio que hai entre as cepas déixase aberto, non se pecha formando un celeiro xa que a dimensión transversal é bastante pequena. Enriba de cada cepa colócanse os tornarratos grandes de forma rectangular, fabricados de lousa. Tamén os hai de cemento, un pouco máis grosos.

Cámara

Detalle ensamblase.

A continuación sitúase a grade, formada por catro vigas, dous lonxitudinais e dous transversais. Ensámblanse a media madeira sobresaíndo os extremos os cales son redondeados ou moldurados.

A cámara é de madeira coas paredes de taboíñas paralelas e algo separadas entre elas para que haxa ventilación. A disposición das taboíñas pódese ver tanto vertical coma horizontal (menos frecuente).

No primeiro caso hai uns barrotes perpendiculares á grade que dividen en tramos as paredes e tamén forman as esquinas. As vigas da grade teñen uns ocos nos que encaixan os barrotes. As taboíñas ou doelas teñen a mesma altura que a cámara e encóntranse cravadas a unhas táboas lonxitudinais. Para reforzalas máis colócanse uns listóns lonxitudinais e paralelos á grade, pode ser uno posto á metade da parede ou máis colocados simetricamente. Ás veces poden faltar.

No segundo caso as táboas están cravadas polo lado interior das paredes a uns barrotes verticais que se ensamblan ás vigas da grade. Serán máis canto máis longas sexan as taboíñas. Sempre están equidistantes e paralelos.

López Soler denomínaos "hórreos de pontóns" se son verticais e "hórreos de doelas" se son horizontais, anque se lles chama doelas a todas sen ter en conta a disposición.

Normalmente son horizontais nos construídos dunha forma pobre e pequenos, mentres que nos mellores construídos e máis grandes son verticais. Tamén localizamos algún con as taboíñas en diagonal formando rombos entre elas.

O piso da cámara está formado por unhas táboas dispostas perpendicularmente ás paredes maiores encima duns traveseiros que se apoian directamente nas vigas da grade.

Cuberta

A cuberta sempre é a dúas augas e de tella xeralmente curva. Algúns levan cubrición de uralita.

Leva unha viga lonxitudinal e o aleiro non sobresae moito. A estructura do tellado apóiase en dúas vigas situadas na zona superior das paredes e paralelas ás da base da grade. Sobre estas

vigas van as tesoiras (pezas triangulares ou lixeiramente encurvadas que corresponden aos penais) e as corvas (vigas do tellado de forma similar ás tesoiras sobre as que descansa el cabalete). Enriba destas colócase a viga que forma a cumbrera.

Para soster as tellas soamente son necesarias unhas ripas, posto que o hórreo é bastante estreito. Case no extremo dos aleiros e paralelas aos costais pódense ver unhas táboas recortadas formando arcos nas que se colocan as tellas da última fileira. Estas van cravadas nos extremos das curvas. As tellas protéxense nos penais colocando unhas táboas con distintas formas pero adaptadas ao hórreo.

Accesos e escaleira

Leva unha porta colocada na parte media dun costal. En hórreos de moita lonxitude pódense ollar con máis de unha. Moi raras veces está disposta nun dos penais.

Non leva escaleira construída, senón que se accede ao hórreo por unha escada, a cal retirarase cando xa non se utilice.

Ornamentación

Neste tipo de hórreo non se soen atopar terminais, pero nos de construcción máis coidada poden levalos. Os motivos ornamentais que podemos apreciar son a cruz nun extremo e pezas piramidais noutro ou soamente as segundas en ámbolos dous lados. Ás veces en hórreos moi decorados vense elementos piramidais no vértice dos penais e nos extremos, habendo tres en cada lado.

Carral (A Coruña).

Variantes

O material máis usado é a madeira, excepto nas cepas e os tornarratos, que son de pedra. Aínda así óllanse algúns coa suspensión de madeira por medio de rollizos. Cando ocorre esto a cámara é independente da sustentación, co cal pódese separar e trasladar a outro lugar. Estes pés non soen ser definitivos, pois a madeira dura menos que a pedra, colócanse ata que se constrúa a sustentación final que aguantará o hórreo.

Sobre estes pés non hai tornarratos.

As variantes que podemos encontrar neste hórreo son poucas. É bastante pequeno, anque se poden ver

algúns de grandes lonxitudes, pero conservando a dimensión dos penais, é dicir, desaparece a proporción de dimensións orixinal.

Vense máis hórreos coas doelas verticais que horizontais; estes últimos predominan en zonas portuguesas e non en Galicia. Cando os hai son pequenos e de construcción moi pobre. En contraposición existen outros moi ben coidados e de gran ornamentación.

Sóese pintar a madeira dunha ou máis cores. Moitas veces óllanse as vigas, esquinais, barrotes e faixas dunha cor mentres que as paredes (táboas) van doutra.

BIBLIOGRAFÍA

GEADA UZAL, Ana e PINTO ESTRADA, Beatriz: *Catalogación de Horreos de Galicia* (Proxecto Fin de Carreira 01).

ALONSO GONZÁLEZ, Joaquín M.: *Ancares, arquitectura popular.*

DEL LLANO, Pedro: *Arquitectura Popular en Galicia.* Colegio de Arquitectos de Galicia, 1983

BAS LOPEZ, Begoña: *As construccions populares: Un tema de etnografía*. Cuaderno de seminarios nº44. Ed. Sargadelos

BAS LOPEZ, Begoña: *Construcciones Populares Gallegas.* Ed. Bankunion

LOZANO APOLO, Gerónimo e LOZAO MARTÍNEZ, Alfonso: *Curso de patología, terapeútica y rehabilitación de edificios antiguos.* Ed. Luengas.

LOZANO APOLO, Gerónimo; SANTOLARIA MORROS, Carlos, e LOZANO MARTINEZ, Alfonso: *Curso de tipología, patología y terapeútica de las humedades.* Ed. Luengas.

FRANCO GRANDE, X.L.: *Diccionario Galego-Castelán.* Ed. Galaxia.

MARTINEZ DOMINGUEZ, Ignacio: *El hórreo gallego.* Ed. Fundación Pedró Barrié de la Maza.

BLANCO AREAN, Ramón: *Galicia Historia e Imaxe.*

BASTART, Jordi: *Galicia interior: Lugo y Orense.*

VILARIÑO PÉREZ, M,; LOPEZ VIZOSO, J.Mª; DE UÑA ALVAREZ, E. e DOVAL ADAN, A.: *Galicia pueblo a pueblo.* Ed. La Voz de Galicia.

LOPEZ CASADO, Paco: *Galicia vista pola miña cámara.*

RIO BARJA, Francisco: *Galicia, esa descoñecida.*

LOPEZ CHAVES, Juan: *Guía del Hórreo Gallego.* Amigos de los Pazos, Vigo, 1984.

LOPEZ SOLER, Juán: *Hórreos Gallegos. Tres Trabajos sobre Los Hórreos.*

FRANKOWSKI, Eugenio: *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica.*

LEMA SUAREZ, Xosé María: *I Congreso Europeo do Hórreo na Arquitectura Rural.* Ed. Compostela.

LEMA SUAREZ, Xosé María: *Os Hórreos do Extremo Occidental de Galicia*

C.P.A. Picote: *IV Cuaderno de Cultura Popular do Concello de Mazaricos. Os Hórreo.* Ed. Xunta de Galicia

RIVAS QUINTAS, Elixio: Millo e Hórreo.

CASTRO HIGELMO, Mº Concepción e MARTÍN CASTAÑEDO, Mª Isabel: *Presente e Futuro dos Hórreos de Oleiros.* Ed. Concello de Oleiros

TUBÍO RODRÍGUEZ, Teresa e GÓMEZ GONZÁLEZ, Martín: *Rianxo*, Ed. Everest.

ARCAS ARDUA, María; ORTÍ MORIS, Vicente, e GALÁN MUSATADI, Marta: *Un paseo pola Arquitectura Galega*

MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL: *Boletin Auriense. Museo Arqueolóxico Provincial* Ed. Artes Gráficas Galicia

Atlas Básico Sálvora. Galicia. Santiago, 1982

Galicia Antropoloxica. Tomo XXIII

*Galicia: Tradición e Deseño.*Dirección Xeral de Deseño

I Coloquio de antropologia de Galicia. Museo do pobo galego

Rutas y ciudades de Galicia y Caminos de Santiago Conselleria de Cultura. Xunta de Galicia.

APÉNDICE:
VOCABULARIO

Este vocabulario esta basado nunha investigación sobre a nomenclatura galega do hórreo e as súas variacións rexionais e nosas lecturas e conversacións con aldeáns. Reunimos unhas cantas voces referentes ao horreo, moitas das cales non se atopan nos diccionarios galegos ou non aparecen coa acepción con que son empregadas no hórreo.

A

Adega: lugar onde se garda o viño e as provisións. No hórreo do norte de Lugo (Ribadeo) designase á planta inferior do cabazo onde almacénanse patacas e outros froitos, pero non millo porque non ten aberturas de ventilación nas súas paredes.

Aguieiro: tamén guieiro. Moitos nomes dos elementos do hórreo son á casa e particularmente nos referentes ao tellado e a sua estructura. Este é un deles. Corresponde ao tellado de catro augas; son os pontóns que dende as esquinas da construcción van a cume do teito facendo as arestas. Algúns o chaman tamén "frechal" porque o "frecha" ou pecha.

Agulla: tamén tranqueiro. Peza de cantería que colócase nas xambas da porta.

Alcabán: tamén corva. Viga do tellado do hórreo; corresponde as paredes menores e é de forma arqueada ou en tixera. Sobre ela aséntase o "cume" ou cabalete.

Aldravilla: tamén caravilla. Clavixa para pechar a porta.

Aleiro: tamén aba, beiral, beiril, beiberil, viera ou beira e sobeira.

Almeia ou **almea**: remate do teito a catro augas de palla ou lousa no hórreo astur (Galicia oriental).

Almohadilla: parte superior e algo mais ancha das cepas de cantería en que apóianse as lousas do piso nalgúns hórreos do tipo Mahía (Arca).

Anguilós: no tellado de tres ou catro augas, viga que baixa do vértice e fai as arestas (Risco).

Archete ou **archede**: telladiño en ángulo diedro que sobresae da pendente do tellado, semellando a unha pequena guardilla.

Augas: pendentes do tellado. En xeral vai en plural, dous, tres ou catro "augas".

B

Balaustre: pequena columna que sostén a varanda ou antepeito do balcón ou "corredor". Tamén balaústre, balagustre ou balustre.

Baranda: balcón ou balaustrada. Varal na "solaina" para colgar mazurcas de millo.

Barra: deván ou faxado. Estadullo, puntal ou espicho, elemento ríxido na parede entretexida.

Barreta: listón transversal para asegurar as "doelas" polo lado exterior nos bastidores dos "costais" e as veces tamén nos "penais" do hórreo mixto e de madeira. Tamén faixa ou cinta.

Basa: peza de pedra que, a maneira de cimento, serve de asento aos pés do hórreo. Tamén soleira, calzoeira ou zapata.

Beiral, beiberil, beira ou **beiril**: aleiro.

Berga: vara, mimbre, listonciño con que entretexe, coma elemento flexible, cestos e "canizos" e tamén as paredes do cabazo. Tamén cores ou corras e constrás.

Bergueiro: denominación do "cabazo" por ser entretexido de "bergas".
Bío: cravo ou torno de madeira que suxeita as vigas entrecruzadas.
Bimbio: mimbre, varilla flexible empregada no entretexido do cabazo. Tamén vimbio, vime e vimio.
Biqueira: canal por onde desauga o tellado.
Bocatella: a última tella de cada un dos canais do tellado.
Bringa: varas que atravesan as costillas das cestas.
Bufarra: bufarda. Troneira que ábrese nas paredes para ventilación. No hórreo tipo Ribadeo chamado "Cabazo", denomínanse así as aberturas en forma de saetera que aseguran a ventilación do piso superior. Tamén furados e bufarro.
Burros: tamén tixeira. Parte superior da armazón do tellado.

C
Cabaleiro: peza en ángulo nos penais do hórreo sobre as que asentase o tellado.
Cabana: choza. Aplícase ao cabazo.
Cabazo: hórreo entretexido de ramas ou varas, de planta circular. A denominación cabaceiro ou cabaceira corresponde mais ben ao hórreo entretexido cando é de planta alargada.
Cabeceiras: as paredes penais do hórreo. Dintel do lado menor nos de pedra. Cabeceira chámase as veces ao hórreo.
Cabezas: extremidade das vigas. Tamén chámase así as vigas menores ou transversais da "grade".
Cáceres: vigas rectangulares longas que van sobre as "rateiras" onde apoiase a cámara do hórreo; de madeira ou de pedra según os tipos. Tamén largueiros ou padieiras.
Cachotes: anaco de pedra pequeno sen labrar, de forma irregular. A parede ou muro feito de cachotes chámase cachoteira. Tamén rebos.
Calabozo: cabazo.
Calzoeira: base ou asento nos pes do hórreo.
Cambota: viga de madeira. Chámase tamén a columna que separa os tramos do hórreo.
Calzadeira: zócalo sobre o que apóianse os postes do hórreo para darlle maior altura.
Canastro: cabazo (especialmente no sur de Galicia).
Cango, cangro ou **cangrio**: pontón que vai dos muros ao "cume" do tellado. Travesa sobre o que colócanse as ripias do tellado.
Canizo: hórreo de varas entretexidas, hórreo de "corres". Tamén caínzo.
Cantoneira: peza superior dos costais do hórreo mixto que pecha os tramos de doelas entre columnas e esquinais.
Capas ou **capelas**: pezas de pedra en xeral con forma de moa de muíño que van sobre os postes para impedir que os roedores podan acceder a cámara. Tamén moas, toldas, postaa, tapas, rateiras ou tornarratos.
Canzorro: elemento decorativo da parede que sosten unha viga ou o saínte do tellado.
Cargadeiro: dintel dunha abertura da construcción. Tamén lintel, lindeira, lumieira, sobrelume ou padieira.
Carreira: viga principal do piso. Aplícase aos dinteles de pedra do hórreo.

Celeiro: nome antigo do hórreo. Designa mais ben o graneiro interior da casa. Chámase así a parte inferior do hórreo cando é totalmente pechada formando un ambiente utilizado para almacenar froitos diferentes do millo ou gardar apeiros, que tamén coñecese como cova do hórreo.

Cepa: columna sobre a que descansa o hórreo. Tamén pé. Igualmente denomínanse "cepas" aos muretes transversais sobre os que apoia a cámara o as pezas de cantería co sustituen. Cepa maciza é o soporte de mampostería, da mesma dimensión xeralmente co hórreo sobre el que apóianse directamente, sen postes ni cepas.

Cinta: no hórreo de madeira ou mixto listón que nos bastidores de "doelas" as asegura polo lado exterior. Tamén faixa e barreta.

Clavadeira: madeiro horizontal que na parte superior do bastidor de "doelas" as asegura. Van cravadas en si mesmo. Tamén frechal.

Cofia: nos teitos de palla, travesa longa superior.

Colmo: teito de palla.

Coluna: poste do hórreo.

Constrás: Berga.

Cornixa: na comarca de Cedeira chámanse así uns terminais no teito de lousa dos hórreos; son de cerámica, encorvados e rematando en punta.

Corredor: balcón cuberto con piso de madeira. Balcón saínte. No hórreo pasillo exterior cuberto polo teito e con balaustrada; diante da porta ou polos catro lados na tipoloxía asturiana.

Corras ou **corres**: berga.

Corva: alcabán.

Costal: parede maior do hórreo. Tamén costeira ou ladeira.

Costas ou **costelas**: elemento ríxido que consistencia ao entretexido dos "caínzos" e "cabazos". Tamén estadullos, estribos ou espichos.

Cuberta ou **coberta**: tellado.

Cubriciós: dinteles do hórreo.

Couceira: basa.

Cova: celeiro.

Craro: cada un dos extremos nos que divídense os costais do hórreo. Tamén estremas ou tullos.

Croio: canto rodado. Tamén pelouro.

Cruceiro: cruz monumental de pedra.

Cumbreira, **cumeada** ou **cumieiro**: a parte mais elevada da edificación.

Cume, **cumio** ou **cumial**: cabalete do tellado.tellas da cresteria do mesmo.

Cumieira, **cumeira** ou **comieira**: a viga mais alta do armazón do tellado.

Champellas: pezas menores de pedra que intercálanse entre as hiladas de sillares para obter as aberturas horizontais de ventilación. Tamén pedras de sebe ou forres.

Chanquilones: pezas de cerámica coas que armanse as "persianas" nas paredes dos hórreos de albanelería da tipoloxía Cedeira.

Chanzas: cada un dos madeiros lonxitudinais que forman o armazón da "grade" do hórreo de madeira.

Chusus: cravos de madeira.

D

Doela: tablillas dos bastidores dos costais do hórreo mixto e das paredes de los de madeira. Nun sentido mais estricto chámanse doelas as horizontais e pontóns as verticais.

Dintel: cargadeiro.

E

Escada: escaleira portátil de madeira.

Escaleira: escaleira sólida de construcción en pedra. Tamén patín.

Escalón: puntal, poste para apuntalar.

Espello: sillar que colócase verticalmente coa cara mais ancha para diante.

Espicho: costas ou costelas.

Espiga: extremo adelgazado dun madeiro para que encaixe no burato de outro para ensamblarse.

Espigueiro: nome xeral do hórreo en Portugal.

Esqueira: escada.

Estadullo: costas ou costelas.

Estela: táboa, nos teitos de palla, perpendicular aos "cangos".

Esteo: cepa.

Estremas: craros.

Estrobo: peza vertical que reforza a tixeira do teito na sua parte media, apoiando sobre a base da mesma.

F

Fachal, **fachinal** ou **fachinela**: bufarro.

Faixa: barreta.

Faya ou **fayado**: táboa delgada que empregase no tellado.

Fendedela: abertura estreita entre as "doelas".

Forra: cachotes.

Frechal: aguieiro.

Fura: burato nun madeiro ou viga para axustar a "espiga" de outro.

Furado: bufarro.

G

Gameira: vigueta que vai de un a outro esteo, sostendo o teito de palla.

Grade: armazón de catro vigas entrecruzadas, dous longas ou trabes e dous traveseiras ou cabezas, que forman a base da cámara do hórreo de madeira.

Graneiro: nome dun hórreo de gran tamaño en Cedeira.

H

Hórreo: graneiro exento e suspendido sobre postes ou cepas. Tamén orreo.

L

Ladeiras: paneis de "doelas" nos costais do hórreo mixto.

Largueiro: viga lonxitudinal de madeira na "grade" do hórreo de madeira.

Lastra ou **lastre**: piso do hórreo, preferentemente cando é de pedra. Pavimento enlousado.

Latas: listóns que cobren os "cangos" no teito de palla. Sobre elas van os haces de palla. Tamén ripas ou ripias.

Lazo: vigueta transversal entre os pontóns, na parte media do piso de madeira.

Lei: terminal do hórreo.

Lima do teixerado: cada unha das pezas que forman o ángulo no armazón do tellado de tres ou catro augas.

Limiar ou **lumieira**: umbra. Tamén soleira.

Lintel: dintel.

Lousado: tellado de lousas de louso. Piso de lousas.

M

Marco: cadro que serve de guarnición a porta onde esta encaixa.

Marqueado: o armazón formado polos dinteis superiores e inferiores e os esquinais e columnas que limitan os vanos e buratos que levan os bastidores de doelas.

Mesa: viga lonxitudinal do piso. Capela dobre no hórreo que cubre un par de postes.

Mo ou **moa**: capa.

Mouróns: esquinais que serven de xambas a porta do hórreo cando va na parede penal.

O

Orreo ou **orrio**: formas verbais de hórreo.

Outón: parede que termina en ángulo e soporta a cuberta a dous augas. No hórreo galego son as paredes pebales ou menores.

P

Padeas ou **padias**: largueiro, parte superior dun bastidor do costal.

Padial: vigueta que vai sobre as tixeiras paralelamente ao "cume do tellado; é a mais próxima a parede.

Padieira: dintel.

Palleiro ou **palleira**: hórreo de madeira pequeno ou ao cabaceiro na provincia de Pontevedra.

Paneira: no cabazo de Ribadeo de tres plantas , chámase así á intermedia na que almacénase o trigo e outros cereais diferentes do millo.

Patín: escaleira exterior de pedra; tamén a plataforma superior da mesma.

Pé, **pé dereito** ou **poste**: cepas ou esteos.

Pedio: pedestal onde descansan varias columnas.

Penal: cornixa de lousas que póñense no remate dunha parede coma "tornaaugas". Lado menor do hórreo rectangular; testeiro ou parede principal do hórreo, fronte.

Pendón: terminal piramidal do hórreo.

Peón: no "cabazo" paos que van espigados no potro para manter a cámara na sua posición. Peza de madeira ou pedra que limita os tramos do hórreo.

Perpiaño, **porpiaño** ou **prepiaño**: soporte macizo de ambas cabeceiras do hórreo, cepas. Sillar, peza de pedra tallada de forma paralelepipédica.

Pilar ou **pilastra**: columna; a denominación pilastra é rectangular.

Pincho, **pinche** ou **pinchón**: outón.

Pináculo: terminación do hórreo.

Piorno: especie de rétama que empregase no entretexido do "cabazo". Chámaselle tamén ao cabazo mesmo, e esténdese esta denominación ao hórreo de madeira.

Pipineira ou **pimpinela**: parede de fachada que sobresae en altura das demais para formar a casa de "pimpineira".

Pirámida: terminal do hórreo en forma piramidal.

Polrón: peza de ferro fixa no marco, que permite xirar a porta.

Pontón: vigueta de madeira escuadrada que sostén as táboas do piso. No armazón do tellado van dos muros ao cabalete ou "cume". As "doelas" do hórreo de madeira ou mixto cando dispóñense verticalmente. Tamén as pezas verticais de pedra ou cemento que cumpren a función de doelas nos hórreos de pedra ou cemento.

Pontonada ou **pontonaxe**: conxunto de vigas que forman o asento ou base do hórreo. Conxunto de pontóns dun tellado.

Postas: capas.

Postigo: porta menor secundaria. No hórreo abertura de descarga na parede costal, na sua parte inferior, con adecuado peche.

Potro: no "cabazo" base onde van espigados os peóns. Parte media na cepa de cantería entre a soleira e a almohadilla (tipo Mahía).

Pudia: rétama branca que empregase no entretexido dos cabazos.

R

Rachas: pedras pequenas e irregulares con que recheanse os buratos entre as pezas maiores no traballo de mampostería..

Rasgado: hendidura taiada nos esquinales e columnas para que axusten os bastidores de doelas nos hórreos mixtos.

Rateira: tornarratos.

Rebos: cachotes.

Recebo: morteiro, mestura de cal e area con que revócanse as paredes.

Reixa: conxunto de barrotes para pechar unha abertura.

Remate: terminal dun hórreo.

Riesta: madeiro oblicuo para reforzar un esteo.

Ripa, **ripado** ou **ripeira**: ripia, madeira delgada para soster a tella no armazón do tellado.

Rodapé: no "cabazo" de Ribadeo o tornarratos.

S

Sacia: pontón transversal paralelo e próximo ao "cume" do tellado.

Sarego: cargadeiro.

Sebe ou **seve**: seto de estacas e ramaxe. Parede entretexida do hórreo de "corres" ou "cabazos" e "cabaceiros".

Sequeiro: secadeiro.

Soallo ou **sollo**: piso do hórreo.

Sobeira: beiral.

Sobrado: pavimento de madeira.

Sobrepenas ou **sopenas**: lousas colocadas na extremidade da parede, a modo de telladiño, para protexelas das choivas. En certos tipos de hórreos van sobre as paredes penais. Tamén albardilla, tornaaugas e penais.

Solaina: balcón amplo ou terraza aberta, con balaustrada e escaleira de acceso. Soe empregarse para secar froitos e tamén as veces o millo en restras de mazurcas, tendidas nun varal.

Soleira: dintel.

Sollado: piso de pedra. Lastra. Aplícase tamén ao piso de madeira.

T

Talla: compartimento en que divídese as veces interiormente o hórreo.

Tapas: capas.

Tarabela, **tarabelo** ou **taravilla**: aldravilla.

Tellerol: peza de madeira recortada onde apoian as tellas de beiral no hórreo mariñán.

Tercias: viga do teito, nas pendentes laterais para o "cume" do tellado. Tamén tercios.

Terminal: remate. Decoración en forma de pirámide, cruz ou outra que colócase nos vértices do teito e as veces tamén nas arestas.

Testeira: fronte ou fachada. No hórreos as paredes penais.

Tillado: piso de táboas entaboado.

Tixeira ou **tixeirado**: ángulo de dous madeiros en forma de A que dan a forma apuntalada dos tellados; serven de sostén aos "cangos" e as "ripas".

Tizós: pezas de pedra que na parede de cachotes pola sua lonxitude atravesan de lado a lado para darlle consistencia ao muro.

Topete: lousas que encaixan na parede para desviar o auga da choiva. Tamén colócanse coa mesma finalidade sobre unha porta ou ventá, a modo de telladiño, para servir de "tornaaugas". Vigueta lateral do hórreo sobre a que asenta o tellado.

Tornaaugas: sobrepenas. Tamén tornachuvias.

Tornarratos: rateiras, capas ou toldas.

Toxo: Aliaga. Emprégase no entretexido das paredes de "cabazos" e "cabaceiros".

Trabe ou **trave**: viga longa da "grade" do hórreo de madeira.

Tranqueiro: xamba. Nas xambas das portas e nas esquina de paredes de mampostería peza de pedra colocada de modo que presenta para diante a sua maior lonxitude na dirección vertical, en oposición a "agulla" que dispóñese horizontalmente.

Traveseiro: tirante que une as "chanzas" da "grade". Tamén cabezal.
Tringas: Paos que dispóñense sobre o teito de "colmo" para suxeitar os haces de palla na "palleira" ou "cabaceiro".
Tulla: emprégase para designar un hórreo de certas dimensións.
Tullo: claros ou tramos do hórreo; división exterior das paredes costais por columnas de madeira o de pedra.

U
Ucha: tulla.
Ucheira ou **umbreira**: xamba.

V
Vao: vano. Fendedelas.
Varal: vara longa.
Vime, **vimio** ou **vimbio**: mimbre.

X
Xacia: viga mestra sobre a que apoian outras menores.
Xamba: dintel superior no hórreo de pedra.
Xuntoiro: tizós

O ARCEBISPO RAJOY E A ILUSTRACIÓN[1]

Xesús Andrés López Calvo

1. TRAZOS XERAIS DA ILUSTRACIÓN

Nun espacio de tempo de pouco máis dun século, entre a revolución liberal inglesa (1668) e a Revolución Francesa (1789), vaise producir nalgúns países de Europa un movemento polivalente que suporá unha fonda mutación nas estructuras do *Antigo Réxime*, tanto nos seus aspectos económicos, sociais e políticos, coma nos científicos, culturais e relixiosos. É o *Século das Luces* que describe unha época caracterizada pola iluminación, a comunicación dos saberes, onde atreverse a pensar é a expresión da chegada a unha maioría de idade da razón, dunha razón capaz de pensar por si mesma, sen a titoría do outro. Malia as diferencias e as peculiaridades propias dos diversos países, cómpre recoñecer que a Ilustración amosa unha serie de temas rectores comúns. Ímolos enumerar.

En primeiro lugar o tema da natureza, que vai perdendo os seus vestixios teolóxicos e relixiosos; dende agora, a natureza experimenta un proceso de secularización (proceso presente por primeira vez en David Hume). En consecuencia, o mundo natural verase privado da presencia e da funcionalidade outorgada ao Deus tradicional e, no seu lugar, a natureza aparece como o ámbito propio da investigación para o ser humano, quen tenta coñecela e adecuala ás súas finalidades e intereses.

En segundo lugar, e en estreita relación co anterior, está o tema da razón; pero non se trata dunha razón racionalista ou dotada de contidos inmanentes ao estilo cartesiano, senón dunha razón sempre referida, rexida e controlada pola experiencia (ao estilo de Francis Bacon ou John Locke quen defenderon que o coñecemento no era innato, senón que proviña da experiencia e da observación conducidas pola razón).

En terceiro lugar, como punto de converxencia e de inserción dos momentos anteriores, xorde o tema do home, do ser humano, pero xa non enmarcado dende unha concepción clásica deseñada pola antropoloxía medieval cristiá e prolongada a través do Renacemento, senón dunha concepción conforme á orientación positivista e tecnificada do saber: saber para prover. Unha idea moi vinculada ao progreso que implica, dentro da racionalidade, acadar unha serie de obxectivos

1. Texto da conferencia pronunciada polo autor en Pontedeume o 24 de maio de 2002, no Salón da Fundación "Caixa Galicia" e organizada polo Ateneo eumés "Fernán Martís".

necesarios para ter unha vida feliz: fomento da divulgación dos coñecementos técnicos, o estímulo do pensamento crítico, a mellora da agricultura, das vías de comunicación e do comercio, a implantación dun sistema educativo baseado na tolerancia e a reivindicación dunha emancipación do absolutismo político, de tal xeito que o ser humano vai deixar de ser un súbdito (*subditus*) para se converter nun cidadán (*cives*)[2].

1.1 A Ilustración en España

En España a Ilustración aparece de forma asincrónica e illada respecto a outros países europeos. Máis situada na periferia de Europa, esas "luces" penetraron a comezos do XVIII gracias, de maneira especial, á obra dun galego: Frei Benito Xerónimo Feixó, quen co *Teatro crítico universal* (1739), en nove tomos, e as Cartas eruditas (1750), en cinco máis, tratou de recoller todo o coñecemento teórico e práctico da época.

Autores foráneos e mesmo do mapa peninsular cuestionan, cando non a desprestixian ou simplemente negan, a existencia da Ilustración en España. No primeiro tercio do século XVIII a voz de Diego Torres Villarroel –que acabaría sendo catedrático de matemáticas na Universidade de Salamanca- revisa o proceso histórico da decadencia española dende finais do século XVI e precisa que o problema de España é precisamente a europeización. Logo de seguir o rumbo da Contrarreforma e do illamento, a reflexión toma un pequeno cambio de rumbo a través dunha minoría crítica e disidente que se inicia no XVII con Reinaldo González de Montes, Cristóbal de Mesa, Sancho de Moncada, Baltasar Gracián e outros, e continúa no século XVIII co propio Benito Feijoo, Martín Sarmiento, Campomanes, Jovellanos, etc... mais sempre sen cuestionar as institucións (Altar e Trono), e limitándose a descubrir os problemas e a propor determinadas reformas (utopicamente, é dicir, a iniciar dende arriba). En definitiva, facían unha aceda crítica dos abusos, pero non dos sistemas nin das institucións.

O desprezo e/ou esquecemento pola Ilustración en España rexístrase tamén en historiadores eruditos españois de renome. Segundo Menéndez Pelayo a Ilustración fixo a súa aparición en España como se se tratase dunha epidemia contaxiosa dos bárbaros do norte, de tal modo que o século XVIII non vén ser máis que a ruín e tristísima consecuencia da presencia de doutrinas alleas. E mesmo historiadores de creto intelectual, como Américo Castro e Claudio Sánchez Albornoz, coas súas pescudas saltaron a época da Ilustración, ao tratar de configurar os trazos esenciais do ser "español eterno"[3].

Nembargantes, hai que recoñecer que hoxe ningún historiador esixente pon en dúbida a máis estricta ortodoxia dos ilustrados españois. Aínda máis, se algo resulta esclarecedor nos ensaios e monografías que sobre a mentalidade colectiva da Ilustración hispana se fixeron e editaron é que non se produce un fenómeno decididamente secularizador, senón máis ben todo o con-

2. Cf. X. L. BARREIRO BARREIRO, *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*, A Coruña, Baía Edicións, 17-21.
3. Cf. *Ibid*., 24.

trario: a virulencia diante de determinados planeamentos e conflictos fai aflorar a profundidade do sentimento relixioso dos ilustrados españois[4].

1.2 Os ilustrados galegos

Galicia conforma a periferia da periferia, é dicir, se España é a periferia europea o noso país vaise comportar como unha periferia dentro do conxunto dos reinos hispánicos. O problema agudízase, aínda máis, se dende o panorama español descendemos ao marco concreto de Galicia, porque se a Ilustración en España non presenta un cadro resplandecente por canto nela non se ofertou ningunha perspectiva compensadora, isto é: nin unha revolución gloriosa como en Francia, nin unha revolución cultural como en Alemaña, nin a adquisición dunha primeira potencia comercial como en Inglaterra, nin o achado dun estado nacional economicamente florecente como en Prusia; moito menos cabe agardar, en principio, do movemento ilustrado en Galicia. Non obstante, cómpre afirmar que en Galicia houbo pensamento ilustrado e ilustrados, se ben as ideas características da Ilustración manifestáronse cunha determinada demora.

Partindo xustamente dunha situación de atraso e deficiencias no agro, na industria, nas técnicas de pesca, no comercio, nas redes viarias e nos sistemas educativos, os ilustrados galegos, acollendo ideas recibidas alén das súas fronteiras, procuran ofrecer solucións pragmáticas –aínda que non de xeito uniforme- aos problemas cos que se enfrontaba a sociedade do seu tempo. Forman parte da nómina de ilustrados: Martín Sarmiento (1695-1772)[5], Francisco Armanyà i Font (1718-1785)[6], Xoán Francisco de Castro Fernández (1721-1790)[7], Antonio Páramo Somoza (1731-1786)[8], Xosé Cornide Saavedra y Folgueira (1734-1803)[9], Antonio Raimundo Ibáñez Gastón y Valdés

4. Cf. T. EGIDO, "La religiosidad de los ilustrados", en R. MENÉNDEZ PIDAL, *Historia de España. La época de la Ilustración. El estado y la Cultura (1759-1808)*, Vol. 31, Madrid, Espasa Calpe 1992 [3], 397-435.

5. Cf. J. L. PENSADO TOMÉ, *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo, Santiago*, Xunta de Galicia 19952. Tamén: X. FEIXÓ, *Ilustrado frei Martín*, "La Opinión" (Edición única, 17.05.2002) 54. As súas *Memorias* sitúanse no epicentro dos problemas que preocupaban aos ilustrados. En toda as súas obras predomina un estilo utilitario para a sociedade e un espírito racionalista. Cando Rajoy estaba comisionado en Madrid por asuntos do Cabido de Santiago, Frei Martín Sarmiento vivía no mosteiro de San Martiño de Madrid. Cando este fai a súa terceira viaxe a Galicia (1754-55), a máis longa e derradeira, Rajoy é o arcebispo da mitra compostelá.

6. Bispo de Lugo contemporáneo a Rajoy. En 1785 foi nomeado arcebispo de Tarragona. Relixioso agostiño manifestou unha importante actividade na realización de obras, tanto na catedral como no convento de Sarria. É un dos principias animadores da constitución da Sociedade Económica de Lugo, onde outro eclesiástico, Antonio de Lence, Chantre da Catedral de Lugo, foi o seu primeiro secretario. Cf. *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, S. Cañada Editor 1974, vol. 2, 190.

7. Avogado da Real Audiencia de Galicia e cóengo na Catedral de Lugo, cidade de onde era natural, impulsor da Sociedade Económica dos Amigos do País, escritor de manuais sobre leis e economía. Parece ser que estivo proposto para a mitra de León que non aceptou. Cf. F. DOPICO, "Castro Fernández", en *Gran Enciclopedia Gallega*, o.c. Vol. 6, 6.

8. Crego e xurista, natural de Ferreira de Pantón (Lugo) foi, con outros personaxes ilustres da cidade, fundador da Sociedade Económica de Amigos do País en Santiago. Rector da Universidade de Santiago entre 1771-1786. Foi proposto en 1785 a bispo de Lugo mais morre antes de ser consagrado. Cf. S. GRAÍÑO KNOBEL, "Páramo y Somoza", en *Gran Enciclopedia Gallega*, o.c., Vol. 24, 19.

9. Investigador coruñés, rexedor perpetuo de Santiago, director do Montepío da Pesca, académico numerario da Historia, erudito autor de moitos ensaios sobre o aproveitamento dos recursos económicos de Galicia. Cf. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, "Cornide Saavedra", en *Gran Enclopedia Gallega*, o.c., Vol. 4, 152-153. Compuxo intersantes libros das

(1749-1819)[10], Pedro Antonio Sánchez Vaamonde (1749-1806)[11], Francisco Xabier Somoza de Monsoriu (?-1809)[12], Lucas Xosé Labrada (1762-1842)[13]. No seu conxunto amosan unha serie de ideas innovadoras e, no caso de se levar á práctica, liberadoras ou emancipadoras dos males que afectan á sociedade do seu tempo. Certo que as solucións propostas non supoñen nin unha ruptura, nin un enfrontamento aberto coa estructura do Antigo Réxime. A mesma orixe social dos ilustrados impedíalles, dunha banda, calquera tipo de revolución violenta, e doutra, unha toma de conciencia realista sobre a estratexia a seguir: só dende arriba, é dicir, desde os poderes instituídos e establecidos era posible a traducción operativa dos seus proxectos; dun xeito global abranguían as seguintes frontes de reforma: reforma agraria, fomento da industria, impulso do comercio, melloras na rede de comunicación, dignificación dos oficios coñecidos como viles e reforma educativa.

Os ilustrados galegos, aínda que non son moitos, si son especialmente activos. Dirixíronse en numerosas ocasións á Coroa presentando estudios sobre o comercio, a agricultura, a gandería, a navegación no río Miño, ás vías de comunicación, etc. O seu labor estendeuse tamén á fundación de academias e sociedades: a Academia de Agricultura do Reino de Galicia (que responde ao típico espírito ilustrado de confianza cega no poder da educación para transformar o mundo), a Real Academia da Historia, as Sociedades Económicas de Amigos do País ou o Real Consulado Marítimo.

2. O ARCEBISPO RAJOY NA ILUSTRACIÓN

Sabemos que Rajoy foi unha das figuras máis importantes e destacadas na historia local eumesa e na eclesiástica de Compostela no século XVIII. ¿Foi tamén figura do movemento ilustrado? Imos tentar acadar unha conclusión.

súas viaxes por Galicia como por exemplo: *Observaciones de un viaje de Puentedeume a Villalba y Por Caaveiro a las Puentes.*

10. Fundador das fábricas de fundición e louza en Ribadeo e Cervo. Nacido en Asturias en 1734 trátase duna das figuras máis interesantes que presenta Galicia a finais do século XVIII. Aínda que algúns autores o consideren baixo o adxectivo de liberal máis que do de ilustrado, nada impide a súa extraordinaria configuración. Morreu violentamente nas rúas de Ribadeo acusado de afrancesado. Cf. E. MERINO LOSADA, *Grandeza y servidumbre de la Ilustración,* en "Revista del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses", 47-48 (1992-1993) 95-112.

11. Natural de Curtis (A Coruña). Cóengo na Catedral de Santiago, pertence ao grupo de economistas galegos preocupados pola realidade socioeconómica de Galicia. Funda con Páramo y Somoza a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Cf. M. RODRÍGUEZ GARRIDO, "Sánchez Vaamonde", en *Gran Enciclopedia Gallega*, O.c., Vol. 27, 238-239.

12. Non sabemos con certeza a súa cronoloxía. Sabemos que era natural de Maianca (Corme-A Coruña), que foi avogado na Real Audiencia da Coruña e señor da Casa de Mera (Oleiros). Escritor ilustrado en temas de reforma do Dereito e da Administración. Xunto con Xosé Cornide e Francisco de Castro, son os xenuínos representantes da xeración de Campomanes. Cf. F. DOPICO, *A Ilustración e a sociedade galega,* Vigo, Xerais, 1978. Tamén: X. M. PÉREZ GARCÍA, "Edad Moderna", en J.C. BERMEJO-M.C. PALLARES E OUTROS (EDS.), *Historia de Galicia*, Madrid, Alhambra 1981, 217-219.

13. Ferrolán de nacemento non procedía da fidalguía como a maior parte dos ilustrados galegos. É autor da obra *Descripción económica del reino de Galicia*. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Economistas gallegos del pasado 1700-1900*, en "Información Comercial Española", num. 354, 1953.

2.1 Un apunte biográfico e cronolóxico

Naceu en Pontedeume, arciprestado de Pruzos e diocese de Santiago, o día 24 de agosto de 1690. Era fillo de Nicolás Rajoy e Dominga Fernández de Losada. Os seus avós por liña paterna eran Antonio Rajoy Vallejo e Isabel Fernández de Buio, naturais de Padrón e Pontedeume respectivamente, e por liña materna Antonio Fernández Losada e Francisca Fernández de Fraga, naturais de San Salvador de Maniños e San Xurxo de Moeche respectivamente. O seu pai era oriúndo de Valga (Pontevedra) e descendente de Juan Ares de Rajoy e de Aldonza de Rajoy, tamén de San Miguel de Valga, así como de don Antonio de Rajoy que fundara o morgado dos Gago, de Pontevedra, e de Dª María de Rajoy que á súa vez instituíra o morgado de Dodro que logo recaeu no cabaleiro de Santiago e xentilhome de Carlos II, don Carlos de la Torre e Soutomaior. Tamén tiña o arcebispo algún parentesco cos Pita e Montenegro da comarca ortigueiresa[14]. O seu avó materno procedía de San Salvador de Maniños, e a súa avoa de San Xurxo de Moeche[15].

Bautizouse na igrexa parroquial de Pontedeume ao día seguinte do seu nacemento, fixeron de padriños os seus tíos Francisco Menaya e Francisca Fernández Losada.

Estudiou gramática na Cátedra de Latinidade de Pontedeume. Ao chegar a idade dos estudios superiores trasladouse a Santiago onde fixo Filosofía no Colexio de San Xerome e Artes no de Fonseca. Ao rematar ingresou na Facultade de Dereito da Universidade[16]. Obtido o bacharelato en Leis, establécese na pasantía da Coruña onde se gradúa de avogado pasando a traballar na Real Audiencia da mesma cidade. Alí compila, se cadra para o seu uso persoal, un índice de cuestións xurídicas que ocupa 746 folios, aínda que non chega máis que ata a letra F. Consérvase no Arquivo da Catedral compostelá[17]. Pouco tempo despois deixou o foro e pasou á carreira eclesiástica. Ordenouse sacerdote en Santiago en 1724. Fixo oposicións á coenxía de penitenciario da Catedral de Ourense gañándoa; uns anos máis tarde, opositou á coenxía de doutoral de Lugo con idéntico resultado, alí tamén foi arcediago de Sarria, provisor e vicario xeral do bispado.

En 1730 opositou á coenxía de penitenciario de Santiago, pero non a acadou. En 1734 vacante a doutoralía desta catedral, animado polo propio cabido catedral, volveu a opositar e nesta ocasión gañouna xa na primeira votación; dende entón a súa vida estivo primariamente dedicada á Igrexa. Ao longo dos anos que desenvolveu a doutoralía non houbo asunto capitular e mesmo diocesano no que non interviñese con competencia e eficacia.

14. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña,* Madrid, Everest 1986, 284.

15. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela,* Santiago, Imprenta do Seminario Conciliar Central 1905, Tomo X, Cap. V.155-199. Tamén: J. J. CEBRIÁN FRANCO, *Obispos de Iria Flavia y Arzobispos de Santiago,* Santiago, Axencia Gráfica 1997, 243, nota.

16. Cf. C. GARCÍA CORTÉS, *Obispos procedentes de la Universidad compostelana. Con ocasión de su V Centenario*, en "Compostellanum" 41 (1996) 1-2, 179-213. Tamén: S. CABEZA DE LEÓN, *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela,* Volumen I, Santiago 1945, 527.

17. Este traballo, realizado –como se fai constar no título da portada *in corunensi urbe-*, demostra unha capacidade intelectual asombrosa. Por estas datas Rajoy contaba tan só con vinte anos de idade.

Residiu en Madrid durante algún tempo representando á Igrexa compostelá nos moitos asuntos que tiña pendentes en Cortes. En 1741, un dos anos da súa estadía en Madrid actúa como fundador e consiliario da Confraría de Naturais e Orixinarios de Galicia en Madrid, antecedente histórico do actual Centro Galego de Madrid[18]. Durante as sés vacantes que seguiron á morte dos arcebispos Xosé del Yermo Santibáñez (1728-1737) e Manuel Isidro Orozco (1738-1745) gobernou a Diocese como vicario capitular; non o fixo á morte do seu antecesor, Caetano Gil Taboada (1745-1751), porque no mes de agosto de 1750 Fernando VI nomeárao comisario xeral da Bula de Cruzada, cargo incompatible pois obrigábao a residir en Madrid.

A sorpresa chega a Santiago cando o día 22 de xuño de 1751 se recibe carta de Rajoy comunicando á súa Igrexa de Compostela que fora presentado para ser o seu arcebispo. Isto naquela época era moi desacostumado, pois nunca se nomeaba un presbítero para ser arcebispo, e menos da sé compostelá; ademais era un fillo da propia arquidiocese e un membro do seu clero. O papa Benedicto XIV convocou un consistorio extraordinario co único obxectivo de confirmalo como arcebispo. O 15 de agosto de 1751 tomou posesión por poder dado ao deán Policarpo de Mendoza, e logo dunha longa viaxe de varios meses con paradas en Zamora e Lugo fixo a entrada solemne en Compostela o 9 de maio de 1752, solemnidade da Santísima Trindade[19].

Con 82 anos de idade Rajoy morre o venres 17 de xullo de 1772 ás tres da tarde. Frei Juan de Ocampo, natural de Pontedeume e frade agostiño que chegaría a ser provincial da súa orde, pronunciou o panexírico no seu funeral. O seu texto reprodúcese no apéndice deste traballo[20]. O seu corpo espera a resurrección na capela da comuñón da catedral de Santiago, mausoleo do arcebispo compostelán Lope de Mendoza reconstruído polo propio Rajoy en 1770. Celebráronse solemnes funerais na súa memoria; o primeiro, organizado pola familia do defunto, tivo lugar na catedral de Santiago, nel predicou o relixioso franciscano Pedro Sarmiento; o segundo celebrouse o 26 de agosto de 1772 e foi patrocinado polo cabido catedral, quen encargou o sermón ao frade agostiño Juan Ocampo. Tamén Pontedeume quixo honrar a súa memoria e Concello, clero e pobo organizaron honras fúnebres que tiveron lugar o 4 de novembro de 1772. Os textos destes sermóns están impresos e convertéronse en curiosas fontes para o coñecemento do noso persoeiro[21].

18. Unha das súas misións principias era a de celebrar na Vila e Corte a festa do Apóstolo Santiago (25 de xullo), Patrón de Galicia e das Españas, pero no fondo o labor máis constante e duradeiro foi o de manter en contacto a todos os galegos de Madrid para que se axudaran uns aos outros e xuntos apoiar diante das autoridades do poder central aqueles asuntos que afectaban a Galicia. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ. *Historia de Galicia,* A Coruña, La Voz de Galicia, 1980, 425-426.

19. Cf. A. PADÍN PANIZO, *El Arzobispo Rajoy, en su tercer centenario,* "ABC" (Edición de Madrid, 25.06.1990).

20. Cf. A. VILANOVA RODRÍGUEZ, "Rajoy y Losada", en *Gran Enciclopedia Gallega,* o.c., Vol. 64-65.

21. O texto do sermón de Pontedeume foi impreso en Santiago polo impresor Ignacio Aguayo. O seu título era o seguinte: *Los pobres sin esperanza. Oración fúnebre a las funerales exequias, que la mui Ilustre, Leal y Noble Villa de Puente de Eume celebró a la dulce memoria de su Insigne Hijo El Ilmo. Señor D. Bartolomé de Rajoy y Losada, Dignísimo Arzobispo, i Señor de Santiago. Dicha por el P. Fr. Alverto de Fentanes, Predicador apostolico, Misionero en los reinos, i Provincias del Perú, de la regular Observancia de N.P.S. Francisco, el dia 4 de Noviembre de 1772.* Forma un folleto en cuarto, en rústica, dunha folla máis 28 páxinas, a última en branco. Suprimidos os preliminares, ábrese o texto cunha letra capital ornada rematando en coroa ducal. O P. Fentanes era natural de Caldas de Reis (Pontevedra) e residía na comunidade de Ferrol, onde morreu no ano 1775. Ao inicio do discurso trata de ser patético e conmovedor, cun estilo moi barroco

Logo da súa morte producíronse loitas intestinas entre membros do Cabido e algún parente achegado, por un suposto tesouro de xoias e ouro que Rajoy seica fora amoreando ao longo do seu pontificado. Todo foi pura invención, aínda que estas loitas deron lugar á apertura de informacións e expedientes que duraron moitos anos; son os documentos denominados *Espolios del Sr. Rajoy* que aínda se conservan nos fondos do arquivo da catedral compostelá. No remate os tesouros convertéronse en algunhas moedas soltas de ouro e 37 arrobas de chocolate, desta doce lambetada si que foi Bartolomé Rajoy un verdadeiro adicto. As acusacións contra os dous sobriños de Rajoy -os irmáns Moreira Montenegro-, por *"cuya cuenta se cargaron dos baúles en un macho de maragato"*, quedou ao fin en nada, e aquelas lendas de fabulosos tesouros ocultos pronto se esqueceron[22].

2.2 O contexto político-social

Nos tempos da Ilustración Galicia estaba considerada unha única rexión para os efectos do poder central: na Xustiza a *Real Audiencia do Reino de Galicia*, e no Exército e Goberno a *Capitanía Xeral de Galicia* estendían a súa xurisdicción sobre o territorio galego. Dende a súa fundación, alá no século XV polos Reis Católicos, o poder central mantivo a consigna de non nomear a ningún galego para dirixir calquera das dúas institucións que tiñan a súa sede na Coruña. A totalidade das sete provincias tan só tiña un único voto en Cortes co que acentuaba unha anómala situación político-administrativa[23].

Son tempos dun crecemento demográfico importante. En 1700 había en Galicia un millón cen mil habitantes, un millón trescentos mil en 1750 e millón e medio en 1800. A densidade media de poboación era de 50 habitantes/km2. Trátase dunha poboación moi ruralizada, máis do 80% era labrega, non é logo de estrañar que os ilustrados se preocuparan da mellora das condicións de existencia desta clase social; só cabe conceptualizar como urbana un 5% da poboación. No pontificado de Rajoy Compostela ten 16.000 habitantes, A Coruña (en forte expansión) 14.000, Ferrol pasa en dous anos de 250 habitantes a 15.000 por mor dos obreiros que traballaban na construcción dos novos arsenais e estaleiros, Lugo chega ós 4.000 e Ourense os 3.000; en calquera caso ningunha supón unha grande cidade. Se ben é certo que en tempos de Rajoy (mediados do século XVIII) as actividades industriais e os intercambios rexistran un pulo importante, as bases da Galicia campesiña e rendeira a penas sofren modificacións. Casteláns, rioxanos, asturianos, vascos e cataláns invaden cidades e vilas de Galicia dedicándose ao comercio do liño, dos panos, do coiro, do ferro

propio da oratoria do seu tempo. Tanto o discurso de Fentanes como o de Ocampo, que reproducimos no apéndice documental, fálanos da inmensa caridade de Rajoy. Un exemplar deste folleto atópase nos fondos da Biblioteca Nacional de Madrid. Cf. G. PLACER LÓPEZ, *Oración fúnebre, a la muerte de Don Bartolomé Rajoy y Losada*, en "Alfoz" (Mayo 1990) 2.

22. Cf. A. LÓPEZ FERREIRO, O.c.,155-199. Francisco Antonio e Tomás Moreira Montenegro eran netos de Ciprián Moreira e María Fernández de Losada, irmá de Dominga Fernández de Losada, nai de Bartolomé Rajoy. Tomás Moreira será párroco de Pontedeume antes de ser cóengo en Santiago. Cf. C. MARTÍNEZ BARBEITO, *Torres, Pazos y Linajes...*, o.c., 284. Unha irmá dos cóengos Moreira Montenegro casou con Francisco del Río Losada, dono do pazo de Fonteneixe en Boiro (A Coruña).

23. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.*, 418-419.

e mesmo da sardiña. Trátase dunha nova burguesía que, aínda que en principio non estaba vinculada ás estructuras do *Antigo Réxime*, axiña se integra nos grupos rendeiros[24].

A Igrexa aparece como a principal receptora do excedente agrario, pois correspóndenlle os dous tercios do total de foros e décimos; o outro tercio ía parar á nobreza. É por isto que, contrariamente ao que acontece nestas datas noutros reinos de occidente como Francia, en Galicia os cabidos catedrais mantéñense como institucións vigorosas e prestixiosas ao longo de todo o século XVIII.

Os ingresos dos rendeiros medraron a bo ritmo no século XVIII non tanto porque aumentasen as cantidades de gran que ían ás súas arcas, senón porque aumentaron, principalmente na segunda metade de século, os prezos agrarios.

A fidalguía era o sector máis poderoso de entón e nota un acusado proceso de urbanización, o que motiva a construcción de residencias, cidades e vilas sen descoidar as mansións campestres. Os seus membros dedícanse aos estudios eclesiásticos e xurídicos (a finais de século derívanse á carreira militar), póñense de moda os faladoiros que esixen o dominio de códigos sociais descoñecidos polo fidalgo rural. Neste contexto de necesidade xorde na década de 1760 o Colexio da Ensinanza en Santiago destinado, en principio, á formación de fillas de familias fidalgas e do que na súa fundación Rajoy terá unha achega decisiva como máis adiante sinalaremos[25].

2.3 O contexto relixioso-eclesial

¿Cómo era o ámbito relixioso no que se move a traxectoria eclesiástica de Rajoy? A Igrexa de Galicia, presidida pola Metropolitana compostelá, tiña unha estructura e composición medieval: cinco bispados galegos mais o de Astorga, cun total de 3.740 parroquias. En calquera caso era unha das máis ricas de España pois figuraba en terceiro lugar entre as igrexas metropolitanas españolas; primeiro estaba Toledo, cunha renda de tres millóns e medio de reais; logo estaba Valencia, cun millón oitocentos mil reais e, finalmente, Santiago con millón e medio. Unha das súas principais fontes de ingresos era o Voto de Santiago, un imposto que tiñan que pagar todos os labregos das terras reconquistadas ós árabes en ámbalas dúas Castelas, Andalucía, Estremadura e Murcia. Evidentemente este imposto deu lugar a unha serie de preitos cos campesiños por consideralo oneroso e sen fundamento[26].

Abundan os testemuños, sobre todo de leigos, que manifestan a existencia dunha nova con ciencia verbo da mentalidade relixiosa que se consagrara en Trento[27]. Un dos tópicos omnipresen-

24. Cf. O. REY CASTELAO, *Estructura y evolución de una economía rentista del Antiguo Régimen: La Mitra Arzobispal de Santiago,* en "Compostellanum" 35 (1990) 459-488.

25. Cf. P. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, "Galicia en los siglos XVI-XVIII. Contexto histórico", en *Catálogo da exposición Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia 1991, 238-239.

26. Cf. E. GONZÁLEZ LÓPEZ, *O.c.,* 480.

tes na reflexión ilustrada sobre a Igrexa é a arela por retornar á antiga disciplina, unha constante de todo movemento reformista, pero máis intenso na España do século XVIII. A utopía da cristiandade primitiva foise aquilatando ata identificala coa época da Igrexa visigótica; nela, e na praxe dos concilios de Toledo, atoparon a mellor referencia as correntes episcopalistas para xustificar a ideoloxía regalista e corrixir os abusos do intervencionismo curial de Roma. Se algo resulta evidente para os ilustrados neste planeamento retrospectivo é a necesidade de adecuar a Igrexa ao modelo visigótico e antigo na moderación dos seus recursos materiais e na renuncia a todo tipo de poder político-xurisdiccional, bases dos futuros proxectos desamortizadores e do sistema regalista[28]. Neste soño dunha Igrexa nacional conflúen mentalidades moi dispares; todos coinciden nunha hostilidade verbo da curia romana, na defensa da autonomía de xestión episcopal. As instancias gobernamentais perseguían a subordinación dos bispos á xurisdicción rexia e trataron de instrumentalizalos co fin último de potenciar o poder real. Falouse moito do bispo, trazáronse signos idealizados da súa figura e función, pero na práctica a penas podían organizar a vida da súa diocese sobre iniciativas que non partiran do aparato gobernamental tan empeñado en desvincular ao pastor da curia como en convertelo en funcionario –eso si, privilexiado- do monarca[29].

Outro tópico a reformar foi o da reducción de continxentes humanos. A finais do século XVI había en Galicia 3.100 cregos seculares, e a finais do século XVIII este grupo pasou a estar composto por uns 10.300 dos que unha parte importante se concentraba nas vilas e cidades, particularmente ao redor das catedrais e colexiatas; á cabeza de todos eles estaban os bispos das cinco sés galegas. A mitra compostelá era, con diferencia, a máis importante de todas e xa sinalamos a contía das súas rendas. O destino de parte destes ingresos era o mantemento do aparato institucional e administrativo, as contribucións que debían facerse á Coroa, as achegas para fins de carácter social e asistencial e o impulso de determinadas obras e iniciativas.

Según San Agustín: *"Cristo es la flor y ornato del mundo"*. En este mismo sentido, podemos nombrar varios textos de los padres de la Iglesia y otros místicos como San Antonio, quien decía al respecto: *"Cristo gloriase de ser flor del campo"*. BEIGBEDER, O., o., c., p., 327; CIRLOT, J. E., o., c., p., 336; JALABERT, D., o., c., p., 14; GUERRA GÓMEZ, M., o., c., p., 194-196; LÓPEZ GÓMEZ, F. S., o., c., La Coruña, 1981, pp., 83-104; MIRABELLA ROBERTI, M., o., c., p., 186; PINEDO, E., o., c., pp., 28 y 156; QUIÑONES, A. Mª, o., c., pp., 177-204.

parcialmente repicada a continuación de éste, como consecuencia de haberle adosado y adaptado al hemiciclo el retablo, de corte barroco, que preside el ábside.

En cada una de las zonas central, nororiental y suroeste del tambor de la mencionada parcela semicircular, se dispone una ventana, de acusado derrame interno, compuesta por un arco de medio punto, apoyado directamente en las jambas, éstas y aquél molduradas en arista viva, de las cuales prevalecen con su organización primitiva la que ocupa la zona suroriental, ya que la central fue alargada presentando su coronamiento rectangularizado, y la restante está tapiada a resultas de la construcción de la dependencia que acoge la sacristía, adosada, como ya se comentó más arriba, al costado septentrional del presbiterio. Vanos cuya misión consistía, en sus orígenes, el proveer de luz natural a la cabecera, iluminación que quedó un tanto alterada, como consecuencia del emplazamiento del retablo, paliándose, en parte tal efecto al suprimir el cierre posterior de los nichos del mismo, que se corresponden con aquéllas.

Detalle de la zona superior de la puerta principal.

CRONOLOGÍA.

La escasa o casi nula noticia, tanto en el ámbito documental como en el epigráfico, que nos proporcione una referencia lo suficientemente segura, para fechar con la debida exactitud el templo que acabamos de historiar, no constituye, en modo alguno, un obstáculo insalvable para poderlo llevar a cabo, teniendo que recurrir, como suele suceder en otros muchos casos, al estudio comparativo de las soluciones adoptadas tanto en su fábrica como en los elementos decorativos, con los que exhiben otras iglesias cuya cronología está plenamente contrastada.

Sin embargo, antes de realizar dicha verificación edilicia, es conveniente manifestar que en una monografía de Santa María de Doroña realizada por Ángel del Castillo, dicho autor expone: *"La época de esta iglesia nos la dan fijamente su estilo y una inscripción que hay dentro de la nave, en el muro de la fachada y a la izquierda de la puerta, que dice: (era mil doscientos), o sea, año de 1162, en el cual se levantó y concluyó...". "Pero otra inscripción de relieve, de difícil lectura, y acaso incompleta, que hay en lo que pudiéramos llamar intradós del dintel de la portada princi - pal, nos desorienta por lo confusa, pues aunque parece decir ERA MILES (era Mil [e] es [ima], o sea, año 962), también pudiera interpretarse ERA [M] CLI LES... (era 1151- año 1113- sin que pueda saberse lo que entonces dice la última palabra, de serlo)"*[62].

De los dos epígrafes, el mencionado en primer lugar actualmente no existe rastro alguno de él, lo cual en modo alguno debe ser óbice para dudar de las observaciones realizadas por el citado autor, que debió visitar en reiteradas ocasiones el templo. Mientras que el segundo, solo legible en parte, sigue oculto por las mochetas que soportan el tímpano, lo que nos induce a pensar que éste sea una pieza reutilizada de una edificación anterior a la que podemos admirar en el presente.

Por otro lado de lo que sí tenemos constancia documental es de la existencia de la iglesia de Doroña en el año 953, fábrica probablemente prerrománica, de la cual no queda vestigio alguno en la edificación actual. Además del referido pergamino, poseemos otro de 1147, otorgado por Alfonso VII, en la que dona dicho templo a Caaveiro, siendo por tanto éste junto con la inscripción desaparecida, el punto de partida que nos puede arrojar algo de luz sobre la cronología de nuestro conjunto edilicio, a pesar de movernos en el escabroso mundo de las hipótesis. Pues bien, dicho lo que antecede, en el lugar del templo existente, a nuestro entender, hubo dos anteriores, uno de principios del siglo X, constatado por el documento ya aludido, y otro posterior del primer cuarto del XII, el cual fue sustituido por el actual hacia finales del mismo siglo, aprovechándose de él probablemente muchos de sus sillares, arco triunfal, así como el tímpano, de ahí que el epígrafe del sofito quede oculto por las mochetas que lo soportan, no adecuándose, por otra parte, su configuración semicircular a la arquivolta apuntada que lo cobija.

Además de lo ya comentado contamos, para determinar la datación de la finalización de las obras de la iglesia, con sus propias peculiaridades arquitectónicas, en cuya descripción se han des-

62. DEL CASTILLO, A., *Santa María de Doroña*, BRAG, nº 127, 1918; DE CASTRO ÁLVAREZ, C., o., c., p., 103.

Pórtico y hastial de poniente.

tacado un conjunto de rasgos, como su marcada simplicidad o la acusada austeridad, que se evidencian de una manera especial en la nave, así como el empleo sistemático de elementos vegetales o geométricos en la decoración, salvo el del capitel septentrional de la portada principal y el de algún canecillo del alero de la fachada sur de la nave, aspectos que, incorporados al apuntamiento que ofrecen la arquivolta y chambrana, de la aludida puerta de poniente, y la ausencia de compartimentación de la zona semicircular del ábside, nos inducen a pensar, en unas fórmulas constructivas y ornamentales, que nos remiten inexorablemente a las utilizadas en las edificaciones de los últimos años de la duodécima centuria y primeros de la siguiente, período de tiempo en donde tiene lugar la transición del tardorrománico al gótico.

Pues bien, teniendo en cuenta los temas de índole documental, epigráfico y arquitectónico mencionados, estamos en la condición de manifestar, con un mínimo margen de error, en tanto en cuanto no aparezcan nuevas aportaciones, que la iglesia románica de Santa María de Doroña, se comenzó a construir hacia el año 1162 o pocos años después, realizándose su conclusión a finales del siglo XII o principios del XIII.

SIGLAS UTILIZADAS.

AHN. Archivo Histórico Nacional
AHMC. Archivo Histórico del Monasterio de Caaveiro.
ARG. Archivo del Reino de Galicia
BRAG. Boletín de la Real Academia Gallega.

BIBLIOGRAFÍA.

ANDRADE CERNADAS, J. M. *O Tumbo de Celanova*, Tomo II, Santiago de Compostela, 1995.

ANGULO IÑIGUEZ, D., *Historia del Arte,* Tomo I, Madrid, 1973.

ARAÚJO IGLESIAS, M.A., *San Rosendo, bispo e fundador*, Estudios Mindonienses, 15, Salamanca, 1999.

BANGO TORVISO, I. G., *Arquitectura románica en Pontevedra*, La Coruña, 1979.

BANGO TORVISO, I. G., *Galicia Románica*, Vigo, 1987.

BARROSO CABRERA, R. Y MORÍN DE PABLOS, J., *El Árbol de la Vida. Un estudio de ico - nografía visigoda: San Pedro de la Nave y Quintanilla de las Viñas.* Madrid, 1993.

BARROSO CABRERA, R., y MORÍN DE PABLOS, J., *La iglesia visigoda de San Pedro de la Nave*, Madrid, 1997.

BEIGBEDER, O., *Léxico de los símbolos*, Madrid, 1989.

BERENGUER ALONSO, M., *Arte en Asturias*, Tomo II, Oviedo, 1991.

CAAMAÑO MARTÍNEZ, J. M., *Berceo como fuente de iconografía cristiana medieval*, Boletín de Arte y Arqueología Valladolid, 1968/69.

CAL PARDO, E., *Episcopologio mindoniense. Alta Edad Media*, Estudios Mindonienses, 18, Salamanca, 2002.

CALO LOURIDO, F., *A plástica da cultura castrexa Galicia-Portugal*, La Coruña, 1994.

CAMPS, G., *Aux origines de la Berberie. Monuments et rites funeraires protohistoriques*, París, 1961.

CHAMOSO LAMAS, M., GONZÁLEZ, V., Y REGAL, B., GALICIA. *La España románica, Madrid, 1985.*

CHAMPEAUX, G., Y STERCKX, D. S., *Introducción a los símbolos*, Madrid, 1984.

CHEVALIER, J., y GHEERBRANT, D. S., *Dictionaire des Symboles,* Francia, 1969.

CHURRUCA, *M., Influjo oriental en los temas iconográficos de la miniatura española. Siglos X al XII*, Madrid, 1939.

CIRLOT, J. E., *Diccionario de símbolos*, Barcelona, 1969.

CORTÉS Y GÓNGORA, L., *San Isidoro de Sevilla. Etimologías,* Madrid, 1951.

COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puentedeume*, Puentedeume, 1981.

DANIELOU, J., *Théologie du Judéo-christianisme*, París, 1960.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *Igrexas Románicas da Comarca do Eume,* Puentedeume, 1977.

DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *El monasterio de San Juan de Caaveiro, Historia y Arte*, A Coruña, 1999.

DE SÁA BRAVO, H., *El monacato en Galicia,* I, II, La Coruña, 1972.

DE SAA BRAVO, H., *Rutas del románico en la provincia de Pontevedra,* Vigo 1978.

DEL CASTILLO, A., *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*, A Coruña, 1987.

DOMINGO PÉREZ-UGENA, Mª J., *Bestiario en las esculturas de las iglesias románicas de la provincia de A Coruña- Simbología*, A Coruña, 1998.

EGRY, A. DE., *Simbolismo funerario en monumentos románicos españoles,* Archivo Español de Arte nº 173, 1971.

FERGUSON, G., *Signos y Símbolos en el Arte Cristiano*, Buenos Aires, 1956.

FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I., GONZÁLEZ BALASCH, Mª T., Y DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *El Monasterio de San Juan de Caaveiro*, La Coruña, 1999.

FERREIRA ARIAS, E., *Monumentos de Galicia,* Lugo, 1955.

FERRÍN GONZÁLEZ, J. R., *Arquitectura románica en la "Costa da Morte". De Fisterra a Cabo Vilán*, A Coruña, 1999.

FONT QUER, P., *Plantas medicinales*, Barcelona, 1999.

FRANKFORT, H., *Arte y Arquitectura del Oriente Antiguo*, Madrid, 1982.

GARCÍA ÁLVAREZ, R., *Ilduara Eriz, madre de San Rosendo,* BCPMHL, VI, 1958-59.

GARCÍA, X. L., *Simboloxía do Románico de Pantón*, La Coruña, 1999.

GHIRSHMAN, R., *Persia, Protoiranios, Medos, Aqueménidas*, Madrid, 1964.

GILLES, R., *Le Symbolisme dans l'Art Religieux,* París, 1943.

GRABAR, A., *Recherches sur les sources juives de l'art Paléochrétien,* Cahiers Archeologiques XI. 1960.

GRIMAL, P., *Diccionario de Mitología Griega y Romana*, España, 1984.

GUBERNATIS, A., *La mythologie des plantes ou les légendes du Règne Végétal*, París, 1878.

GUERRA GÓMEZ, M., *Simbología Románica*, Madrid, 1993.

HANI, J., *El simbolismo del templo cristiano*, Barcelona, 2000.

JALABERT, D., *La Flore Sculptée des monuments du Moyen Age en France,* París, 1965.

LÓPEZ CUEVILLAS, F., *La Civilización Céltica de Galicia,* Santiago de Compostela, 1953.

LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la S.M.A. Iglesia de Santiago de Compostela*, Volumen II, ap., LVI, Santiago de Compostela, 1899.

LÓPEZ FERREIRO, A., *Biografía de San Rosendo*, Mondoñedo, 1907.

LÓPEZ GÓMEZ, F. S., *A rosacea: Arqueoloxía e ximboloxía dunha figura geométrica,* La Coruña, 1981.

LÓPEZ SANGIL, J. L., *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero,* A Coruña, 1999.

LÓPEZ SANGIL, J.L., *La nobleza altomedieval gallega. La familia Froilaz-Traba*, Noia (A Coruña), 2002.

LÓPEZ SANGIL, J.L., *Relación de la documentación del Monasterio de Santa María de Monfero*, Estudios Mindonienses nº 18, Salamanca, 2002.

LUCAS ÁLVAREZ, M., *El reino de León en la Alta Edad Media. Las cancillerías reales (1109-1230)*, León, 1993.

MARIÑO FERRO, X. R., *El simbolismo animal. Creencias y significados en la cultura occiden - tal*, Madrid, 1996.

MARTÍNEZ SALAZAR, A., *Documentos gallegos de los siglos XII al XVI,* A Coruña, 1911.

MAYÁN FERNÁNDEZ, F., *Obispos de Mondoñedo. San Rosendo (907-977)*, Mondoñedo, 1964.

MIGNE, P., *Patrologiae Latinae*, Tomo 172, París, 1855.

MIRABELLA ROBERTI, M., *La symbologie paléochrétienne prélude à la symbologie mediéva - le, Les Cahiers de Saints Michel de Cuxá*, Julio, 1981.

MIRAMONTES CASTRO, M., *Catálogo de documentación medieval do Museo de Pontevedra*, El Museo de Pontevedra L, Pontevedra, 1996.

NISSEN, H., *Das Templum*, Berlín, 1869.

NÚÑEZ, M., *Arquitectura prerrománica*, Madrid, 1978.

OROZ RETA, J., Y MARCOS CASQUERO, M. A., *San Isidoro de Sevilla. Etimologías*, Madrid 1971.

ORTÍZ Y SANZ, J., *Los diez libros de architectura de M. Vitrubio Polión,* Madrid, 1787.

PALLARES MÉNDEZ,Mª C., *Ilduara , una aristócrata del siglo X*, Sada (A Coruña), 1998.

PARROT, A., *Universo de las formas, Madrid,* 1969.

PAVÓN MALDONADO, B., *El arte musulmán en la decoración floral*, Madrid, 1981.

PÉREZ DE RIOJA, J. A., *Diccionario de Símbolos y Mitos*, Madrid, 1971.

PETERSON, E., *La Croce e la preghiera verso Oriente,* Ephemerides Liturgicae, nº 59, 1945.

PIJOAN, J., *Arte romano*, Tomo V, Madrid, 1979.

PILLARD-VERNEUIL, M., *Diccionario de Símbolos, Emblemas y Alegorías*, Barcelona, 1999.

PINEDO, R., *Ensayo sobre el Simbolismo Religioso*, Burgos, 1924.

PINEDO, R., *El Simbolismo en la Escultura Medieval Española*, Madrid, 1930.

PITA ANDRADE, J. M., *Observaciones sobre la decoración vegetal en el románico de Galicia,* Abrente nº1, La Coruña, 1969.

PITA ANDRADE, J. M., *Observaciones sobre la decoración geométrica en el románico de Galicia*, Cuadernos de Estudios Gallegos, XVIII, Santiago, 1963.

PORTA DE LA ENCINA, A., *Aportación al estudio del monasterio de Caabeiro*, Estudios Mindonienses, 2, 1986.

QUIÑONES, A. Mª., *El simbolismo vegetal en el Arte Medieval*, Madrid, 1995.

RECUERO ASTRAY, M., Alfonso VII, emperador. *El imperio hispánico en el siglo XII*, León, 1979.

RECUERO ASTRAY, M., *Documentos medievales del reino de Galicia. I, Alfonso VII (1116-1157),* A Coruña, 1998.

RÉAU, L., *Iconographie de l'Art Chrétien,* París, 1955.

RÉAU, L., *Iconografía del arte cristiano,* Tomo I, vol. 2, Barcelona, 1996-1998.

REIGOSA LORENZO, R., *Colección diplomática del Monasterio de Monfero.* Edición, prólogo y notas del Cartulario de Santa María de Monfero, tesis doctoral de 1948.

RIVAS QUINTAS, E., *Influxos precristians na arte,* Porta da Aira nº 6, Orense, 1995.

ROCA MELIA, I., *Santos Padres españoles*, *T. II. Reglas monásticas de la España visigoda. Los tres libros de las sentencias*, Madrid, 1971.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, J., Y SEARA CARBALLO, J., *San Xés de Francelos,* Ourense, 1985.

ROMERO MASSIÁ, A., *El Habitat castreño*, Santiago de Compostela, 1976.

SÁEZ SÁNCHEZ, E., *Los ascendientes de San Rosendo,* Hispania VI, 1948.

SÁEZ SÁNCHEZ, E., *Notas al episcopologio minduniense del siglo X,* Hispania VI, 1946.

SÁEZ, E. y SÁEZ, C. *Colección Diplomática del Monasterio de Celanova (842-1230), Tomo 2, (943-988),* Alcalá de Henares, 2000.

SÁNCHEZ BELDA, L., *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia.* Catálogo de los conservados en la sección de Clero del Archivo Histórico Nacional, Madrid, 1953.

SORALUCE BLOND, J. R., *Arquitectura románica de La Coruña, Far, Mariñas, Eume,* Santiago de Compostela, 1983.

TORRES SEVILLA, M., *Linajes nobiliarios de León y Castilla.* Siglos IX-XIII, Salamanca, 1998.

VAAMONDE LORES, C., *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el Monasterio de Sobrado, en dichos partidos durante los siglos XII, XIII y XIV,* A Coruña, 1909.

VERHAEGEN, BARON., *Le cloître de Silos*, Gazette des Meaux Arts, 1931.

VILA DA VILA, M., *La iglesia románica de Cambre,* A Coruña, 1986.

VILLAMIL Y CASTRO, J., *Iglesias gallegas de la Edad Media,* Madrid, 1904.

WEISBACH, W., *Reforma Religiosa y Arte Medieval. La influencia de Cluny en el Románico Occidental*, Madrid, 1949.

YÁÑEZ CIFUENTES, C., *La formación y explotación del dominio territorial del monasterio de Caabeiro*, Barcelona, 1980.

YZQUIERDO PERRÍN, R., *La desaparecida iglesia de San Pedro de Fora en Compostela*, CEG, Tomo XXIX, Santiago de Compostela, 1974-1975.

YZQUIERDO PERRÍN, R., *La iglesia románica de Santiago de Breixa, Compostellanum*, V, XXIII, nº 1, 1-4, Santiago de Compostela, 1978.

YZQUIERDO PERRÍN, R., GONZÁLEZ GARCÍA, M. A., Y HERVELLA VÁZQUEZ, J., *La catedral de Orense*, León 1993.

YZQUIERDO PERRÍN, R., *De arte et architectura. San Martín de Mondoñedo*, Lugo, 1994.

YZQUIERDO PERRÍN, R., *Motivos ornamentales de la Catedral de Tuy*, Tui, Museo y Archivo Histórico Diocesano, V, Tui, 1989.

YZQUIERDO PERRÍN, R., Y MANSO PORTO, C., *Arte medieval II*, Galicia. Arte, vol., XI, A Coruña, 1996.

OS INDIVIDUOS DO GREMIO DE MAR DA VILA DE PONTEDEUME CONTRA O CONCELLO DA VILA, NO ANO DE 1803.
(AUTO ORDINARIO SOBRE O USO E POSESIÓN DO RETABLO, CAPELA E CONFRARÍA DA SANTÍSIMA TRINDADE DE PONTEDEUME)

Manuela Santalla López

RESUMO: No século XVIII apróbase a matrícula de mar como unha medida imprescindible para ofrecer unha tripulación con coñecementos mariñeiros aos buques de guerra e mercantes. Unha das actividades levadas ao cabo polo gremio de mar, é dicir, os mariñeiros da vila de Pontedeume foi a pesca do reo con destino ás mesas reais de Carlos III. Mariñeiros que se consideran dende tempo inmemorial cunha serie de prerrogativas na capela da Trindade, situada na igrexa parroquial de Santiago, edificada segundo a obra pía de Alonso Mancebo no século XVI, polo que entaboaran cos patróns da mesma un longo preito en 1803 en demanda de non modificar a antiga imaxe da Trinidade.

PALABRAS CLAVE: gremios de mareantes, matrícula de mar, mariñeiros, confrarías relixiosas, igrexa de Santiago de Pontedeume.

No século XVIII, cando se decide a reorganización da armada, a monarquía borbónica atópase coa falta de homes, é dicir, mariñeiros cos que tripular os seus navíos. No mundo occidental a mellor escola de formación de mariños de guerra era a mariña mercante, e a mariña mercante española era pequena de abondo por diversos motivos: a forte carga fiscal que soportaban tódalas actividades pesqueiras, o comercio marítimo, a piratería berberisca no Mediterráneo (que elevaba o custo dos fretes, o que os facía pouco rendibles), e por último, que os mariñeiros estaban indefensos ante os recrutadores do exército; causas que non fomentaban un gran número de mariñeiros adicados ás actividades pesqueiras.

Ante esta situación, na primeira metade do século XVIII, téntase por parte das autoridades estatais crear unha reserva de xente de mar e artesáns relacionados coa construcción naval a cambio de favorecer aos inscritos nas parroquias marítimas ou tamén chamados "matriculados do mar" un foro especial, que consistía en estar exentos das cargas municipais e de quintas para o exército. Este foro especial consistía na concesión en réxime de monopolio das actividades pesqueiras e da navegación de cabotaxe ou de altura. Será o intendente xeral de mariña, Patiño, quen en 1729 difunda por toda a península un regulamento que a Deputación de Guipúscoa tiña dende o ano de 1718, e que entre outras cousas limitaba o exercicio dos oficios da mar aos inscritos nos libros das confrarías de mareantes.

Sobre esta base uns anos máis tarde o marqués da Ensenada redactará en 1737 unha serie de decretos e edictos que durante o século organizan a matrícula de mar e os mariñeiros inscritos nas confrarías de mareantes.

De entre os matriculados útiles (nos primeiros anos podían tamén inscribirse voluntariamente persoas "honradas" do interior) escollíase, por quendas, aos tripulantes dos barcos de guerra, que tras unha ou dúas campañas anuais eran licenciados. Esto era en teoría, porque en realidade nin se respectan as quendas de chamamentos, nin se licenciaban ao seu tempo os mariñeiros obrigados a embarcar.

Recibían na maior parte dos casos estes mariñeiros un trato vexatorio nos buques, e sobre todo, non existía ningún tipo de axuda económica-social ou estímulo para que estes mariñeiros, unha vez licenciados tras anos de servicios na real armada, puidesen subsistir no seu gremio. De aí que a matrícula de mar fose moi impopular entre os habitantes próximos á costa, e durante o século XVIII e parte do XIX os habitantes marítimos foxen cara ao interior, escapando dos axentes recrutadores da matrícula de mar.

Historicamente, a producción industrial na Europa do Antigo Réxime atopábase articulada en unidades artesanais, cunha escasa diferenciación entre capital e traballo, sendo a súa mellor expresión as corporacións gremiais. Éstas, eran asociacións profesionais que non aparecen con tódalas súas características ata o século XIV, pero que teñen a súas raíces nas confrarías baixomedievais e chegan a acadar a súa plenitude nos séculos XVI e XVII. O termo confraría engloba unha grande variedade de agrupacións, segundo os fins perseguidos, nunha tradición que mestura o sagrado co profano. Así son asociacións de segrares unidos por unha fraternidade voluntaria, baseada nunha mutualidade espiritual que apareceron en Europa dende os primeiros tempos da Igrexa.

Pódense distinguir diversos tipos de confrarías: as de pura devoción, as confrarías que se ocupan da xestión de institucións caritativas ou da atención de grupos marxinais, confrarías con asistencia material e espiritual entre os seus membros, con similitudes ás irmandades de socorro, confrarías gremiais, confrarías de labradores, de gandeiros, de mareantes, etc.

Constitúen unhas agrupacións moi particularizadas, estructuradas vertical ou horizontalmente, que se autogobernan en boa medida. A súas ordenanzas prescriben as condicións de admisión, as formas de goberno e a elección dos cargos, as normas de policía interna, etc. Todas elas posúen un patrimonio procedente das cotizacións dos seus membros e da renda dos seus bens. Establecidas en igrexas, ermidas, mosteiros, oratorios públicos, etc.; a súa existencia lévase a cabo practicamente á marxe das institucións civís.

Dende as Cortes de Toledo de 1454, era obrigatorio que tódalas confrarías tivesen aprobación real. Será o rei Carlos III (1759-1788) quen pretenda unha reforma en profundidade das confrarías, consideradas antieconómicas e contrarias ao espírito da Ilustración. Así as confrarías gre-

miais foron suprimidas, ao igual que as que non tiñan aprobación do Consello de Castela, permitindo só a existencia das confrarías para causas pías e espirituais. Coa desamortización de Carlos IV, a finais do século XVIII, as bases económicas das confrarías perigaron e inician o seu período de declive.

O modelo de *"previsión social"* propugnado polos Ilustrados na segunda metade do século XVIII serán os montepíos, aínda que as confrarías non desapareceron. Os montepíos son entidades que daban resposta ao espírito secularizador da época, partidario do concepto de beneficencia ou fraternidade, e critican o gastos relixiosos *"superfluos"*. Os montepíos maioritariamente son de carácter profesional, é dicir, individuos que teñen a mesma profesión e que procuran a formación dun fondo económico conxunto a través dos descontos de xornais dos seus asociados, para o auxilio destes, nos casos de vellez, enfermidade ou ben para pensionar as viúvas ou orfos.

Maioritariamente tiñan carácter oficial, como o montepío militar, o montepío da "*Maestranza"* de Ferrol (que agrupaba os diversos gremios da construcción naval no estaleiro e arsenal ferrolán durante o século XVIII), e o montepío de pescadores, establecido en Galicia a finais do século XVIII, que pronto fracasou ao non contar cun sistema de previsión económico-social axeitado á realidade galega do momento.

No século XVIII, o gremio de mareantes de Pontedeume tiñan en exclusividade a pesca do apreciado reo no río Eume (ao ser un peixe que mestura sabores de mar e río) cunha cor moi exquisita. Este peixe de Pontedeume era o preferido polo rei Carlos III e chegaba á mesa real en Madrid tras unha viaxe de tres xornadas.

De gran parte do río Eume era dono e señor *"no espiritual e no temporal"*, o prior da Real Colexiata de S. Xoán de Caaveiro (o resto do río pertencía ao conde Lemos), con dereitos dende tempos de Afonso VII, confirmados polos Reis Católicos en 1480, e tiña atribucións para *"celar el tiempo en que se podía redar en los distintos pozos del Río, con la obligación de establecer veda, hasta que manteniéndose en sus pastos, en libertad, se críen y tomen cuerpo y substancia"*. Así mesmo tiña que subministrar as *"cuerdas y chorrillos"* para compoñer as redes. A pesca do reo e o seu envío (ésta levada ao cabo maioritariamente por maragatos), adoitaba comezar en xullo, cando Carlos III se atopaba no pazo da Granxa en Segovia, e duraba ata setembro, porque se atopaban en boa salgadura.

Normalmente realizábase unha remesa semanal á Corte, e cada animal de transporte cargaba dous ou tres banastras, de 8 a 15 reos en total. Envíanse en fresco, con limóns cortados á metade ou ben en escabeche, xa que o rei Carlos III pedía que os *"escabechados fosen con el cuidado que se requiere"*.

Aínda que os dereitos de pesca do mosteiro de Caaveiro estaban historicamente probados, foron motivo de frecuentes disputas e non servían cando *"el uso y aprovechamiento de la pesca*

fuera en los días que se hace para su Majestad", se ben os mariñeiros que pescaban para o rei tiñan que comunicarllo ao prior *"para que no ponga embarazo, mientras comienza la pesca para las mesas reales y que así no puedan hacerlo otros"*.

Durante estes anos son frecuentes as queixas do prior de Caaveiro ante o intendente de mariña en Ferrol, xa que ante os tres ou catro mariñeiros designados por el, en colaboración *"con otros tantos naturaless de la comarca, escogidos para auxiliarle, detraian buen número de reos para hacer regalos o venderlos, con fraude para el Real Servicio y Monasterio"*.

Este gremio do mar de Pontedeume, na segunda metade do século XVIII, participaba dalgunha das prerrogativas que contempla a obra pía de Alonso Mancebo, que foi establecida en Pontedeume no ano de 1557 *(1557 años, 7 días de mes de marzo del año del Nascimiento de Nuestro Señor Jesucristo)* e manterá a súa vixencia ata o ano de 1852. Segundo o testamento outorgado por Alonso Mancebo nese ano, destaca ser veciño, comerciante e rexedor da vila, que el como a súa muller, Catalina Manceba, edificaron dentro da igrexa de Santiago a capela da Trindade, coa finalidade de ser sepultados na mesma. Así mesmo dispón das ofrendas, misas, dádivas á igrexa parroquial, que *"el y su mujer, quiero y es mi voluntad que en ella haya ordinariamente para siem - pre cuatro capellanes de buena vida, los cuales sean tomados y elegidos por mis cumplidores y que cada uno sea obligado a decir misa en dicha capilla cada semana, seis misas, una el lunes por las ánimas del Purgatorio, el martes que sea por el espiritu santo, igual que el miercoles y jueves, el viernes por pasión y el sábado misa cantada de Nuestra Señora, y que en cada misa digan res - ponso sobre mi sepultura y la de dicha mi mujer y de mi madre, y que para todas las dichas misas se use de cera y vino, lo que fuese menester..."*. Nomeara Alonso Mancebo no século XVI, data de creación da súa obra pía, como patróns, o alcalde rexedor da vila e o prior do mosteiro de Nosa Señora da Gracia, da orde de Sto. Agostiño, extramuros da vila.

Durante o longo período de vixencia da obra pía non existe constancia que se fixese algún tipo de mellora ou reforma na capela da Trindade, polo que, tres séculos máis tarde, o aspecto desta está moi envellecido, as pinturas perderon a súa cor e as madeiras están rilladas. Esto levará aos albadeas da obra pía de Mancebo, ó rexedor municipal e ó prior do mosteiro, a encargar unha nova capela, que unha vez realizada provocará as protestas dos mariñeiros de Pontedeume, que a través do seu gremio de mareantes protestan enerxicamente, primeiro por non consultárselles sobre nova obra da capela da Trindade e en segundo lugar, por non adaptarse á forma antiga que ésta tiña. Este conflicto desemboca no preito que o gremio de mar entaboa na Real Audiencia de Galicia, contra os albadeas da obra pía de Alonso Mancebo. Isto dará lugar a unha voluminosa causa que se inicia o 26 de outubro de 1803, na que o gremio de mareantes ou matrícula de mar, formada por 26 mariñeiros en activo[1] (e igualmente citan os ausente e inválidos), designa como representante a

1. Mariñeiros activos matriculados no porto de Pontedeume en 1803, serían: Manuel Estrella, Antonio de Irijoa, Antonio Patiño, Manuel Garcia, Antonio Villar, Roque Vázquez, Ignacio Patiño, Juan Díaz, Bernando de Bales, Juan das Galleiras, Francisco Salgado, Baltasar Carrille, Josef Rodríguez Armesto, Andrés Vázquez, Pablo Vázquez, Rosendo de Viñas, Agustín da Fonte, Bernardo Amor, Pedro Amor, Josef del Río, Josef Lourido, Antonio Vázquez, Josef Alonso, Pedro de Anca, Josef Meirás.

Manuel Estrella, para que recorra ante a Real Audiencia, segundo eles pola afronta recibida polos patróns da confraría da Santísima Trindade, o alcalde maior da vila de Pontedeume e o prior do convento de Sto. Agostiño, coa acusación de modificar o uso e posesión do retablo, capela e confraría da Santísima Trindade.

Na defensa da súa posición argumentan que este gremio do mar e a súa confraría ten como advocación a Santísima Trindade dende tempo inmemorial, co dominio da capela e retablo, que se atopan na igrexa parroquial de Santiago da vila, e que é a terceira entrando a man dereita. Destaca por ter colocada nunha furna prominente a imaxe que significa aquel misterio, sendo a única que serve para as funcións e procesión públicas, pagándose anualmente 44 reais de vellón ao citado gremio pola obra pía fundada por Alonso Mancebo, en na súa regalía se atopan os outorgantes e o gremio de mareantes, sen máis leve contradicción ata agora de se ver *"na impensada novedad de que de orden de los patronos, se mando contruir un nuevo retablo que se esta colocando en dicha capi - lla, sin incluir la urna con la referida imagen y adornándolas con otras diferentes queriendo por este medio oscurecer el derecho y regalía del gremio* (de mar), *perturbándole en la inalterable posesión de mantener dicha capilla y altar la urna con la mencionada imagen de que se sirve su cofradia. Y aunque buenamente se solicto de los regidores desistiesen de su intento y de lo con - trario que usaría de sus recursos, no hubo forma* (que) *quisiesen condescender en ello. Por tanto, a fin de dar la conducente querella de fuerza y entablar los más recursos competentes que con - vengan al derecho y regalia del gremio, otorgando todo su poder a Manuel Éstrella (...), hasta con - seguir se vuelvan las cosas a su antiguo estado..."*. Solicitando unha refoma do novo retablo, *"al no colocarse dicha urna ni dejado sitio para ello"*, tal como mostraba a vella capela da Trinidade.

Entre as diversas testemuñas que aparecen na causa, destaca Andrés de Punin y Bueno, veciño de Pontedeume, maior de 70 anos, declarando que dende a súa infancia e recordo, por pais e avós, a obra pía de Alonso Mancebo está na nomeada confraría de Santísima Trindade, sen que poida dicir se son donos ou non do retablo e da capela sita na igrexa parroquial o gremio de mar ou se tal dominio corresponde aos patróns rexedores delas. Que si constata que este gremio de matriculados do mar sempre estiveron na posesión de conservar o altar ou retablo da mesma capela nunha furna coa imaxe que representaba.

Outra declaración importante é a da testemuña Pedro Ambrosio del Río, medico titular de Pontedeume, de 43 anos, que declara que cando foi rexedor da vila estivo presente no repartimento da esmorgas anuais que fan os rexedores e prior do convento de Sto. Agostiño, que é certo que o testamento de Alonso Mancebo expresa haber edificado ás súas expensas a capela da Trindade, ademais doutras actividades pertencentes ao culto divino, varias esmorgas anuais a distintos santuarios e confrarías, entre elas, a da Trindade e a de Veracruz.

Que non ten dúbida que os referidos patróns manteñen o dominio do fundador, como o de ser posuidores da capela, retablo e imaxes, e que nelas os capeláns cumprimentaron sempre as

misas que a fundación prevé. Que nela e no seu altar cumprimentaron, e cumprimentan sempre os capeláns, as misas e mais actos relixiosos que a fundación prevé, sempre co consentimento do gremio do mar, *"sin que en éllo en jamás le hubiesen puesto la menor contradicion, ni en otra capi - lla y altar tuviesen el menor dominio ni aún, en el hiciesen los de dicho gremio de mar ninguna función a la imagen de la Trinidad, reduciéndose todas las gestiones que vio practicar con dicha imagen a llevarla en las procesiones y colocarla en el altar maior el día de su función, por con - sentimiento de los regidores y patronos que la franquearían a cualquier vecino si se la pidiesen".*

Igualmente destaca o médico da vila que nunca se realizan enterramentos na capela da Trindade sen permiso dos testamenteiros, sen que para isto sexa preciso o consentimento do gremio do mar, que nisto, como no demais, non teñen *"la menor intervención".* Unicamente o día da Trindade en que o gremio de mar realiza a súa función, lévana ao cabo no altar maior da igrexa parroquial, como o fan as demais confrarías que non teñen altar propio. E rematará a súa longa intervención destacando o médico Pedro Ambrosio del Río que o altar da Trindade estaba moi vello e deteriorado, polo que os patróns da obra pía pediron a un arquitecto de Ferrol unha nova fábrica, que consta das imaxes da Candelaria no centro e o da Trindade na parte superior. Que *"como deja dicho las cofradías que tienen altar propio celebran sus funciones en el, como lo executan la de las Nieves que sirven los clérigos y la de Dolores, sin que las hagan los más que no las tienen"* (capela propia).

Estas declaracións do médico da vila de Pontedeume distinguindo as confrarías que teñen altar propio das confrarías que nono teñen como sería o caso do gremio de mareantes (a non ser citados no testamento-fundación de Alonso Mancebo do ano de 1557), pondría fin a este auto ordinario.

A resolución deste longo preito, con data de 13 de xullo de 1804, é que o gremio de mar de Pontedeume non debe perturbar os patróns da obra pía de Alonso Mancebo, na nova fábrica da capela da Trindade, polo que non poderá o gremio de mar introducir modificacións no novo retablo da capela da Trindade (coa esixencia de que a nova capela debía contar coa furna que a vella capela tiña), ao ser os patróns da confraría da Santísima Trinidade, o alcalde maior da vila e o prior do convento de S. Agostiño os patróns da mesma.

BIBLIOGRAFÍA

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA. Real Audiencia. Los individuos del gremio de mar de la billa de Pontedeume y Manuel Éstrella y consortes, con el Ayuntamiento de Pontedeume. Auto ordinario sobre el uso y posesión del retablo, capilla y cofradía de la Santísima Trinidad de Pontedeume. Año de 1803. Escribanía de Pillado. Signatura: 12324/18.

SANTALLA LÓPEZ, Manuela, 1997, "Os gremios da construcción naval no Ferrol do século XVIII", *III Encontro de Embarcacións Tradicionais.* O Grove.


Os Individuos del Gremio de
Mar dela Villa de Puente deume,
con Manuel Estrella, y q. tos
N
Ayuntamiento dela misma Villa
sobre Juicio ordinario
ARCHIVO
12324
18

EMIGRANTES *"RETORNADOS DE ACCIÓN"* EN FERROLTERRA E EUME (1898-1936)

Bernardo Máiz Vázquez

A tódolos emigrantes "ilegais".

1. PREVIA NECESARIA: A BISBARRA FERROLÁ

Do conxunto constituído pola bisbarra de Ferrol, nesta entrega van estudiados só os concellos de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos e Pontedeume, con algún achegamento a outros inmediatos. Pola súa historia próxima esta área presenta unha unidade certa, conformando unha subcomarca con características distintivas, na que Ferrol constitúe un fundamental punto de referencia. Deteñámonos nalgunha desas características polo que afectan ao tema que nos ocupa.

- Contra o 1727, o intendente de Mariña Don Xosé Patiño propuxo ao rei Don Felipe V instalar a cabeceira do *"Departamento Maritimo del Norte"* na ría de Ferrol, e a construcción nas súas ribeiras do Arsenal que aqueles magníficos técnicos da Ilustración ergueron -en palabras de Don Zenón Soldevilla- para *"guardar los vastisimos dominios de América"*. Non é este o lugar para desenvolver como esa decisión borbónica marcou até hoxe a historia de Ferrolterra, pero á condición de Ferrol e os seus Arsenais como a *"isla científica"* que definira Frei Martín Sarmiento, ao pragmatismo e á vocación tecnolóxica e burocrática dos seus veciños (moitos deles formados na escola de Maquinistas da Armada dende o 1850 en diante, na de Enxeñeiros da Armada dende o 1860, na de Administración Naval dende o 1861, na de Maestranza dende o 1871,..., factores que configuraron unha mentalidade certamente cartesiana) sumouse un certo cosmopolitismo pola fluencia de comunicacións náuticas con moitos lugares do mundo, pero especialmente cos semellantes *Apostadero* e Arsenal de La Habana: de alén mar viñan madeiras e ideas, e alén mar ían barcos, mariños, técnicos, mestres e operarios dos oficios, atraídos entre outras cousas por uns salarios que duplicaban aos da metrópole (e vaia como exemplo e homenaxe o caso do meu bisavó Xosé Vázquez Durán, no ano 1891 cun salario de 24 reais como calafate no Arsenal de Ferrol, e percibindo 48 no semellante da Habana dende tal data até o 1898).

- Os abaneos da política estatal e da industria naval provocaban (provocan) altas e baixas na economía comarcá. Ao rematar a última guerra de Cuba había poucos barcos e cativos presupostos para a Armada, con reducción de persoal (p. ex., pecharon a Escola Naval Flotante no ano 1901) e dos orzamentos para a construcción de buques, habendo despedimentos no Arsenal e nos estaleiros privados. Esa crise -unha de tantas- non rematou até que fixo efecto, moi de vagar, a *"Ley de escuadra"* do 1909; en consecuencia medrou a emigración no primeiro tercio do século XX.

- Na Galicia anterior ao 1900 Ferrolterra presentaba unha concentración urbana-conurbana atípica. Nos primeiros anos do século XIX (anos 1800-1804, tomo as cifras de Lucas Labrada), tendo a xurisdicción de Santiago circa 5.000 veciños e a de Betanzos 4.000, Ferrol e A Graña tiñan 4.392, Ares 1.013 e 2.506 Pontedeume. Había asemade progresión demográfica, pois no ano 1857 Ferrol agrupaba 17.404 habitantes (datos de Montero Aróstegui), xuntando 25.281 no 1900 e 35.563 no 1930; sírvannos como exemplos complementarios os concellos de Mugardos (6.517 veciños no ano 1900, 7.112 no 1930) ou Fene (5.388 no ano 1900, 6.540 no 1930), nun crecemento debido -segundo Clemente Cubillas- ao *"impulso urbano e industrial generado por el Departamento Marítimo"*. A influencia cidadá estendíase tamén mercé a unhas comunicacións marítimas *"de cercanías"* moi estables, con oito liñas (até fins do século XIX a remo e vela, despois a vapor) que facilitaban os desprazamentos laborais e educativos a Ferrol dende os pobos da ría, habendo asemade unha ruta cotiá á Coruña.

- Había -e hai- en toda Ferrolterra dinastías afeitas á disciplina laboral e ás novidades técnicas. Os Arsenais concentraban en Ferrol unha multitude de operarios (5.087 en data tan temperá como o ano 1769), moitos deles residentes nun amplo *hinterland* externo á cidade, elementos humanos da producción no sector naval, profesionais altamente cualificados formados nos obradoiros dos estaleiros e nas escolas citadas máis arriba, pero tamén na *"Escuela de Artes y Oficios"* fundada no ano 1881, no *"Centro Obrero de Cultura"* criado no 1911, ou nas moitas escolas artelladas dende a emigración en Cuba do 1904 en diante, como veremos. Outro sector profesional numeroso estaba (está) na Armada, sendo de certo habitual aplicar na vida civil os coñecementos adquiridos nas forzas armadas e viceversa.

- Temperá implantación en Ferrolterra das organizacións obreiras (unha Sección da Internacional no ano 1871, a primeira Agrupación Socialista galega no ano 1891, partido que obtivo un concelleiro en Ferrol nas eleccións do 1895,...) e un forte asociacionismo en toda a volta, tanto no eido cultural (p.ex., o Ateneo de Ferrol no 1879 ou o "Centro Obrero de Cultura" do Seixo no 1913) como agrarista (p. ex., en Cervás no 1896), ou "rexeneracionista" (p. ex., o Centro Solidario de Pontedeume no 1909), confluentes todos eles a miúdo en política, como foi o caso das eleccións municipais de Ares, Fene, Cabanas, Monfero ou Vilarmaior nos anos 1909-1913, ou en toda a comarca no ano 1931. E en toda canta iniciativa social e/ou política ía agromando, atopamos emigrantes, foran ausentes, de ida e volta e/ou retornados definitivamente.

2. A EMIGRACIÓN HISTÓRICA DENDE FERROLTERRA A CUBA E OUTROS -ESCASOS- LUGARES

Tamén nun territorio "moderno", industrial e urbanizado como era Ferrolterra no remate do século XIX e no primeiro tercio do século XX, emigrar era una posibilidade de romper coa vella orde socioeconómica, fuxir do desequilibro económico entre demografía e recursos, da dependencia da terra, do remo ou do taller, refugar do servicio militar (entre os *"quintos"* aresáns

-único caso que teño estudiado- dos anos 1895-1897 e 1911-1913 había un elevado número de prófugos, e anoto por significativo que tres dos once mozos presentes na segunda data carecían dende a infancia do dedo índice da man dereita, exemplo extremo de amor maternal para evitar á incorporación dos seus fillos ao exercito). Pero tamén emigraban moitos -recoñezámolo- por tentear a aventura americana e *"por ver de mellorar"* (sic). Na volta de Ferrol e para o período que analizamos, a esas causas, comúns a tódolos galegos, engádense as repetidas conxunturas económicas negativas no sector naval que deixamos apuntadas máis atrás, que mandaban -e mandan- fóra emigrantes educativa e profesionalmente cualificados.

Debo sinalar que no período estudiado había inmigrantes desta volta en moitos lugares a máis de Cuba, pero en número realmente pouco significativo a conta da vella relación co Caribe que deixei anotada e da facilidade e hábito de idas e voltas, por certo que antes e despois da independencia da illa e factor este último realmente pouco significativo, pois o número de emigrantes medrou nos anos inmediatamente posteriores á independencia cubana e mesmo inmediatamente despois de ter rematado esta, como comprobamos en Outubro do 1899 en "La Gaceta de Galicia" (editada en Ferrol): *"Estos días han salido con destino a Cuba centenares de compatriotas que acaso marchan con la creencia de que la Cuba yankee es lo mismo que la Cuba española"*. Neste eido, e entre a documentación que coñezo, non deixa de ser rechamante a perceptiva licencia para emigrar -a Cuba- que en Xullo do ano 1899 concedeu o seu pai adoptivo a un mozo de Redes, ámbolos dous mariñeiros repatriados a penas un mes antes, *"despues de ser los dos prisioneros de los norteamericanos en la guerra que hubo"*.

Para a emigración nas primeiras décadas do século XX indícanos Nuñez Seixas (1998) que *"Os galegos forneceron o maior continxente dentro dos emigrantes españoles... entre 1911.. e 1930 o 42 '14%, 733.176 persoas"*. Entre o ano 1915 e o 1933 a Cuba arribaron o 50'49% dos 509.992 galegos que deixaran Galicia, e aínda é máis específico o Censo cubano do ano 1931, pois recolle que eran orixinarios de Galicia o 7% dos residentes na illa. ¿Deses compatriotas en Cuba cantos de Ferrolterra?: a maioría indubidablemente, pois aínda sendo complexa a cuantificación exacta, nas memorias documental, familiar e veciñal ficou Cuba como lugar de recepción maioritaria dos emigrantes desta comarca.

Facendo unha esculca nos Censos municipais comprobamos que no ano 1912 residían en América arredor dun 8% dos veciños de Ares, Cabanas, Fene, Mugardos e Pontedeume. Ilustremos dous deses concellos:

CENSOS MUNICIPAIS. 1912			
VECIÑOS ARES	VECIÑOS ARES 'ausentes'	VECIÑOS MUGARDOS	VECIÑOS MUGARDOS 'ausentes'
6.523	1.089	7.336	1.238

No caso de Ares estaban "ausentes" (sic) en Cuba 957 veciños e 21 en Estados Unidos, e de Mugardos estaban en Cuba 1.063 veciños, 16 en Estados Unidos, 5 no Uruguai, 3 na Arxentina,... E aínda para unha maior precisión indicarei que das 3.454 persoas de sexo masculino

censadas nese ano 1912 en Mugardos, estaban "ausentes" 1.129, pode ser, dende logo, que algúns en ocupacións militares ou náuticas, pero a prensa, as fontes orais e a correspondencia privada sinalan América como o lugar de residencia preferente; no referido á emigración feminina non poden atopar datos específicos, pero as cifras anteriores e os estudios consultados permiten apuntar con seguridade que a emigración era fundamentalmente masculina, tamén a non rexistrada e a ilegal. Facendo unha mostra máis específica revisemos as variacións do Censo da parroquia de Maniños no Concello de Fene: 1.299 habitantes no ano 1910, 1.206 no 1920, 1.154 no 1930, para subir no 1940 aos 1.746; coido a emigración a causa da curva descendente nas tres primeiras décadas, e a non emigración (por razóns que analizo máis abaixo) a explicación da alza demográfica no decenio seguinte.

3. EN CUBA: ACTIVIDADES E ACTITUDES

A práctica totalidade dos emigrantes da área que estudiamos estableceuse en La Habana, Sagua, Cienfuegos e Manzanillo, cun núcleo en Tampa (Florida) e outro en Veracruz (México), dous grupos que mantiñan relacións moi fluídas cos seus coterráneos na illa, e todos coa terra nativa como nos indica a canción:

"estando eu na Habana,
cando o poente do sol,
sentín tocar as campanas
das igrexas de Ferrol"
(Popular)

Seguindo a Nuñez Seixas (1998) *"En Cuba, os traballadores galegos que foron chegando dende mediados do século XIX concentráronse primeiro en labores de xornaleiro agrícola.. pero... a partir do derradeiro tercio do século os inmigrantes galaicos repartíanse entre o sector tercia - rio e o comercio en núcleos urbanos...en actividades relacionadas co sector primario... ou tamén en labores pesqueiras".* Os ferrolterráns participaban nesas actividades económicas comúns aos demais inmigrantes galegos, pero apreciamos en moitos casos unha certa especialización e cualificación na súa situación socioeconómica, coido polas razóns expostas máis atrás (coñecementos técnicos, certo nivel educativo,...). Deixaremos fóra deste estudio aqueles nosos inmigrantes en Cuba que non serven de exemplo xenérico, uns pola súa extrema miseria (entre as lembranzas infantís da miña nai destacaba o vello Chinchín, que era pobre de pedir aínda tendo emigrado a Cuba), e outros por estar asentados económica e socialmente en Cuba ou no retorno moi por riba da media, aínda que as súas actitudes aló e as que desenvolvían nas súas viaxes "de estación" a Galicia ou como retornados definitivos presentaban características comúns ás da maioría; hai entre eles varios con moi longas estadías na illa, como foi F.C.V. (do Seixo), contratista principal das obras do porto habaneiro; J.S.P. (tamén do Seixo), inspector-maquinista dos buques da Cuban Distiller e presidente da *"Sociedad de Maquinistas de La Habana"*; M.B., que foi encargado e des-

pois propietario dun enxeño en Camagüey e optou pola nacionalidade cubana; os socios C.,V. e C., que posuían unha importante ferraxería habaneira; R.F., que era armador de pesqueiros vivero... Á par deles e no conxunto, é representativa a análise de corenta casos (8 de Ares-Cervás-Redes, 9 de Mugardos-Franza-O Seixo, 6 de Fene-Maniños-Limodre-Barallobre, 5 de Pontedeume-Campolongo, 5 de Ferrol e Serantes, 2 de Cabanas), que piden seguir -mercé sobre todo a documentación privada- como persoas que acadaron unha apreciable estabilidade económico-profesional en Cuba no período 1920-1930:

Agricultura como propietario 1
Agricultura como capataz/encargado 1
Carpinteiro de ribeira 2
Pesca/cabotaxe como armador 1
Pesca/cabotaxe como mariñeiros 5
Pesca/cabotaxe como patróns/maquinistas 8
Mecánicos 3
Construcción como promotores 2
Construcción como capataz/encargado 3
Capataz nunha fábrica de tabaco 1
Comercio como propietario/socio 4
Comercio como "tenedor de libros" 3
Comercio como "chico"/dependente 4
Xornalistas 2

Como vemos, uns poucos pequenos "empresarios" autónomos e unha gran maioría de asalariados cunha certa diferenciación económica da común aos galegos inmigrantes a conta do elevado número de técnicos, administrativos e encargados/capataces, xa que logo perceptores de retribucións superiores á media. A tradicional actividade náutica da terra nativa fica na lista profesional anterior e na estrofa que reproduzo dunha "habanera" local e bilingüe:

"en Cuba, la isla hermosa de ardiente sol,
navegaba llevando fletes que nunca viran
estes meus ollos de mugardés".

Afirma Dionisio Pereira (1992) que *"os emigrantes non tiñan un comportamento social homoxéneo, e na súa andaina americana moitos deles coñeceron por primeira vez os conflictos de clase"*. Coincido coa primeira parte da cita, pero disinto da segunda no que afecta aos emigrantes/inmigrantes da área de Ferrolterra, pois estes chegaban aos lugares de recepción cun coñecemento das relacións sociais, do asociacionismo e da reivindicación superiores á media entre o conxunto dos inmigrantes galegos, aspecto este substancial e comprobable repasando comparativa e cronoloxicamente as nóminas de fundadores e directivos das asociacións galegas en Cuba + a súa actividade sindical e/ou política na illa + os *"activistas"* expulsos de Cuba no 1917, 1924 e na dic-

tadura machadiana + a súa actuación antes de marchar e cando retornados temporais ou definitivos (p.ex., na constitución de sociedades agrarias e sindicatos ou nas eleccións dos anos 1909, 1912, 1931, 1936) E vaiamos a modo.

O activismo asociativo mutual e galeguista dos ferrolterráns en Cuba foi precoz, pois estaban na primixenia *"Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia"* do ano 1871 e na creación do Centro Galego no 1879, sendo ben coñecido o papel fundacional dos ferroláns Xosé Fontenla Leal e Xoán Casal e do aresán Bugallo no 1905 na *"Asociación Protectora"* para pular pola Academia Galega, ou no 1908 no *"Comité Redencionista Gallego"* que Fontenla Leal presidía en Cuba, inspirado dende Galicia por *"Solidaridad Gallega"*. Nos anos seguintes comprobamos como unha ampla porcentaxe das persoas analizadas mantiñan actitudes moi coincidentes, abondando en espírito asociativo, posicións democráticas e reivindicativas no eido social, cultural e sindical. Outra cousa foron as sociedades nadas para actuar directamente na localidade orixinaria dos fundadores e que trato máis abaixo.

Non é este o lugar para desenvolver biografías, polo que só me deteño en casos como o ferrolán Adelardo Novo, director en La Habana do *"Diario Español"* varios anos dende o de 1907, e *"inmigrante que desde su llegada se vió envuelto en luchas sindicales y políticas y para quien la conciencia de clase estaba por encima de toda consideración"*, en palabras de Consuelo Naranjo (1988); regresou no ano 1936, morrendo na cadea de Pamplona no 1939; o tamén ferrolán Guillermo Cedrón Gómez, comerciante e xornalista en Cuba do 1909 en diante, como retornado organizou no ano 1931 a Agrupación Comunista de Ferrol e foi fusilado no 1936; o mugardés Domingo Deus, sindicalista expulsado de Cuba no 1924; o aresán Antonio Bugallo, o cabanés Gregorio Torrente, o eumés Constantino Horta, os feneses Leopoldo Castiñeira, Juan Varela Grande, Antonio Fernández,... Persoa moi significada foi o mugardés Juan Prieto Balsa, no 1921 na *"Unión de Viveristas del Puerto de la Habana"*, organizador no 1922 do anarco sindicalista *"Sindicato Único de la Industria de la Pesca en Cuba"*, no 1925 no primeiro grupo comunista de La Habana e na *"Confederación Obrera Cubana"*; deportado no 1930, era alcalde de Mugardos no 1936 e foi paseado. Podería continuar a relación con outras persoas tan definidas como as citadas e unha maioría de xente rexa pero menos coñecida, pero non dei atopado ningún caso tan característico como os citados no outro extremo do arco societario e/ou político, nin en Cuba nin en Galicia.

O "crack" económico do 1921 -motivado pola baixa do prezo do azucre dende o ano 1919- motivou reducións salariais e despedimentos, dando folgos reivindicativos aos sindicatos cubanos (galaico-cubanos nalgún caso), cortou as saldas migratorias cara a Cuba, provocou repatriacións forzosas e mirrou as achegas societarias para a "instrucción" en Galicia. Peores foron as consecuencias da crise do 1929, pois os fortes aranceis norteamericanos ao azucre e ao tabaco cubanos dende o ano 1930 en diante deron en quebra dos bancos onde estaban depositados os fondos das sociedades, en peches de empresas e desemprego, impedindo aos socios abonar as cotas das sociedades galego-cubanas e cortando case definitivamente as inxeccións económicas que a Galicia chegaban dende Cuba, unha crise, por certo, coincidente na illa coas medidas represivas da dictadura

de Machado (p.. ex., a *"Ley de repatriación forzosa"*, aplicada a desempregados e a activistas, que foron expulsados da illa). Cando o goberno de Grau San Martín publicou no ano 1933 a súa *"Ley de nacionalización del trabajo"* (ou lei do 50%, para favorecer o emprego dos cubanos de nación) mirrou á emigración masiva galega a Cuba, aínda que houbo un repunte constatable documentalmente a fins do ano 1934, no 1935 e nos primeiros meses do 1936.

4. IDAS E VOLTAS DOS "CUBICHES" OU "HABANEROS"

"En ayes del alma vamos a Ferrol.
Adios cubanita, Adios, adios"
(popu1ar)

A prensa local consultada, a revisión de actas dalgunha das Sociedades de Instrucción atrás relacionadas e os Censos municipais confirman o que suxire a memoria veciñal e moita documentación privada: quen emigraba a outros países americanos raramente volvía ou retornaba definitivamente, pero os "cubanos" (no semanario mugardés *"La Democracia"* alcúmanos de "cubiches") ían e viñan a miúdo. Había un intercambio, *"unha corrente de ida e volta"* (Peña Saavedra, 1991) que *"facía aos indianos ou americanos un elemento casi habitual en amplas zonas de Galicia"* (Núñez Seixas, 1994). Puiden facer o seguimento documental de dezanove emigrantes a Cuba no período 1904-1914 e doutros vintetrés no tempo 1925-1935; coinciden tres persoas en ambas relacións, e loxicamente excluín da esculca aqueles emigrantes que nunca volveron:

IDAS E VOLTAS		
	1904 - 1916	1921 -1935
VIAXE BIANUAL	3	5
VIAXE TRIENAL	5	6
ALGUNHA VEZ / DEFINITIVO	11	12

Os motivos para o regreso definitivo eran múltiples (xubilación, desemprego, expulsión, creba, enfermidade,etc.) pero as causas para volver temporalmente configuran un abano de poucas guías, sendo estas o fracaso da aventura migratoria, o descanso-voda-herencia-investimento ou algún destes elementos combinados, sempre daqueles emigrantes que podían deixar os seus "intereses" (traballo, negocio, familia) en Cuba durante unha longa tempada, pois as estadías na terra tiñan xeralmente unha duración de varios meses, case sempre collendo tempo de verán e aproveitando a viaxe para casar, adquirir terreos, construír casa, ... Como exemplo arquetípico de idas e voltas dun asalariado cualificado sérvenos J.S.M. nado no ano 1882, reclamado polo seu pai (inmigrante en Cuba dende o ano 1889) no ano 1906, maquinista de barco na ruta La Habana-Tampa (USA) dende o ano 1912 ao 1922 e na de Cienfuegos-La Habana-Tampa dende o ano 1923 ao 1931 e do 1934 ao 1941, con estadías no Seixo natal no 1919 (tres meses, descanso), no 1922 (cinco

meses, voda), 1925 (catro meses, comprou casa, leva á familia), regresou coa familia á terra no ano 1931 (montou unha tenda de ultramarinos), marchou el só a Cuba no 1934 e retornou definitivamente no ano 1941. E abondemos con M.B., soldado en Cuba até o ano 1898, ficou aló como encargado agrícola, viaxou a Galicia no 1909, volveu a Cuba, casou ao pouco cunha cubana propietaria dun ingenio en Camagüey, viaxaron a Galicia no 1913, regresaron a Cuba ese mesmo ano e retornaron definitivamente á terra no ano 1923, despois de vender o seu ingenio pero mantendo a nacionalidade cubana.

Se os retornados definitivos xogaron en moitos casos os roles que veremos máis abaixo, nesas idas e voltas migratorias tamén había un labor propagandístico -ás veces inconsciente- que ía deixando en Galicia ideas *"novas/modernas/de progreso/anticaciquiles/igualitarias/ liberado - ras"* (as expresións en cursiva están recollidas de escritos do tempo), por xunto anovadoras, a prol dunha acción reivindicativa e societaria, e que constituían o que Peña Saavedra (1991) cualifica como *"remesas inmateriais"*.

5. A ACCIÓN INDIVIDUAL DOS RETORNADOS: CHALÉS, IGREXAS, ESCOLAS, LAVADOIROS,...

"Alá vai o habanero
polos camiños,
con sombreiro "pajilla"
de penas farto"
(Popular)

O indicado no título debería estar en correspondencia co modelo de retornado que Nuñez Seixas (1994) denomina *"indianos máis ou menos acomodados"*, aqueles que no conxunto de Galicia ás veces se aproximaban e identificaban cos sectores que exercían o dominio social, político e económico, persoas que entraban nas redes caciquís ou mesmo as artellaban, pero non había neles unha actitude homoxénea, como tampouco a había entre os menos acomodados. Na miña apreciación, todos (indianos, americanos, "cubanos", "habaneiros") viñan cunha carga ideolóxica basicamente liberal que chocaba coa mentalidade e ás practicas tradicionais, viñan impregnados de *"ideas filantrópicas, modernas, cívicas y de servicio"* -palabras que reloucan nas crónicas da prensa local e nas actas das sociedades- e convencidos das virtudes dos réximes políticos democráticos *"a la americana"* (sic); podían (e facíano, todos, foran acomodados ou non) contribuír economicamente ás actividades relixiosas da súa parroquia ou ás obras da igrexa, pero en canto aquelas eran actos sociais e o templo de toda a comunidade -á marxe da especificidade dos emigrantes aresáns de confesión evanxélica-, sendo moi inhabitual a manifestación pública de relixiosidade, frecuente o anticlericalismo e norma a defensa da separación entre igrexa e escola, cando non un ateísmo -e internacionalismo- militante (*"El trabajo es mi único dios, la humanidad es mi patria y el mundo mi tumba"*, inscribiu na súa mansión da Brea de Barallobre o emigrante retornado Antonio

Fernández). Varios antigos emigrantes "de bo pasar" formaron parte de candidaturas municipais canto menos progresistas (p..ex., con agrarios e solidarios en Ares, Cabanas, Fene e Mugardos nos anos 1909-1914); outros aceptaron cargos públicos no período primoriverista, pero dende o ano 1929 en diante ían máis cara a un aparente apoliticismo ou cara ao Partido Radical e as organizacións casaristas e azañistas, mesmo con algún próximo ao PSOE e ao PC; varios exerceron un labor galeguizador (folclórico e lingüístico máis que outra cousa) nalgunha das moitas sociedades que inzaban a comarca.

Unha singular achega dos emigrantes a Galicia foi a arquitectónica., non só na construcción de escolas senón -e loxicamente en moito maior número- nas súas vivendas. Están estudiadas unha boa proporción dos *chalés* e casas de indianos, ou mellor, están catalogadas aquelas verdadeiramente notables polo seu volume, localización e características constructivas. Ás veces os retornados só remodelaban a vella casa familiar, pero outros levantaban edificios feitos sobre planos e con innovacións técnicas –dende logo que con estética, adornos, cores e palmeiras- procedentes de alén mar, e case que todos eles con elementos decorativos rexionalistas, art decó, modernistas e/ou eclécticos (non hai verdadeiramente un "estilo indiano") e estructuras de ferro e formigón, debendo destacar que nesta bisbarra non abunda o granito e que o cemento e o metal eran naquel tempo signos de modernidade constructiva. E frecuente que conste no exterior a data de construcción, sempre entre os anos dez e os trinta do século XX, pois estas vivendas foron levantadas nos anos dourados da emigración ao Caribe. Abonda un percorrido por Ferrolterra para observar nos frontispicios, nos penais ou nos peches exteriores de moitos edificios singulares, pero tamén en moitas casas menos notables, algunha desas características, completadas nos interiores cunha distribución que facilitaba a entrada de luz, e con servicios sanitarios que nalgún caso eran importados dos Estados Unidos vía Cuba. Por xunto marcaron un xeito que foi imitado durante décadas.

Algúns indianos ergueron lavadoiros como *"el que construyó Guerra"* (dunha copla do Antroido de Cervás no ano 1909) referida ao pagado por Juan Guerra, antigo emigrante. E tamén repararon igrexas como a da capela do Lodairo de Franza no ano 1914 por man de Gaspar Vizoso, emigrante en Cuba. O principal contribuínte para rematar a escola *"Hijos de Limodre"* no ano 1927 foi o Sr. Varela Grande, e hai nesta parte do mundo dúas escolas levantadas co esforzo económico exclusivo dun único emigrante, sendo unha a de Seselle (Ares) por man do señor Vizoso Cartelle, *"Súbdito cubano natural de la parroquia de Caamouco"*, sobre planos que viñeran de Cuba, escola inaugurada no ano 1931 e que hoxe está arruinada por un problema sobre a súa titularidade; outra escola é o edificio principal do actual Grupo Escolar *"Santiago Apostol"* de Franza (Mugardos), concluso no ano 1929 a expensas de Francisco Vizoso Cancela, que por certo pagou no 1930 a pavimentación con formigón de douscentos metros da estrada de xabre que pasaba por diante da súa casa, coincidindo na súa actuación cun Federico Casteleiro que ampliou ás súas expensas o antigo camiño da Senra no Seixo de Mugardos. Os casos citados son exemplo de quen Durán define como *"indianos beneméritos"*.

Varios destes "acomodados" continuaron as súas actividades económicas na terra de retomo, declarando un deles á prensa local que -de novo a filantropía- era coa intención de *"crear riqueza aquí para evitar a los jovenes tener que emigrar allá"*. Houbo iniciativas ruinosas e outras de éxito: en Mugardos a familia Gelpi armou do ano 1904 en diante pesqueiros de vapor con diñeiro procedente de América, e as remesas cubanas permitiron modernizar as tarrafas da flota aresá; en Barallobre Antonio Fernández, en Pontedeume e Betanzos dúas ponlas da familia Bedoya, en Perlío a familia Aguilar, levantaron estaleiros axudados con capitais repatriados; no Seixo investiron aforros cubanos nun muíño/aserradoiro, na primeira "fábrica de luz" da comarca de Ferrol e nunha fracasada fábrica de azucre; .... Pero a actividade económica máis frecuente no retorno -á marxe da percepción pasiva de rendas dos bens deixados en Cuba- foi a propia das clases medias: a compra de terras e a mellora dos cultivos, a tenda de ultramarinos, a ferraxería, o salón de baile, a mecanización da embarcación familiar de pesca, a máquina de mallar, a carpintería, o taller mecánico, etc. Pero, foran os acomodados ou foran os outros, todos importaban de Cuba (moitas veces a illa era só estafeta intermedia dos Estados Unidos) ideas, planos, aparatos de divertimento (gramófonos, radios, proxectores de cine como o que circulaba polos salóns de baile de Ares na década dos dez) ou de uso práctico (motores, máquinas de escribir e de coser,...).

Non debemos esquecer un aspecto quizais frívolo pero non menos importante para a mudanza de costumes como eran as festas e a vestimenta, aspectos sobre os que só dou unhas puntadas. Nas casas, nos casinos e sociedades, nas romarías e nos salóns de baile que abundaban en toda a volta interpretábanse música e bailables do país, pero tamén escoitaban nos gramófonos "cubiches" ritmos que as orquestras locais engadían aos seus repertorios: sabemos do grande éxito do danzón *"El ferrocarril central"* nas festas de Pontedeume do ano 1912 e que no ano 1924 no "Salón Ardá" de Limodre actuaba unha autotitulada *"Orquesta de Jazz Band"* (sic). Chegaban con outras as revistas cubanas *"Carteles"* e *"Bohemia"* (teño visto exemplares dos anos vinte e trinta) con figuríns de moda feminina que era imitada aquí, como nas fotografías de época vemos homes con pantalóns brancos e tocados coas *"pajillas"* citadas na copla....

Teñamos en conta unha vez máis que *"ó longo de moitos anos en Galicia viveuse, en non pouca medida, á conta do que podía chegar de Cuba"* (Neira Vilas,1985). De Cuba viñan cartos, pero aínda viñan máis proxectos e actitudes, case sempre anovadoras cando non rupturistas cos antigos hábitos. Neste eido coido relevante anotar que no ano 1914 os contraentes do primeiro matrimonio civil rexistrado en Mugardos manifestáronse *"católicos pero anticlericales"*: alomenos el fora emigrante en Cuba e nese intre presidía a Cooperativa de Consumo de San Xoán de Piñeiro.

6. A ACCIÓN COLECTIVA DOS RETORNADOS

Non é doado distinguir entre acción educativa, acción social e acción política dos retornados, eses que viñan "máis cepillados"... Tratamos aquí as realizacións prácticas, pero tamén *"as remesas inmatenais ... que incidían na mentalidade da xente, precipitando mutacións preceptivas*

e valoratívas que logo se manifestaron en actitudes e comportamentos concretos" (Peña Saavedra, 1991). Deteñámonos nalgunha desas realizacións.

Entre o conxunto dos emigrados a Cuba o feito de ser coterráneos e a directa convivencia asociativa pesaba máis que os factores ideolóxicos; en América os galegos inmigrantes asociábanse, xuntábanse, como vimos, para o erguemento de Galicia, pero aínda máis para axudarse, para afrontar colectivamente os desafíos e a integración nunha sociedade diferente á de partida, por lembrar ao patrón da pequena patria nativa, ..., xurdindo dese xeito unha constelación de sociedades galegas de denominación municipal e/ou parroquial, que, se cumprían tanto a función mutualista como a de manter a morriña e as raíces, a pouco tiñan como obxectivo fundamental a "instrucción", a acción educativa construír e dotar escolas e bibliotecas que desenvolveran nesta banda do mar - había seccións das directivas nunha e outra terra- un proxecto que preparase técnica e culturalmente aos compatriotas, dentro dunha ideoloxía case sempre *laica, cívica, moderna, progresista, anticaciquil* (reproducindo expresións extraídas dos regulamentos de varias desas sociedades) e adxectivos aos que engadiron -alomenos en dous casos- o de *"galleguista"* (*"Ergamos Galicia edu - cando a los gallegos"*) o aresán Antonio Bugallo e o mugardés Ferreol Lago, galeguidade manifesta nos nomes cos que bautizaban as escolas que construían. Dende a constitución da pioneira *"Alianza Aresana"* no 1904, foi medrando en Cuba un fenómeno de mímese e mesmo de rivalidade asociativa que, sempre afectadas as entidades polas altas e baixas da economía cubana, deu lugar á creación en Cuba das sociedades das que vai relación cronolóxica:

- *"Alianza Aresana de Instrucción"*, nada en Casablanca en Marzo do ano 1904 con 46 socios. Tiña 204 no ano 1907.
- *"Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia Ferrol y su comarca"* fundada no ano 1909, con socios de Ferrol, Serantes, Narón, Neda, Valdoviño, Moeche e San Sadurniño; Guillermo Cedrón foi o seu secretario e despois presidente.
- *"Sociedad de Instrucción Naturales de Fene"* no ano 1910, por iniciativa dos irmáns Varela Grande.
- "*Unión Mugardesa de Instrucción"* creada no ano 1911 con 222 socios. presidida sucesivamente por Ferreol Lago, Francisco Sabio, Gabriel Miguez, José Gelpi, etc.
- *"Hijos de Puentedeume y su comarca"* creada no ano 1911. Primeiro presidente Juán José Roberes. No 1927 cambiou o nome a *"Puentedeume y su partido Judicial"*.
- *"Agrupación Instructiva de Redes-Caamouco"* fundada no ano 1913.
- *"Luz de América"* (tamén "Luz de Galicia') de Cabanas, xermolou no ano 1911 para constituírse definitivamente no 1916.
- *"Institución Escolar Franza-El Seijo"* creada no ano 1921.
- *"Centro de Instrucción, Protección y Recreo de Cervás"* nada no ano 1922.
- *"Hijos de Limodre "* fundada no ano 1923.

Foi este labor educativo o máis coñecido e perdurable das realizacións colectivas dos retornados, labor exercido mediante as escolas coñecidas como *"as laicas"*. Seguindo o ronsel da

"Alianza Aresana de Instrucción", que inaugurou a súa primeira escola de nenos no ano 1908, viñeron despois a tamén de nenos que levantou no 1912 a *"Unión Mugardesa de Instrucción"*, a dupla no 1915 da *"Sociedad Instructiva de Redes-Caamouco"*, a escola *"Curros Enriquez"* en Maniños no 1916 e a *"Concepción Arenal"* de Perlío no 1918 que construíu a *"Sociedad de Instrucción Naturales de Fene"*; no ano 1923 a escola de Moeche da *"Sociedad de Instrucción, Recreo y Beneficencia Ferrol y su comarca"*, a dupla da *"Institución Escolar Franza-El Seijo"* e a de nenas da "*Alianza Aresana*" no ano 1925, a do 1927 dos *"Hijos de Limodre"*, e o enorme edificio escolar *"Luz de América"/" Luz de Galicia"* que con moitas dificultades remataron no ano 1929 os veciños de Cabanas para que servira tanto de escola como de albergue infantil estival e para usos municipais. Non inclúo como escola o *"Centro de Instrucción, Protección y Recreo de Cervás"* do ano 1922 pois naceu con biblioteca, pero sen aulas especificas para o ensino regrado.

Característica común a tódolos edificios escolares eran, como dixemos, os modelos constructivos, con planos ben axeitados que unhas veces viñan de Cuba (de novo debo facer referencia á influencia USA, asemade do feito de que moitos emigrantes andaban alá en tarefas constructivas) e outras eran da man de mestres de obra locais e do arquitecto ferrolán Ucha. Teñen esas escolas aparencia exterior modernista ou de estilo rexionalista, con interiores amplos e ben iluminados, duchas e -en dous casos- calefacción. O salario dos mestres das *"laicas"* era superior ao que percibían os profesores do ensino público, moi boa era a calidade do ensino e grandes as innovacións didácticas: invernadoiros, experimentación en pequenos laboratorios importados de alén mar e de Alemaña, clases de mecanografía (con máquinas enviadas dende Cuba), de taquigrafía e de contabilidade, material escolar gratuíto en varios casos, excursións, festas da árbore, ben dotadas bibliotecas, etc.; en Ares e Mugardos houbo clases nocturnas para adultos dende o ano 1912 e en Redes dende o 1913. Os regulamentos, actas e prensa do tempo abondan na formación académica (e non só para preparar futuros emigrantes como chegou afirmar algún autor, senón, como vimos, cara á mellora dos galegos de Galicia) e na educación cívica, neutral, laica, moderna, con referencias a Ferrer i Guarda, á *Institución Libre de Enseñanza* e contactos con movementos pedagóxicos doutros lugares, sendo moito máis que unha anécdota que no ano 1917 en Redes-Caamouco dispuxeran que *"la mañana de los sábados se dedique al estudio de la historia de Galicia y de la lengua regional"*, ou que un bo número das bibliotecas escolares que o goberno republicano dotou no bienio 1931-1933 viñeran a estas escolas dos "cubanos". Na xeira da Segunda República as escolas de Ares, Cabanas, Maniños, Perlío,..., foron doadas polas sociedades de instrucción aos respectivos concellos, e as outras foron saqueadas (lembrarán sempre os veciños quen levou material e como ardían os libros...) e expropiadas inmediatamente despois da sublevación fascista de xullo do 1936.

A acción social dos retornados (combinada coa educativa e a política) recibiu as críticas dos sectores reaccionarios galegos. Nuñez Seixas (1994) ofrécenos tanto declaracións do Arcebispo de Santiago no 1907, que vía nos "americanos" un mal exemplo en canto *"instigadores de ideoloxías subversivas"*, como dos argumentos críticos que desenvolveron vinte anos máis tarde Vicente Risco e Losada Diéguez cara os retornados como *"axentes de perturbación da orde tradi* -

cional, tanto polos seus novos costumes ... como polas súas novas ideas", crítica motivada no caso destes galeguistas pola posible perda dos valores enxebres (aspecto que nalgún escrito tamén considerou Castelao, aínda que doutro xeito), pero remito como exemplo galeguizador (progresista, claro está, e non é este o lugar para analizar as diferentes "sensibilidades" galeguistas) ao indicado sobre da escola de Redes-Caamouco, celebrado por Antón Vilar Ponte, como tamén é significativo que no Seixo nomearan en galego a *"Sociedade de amigos da Paisaxe Galega"* no ano 1923. En canto ás posicións ideolóxicas, tamén Nuñez Seixas destaca que Blanco Torres consideraba que os emigrantes voltaban con *"una personalidad moral e intelectual que imprimía sentido, valor a una vida"*, ou que Blanco Amor distinguía positivamente de outros americanos, *"finchados de petulancia", aos que foran a Cuba "máis sinxelos, coñístas e francos"*. Deixei indicado máis atrás que de América viñan elementos propios do progreso técnico, e o *"progreso técnico viña acompañado da angueira do progreso ideolóxico"* (Fernández Prieto, 1992); asemade *"ás ideoloxías e as iniciativas políticas pódense transmitir a distancia dando lugar a un intercambio. Esto foi patente nos movementos políticos específicos de Galicia"* (Núñez Seixas, 1994). Eses aportes ideolóxicos contribuíron a crear unha nova mentalidade colectiva de *"Progreso"*, nome do casino que a iniciativa dos cubanos fundaron en Franza no ano 1926. Outros casinos e/ou sociedades (non só recreativas, pois, se organizaban bailes, tamén había ciclos de conferencias, recitados, lecturas) naceron con cubanos como principais animadores: o *"Casino Aresano"* no ano 1917, A *"Liga de Amigos"* de

"Comité solidario redencionista" galego na Habana, 1911.

Mariñeiros de Ares e Mugardos na Habana.

Casino de Redes. Obsérvese bandeira cubana.

Barallobre no 1932 e o xa citado "Centro" de Cervás (neste caso con función tamén mutualista: *"Proporcionar a los asociados, en caso de enfermedad, una peseta diaria durante el primer mes y cincuenta céntimos los dos siguientes.... "*, no art. 40 do Regulamento do 1924). En todos eles era fundamental unha boa biblioteca, nutrida con fondos bibliográficos españois (sempre había obras de Blasco Ibañez e Pérez Galdós, tamén diccionarios), cubanos (de xeografía e historia) e galegos (p.ex. o Álbum Nós, as obras de Rosalía de Castro e de Curros Enríquez). Como pode deducirse da denominación da sociedade do Seixo que cito atrás e de que nunha estadía de "cubanos" en Maniños crearan no 1925 a *"Sociedad de amigos de los árboles"* co fin de *"proteger la flora y la vegetación"* (sic), outro anceio colectivo era a preocupación pola riqueza agraria e forestal, na mesma angueira na que estaban os convocantes das "Fiestas del Árbol" celebradas dende o ano 1912 en diante con plantacións conxuntas por man dos alumnos das escolas das sociedades de instrucción e das públicas. Este aspecto empata coa militancia de moitos retornados en sociedades e sindicatos agrarios (senón eran eles quen pulaban pola súa constitución ou transformación), como comprobamos -por exemplo- nas protestas de varias destas asociacións contra o arancel sobre o millo no ano 1914 e na organización de conferencias (p. ex. de Martínez Pérez, Xaime Quintanilla, Rodrigo Sanz, Rof Codina, Villar Ponte,...) sobre o anarquismo, a mecanización da agricultura, a hixiene, o saneamento do gando, o rexionalismo, etcétera. Estas sociedades contenderon técnica e ideoloxicamente coa "Federación Católica Agrária" que artellou despois do 1918 Constantino Amado en Pontedeume.

O seguimento da acción sindical e política dos retornados é máis complexo nunha comarca na que había un forte activismo neste terreo e que estaba tanto influída polas organizacións ferroláns (foran estas "de clase" ou non) como polo societarismo agrarista e solidario coruñés-betanceiro-eumés.

En traballos anteriores e na recolleita de materiais para un outro estudio no que agora me ocupo, sorprendeume o elevado número de asociacións criadas nesta zona dende finais do século XIX, e que se manteñen activas ou alomenos na memoria veciñal. Excluídas as estrictamente partidarias, as educativas, as recreativas, e as moitas que abrochan na xeira da IIª República, fago a relación cronolóxica até o ano 1923 da maioría desas entidades, que non ouso definir estrictamente como "de clase" pero que na súa práctica estaban inclinadas cara a unha definición política e/ou sindical canto menos de signo progresista. Citei máis atrás algunhas persoas e detéñome máis abaixo noutros persoeiros que desenvolveron un papel protagonista en organizacións viradas cara a esquerda, pero, podendo ser só casos senlleiros, coidei metodoloxicamente oportuno revisar documentos e nóminas de dirixentes e afiliados a unhas e outras sociedades (recreativas, de instrucción, agrarias, mutualistas, etc.) e ás listas proclamadas nas eleccións, confirmando o posicionamento desas entidades, e moitos casos de dupla e triple adscrición e/ou militancia. Na relación vai anotado se na súa fundación ou dirección había retornados. A fin de contas (Fernández Prieto, 1992) *"a actividade societaria foi tamén unha gran baza electoral"* e (Núñez Seixas, 1994) non podemos *"esquecer o influxo que os retornados exerceron na formación das sociedades obreiras e sindicatos en Galicia dende comezos do século XX"*.

SOCIEDADES (1899-1922)

Ano creación	Entidades	retornados nela
1896	*"Sociedad de Agricultores"* de Cervás (Ares)	si
1903	*"Sociedad agrícola y ganadera"* de San Xoán (Mugardos)	si
1906	*"La Previsora"* de Nogueirosa (Pontedeume)	--
1906	*"Sociedad ganadera"* de Castro (Miño)	--
1906	*"Sociedad Agraria"* de Irixoa	--
1907	*"Sociedad agricola La Necesaria"* (Fene)	si
1907	*"La Honradez agricola"* (Fene)	si
1907	*"Sociedad de Agricultores"* de Monfero	si
1907	*"Sociedad de Agricultores"* de Vilarmaior	--
1908	*"Sociedad de Agricultores"* de Goente (A Capela)	--
1908	*"Sociedad de agricultores La Concordia"* (Cabanas)	si
1908	*"Sociedad de oficios rurales"* de Neda	si
1909	*Sociedad Agrícola Nª. Sª. de las Nieves* (A Capela)	si
1909	*"Sociedad de agricultores La Protección"* de Lubre (Ares)	si
1909	*"Sociedad de Agricultores"* de Meá (Mugardos)	si
1909	*"Sociedad de agricultores"* de Seselle (Ares)	--
1910	*"La Defensa del agricultor"* (Mugardos)	si
1912	*"Sociedad agrícola La Fraternidad"* de Redes (Ares)	si
1912	*"Cooperativa de consumo"* de S. Xoan de Piñeiro	si
1912	*"Sociedad La Fraternal"* (Pontedeume)	--
1913	*"Sociedad de Socorros Mutuos de Labradores y Marineros"* (Mugardos)	si
1913	*"Unión de Labradores"* de Limodre (Fene)	si
1913	*"Centro Obrero de Cultura"* O Seixo (Mugardos)	--
1914	"Sindicato de Marineros y Pescadores" (Pontedeume)	--
1917	*"Sindicato de labradores y otros oficios"* (Cabanas)	si
1918	*"Sociedad de Peones y oficios vários"* (Fene)	si
1920	*"Sindicato de Trabajadores"* (Pontedeume)	si
1922	*"Unión Campesina"* de Andrade (Pontedeume)	si

Deteñámonos en certos aspectos significativos dalgunhas entidades das que puiden recoller máis información, permitíndome confirmar unha adscrición ideolóxica dende datas moi temperás: No 1910 once das sociedades agrarias citadas conformaron a *"Federación Agricola de Ferrol y Puentedeume"*, con sede na sociedade *"La Necesaria"* de Fene, e como xa deixamos escrito os alcaldes de Ares (Bugallo e Villar) e de Mugardos (Picallo e Gelpi), entre outros elixidos nos anos 1909, 1912 e 1914 fórono en candidaturas artelladas -recollo da prensa do tempo- *"desde Puentedeume por los agrarios de Solidaridad"*. Foran emigrantes en Cuba os creadores da

"Cooperativa de Consumo" de San Xoán de Piñeiro e de *"La Defensa"* de Mugardos, que se manifestaron socialistas no ano 1912, ingresando na UGT a pouco; as sociedades de Lubre, Redes e Limodre celebraron cun mitin o Iº de maio do 1912 (ano, por certo, no que remataron o pago das máquinas de mallar que recibiran no 1910) aproximándose á UGT; integráronse na CNT a *"Sociedad de Socorros Mútuos"* de Mugardos e o *"Sindicato de Marineros"* de Pontedeume no ano 1914; no 1919 achégase á UGT o *"Sindicato de Labradores"* de Cabanas; ...

Despois do paréntese da "dictablanda", cando coa Segunda República puideron manifestarse abertamente as definicións políticas e/ou sindicais, produciuse unha eclosión asociativa dentro do espectro xenérico *"das esquerdas"* (sic), tema que non é este o lugar para desenvolver polo miúdo. Nos cinco anos de República saíron á luz -sempre deixando a cidade de Ferrol á marxe- agrupacións das JSU, das JJLL, do PSOE, de ORGA-PRG-IR e do PR en tódolos concellos da área, de UR en Fene, Mugardos e Pontedeume, do PR-S en Ares, Fene e Pontedeume, do PG en Ares, Fene, Pontedeume e na *"Irmandade Galeguista"* de Franza (Mugardos), do PC en Fene, Miño e Mugardos, naceu en Mugardos o *"Ateneo Libertario Naturaleza Consciente"*,... Teño confirmado como nesa forte politización (manifestada aínda con mías forza a través da actuacións no eido sindical) tiveron papel protagonista -con outros- os retornados Benito Feijoo (alcalde de Ares pola FP no 1936, socialista), Eugenio Rey (alcalde de Mugardos no 1931, socialista), Manuel Fontán (alcalde de Mugardos despois de Outubro do 1934, do PR), Juan Prieto Balsa (alcalde de Mugardos no 1936, comunista), Álvaro Fuentes Antón (Alcalde de Cabanas pola FP no 1936), como retornados eran o concelleiro de Ares Francisco Bello Casteleiro e os de Mugardos Antonio Eytor Canizo, Ciriaco Pereira, Roldós, Domingo Picallo (quen dimitiu por manter a nacionalidade cubana); Argemiro López e Gregorio Torrente de Cabanas; Eugenio Casal e Leopoldo Castiñeira de Fene; e etcétera por non cansar. A preocupación pola emigración destas corporacións locais ficou patente na petición que fixo ao goberno o Concello mugardés en Maio do 1931 para *"Solucionar el paro obrero, aumentado por la reducción de la siempre negativa emigración, más ahora cuando regresan muchos expulsados de Cuba"*, ou a de Cabanas, manifestándose en novembro do ano 1931 a prol da autonomía galega, considerando que *"Con el estatuto Galicia no mandará a la emigración ninguno más de sus ciudadanos"*.

Tanto ou máis significativa foi a actuación directamente sociopolítica que quedou insinuada máis atrás, como vemos, por exemplo, na conversión da *"Unión Campesina de Andrade"* (Pontedeume) en *"Juventud Republicana de Agricultores de Andrade"* no ano 1933 por man do retornado Abeledo ou na ampliación dos nomes das entidades co engadido de *"Sindicato de Trabajadores ... UGT"* ou *"CNT"*, esta segunda especialmente entre os traballadores do mar de Ares, Mugardos ou Pontedeume. Noutros casos os retornados fixeron moito polo nacemento de partidos, seccións sindicais e novas sociedades coa denominación *"de oficios varios"*, *"de edificación"*, *"sindicato único"*, etc., creadas para *"propagar ideas'; "defender los intereses de clase"*, *"luchar por la igualdade social"*, activísimas en toda a xeira republicana. Había antigos emigrantes en toda esta ricaz creatividade sociopolítica, pero estudiala é obxecto doutro traballo.

7. "AQUELA GUERRA NOSA"

Non vou desenvolver os sucesos de Xullo do 1936 en diante, pois a eles dediquei outros estudios e vai habendo en Galicia publicacións asisadas (e outras que nono son tanto) sobre aquel drama colectivo, pero sendo obvio que quen plantou cara aos sublevados foron as organizacións e corporacións da Fronte Popular, esta comarca sufriu unha fortísima represión a mans dos sublevados victoriosos. Como non corresponde narrar toda canta resistencia houbo, coido abonda co exemplo seguinte: na estrada que dende Mugardos vai cara a Pontedeume, no lugar da Fraga, onde se xuntan os concellos de Ares, Fene e Limodre, instalaron unha barricada o 18 de Xullo do 1936, outra na estrada de Laraxe no concello de Cabanas, outra máis en Rilo, fronteira entre Ares e Mugardos, etcétera; preguntando no curso das miñas investigacións quen tiveran a idea, quen estivera vixiando neses puntos até a chegada do exercito e quen as defendera, nas respostas tódolos informantes incluían *"cubanos"* entre os resistentes.

Co triunfo dos sublevados foi asasinada moita xente en Ferrolterra, cifras que para a área obxecto deste estudio -e por razón doutro no que traballo- estou aínda a completar cun certo arrepío, pois o elevado dos números estremece. Non inclúo ningunha lista, pero fago constar que entre as víctimas caeron case que tódolos "cubanos" que citei máis atrás como compoñentes das corporacións municipais republicanas, con eles outros moitos retornados, responsábeis das sociedades de instrucción e dos sindicatos ou sinxelos militantes ou simpatizantes *"das esquerdas"*; outros libraron mercé á súa nacionalidade cubana. Varios retornados acomodados, dos que algún fora designado polas novas autoridades para as comisións xestoras nomeadas canda triunfou a sublevación, prestaron testemuña favorable aos acusados nos consellos de guerra aos que estes foran sometidos, e algúns foron sancionados economicamente por esa defensa e polos seus antecedentes progresistas; aínda máis, entre os represores directos so atopei tres antigos emigrantes, un en Mugardos, outro en Cababas e o terceiro en Pontedeume. Outro aspecto menos dramático pero moi significativo, pois da boa conta do posicionamento duns e outros diante da educación e a cultura, témolo en que, como dixemos, os bárbaros da *Falange* fixeron lumieiras cos libros das bibliotecas das sociedades de instrucción (p.ex. en Limodre e Redes), e en que varios dos locais escolares foran convertidos en acuartelamentos (Cabanas) e outros, como o de Franza-O Seixo, cedidos para usos relixiosos.

Finalmente, sabendo que na outra banda do mar houbo grande mobilización na defensa da República, esta cuestión transcende cronoloxicamente a esta entrega. Vou referirme a penas ao A. P. de Redes (Ares), ao L. R. de Sillobre (Fene) e ao A. S. do Seixo (Mugardos), que con outros vintecinco máis desta parte do mundo viñeron dende Cuba para pelexar no bando republicano en favor da democracia e das liberdades.

BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA E FONTES

CAXIAO, P. e MÁIZ VÁZQUEZ, B..- "Unha ollada darredor do 98". Ateneo Ferrolán. Ed. Concello de Ferrol, 1998.

CABO VILLAVERDE.- *O Agrarismo*. Edicións A Nosa Terra, 1998.

CUBILLAS, Clemente.- Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol. Ed. COAG, 1984.

CASTRO, X. e PEÑA, V..- "Galicia-América". Consello da Cultura Galega. Santiago, 1991.

DURÁN, J.A.- *Agrarismo y movilización campesina enel país gallego*. Ed. Siglo XXI, 1977.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo.- *Labregos con ciencia*. Ed. Xerais, 1992.

LE RIVEREND, Julio.- *Historia económica de Cuba*. Instituto Cubano del Libro.1967.

LLORCA FREIRE, Guillermo.-*Ferroláns en Cuba*. Ed. Embora, 1997.

MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo.- *Galicia na IIª República e baixo o franquismo*, Ed. Xerais, 1988. "Nautilus", Ed.Xerais, 1994. *"Ares e Mugardos no Periódico La Democracia"*, *Ferrol Análisis*, nº 13, 1998. *"Bandos e política en Pontedeume na IIª República"*. *Cátedra, Revista de Estudios Eumeses*, nº 7, ano 2.000. *As embarcacións de pasaxe das rías gale - gas*. Ed. Xerais, 2.000.

NARANJO OROVIO, Consuelo.- *Del campo a la bodega*... Ed. Do Castro, 1988.

NEIRA VILAS, Xosé.- *A prensa galega en Cuba.* Ed. Do Castro, 1985.

NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M..- "¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas?". *Anuario brigantino*, nº 17, 1994. *Emigrantes, caciques e indianos.* Ed. Xerais, 1998.

PEÑA SAAVEDRA,V...- *Exodo, organización comunitaria e intervención escolar*... Xunta de Galicia, 1991. "As escolas de americanos...." *Cátedra, Revista de Estudios Eumeses*, nº 7, ano 2000.

PEREIRA, Dionisio.- art. en *"A terra prometida".* ANT, caderno nº 13, 1992.

VELASCO SOUTO, Carlos.- *Galicia na IIª República.* Ed. ANT, ano 2.000.

ARQUIVOS MUNICIPAIS de Ares, Cabanas, Fene, Monfero, Mugardos, Pontedeume: actas plenos; seccións educación, quintas, sociedades.

ARQUIVO REINO DE GALICIA: Fondo Goberno Civil, sociedades.

COLECCIONES PARTICULARES Bayo1o, Casteleiro, Díaz, Seijas, Varela, Vázquez.

A ASOCIACIÓN REGIONALISTA DE GALICIA EN PONTEDEUME

Sindo Vilariño

AS CARTAS DE GALO SALINAS A MANUEL MURGUIA

A Real Academia Galega fixonos chegar á Redacción de CÁTEDRA, as copias de catro cartas que Galo Salinas envioulle dende Pontedeume a Manuel Murguía en Santiago, nas que lle da conta da creación na nosa vila, o 14 de xuño de 1891, da Asociación Regionalista de Galicia en Pontedeume, adxuntandolle tamén a Acta de Constitución da mesma.

Das cartas tivemos coñecemento por medio do eumés Pepe Barro, que a súa vez foi informado da existencia e importancia dos documentos, polo profesor Xosé Luis Axeitos, un dos editores da correspondencia de Manuel Murguia.

As cartas e a Acta están datadas nos meses de xuño e xullo do 1891, e además de reflectir a primeira tentativa de organización política do galeguismo, a sua lectura amosanos a admiración e reverencia que Galo Salinas profesa ó lider indiscutible do movemento rexionalista galego, Manuel Murguía, chamandonos a atención, a indefinición, secretismo e mesmo ocultación dos fins e obxectivos da Asociación que tenta manter Gago Salinas, de cara os socios cos que ponse en marcha a entidade.

A ASOCIACIÓN REGIONALISTA DE GALICIA

Coa constitución en Santiago, en novembro do 1890, da Asociación Regionalista Gallega, comenzaba segundo Ramón Maiz, o vieiro político do movemento rexional. Nacía a **primeira organización política autóctona da historia do galeguismo**, máis como movemento cultural e político que con vocación de partido, e mantendo certa indefinición tanto no programa como na estratexia rexionalista. Constituiase en Santiago o Comité Central Regionalista, presidido por Manuel Murguía, e no que figuraban tamén Alfredo Brañas, que viña de públicar en 1889, o libro El Regionalismo, Cabeza de León, José Tarrio, Barcia Caballero, e outros. O rexionalismo critíca a postración de Galicia, o caciquismo e outros males do centralismo, defende a existencia da nacionalidade galega, a historia e fala propia e a necesidade de autonomía rexional.

A finais de 1890 e comenzos de 1891, constituense os comités locais da Asociación en Lugo, A Coruña, Ourense, Pontevedra e Tui.

En Pontedeume, como aquí deixamos constancia, celebrase a asamblea de constitución o 14 de xuño de 1891, na que participan sesenta socios, elexindose unha directiva presidida por Galo Salinas e na que figuran comerciantes, rentistas ou profesionais liberais, como Eduardo Varela, Ramón Irijoa, Manuel Salgado, Estanislao Lamas, Ildefonso B. López, Francisco Allegue e Nicolás Villanueva. Non deixa de ser curioso que no trancurso da mesma, Galo Salinas se vexa na obriga de retar a "un duelo" ó fillo dun notario da vila que tenta reventar a reunión.

Contará este movemento, cunha publicación , LA PATRIA GALLEGA (1891-92), dirixida por Murguia, formando parte do Consello de Redacción Alfredo Brañas, que será encargado do primeiro editorial, no que expón un programa xeral do Rexionalismo galego, falando abertamente de Galicia como nacionalidade.

A actividade política desta Asociación é moi escasa: algunhas candidaturas municipais, como en Santiago, que leva ó Concello a Cabeza de León e Tarrío, abundando os actos propagandístico-culturais como os Xogos Frorais de Tui, nos que Murguia pronuncia o seu primeiro discurso público en galego.

A finais do 91, paralizanse as actividades da Asociación, polas tensións entre o sector católico-tradicionalista liderado por Brañas, e o sector liberal representado por Murguia, e ainda que no 92 se reproduce algunha actividade, nos primeiros meses do 93 producese a inactividade total motivada polas fortes diverxencias ideolóxicas internas. Será un feito externo , a creación da *"Junta de Defensa"*, para tratar de impedir que se traslade a Capitanía Xeral da Coruña, para á cidade de León, o que permitirá que os rexionalistas saian da súa inactividade, convertindo este feito nunha afrenta a Galicia, e trasladando a protesta por todo o pais, creando Juntas de Defensa en moitas cidades e vilas galegas, entre as que se cita a Pontedeume.

En 1894 Murguia tras ser-lle incoado expediente polo seu apoio á *"Junta de Defensa"* é trasladado á Coruña como arquiveiro abandonando toda actividade pública, e esmorece temporalmente a actividade do rexionalismo.

GALO SALINAS Y RODRÍGUEZ (1852-1926)

Dramaturgo e poeta galego, periodista e comprometido co rexurdimento socio-político de Galicia, a través do movemento rexionalista primeiro e logo cos primeiros nacionalistas. Fundou e dirixiu a *"Revista Gallega"* (1895-1907), voceiro oficioso do galeguismo, e dende 1897, órgano da Liga Gallega da Coruña.

Consello de redacción da *Revista Gallega* (1895-1907), voceiro dos rexionalistas liberais coruñeses de «A Cova Céltica», no seu domicilio social, a «Librería regional» na Rúa Real, 30.
De esquerda a dereita: Florencio Vaamonde Lores, Galo Salinas, Francisco Tettamancy Gastón, Eugenio Carré Aldao e Eladio Rodríguez González

Consello de redacción da Revista Gallega (1895-1907), voceiro dos rexionalistas liberáis coruñe - ses de "A Cova Céltica", no seu domicilio social, a "Librería regional", na Rúa Real, 30.

De esquerda a direita: Florencio Vaamonde Lores, Galo Salinas, Francisco Tettamancy Gastón, Eugenio Carré Aldao e Eladio Rodríguez González.

Foto sacada do libro de Ramón Máiz, *O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1986-1907).*

Natural da Coruña, viveu en Pontedeume dende 1886 ata 1892, onde rexentou unha escola de ensinanza primaria. Colaborou co primeiro semanario que se edita en Pontedeume, El Eume (1890), no que tamén escriben outros coñecidos rexionalistas como o eumés Valeriano Villanueva, ou Aureliano J. Pereira, Ricardo Caruncho e Salvador Golpe.

Na nosa vila, escribe Galo Salinas unha das primeiras obras dramáticas na nosa lingua, "A Torre de Peito Burdelo", drama histórico (primeiro publicado en galego) que se imprimiría en 1891 na Coruña, cunha carta-prólogo do Marqués de Figueroa, diputado conservador durante moitos anos por Pontedeume .

Así mesmo, segundo afirma o P. Gumersindo Placer, en *"Crónicas de mi rincón natal"* (1977), ademáis da obra anterior, pode que tamén fose escrita en Pontedeume, a sua obra teatral. "¡Filla !", na que o argumento desenvolvese en Xubia. Esta afirmación do P. Placer, poidemola contrastar, nun artigo escrito por Galo Salinas para o número extraordinario das festas do 8 de setembro de 1910, no semanario *"Ecos del Eume"*, baixo o titulo de *"Recuerdos"*, no que logo de evocar os seis anos que viveu na nosa vila (1886-1892), escribe o seguinte: *"... aquí entre estos setos de mirto, di cima a las últimas escenas de dos obras dramáticas escritas en el lenguaje gallego, que es todo él armónica poesía..."*. Continua máis adiante , *"...aquí compuse las estrofas de una trágica leyenda que glosó un eminente purpurado y tradujo al habla de Cataluña un juriconsulto y político que ocupó el más elevado sitial de la magistratura nacional..."*. Neste último parágrafo pode que se refira a súa obra en verso ¡Lenda de horrore!.

Para celebrar a constitución da Asociación Regionalista de Galicia en Pontedeume, Galo Salinas organiza na nosa vila, unha velada literaria, que celebrase a comenzos de agosto de 1891,

e entre os diversos escritos recibidos para ser leidos no acto, o P. Gumersindo Placer salienta a lectura da poesía *"Profecía del Eume"*, enviada dende a Coruña polo escritor Antonio de la Iglesia.

A finais do 1892 deixa Pontedeume, e trasladase Galo Salinas a A Coruña, onde dedicarase o periodismo, fundando e dirixindo a *Revista Gallega*, *"Semanario de Literatura e intereses regionales"*, e continuara o seu traballo a prol da cultura galega e do movemento rexionalista.

Reproducción da carta enviada o 15 de xuño de 1891 ó Presidente da Asociación Regionalista de Santiago, D. Manuel Murguía, dandolle conta da constitución da Asociación Regionalista de Galicia en Pontedeume.

La Asociación Regionalista de Galicia en Puentedeume, tiene el honor de comunicar a V. haberse constituido en esta Villa con fecha 14 del corriente adjuntándole el acta de su primera sesión que le ruega ponga en conocimiento de la "Asociación Regionalista" que V. dignamente preside.

Con este motivo ofrece a esa entusiasta "Asociación" la expresión de su simpatía simbolizada en estas frases ¡ Viva Galicia !.

Dios guarde a V. muchos años - Puentedeume 15 junio 1891.

Por A. de la J. D.
El Presidente *El Secretario*
Galo Salinas y Rodriguez *Ildefonso López*

Sr. Presidente de la "Asociación Regionalista" de Santiago

Acta de la Sesión constitutiva de la "Asociación Regionalista de Galicia en Puentedeume.



Acta de la Sesión constitutiva de la "Asociación Regionalista de Galicia en Puentedeume"

En la villa de Puentedeume a [illegible] días del mes de junio del año de mil ochocientos noventa y [illegible] reunidas numerosas y caracterizadas personas de esta localidad atendiendo a la convocatoria que les dirigió D. Gabriel Limeses y Villamor y dentro de la consignada de diferencia tan acordado é inminente

1º Propuso la idea inicial que el Sr. Gabriel Limeses de la creación en esta villa de una Asociación Regionalista y acordada en absoluto

2º Que la Asociación se rija por los Estatutos de la Asociación de la [illegible] en todas sus partes [illegible]

3º Que se hagan cuantas gestiones se consideren necesarias para el progreso de la Asociación cuyo cuidado se recomienda á la junta directiva

Procediose en seguida al nombramiento



Reproducción da carta enviada o 17 de xuño do 1891.

Puentedeume 17 de junio de 1891

Sr. D. Manuel Murguía
Santiago

Muy estimado amigo y eminente correligionario:

*Acabo de recibir la atenta comunicación de ese **"Comité Central"**, invitando a esta Asociación Regionalista para que nombre un representante en los **"Juegos Florales"** que se celebrarán en la Ciudad de Tuy el día 24 de los corrientes.*

Esta "Asociación" se honrará muy mucho en tener en aquella solemnidad digna representación; pero no pudiendo asistir ningún individuo de aquí, ruega a V. por mi conducto, se digne contestar a vuelta de correo si quiere V. concedernos el honor de representarnos, o bien indicarnos la persona que deba hacernos tan señalado obsequio, a fin de que inmediatamente se le pueda dirigir comunicación confiriéndole la representación nuestra.

No pudiendo favorecernos V. personalmente aceptando la comisión, creo que cualquiera de los Señores Brañas, Cabeza, Tarrío u otro no tendrán inconveniente en recibirse de este encargo por el que sea a quien fuere por mi y por mis consocios les tributo las mas expresivas gracias.

Por el correo de mañana remitiré copia del acta constitutiva de la "Asociación Regionalista" local y el no haber efectuado más antes el envio, fué a causa de que aun el domingo nos hemos constituido definitivamente, contando por ahora con sesenta socios de fé .

Mucho he luchado Sr. Murguía para conseguir el apetecido triunfo, tanto que hasta hube de aceptar un desafío con un joven abogado que tomando el asunto a chirigota se permitió en plena

sesión dirigir insolencias a la Junta denigrando al Regionalismo; el duelo no se efectuó por haberlo divulgado mi contrario cubriéndose de ridículo, y como es bien se conozca el nombre del que será expulsado en la próxima sesión, diré a V., -pues debe conocerlo -, se llama Rafael Pérez Torrado, hijo de Rafael Pérez Santamarina abogado y notario en esta villa y ambos naci - dos...¡en Santiago!.

Pero en fin, el lance me proporcionó aumento de simpatías y proselitos a la ***gran idea****.*

Encarezco a V. una pronta respuesta para tener tiempo hábil de remitir la autorización a nuestro representante, pudiendo V. nombrarlo particularmente, pues desde ya acatamos su decisión.

Esta "Asociación" saluda a ese "Comité" y yo particular - mente a esos entusiastas amigos, repitiéndome de V, su más atº y affº amigo cuan modesto correligionario y S.S.

q. l. b. l. m.

Galo Salinas y Rodriguez

Algunos suscriptores a la "Patria" dejan de recibir números del citado periódico y me reclaman lo que no puedo darles.

Anteayer escribí mandando en sellos (1 Pts.), de un nuevo suscriptor: D.Eduardo Varela.

Reproducción da carta enviada o 18 de xuño do 1891

Puentedeume 18 de junio de 1891

Sr. D. Manuel Murguia
Santiago

Muy respetable Sr. y amigo:

Ayer he tenido el gusto de escribir a V.

O reloxo de sol está por tres das súas catro caras, marcando deste xeito as horas da mañá, as do mediodía e as da tarde. Na parte superior ten unha canle que lle permite chegar os raios do Sol e marcar as horas do mediodía, cando o Sol está baixo aínda (primavera).

Debía ter tres gnomons, dous semellantes e un diferente; só lle quedan dous: o da fronte e o da esquerda segundo se mira. Nas caras laterais os gnomons eran iguais e de forma rectangular (só queda un). As horas están marcadas paralelamente e de xeito oblicuo á base (marcando as da tarde). Na cara frontal, con gnomon diferente e case triangular, as marcas das horas saen todas do mesmo punto superior.

A súa situación debe ser a orixinal e primitiva, formando un fermoso conxunto coa casa, xa que esta ten boa cantería nas fiestras, portas e esquinas. Na parte traseira tamén conta cunha columna.

Este reloxo, en dimensións, é o máis grande dos que atopei ata agora no noso concello. E no seu corpo prismático e feitura é semellante (aínda que máis grande) ao número 2 de Marraxón de Arriba..

Atópase moi ben conservado, se cadra, por mor da súa situación, xa que está no bico dunha esquina a altura do tellado. Descoñezo a súa data de construcción, pois non é visible.

Reloxo de San Pedro de Eume.

PEDRAFITA

No lugar da Pedrafita atopamos un reloxo de sol de feitura cadrada, similar ao da igrexa parroquial de Santa María das Pontes e, así mesmo, similar ao primeiro dos citados en Marraxón de Arriba.

É un reloxo dos de tipo cadrado e vertical. Non ten data visible de feitura. O gnomon é de ferro e triangular, aínda que non de todo pois ten unha pequena prolongación rectangular no seu vértice. Moi seguro que non é o gnomon orixinal, xa que non proxecta unha sombra correcta sobre as marcas das horas (como se pode comprobar nas fotografías), a sombra é moi grosa e case non permite precisar a hora.

A pedra semella ser de gran e está situado na parte alta da esquina sur da casa Nº 7 da Pedrafita.

Ollándoo de fronte presenta na parte esquerda e de arriba a baixo os números arábigos 6, 7, 8 e 9. Na parte inferior e tamén de esquerda á dereita os números 10, 11, 12, 1 e 2. E na parte dereita e de abaixo a arriba os números 3, 4, 5 e 6. Presentando por medio de raias as separacións das horas, cuartos e medias.

Reloxo da Pedrafita.



FAEIRA

Teño referencias da existencia dun reloxo de sol na parroquia da Faeira pola familia que o ten, mais polo momento non o teño estudiado. Nembargantes quero deixar constancia da súa existencia.

RITUALIDADE FESTIVA E PROCESO SOCIAL. A ROMARÍA DE SAN RAMÓN DE SILLOBRE

Xabier Rodríguez Varela

INTRODUCCIÓN:

Xa é unha perspectiva clásica entender as festas e os ciclos festivos como marcadores e creadores de tempos sociais[1], *"creamos o tempo ao crear intervalos na vida social. Antes disto non hai tempo que poida ser medido"*. Pero ademais de creadoras e reguladoras do tempo, as festas tamen son un *"exercicio de memoria colectiva"*[2] pois é a través delas que se conmemoran habitualmente gran parte dos acontecementos ou efemérides que se considera que son especialmente relevantes na vida das personas e das comunidades. Un terceiro aspecto que nos interesa destacar neste momento é que as festas son *"escenarios ideais nos que cada sociedade proxecta os seus valores, pautas, actitudes e patróns de conducta estereotipados e ritualizados"*[3], en definitiva unha particular cosmovisión ou concepción do mundo.

A festa no sentido en que aquí a imos analizar entendémola como unha *"actividade e práctica simbólica que é per se e en esencia unha acción ritual"*[4], polo tanto atopámonos diante dunha dimensión da existencia cultural. É neste sentido que falamos de que o obxecto de estudio deste traballo son os rituais festivos. Dentro das festas existe unha particular realización que son as romarías. Nelas un dos aspectos esenciais do que se fai nunha romaría é reverenciar, nun lugar específico e nun momento temporal determinado, unha imaxe, unha reliquia, etc. á que se lle adxudica determinadas facultades curativas ou favorecedoras con respecto a algunha enfermidade ou necesidade. As peticións e rogativas coas que se acode a un santo milagreiro no día da súa romaría están relacionadas precisamente coa curación ou protección fronte a algún tipo de enfermidade, contratempo, perigo ou desgracia vital relacionado tanto con personas coma con animais ou incluso con adversidades nas actividades productivas como poida ser por exemplo nas colleitas.

Nas romarías o protagonismo social radica nos romeiros que acoden dende lugares distantes do centro sagrado onde está o obxecto da súa devoción ou para a súa petición de axuda. Para

1. Leach, Edmund. *Replanteamiento de la antropología*. p. 209.
2. Velasco, Honorio. (ed) *Tiempo de Fiesta* p.10.
3. Prat, Joan. "Aspectos simbólicos de las fiestas" en Velasco, H. *Tiempo de fiesta.* p 163.
4. Ariño Villarroya, A. *La ciudad ritual. La fiesta de las fallas.* p.11.

os romeiros o camiño que realizan é en si penitencia, sacrificio co que purificarse[5] antes de entrar en contacto co poder sagrado: *"Facer o camiño é, precisamente, o acto penitencial propio das romaxes"*. Esta penitencia purificadora que o romeiro realiza encontra formas de incrementarse se lle son engadidas outras accións de mortificación como camiñar descalzo, de xeonllos, etc. Xunto a isto atopamos todo o esquema relixioso da romaría no que se inclúen as misas pagadas, a asistencia á misa maior, participar na procesión, realizar ofrendas ao santo, etc.

Imbricado nesa vertente relixiosa xeralmente aparece outra vertente de carácter profano: a comensalidade, o baile, a música e a diversión, que en moitos casos é entendida como o que máis propiamente é a festa, aínda que como xa temos dito as dúas facetas, relixiosa e profana, reclámanse mutuamente na celebración romeira.

A romaría celébrase nun espacio, nunha paisaxe, nun sitio concreto e particularizado. Pero ese espacio esta configurado non só materialmente, fisicamente, senón sobre todo, e esencialmente, pola cultura a través dun longo proceso histórico de adaptacións, usos e interpretacións. De tal xeito que ese espacio no que *"perviven reestructurados diferentes segmentos culturais de épocas pretéritas"*[6] é herdado material e culturalmente polas xeracións actuais.

Pero a peculiaridade da romaría, diante doutro tipo de festa local, radica en que ao mesmo tempo que está referida a un espacio concreto opera como un referente dunha zona espacial máis ampla. Os romeiros acoden dende lugares moi distantes participando, xunto cos veciños da parroquia, *"nunha comunidade de crenzas e valores, que está por encima dos intereses particulares e das diferencias locais"*[7]. Se queremos chegar á comprensión da celebración romeira temos que acceder non só ás formas e á materialidade senón tamén a toda a realidade social e cultural na que está cimentada e da que adquire o seu propio sentido. E esa realidade social e cultural, ademais de ser en todo momento plural e heteroxénea, ten cambiado significativamente ao longo do tempo.

Son frecuentes as opinións de que os cambios acontecidos nas sociedades contemporáneas, fundamentalmente o proceso de modernización nos países denominados occidentais, foron factores determinantes da decadencia das tradicións rituais festivas. Neste sentido estaría a referencia habitual á implantación de novos modos de traballo, de carácter industrial, con horarios laborais baseados no traballo semanal, con descanso na fin de semana, así como a concentración do período de descanso vacacional nos meses do verán; o cambio nas pautas de natalidade co progresivo avellentamento da poboación e ausencia de relevo xeracional; a concentración de poboación nas costas e o conseguinte abandono das áreas de montaña e rurais; a emigración permanente cara ás cidades; a perda de vixencia de valores relixiosos nunhas sociedades cada vez máis materialistas,

5. Mariño Ferro, X.R. *Antropoloxía de Galicia*. pp. 491-492.

6. Fernández de Rota, J.A. *Antropología de un viejo paisaje gallego*. p. 256.

7. VV.AA. *Rituales y proceso social.* p. 68.

etc. Todos estes son argumentos esgrimidos cando se fala das celebracións festivas e as transformacións ás que se ven sometidas nos recentes decenios.

No ano 1.992 Boissevain publicou como editor o libro *Revitalizing European Rituals*[8], no que se debatía amplamente sobre este tema falándose dunha *"desritualización"* de Europa: os novos xeitos de vida e os novos xeitos de pensar facían que os rituais se viran como absurdos e irrelevantes. Pero aínda así foron moitos os que continuaron subsistindo máis ou menos cos mesmos significados e formas. A tese de Boissevain era que dende os anos 70 a actividade ritual en Europa experimentou un inesperado incremento despois dun profundo proceso desritualizador anterior. Esta *"revitalización"* ritual para Boissevain presentaría duas formas básicas: o rexurdimento ou restauración de antigas celebracións festivas, nun proceso de *"retradicionalización"*, ou ben a creación doutras novas, nun proceso de invención.

Esa interesante formulación de Boissevain achega aspectos moi significativos e útiles como a discriminación de diferentes estratexias á hora de revitalizar os rituais festivos. Sen embargo se lle ten criticado que aventurar unha hipótese explicativa que poida dar conta do que ten acontecido no conxunto de Europa é algo máis problemático. As secuencias temporais non son equiparables en todos os territorios. Nos anos 70 durante os que se inicia a *"revitalización"* dos rituais, en Galicia, en España, e en moitas zonas do sur europeo estase a dar precisamente o proceso contrario[9]. Así mesmo, a presencia dos mesmos factores que se propoñen como máis determinantes do proceso de transformación non sempre conducen ao mesmo resultado alí onde aparecen.

O noso obxectivo aquí é presentar a etnografía que nos permita ver qué foi o que sucedeu nun caso concreto de ritualidade festiva desta Europa contemporánea, e máis concretamente en Galicia. E precisamente tentaremos facelo nun marco espacial no que as transformacións cara a unha *"modernización"* e unha incorporación a un modelo de economía industrial e capitalista, nun sistema de mercado cada vez máis globalizado, foi profundo e intenso ao longo de todo o século XX, particularmente na súa segunda metade. Nese espacio tamén se participou dos procesos de laicización que caracterizaron a gran parte da sociedade española nese período.

Todo cambio sociocultural ten a súa implicación en cambios na ritualidade. Unha das claves que están na base deste aspecto, tal como se afirma na obra *Rituales e proceso social*[10], radica no ámbito da tensión que existe entre un *"relevo de realidade"* e unha *"impresión de ficción"* que forman parte de toda experiencia ritual; radica pois nunha interacción entre a *"tensión sobre as regras"* e a *"tensión sobre a realidade"*, tensión que se manifesta fundamentalmente en dous aspectos:

8. Boissevain, Jeremy (ed).1.992. *Revitalizing European rituals.* Routledge. London.

9. Un exemplo no que se rebate directamente a tese de Boissevain e se amosan a súas limitacións heurísticas témolo en MacClancy, J. & Parkin, R. 1.997. "Revitalization or Continuity in European ritual? The case of San Bessu" en *The Journal of the Royal Anthropological Institute.* V.3.nº1. pp 62-78.

10. VV.AA. 1.991. *Rituales y proceso social. Estudio comparativo en cinco zonas españolas.* Ministerio de Cultura. Madrid.

1. O aspecto de formalidade, que se concreta na *"determinación dos espacios e dos tem - pos"* así como *"na configuración icónica dos símbolos ou na secuencia das accións"*.

2. O sentido de *"plasticidade, de intencionalidade, de creatividade, de dominio e apropia - ción das reglas que os actores poñen en xogo"*.

Esa tensionalidade existente entre realidade e ficción xustifica que, lonxe de considerar os rituais simplemente como secuencias de accións que deben ser reproducidas inflexiblemente, se contemplen, dende esta outra perspectiva, como lugares caracterizados pola polisemia e a condensación tal como formulou V. Turner[11]. Nos rituais van acumulándose co paso do tempo diversos significados adxudicados por distintos grupos de individuos. Esta perspectiva dos rituais ten a súa correlación *"cunha concepción da vida social ou da sociedade como un proceso, como unha com - plexa interacción de xentes que se caracterizan pola heteroxeneidade e a confrontación (negocia - ción), o que non nega que sexan interdependentes e partícipes dun mismo corpus de tradicións de xeito que están continuamente involucrados en tenteos e negociacións"*[12].

O caso que imos presentar aquí é unha romaría tradicional na parroquia de Sillobre no concello de Fene (A Coruña). O marco temporal no que nos imos centrar é fundamentalmente o século XX, tratando de describir as transformacións que se teñen producido nese período no ritual festivo do que nos ocupamos. Eliximos ese período porque nel tense producido na parroquia, no concello e na comarca na que nos centramos, o paso dunha situación de economía agraria a unha fundamentalmente industrial e *"moderna"*, acompañado de significativos cambios demográficos, así como de valores. Todo isto non se presenta dun xeito nidio e radical senón que terá que ser matizado ao longo da descrición e exposición etnográfica.

Comezaremos realizando unha descrición do contexto atendendo ás variables demográficas e económicas, aos recursos, ao traballo así como ás pautas de asentamento poboacional. O noso interese será sempre intentar capturar a heteroxeneidade dentro do conxunto, atendendo tanto ao comarcal e municipal, coma sobre todo ao parroquial. Esta última é unha unidade espacial de identificación que segue a ter un papel significativo fundamental aínda hoxe en día. De seguido introduciremos unha referencia ao xurdimento da advocación e da figura do santo arredor do que xira a romaría de Sillobre, para a continuación introducir a descrición do ciclo festivo na parroquia de Sillobre. Nun terceiro momento pasamos a nos centrar na romaría de San Ramón tratando de reflectir cal foi a dinámica de transformación dese ritual festivo no contexto da modernización. Centraremos o interese nos actores e nas súas percepcións do que ten sucedido tratando de pór de manifesto os diferentes significados e funcións en xogo.

11. Estos conceptos están elaborados en Victor Turner. 1.988. (1.969). *El proceso ritual. Estructura y antiestructura*. Taurus. Madrid.

12. VV.AA. *Rituales y proceso social.* p.13.

DEMOGRAFÍA E BASE ECONÓMICA

A parroquia de Sillobre atópase no concello de Fene, estando situado este na marxe esquerda da ría de Ferrol. O concello de Fene, pertence eclesiasticamente á diocese de Santiago, máis concretamente ao seu arciprestado de Bezoucos, está formado por un conxunto de oito parroquias: Santiago de Barallobre, San Salvador de Fene, Santa Eulalia de Limodre, San Xurxo de Magalofes, San Salvador de Maniños, San Estevo de Perlío, Santa Mariña de Sillobre e San Valentín. Esta última parroquia, San Valentín, foi creada a partir da de San Estevo de Perlío na segunda metade do século XX.

O espacio do concello de Fene caracterízase por presentar unha disposición graduada, que arrincando dos somontes da Serra do Forgoselo vai descendo ata o nivel do mar interior da ría ferrolá. As cotas de maior altitude atópanse nas áreas montañosas das parroquias de Sillobre e de Magalofes (no monte Marraxón que conta con 341 metros de altitude e no Coto das Nodias con 338 metros), e as cotas máis baixas loxicamente estan nas parroquias litorais: San Valentín, Perlío, Fene, Barallobre e Maniños.

Son numerosos os regatos e pequenos ríos que cruzan as terras fenesas, a carón dos que se atopan abundantes muiños e lavadoiros, sendo tamen moi abundantes as fontes, xeralmente vinculadas aos devanditos lavadoiros. Cabe destacar entre eses leitos de auga os casos do río Cádavo, o río Ba e moi significativamente o río Belelle que vai facendo de fronteira co concello veciño de Neda.

Esta particular disposición morfolóxica das terras do concello, e seguindo a análise efectuada por Ferrás Sexto[13], permítenos establecer trazos de singularización entre as parroquias que integran o municipio. Por unha banda pódese falar claramente dunha zona montañosa, que ten por tanto unha orografía máis articulada, que estaría situada a partir da curva de nivel dos 200 metros. Por outra banda teriamos unha área intermedia situada entre a curva de nivel dos 200 metros e a curva de nivel dos 100 metros, na que o trazo característico viría definido por unha menor articulación morfolóxica que na zona anteriormente descrita. Por último habería que falar da zona litoral ou costeira que abrangue o espacio situado entre a curva de nivel dos 100 metros e o nivel do mar; en toda esta zona litoral o rasgo característico estaría determinado pola suavidade do contorno topográfico.

Esta diferenciación espacial interna que se pode establecer a partir das características orográficas das terras do concello de Fene vai estar tamén reflectida noutros aspectos relevantes que foron mudando o longo dos anos: a distribución dos asentamentos e a súa densificación, a localización de iniciativas industriais e de servicios ou a apertura de novas vías de comunicación.

13. Ferrás Sexto, C. *Desenvolvemento urbanístico e económico de Fene. séculos XIX e XX*. pp. 32-33. Gran parte das referencias no eido socioeconómico que utilizaremos basearémolas neste libro xa que é o estudio máis completo e rigoroso existente ata o momento sobre o concello de Fene na maior parte do período que imos tratar.

Fene caracterízase climaticamente por presentar unhas temperaturas suaves que oscilan entre os 13º - 14º de media anual, sendo pola súa banda as precipitacións relativamente importantes oscilando entre os 1.200 – 1.500 mm, distribuídas nuns 155 días ao ano por termo medio. Con estas características xerais cabería falar pois da influencia dun clima de tipo templado oceánico. Ahora ben, tamén se poden facer matizacións a este marco xeral e establecer diferenciacións espaciais dentro do propio concello[14], que basicamente consistiría en diferenciar duas áreas. A primeira delas xunta unha orientación en relación cos ventos dominantes da zona, que son os ventos húmidos do Oeste e do Noroeste, cunha orientación cara ao mediodía que permite polo tanto un maior grao de insolación, dando lugar en conxunto a unhas condicións máis benignas. Integran esta área as parroquias litorais do concello: Barallobre, Maniños Fene, Perlío, San Valentín e Limodre. Unha segunda área singularizase por abranguer espacios pechados como os que se configuran nos fondos dos vales entre montañas, caracterizados pola aparición de néboas de inversión térmica e o descenso das temperaturas. É nas parroquias montañosas de Magalofes e de Sillobre onde podemos atopar estes espacios.

Sobre este territorio que conforma o conxunto do concelllo de Fene distribúense toda unha serie de asentamentos poboacionais que segundo os datos que se poden tirar do Padrón Municipal de Habitantes actualizado a 1 de xaneiro de 2001 e postos á súa vez en relación coa extensión de cada unha das parroquias ofrécennos un panorama que amosamos graficamente na Taboa 1, da que entresacamos os datos máis relevantes: No que respecta á superficie destacan as parroquias de Sillobre, que é a que conta cunha maior extensión, e a parroquia de Magalofes que comparte con ela a súa situación na área de interior do concello. Estas dúas parroquias son as que teñen menos entidades de poboación por Km^2 contrastando significativamente coas parroquias litorais de Maniños, Fene e Perlío. Polo que se refire á parroquia de San Valentín hai que sinalar que se trata dunha parroquia creada no século XX a partir da de Perlío e formada por dúas urbanizacións de pisos destinadas a aloxar traballadores do estaleiro de Astano; por esta circunstancia ten unha altísima densidade de poboación concentrada nun só lugar de asentamento de marcado carácter urba-

Táboa 1: Entidades de Poboación e Extensión das Paroquias

Parroquias	Extensión	Entidades poboación	Habitantes	Densidad poboamento
Barallobre	3,7 km^2	25	1.949	6,7 entid. / km^2
Fene	1,8 km^2	17	3.695	9,4 entid. / km^2
Limodre	3,7 km^2	10	519	2,7 entid. / km^2
Magalofes	5,6 km^2	12	380	2,1 entid. / km^2
Maniños	2,5 km^2	25	1.697	10 entid. / km^2
Perlío	1,2 km^2	16	3.568	13,3 entid. / km^2
Sillobre	8,7 km^2	28	1.240	3,21 entid. / km^2
San Valentín	0,6 km^2	1	1.656	
TOTAL CONCELLO	27,8 km^2	134	14.704	4,8 entid. / km^2

Fonte: Elaboración propia a partires do Padrón Municipal do Concello de Fene (1-1-2001).

14, *Idem*. pp. 34.

no. Por último habería que falar dun grupo de parroquias que contan cunhas densidades intermedias con respecto aos dous grupos anteriores, e que estaría formado por Barallobre e Limodre.

Pódese establecer como caracterización xeral dos asentamentos da poboación en Fene, segundo os datos anteriormente expostos, a existencia dunha *"…dicotomía entre a costa densamente poboada fronte ao escalón montañoso do interior que amosa amplas extensións de desertos demográficos" … "En definitiva, Fene actualmente* [ano 1992] *amosa un poboamento disperso estructurado en torno á rede viaria cunha certa concentración nas encrucilladas de camiños, pero destacando o feito de que a medida que nos afastamos da costa descende a densidade de poboación e a dispersión de poboación faise maior"*[15].

Pero se hai algo que é distintivo do concello de Fene foi a peculiar transformación demográfica que experimentou ao longo de todo o século XX, fundamentalmente a partir da década dos 40. Tal e como pode comprobarse na Gráfica 1 que abrangue o período que vai dende finais do século XIX ata inicios do século XXI existiu un constante crecemento no número de habitantes no concello ata a década dos 80 do século XX. Nese momento a tendencia muda de sentido e inicia un estancamento dos efectivos incluso con trazos de ir decrecendo co paso dos anos. O constante crecemento que se observa ata os anos 80 non é regular senón que tamén presenta períodos de aceleración e desaceleración, destacando entre estes últimos o efecto da emigración a ultramar que se reflicte claramente entre 1910 e 1930, aínda que tamén hai que salientar que a emigración nunca chegou a superar os fluxos inmigratorios no concello. Cando diciamos máis arriba que se algo sin-

Gráfica 1: Evolución da Poboación no Concello de Fene



Fonte: IGE e Padrons Municipais de Habitantes.

15. *Idem*. p. 36.

gularizaba a Fene foi a súa peculiar evolución demográfica estabámonos a referir a que ata a década dos 40 do século XX o seu crecemento aínda que moderado duplicou a media de Galicia para ese período. Os novos habitantes que se asentaban no concello viñan atraídos basicamente pola súa proximidade ao centro urbano de Ferrol, e procedían na sua gran maioría dos concellos veciños entre os que destacaba A Capela (que no ano 1925 achegou o 24,6% dos novos habitantes[16]).

Dende os anos 40 ata os anos 60 do século XX a evolución de poboación continúa a tendencia de crecemento que xa vimos nos anos anteriores pero acelerando nese segundo período a súa intensidade. Sera a partir da década dos 60 ata a dos 80, cando o crecemento de poboación sexa máis elevado superarando incluso o 60%.

Ese aumento de habitantes hai que poñelo en relación co auxe da industria naval no concello de Fene, implantada xa dende a década dos 40 pero que experimenta un proceso de expansión moi significativo dende os anos 60, exercendo como un importante foco de atracción laboral. Pola contra, cando esa actividade industrial polarizada no sector da construcción naval entra en crise a partir dos anos 80 xorde a fase de estancamento e lixeiro descenso de efectivos, que se observa na gráfica 1 de evolución da poboación a partir desa década.

Pero se pasamos da óptica municipal á parroquial toda esa transformación poboacional que acabamos de describir amosa novos e moi relevantes matices, tal e como se pode apreciar na gráfica 2 que reflicte a evolución da poboación en cada unha das parroquias do concello durante o período no que nos estamos a centrar.

No primeiro dos períodos que establecimos, o que chega ata os anos 40, as parroquias que máis aumentaron en habitantes foron Perlío, Barallobre, Maniños e Limodre, por esa orde. Tamén creceron, pero sensiblemente menos que as anteriores, as parroquias de Magalofes, Fene e sobre todo Sillobre que resulta ser a que menos incrementa a sua poboación. De todos os xeitos esta parroquia de Sillobre continúa a ser unha das máis poboadas, tan só detrás de Barallobre, Maniños e Fene por esta orde.

Dende os primeiros anos do século XX é apreciable un trazo característico do conxunto do concello que se vai ir consolidando ao longo de todo ese mesmo século, que non é outro que a tendencia á concentración de poboación nas parroquias litorais de Perlío, Fene, Barallobre e Maniños; as parroquias interiores, Magalofes, Sillobre e Limodre teñen un crecemento de habitantes menor e os núcleos de poboamento presentan unha distribución máis dispersa no territorio.

Entre os anos 1940 e 1960, segundo dos tramos temporais que distinguimos, o crecemento da poboación viu notablemente incrementada a súa intensidade tal e como xa temos descrito para

16. *Idem* p. 7

Gráfica 2: Evolución Parroquial da Poboación



Fonte: IGE e Padrons Municipais de Habitantes.

o conxunto do municipio. Neste período Perlío, Fene e Sillobre (esta última xa a algo máis de distancia) son as parroquias que crecen máis; Barallobre e Maniños (que no período anterior foron as de maior incremento demográfico) crecen tamén pero sensiblemente menos; pola contra no caso de Limodre hai que falar de crecemento poboacional negativo .

No que se refire aos asentamentos no territorio, a dispersión que existía no período anterior continúa nas parroquias de Barallobre e de Maniños, pero presenta unha acusada tendencia á concentración de tipo urbano no caso de Fene e de Perlío; a concentración tamén está presente nas parroquias do interior do concello, Sillobre, Magalofes e Limodre, pero neste caso en núcleos de tipo rural.

A partir dos anos 60 e ata os 80 o concello de Fene vai experimentar paulatinamente unha consolidación como foco industrial especializado na construcción naval, o que conlevou paralelamente unha intensa capacidade de absorver man de obra favorecendo polo tanto a chegada de novos habitantes que pasan a asentarse nas súas parroquias. Os incrementos de poboación experimentáronse en todas as parroquias agás na de Sillobre, que foi a única que nese período, entre a década dos 60 e a dos 80, perde claramente habitantes.

Segue vixente a tendencia que apuntamos no período anterior á concentración da poboación nos nucleos rurais das parroquias interiores, e con moita máis intensidade nos núcleos de carácter urbano nas parroquias litorais de Fene, Perlío e San Valentín.

Finalmente, indicar que a partir dos anos 80 do século XX recrúanse todos os problemas que aguilloaban ao sector da construcción naval dando lugar en España á aprobación dos Plans de Reconversión do Sector Naval no ano 1984 que na ría de Ferrol, e fundamentalmente no concello de Fene provocaron a drástica reducción de emprego no estaleiro de Astano e toda a súa industria auxiliar. O xa tradicional crecemento de poboación freouse dando paso a unha tendencia descendente.

Pero non sempre foi Fene un concello industrial. A principios do século XX a actividade económica que daba ocupación á maior parte dos veciños do concello correspondía ao sector primario, no marco dun modelo agropecuario tradicional. O laboreo das terras e a gandería combinabanse como fundamento dun sistema de producción orientado á subsistencia, que orixinaba escasos excedentes que eran vendidos principalmente nos mercados locais celebrados tres días á semana na parroquia de Fene, e os días 25 e 28 de cada mes na parroquia de Sillobre[17].

Nas parroquias costeiras tamén tiña unha importancia significativa a pesca, así como o transporte de mercadorías e pasaxeiros cruzando a ría cara á cidade de Ferrol, ou incluso fóra dela cara á Coruña ou á vila de Cedeira. Paralela a esta actividade estaban os carpinteiros de ribeira que había en Perlío, Barallobre e Maniños.

Baixo o reinado de Alfonso XIII, e sendo presidente Antonio Maura, o Goberno aproba a *Lei de Creación da Escuadra* no ano 1909, co obxectivo de renovar a flota naval española, o que propiciou unha forte carga de traballo no estaleiro e arsenais da cidade de Ferrol que conlevou un período de estabilidade económica que favorece o crecemento da poboación en toda a comarca[18], a través da forte demanda de productos de consumo alimentario, de man de obra para o estaleiro e o Arsenal ou de productos destinados á industria ferrolá (velas, madeira, etc.).

Moi relevante foi no caso da parroquia de Sillobre a existencia durante esos anos de numerosas lavandeiras que contribuían con ingresos monetarios ás economías domésticas agrarias. A súa actividade consistía en ir recoller en Ferrol e incluso en Pontedeume fatos de roupa das casas que traían a Sillobre, ben en carros ou a través da lancha que cruzaba a ría, no caso de viren dende Ferrol. Durante os días da semana lavaban a roupa e a fin de semana ían levala xa limpa de volta ás casas onde a recolleran. Foi esta unha actividade que daba emprego a moitas das mulleres da parroquia e que estivo en vigor ata finais dos anos 60.

17. O dato procede de Carré Aldao en 1925, en *Geografía Regional del Reino de Galicia* dirixida por Carreras Candi .

18. Cubillas, C. *Desarrollo urbano y crisis social en Ferrol.* p 62.

No ano 1925, segundo os datos que se poden tirar do Padron de Fene dese ano analizado na obra de Ferras Sexto, máis do 60% dos activos no concello desenvolvían unha actividade profesional enmarcada dentro do sector primario, ocupando o sector de actividade secundario a penas un 13% dos activos, e o terciario pouco máis do 20%. Estes dous últimos sectores habería que poñelos en relación por un lado coa actividade constructora naval en Ferrol e por outro coa demanda de servicios nesa cidade como os das lavandeiras de Sillobre.

Dende esa estructuración da poboación activa no primeiro tercio do século XX foron producíndose toda unha serie de transformacións co paso dos anos. Posiblemente un dos factores de transformación máis significativos en Fene arrinca coa constitución no ano 1941 da empresa Astano (Astilleros y Talleres del Noroeste) adicada á construcción e reparación de buques que iniciou a sua actividade con 33 empregados e no ano 1944 xa contaba cun cadro de persoal de máis de setecentos.

Hai que ter en conta que fundamentalmente durante as décadas do segundo tercio do século XX o progresivo incremento das actividades do sector industrial encardinadas nunha dinámica de economía capitalista, conviviron no caso do concello de Fene cunha actividade agropecuaria que seguía a estar orientada cara ao auto abastecemento das necesidades das unidades familiares, e que contaban cunha reducida relación co sistema de mercado. As explotacións familiares estaban baseadas en estructuras minifundistas: segundo consta no Censo Agrario do ano 1962 había no concello un total de 1.089 explotacións agropecuarias, que abranguían 10.888 parcelas. De todas estas parcelas, máis do 90% se correspondían cun tamaño inferior a 1 hectárea, o que limitaba notablemente a capacidade productiva das explotacións familiares.

Xa temos indicado que un dos factores significativos nas transformacións que se producen no concello de Fene é o estaleiro Astano, que no período que abrangue da década dos 60 ata a dos 80 vai experimentar un crecemento que cabe cualificar de espectacular ao centrarse na construcción de grandes petroleiros converténdose na principal fonte de emprego no concello e na súa comarca. A transformación que isto propiciou en gran medida xa se describiu ao falar da evolución dos efectivos demográficos no concello ao longo deses anos. Pero tamén resultará moi ilustrador ver a configuración dos activos ocupados en cada un dos sectores de actividade económica a finais dese período. Tomamos así como referencia os datos que o INE achega para o ano 1981 nos que observamos unha radical inversión da situación que existía no ano 1925: agora a agricultura só representa unha porcentaxe do 2% e o industrial elévase ata o 75%. Vese claramente que a puxanza do monocultivo industrial no concello levou aparellada a reduccción do peso específico na economía do sector primario. Sen embargo hai que realizar unha puntualización moi importante xa que a estratexia que máis se puxo en práctica non foi o abandono da explotación agropecuaria familiar polo posto de traballo na industria. Foron moitos os que chegaron a instalarse de novo nas parroquias do concello e pasaron a ter tan só empregos na industria. Pero tamén foron moitos os que combinaron dentro da unidade familiar a actividade agropecuaria e a industrial: os cabezas de familia pasaban a ocupar postos de traballo na industria, mentres que as mulleres, ademais de adicarse

aos labores da casa, mantiñan un certo grao de actividade na pequena explotación agropecuaria familiar. Deste xeito explotacións familiares que noutras condicións non poderían ser rendibles ou competitivas dende un punto de vista da economía clásica, ao contar con ingresos procedentes da industria, poden manterse en activo durante todos estes anos.

Este proceso cara a unha combinación de ingresos procedentes da industria e ingresos procedentes do campo, nunha economía doméstica mixta que participa á vez do sistema de mercado capitalista a través da industria, así como de actividades que se colocan claramente fóra dese sistema, a explotación agraria familiar, foise implantando en Fene xa dende os anos do inicio do crecemento da industria naval. No censo agrario de 1962, dos 1.060 empresarios agrarios existentes en Fene, o 69 % deles participan deste modelo mixto xa que declaran a explotación agraria familiar como secundaria xunto coa actividade no ámbito industrial que sería a principal fonte de ingresos. Segundo os datos dese censo agrario do 1962 tan só o 31% das explotacións agrarias existentes no concello de Fene son declaradas como actividade principal. As actividades agropecuarias tiñan unha presencia máis significativa nas parroquias interiores e máis montañosas, xa que nas zonas litorais ese tipo de actividade se reducía maioritariamente a algunha pequena parcela adicada aos cultivos de horta. No conxunto do concello, ao lado dos cultivos de horta, os que contaban con maior presencia eran a pataca e o millo. Entre as especies gandeiras son porcino e o vacún as máis abundantes pero sen ser explotadas cunha orientación cara ao mercado senón basicamente a cubrir as necesidades da unidade doméstica.

A articulación internacional no mercado da construcción naval que entra nunha profunda crise, unido á política de readaptación estructural da capacidade productiva deste sector no marco da Comunidade Europea que emprendeu o Goberno español, deu lugar á elaboración e posterior aprobación no ano 1984 dos Plans de Reconversión industrial do Sector Naval. Fene e o seu estaleiro de Astano foi un dos grandes perxudicados por este novo escenario xa que ve reducido o seu número de empregados: dos 5.569 cos que contaba no ano 1984 aos 2.146 no ano 1990, é dicir unha reducción de máis do 60%. Son anos nos que desaparecen os empregos non só na factoría naval, senón en todas as empresas auxiliares vencelladas á actividade do estaleiro, o que repercute moi negativamente no nivel xeral de actividade económica do concello. Este, como xa temos visto ao falar das transformacións operadas no ambito demográfico, deixa de recibir achegas de novos habitantes para instalarse nas súas parroquias e incluso pasa a perder poboación.

Como non podía ser menos, estas novas circunstancias quedan claramente reflectidas nos cambios na porcentaxe de distribución dos activos por sectores de actividade. O sector terciario cae drasticamente dun 75%, co que contaba antes da crise naval no 1981, ata o 53% no ano 1991. O sector primario pola súa banda experimenta un lixeiro crecemento (pasa do 2% en 1981 a un 4% en 1991) que hai que comprendelo no marco descrito anteriormente dunhas unidades familiares de economía mixta, nas que trala crise nalgúns casos recupérase a actividade agropecuaria como actividade principal.

Xa no ano 1994 despois de superado o peor da reconversión naval, a actividade agropecuaria en Fene continúa a ser un sector que conta con presencia no concello, presencia que é maior nas parroquias interiores, pero que continúa a estar en gran medida limitada a un papel secundario dentro das estratexias económicas das unidades familiares. Como mostra da situación deste tipo de actividade no concello presentamos os cadros elaborados cos datos recollidos pola Consellería de Agricultura:

Censo da Campaña de Saneamento gandeiro de 1994 en Fene				
Nº de Explotacións	Nº total de Vacas	Nº total de Reses	Nº de Vacas de Leite	Nº de Vacas de Carne
129	393	568	280	113

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes.

Distribución Municipal de Terras en Fene. Principais superficies e cultivos (Ha) 1994					
Prados e Pasteiros	Pataca	Cultivos Forraxeiros	Hortalizas	Froiteiras	Viñedo
168	328	405	60	16	0

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes.

Completando a radiografía do municipio a finais do século XX presentamos un resumo por grupos de idade e sexo da pirámide de poboación na súa configuración do ano 2001 que amosa claramente unha base reducida que se corresponde co freo no dinamismo demográfico: o crecemento vexetativo é negativo, fundamentalmente pola caída na natalidade, e xa non hai achega de habitantes procedentes da inmigración. En conxunto hai que falar de que estamos diante dunha tendencia ao avellentamento poboacional cun claro predominio da poboación madura.

Estructura da poboación de Fene segundo idade e sexo en 2001 (%)			
Cohortes	Homes	Mulleres	TOTAIS
Xoves: 0-19 anos	9.1 %	8.1 %	17.2 %
Adultos-xoves: 20-39 anos	16.6 %	16.6 %	33.2 %
Adultos-vellos: 40-59 anos	13.2 %	13.9 %	27.1 %
Vellos: máis de 60 anos	10.3 %	12.1 %	22.4 %
TOTAIS	49.2 %	50.7 %	100 %

Fonte: IGE.

Toda a serie de transformacións que acabamos de describir para todo o concello de Fene durante o pasado século XX e inicios do XXI perfílannos un concello que se estructura con claridade nunha zona litoral densamente poboada na que o proceso de concentración dos asentamentos foi predominante ata adquirir nas parroquias de Fene, Perlío e sobre todo San Valentín un carácter netamente urbano. Ese carácter está presente tamén dun xeito máis laxo nas parroquias de Barallobre e Maniños.

As parroquias de Limodre, Magalofes e Sillobre, con ter participado tamén desa tendencia á diminución de entidades de poboación ao longo dos últimos anos, así como incluso da edificación de urbanizacións que aumentaron significativamente o peso poboacional dalgún núcleo respecto do conxunto parroquial (nomeadamente o caso de Pedre en Sillobre), seguen a conservar un perfil marcadamente rural en canto ao seu tipo de asentamento da poboación. Atopamos neste segundo grupo de parroquias a maior cantidade de casas nas que se mantén algún tipo de actividade agropecuaria xa como actividade principal, ou en combinación con actividades nos sectores industrial ou de servicios.

Cinguíndonos ao caso da parroquia de Sillobre -xa apuntamos que é a parroquia máis extensa do concello- existen actualmente uns 28 lugares, dos que Pedre, o centro parroquial, é o máis poboado con 245 habitantes se ben alí se constuíu recentemente unha urbanización que contribuíu á incorporación de novos habitantes incrementando non só o seu número senón tamén rexuvenecendo a media de idade no lugar, que é inferior á do conxunto da parroquia.

Sillobre viuse afectada polas tendencias que delimitamos para o conxunto do concello, pero no seu caso os incrementos de poboación foron inferiores a outras parroquias sobre todo ás litorais, de xeito que o seu máximo de habitantes acadouno en 1970 con 1.456 e hoxe, no 2001 ten valores similares (1.240 habitantes) aos que tiña en 1940 (1.217 habitantes). A estructura poboacional actual está singularizada polo predominio dos vellos fronte a unha poboación infantil en constante descenso sobre todo nas franxas de idade entre cero e catro anos. Existen lugares que previsiblemente van desaparecer nos próximos anos ao estar habitados tan só por veciños de moita idade. No seguinte cadro presentámos a situación actual da parroquia en cada un dos lugares que a compoñen.

RITUALIDADE FESTIVA NO SAN RAMÓN DE SILLOBRE:

I

O caso no que nos imos centrar é o da romaría de San Ramón celebrada na parroquia de Sillobre o día 31 de agosto. Trátase dunha romaría que ten lugar na igrexa parroquial e que data da primeira metade do século XVII. De estilo barroco, a igrexa ten planta de cruz latina, e conta cun

Habitantes por entidade en Sillobre	
Lugar	**Nº habitantes**
Ameneiro	17
Arriba	46
Barreiro	18
Belelle	37
Buio	82
Calzada (A)	28
Cuveira	7
Gandara	19
Lagarteira	32
Lubian	62
Marraxón	20
Orra	132
Pallota	19
Pedre	245
Pegariña	1
Rabadeña	12
Rañoa	36
Reboredo	5
Revolto	28
Riveira	12
San Marcos	48
Souto	52
Taboado	73
Ulfe	16
Valado	70
Vilanova	99
Visura	3
Vrea	21
TOTAL SILLOBRE	**1.240**

Fonte: Padrón do Concello de Fene (1-1-2001).

retablo no altar maior de estructura neoclásica e decoración de estilo barroco. Neste altar maior está situada a imaxe da patroa da parroquia, Santa Mariña, e xunto a ela, nun lateral, tamén está a imaxe de San Roque. No retablo situado na ala esquerda do cruceiro está situada a imaxe de San Ramón. Alí tamén está unha figura do mesmo santo, en madeira maciza e moito máis pequena, que conta cunha asa na súa parte traseira pola que se pode suxeitar. É o San Ramón pequeno.

En relación coa igrexa atópase tamén a *"fonte milagreira"* ou *"fonte de San Ramón"*, tamén se coñece con ese nome, na que hai unha pequena escultura en pedra de San Ramón dentro dun fornelo. Debaixo saen dous canos de auga, dos que se di que un corresponde á patroa, Santa Mariña, e o outro a San Ramón. A devoción por San Ramón está relacionada co seu nacemento e co seu martirio. San Ramón Nonato naceu en Portell en Cataluña no ano 1.200. O alcume de nonato adxudicóuselle en virtude de que foi extraído vivo do ventre da súa nai despois de que esta tivese morto, ao parecer, un ou máis días antes. Era fillo dunha familia pobre nunhas versións ou fidalga pero vida a menos noutras. De pequeno adicábase a coidar o gando do seu pai. O rapaz pasaba todo o tempo do que dispoñía a venerar a Virxe e a Deus nunha ermida pequena adicada a San Nicolás, preto do lugar onde estaba o gando que o seu pai lle encargara coidar. Parece ser que mentres el ocupaba o seu tempo nestas devocións era un anxo do ceo o que se encargaba de coidar do rebaño de gando que tiña ao seu cargo.

Anos máis tarde e seguindo esa vida de fe e santidade, foi a propia Virxe quen lle indicou que debía entrar a formar parte da recén fundada orde da Mercede, e así o fixo. Viaxou a terras musulmanas en varias ocasións co obxecto de confortar e redimir aos cristiáns alí cautivos. Tivo sempre unha especial adicación a prol dos máis miserables, e en especial polos cristiáns redimidos dos infieis e os cautivos, para cuio rescate buscaba reunir esmolas. Estando el mismo cautivo en 1.236 en terras alxerinas, non deixaba de alentar aos seus compañeiros de cautiverio e incluso nesas circunstancias tería achegado á fe cristiá a varios xudeos e mahometanos. Observando isto as autoridades musulmanas ordenaron atravesarlle a boca cun ferro amordazándoo, liberándoo desa tortura tan só para darlle de comer. Pero milagrosamante San Ramón incluso coa mordaza na boca, seguía a realizar as súas prédicas.

Xa liberado, foi nomeado cardeal polo papa Clemente VI. A súa morte, a causa da peste negra, sucedeu no 31 de agosto de 1.248 segundo algunhas fontes e en 1.250 segundo outras. Cóntase que cando estaba a piques de morrer non había quen lle subministrara o Viático, e milagrosamente acabouno recibindo do mesmo Xesucristo. Xa morto, había unha disputa polo lugar onde deberían de repousar os seus restos, disputa que se resolveu colocando o seu ataúde no lombo dunha mula cega que deambulou ata chegar á ermida de San Nicolás, na que San Ramón pasara moitas horas da súa nenez reverenciando a Deus e á Virxe. Máis adiante, na ermida, foi crecendo a devoción e a afluencia de devotos pasando a chamarse ermida de San Ramón. Foi canonizado por Urbano VIII no ano 1.628, e o papa Inocencio XI estendeu na Igrexa a festa de San Ramón. Esa festa celébrase o 31 de agosto, e xeralmente ten o carácter de romaría. As súas reliquias conserváronse na súa ermida, no santuario de Portell, de onde desapareceron durante a Guerra Civil.

Adxudicánselle moitos milagres tanto en vida como despois de morto, fundamentalmente relacionados con epidemias tanto en personas coma en animais. Pero o que máis se destaca deste santo é a súa protección nos partos en razón das circunstancias do seu propio nacemento. Tamén é invocado polos que son acusados inxustamente.

En Sillobre temos documentado a existencia dunha confraría adicada a San Ramón alomenos dende o ano 1.796, e posiblemente xa existise con aterioridade[19]. Tamén temos noticia da existencia dunha petición de intervención a San Ramón en Sillobre para paliar unha circunstancia de malas colleitas. Pero a petición de intercesión e protección a San Ramón máis frecuente en Sillobre era a relacionada cos partos. Taboada Chivite, falando do ciclo prenatal en Galicia, e máis concretamente sobre o parto e as tradicións para garantir que non houbese problemas di: *"É corrente a invocación a San Ramón ou axudarse co manto da Virxe. Tamén púñase na cama colchas de liño, tecidas no país, coa imaxe de San Ramón, como a que eu vin, procedente da Peroxa (Ourense)"*[20].

O parto foi durante moito tempo un dos transos máis perigosos para as mulleres e os seus fillos. Mariño Ferro[21] describe como as mulleres ata os anos 70 do século XX parían fundamentalmente nas casas, a maior parte das veces sen ningún tipo de asistencia médica. A mortandade infantil e das nais era moi alta. En caso de dificultade, cando era posible, recorríase ao médico, pero isto non obviaba que ao mesmo tempo se procurasen outro tipo de remedios tradicionais *"tanto procedentes da medicina Máxico-hipocrática coma da mediciña relixiosa"*.

II

Nos anos 60 o calendario de festas que se celebraban na parroquia de Sillobre comezaba coa celebración o día 29 de xuño do San Pedro. Xa no mes de xullo celebrábase a festa da patroa, Santa Mariña o día 18, e ao día seguinte, o 19, celebrábase o Carme. No mes de agosto tiñan lugar a celebración da romaría de San Ramón no día 31 e ao día seguinte, 1 de setembro, celebrábase a festa de San Roque. Todas estas celebracións festivas tiñan lugar na igrexa parroquial de Sillobre, pero tamén hai que citar a festa que se celebraba na capela de San Marcos, lugar tamén da parroquia de Sillobre; neste caso a celebración realizábase o día 25 de abril. A festa de San Pedro fíxose ata o ano 1969, máis adiante de novo no ano 1977 e a partir de entón xa non se volveu a celebrar de novo ata o ano 2000. A festa da patroa parroquial, Santa Mariña, e o Carme *"sempre se celebraron xuntas, unha ao día seguinte da outra…"* tal como acontecía no caso da romaría de San Ramón e San Roque que tamen eran festas *".. que iban xuntas"*. Os veciños da parroquia ao ser preguntados polas festas que se celebran ao longo do ano sempre falan delas como dúas, para logo

19. *Libro de Cuentas del Glorioso San Ramón Nonato* (1.796-1.895). Arquivo parroquial da igrexa de Santa Mariña de Sillobre.

20. Taboada Chivite, X. 1.972. *Etnografía galega. Cultura espiritual.* p. 22.

21. Mariño Ferro, X.R. 2.000. *Antropoloxía de Galicia.* pp.344-345.

matizar que en cada unha delas se trata en realidade de dúas celebracións cada unha no seu día. Como exemplo deste tipo de percepción esta que citamos foi o tipo de alusión mais común cando conversabamos do tema: *"Bueno, San Ramón son dous días de Festa, San Ramón, e despois ao outro día é San Roque. San Ramón é o día 31 de agosto e San Roque é o primeiro de septiembre"*.

No mesmo senso é tamen moi frecuente que ao referirse ás festas se identifiquen como unha soa afirmando directamente que as festas que se celebran en Sillobre son a patroa, Santa Mariña, e o San Ramón. Unha concreción na acción desta percepción está no feito de que as comisións de festas que se encargaban de organizalas e preparalas eran antigamente dúas, a xente non recorda que *"nunca fora doutro xeito, sempre a pares…"*. Así, había unha comisión de festas encargada de organizar a patroa e o Carme, e outra comisión encargada de celebrar o San Ramón e o San Roque. De todos os xeitos xa no ano 1963 unha soa comisión de festas encargouse de organizar todas as festas e incluso volveu organizar unha festa que xa perdera vixencia nos últimos anos, o San Pedro, pero aínda nese caso segue a ser percibida como algo extraordinario por parte da xente máis vella: *" …aínda ahora…, o ano pasado no, o outro ano [2.000], máis este ano[2002] fan a festa de Corpus, que esas xa levaban moitos anos sen facerse, fixéronna os da directiva do casino, que a demais xente non a fai, fan as outras dúas… son os catro días. Pero a esos doulles por facer a de Corpus e fanna. E iso o había, pero hai moitos anos que se deixou de facer a festa esa aquí."*

A denominación de festa do Corpus cando se refiren a celebración do San Pedro vén xustificado porque *"… ao non ter aquí imaxen de San Pedro, sacábase o Palio…"*. En relación con esta festa María Rivera no seu libro *Sillobre ven de Antigo*[22] describe que para portar o Palio estaban nomeados con anterioridade *"uns `vareiros´ que adoitaban ser persoas de boa posición; esta era unha xente que, chegado o caso, se non había cartos para facer a festa, poñían o que fixese falla"*. Pero no caso que nese momento houbese na igrexa personas pertencentes á Armada *"… os vareiros que estaban nomeados, cedían o `Palio´ a estas persoas. De seguido tiña lugar a procesión."*

As datas de celebración das festas sempre foron as que se conservan hoxe en día e foron sempre coincidentes co que marca o calendario do santoral. Outro feito importante en relación coa data de celebración é que coincidan co período estival, o que favoreceu a súa conservación neses días, sen que se vise a necesidade de modificar a data de celebración. De todos os xeitos, debates e intentos de cambio sobre este aspecto si que se produciron ao longo dos anos. Como exemplo pódese citar o sucedido no ano 1.977 no que se deu a circunstancia de que o 18 de xullo que era festivo, coincidía nun luns polo que o Carme tería que celebrarse o martes. Dende a comisión de festas formulouse a posibilidade de trasladar a celebración do día 19 para o día 17, sábado, e así facer as festas en fin de semana, en días non laborables, co que se podían facer mellores e máis exitosas celebracións. Houbo un especial interese en que quedase claro que o día da patroa non se modificaba en absoluto, que esta se seguiría a celebrar *"… cando correspondía, porque sempre se*

22. *Op. Cit*. pp 73.

fixo así e así debía ser..". Ao parecer creouse moita polémica e a iniciativa non tivo éxito xa que a celebración mantívose *"… nos días que tocaban…"* sen alteración ningunha. Que o desenlace fose ese e non outro veu determinado en gran medida pola oposición que a iniciativa provocou *"na xente maior".*

Tamén hai que citar outro caso de conflictividade á hora da celebración da festa. Trátase da festa do San Pedro que xa comentamos que deixou de celebrarse a partir do ano 1969. O día da festa era o 29 de xuño pero *"para á Iglesia o San Pedro era o Santísimo. Don Demetrio, o cura de entonces, quería que se celebrara o Santísimo e non deixaba facer a festa no campo da iglesia* [no adro da igrexa parroquial] … *e facíase frente á escola ou noutro campo cerca, na curva esa de aí embaixo…", "antes había verbena* [pola festa de San Pedro]*… saía o Santísimo e os nenos que fixeran a comuñón ese ano, facíase o Xoves Santo e no Santísimo* [a comuñón]*, acompañando. Non había imaxe de San Pedro…".* Esta diferencia de criterios sobre cal era o motivo da celebración, entre quen quería seguir *"co costume"* de reverenciar na festa ao San Pedro ou ao Santísimo, tal como se defendía dende as instancias oficiais da Igrexa, resolveuse finalmente coa non celebración da festa nos anos posteriores. Foi no ano 2000 que se volveu a celebrar a festa en honra a San Pedro no día 29 de xuño, realizando Misa Solemne a unha e media do mediodía e logo procesión co palio. De seguido houbo sesión vermouth e xa pola noite verbena.

Unha festa que si experimentou variacións na súa data de celebración foi a festa de San Marcos. Ten lugar nunha capela situada no lugar de San Marcos que está situada no lindeiro da parroquia de Sillobre co concello veciño de Cabanas. Antigamente o primeiro acto desta festa celebrábase na igrexa de Santa Mariña de Sillobre. María Rivera describe do seguinte xeito a festa de San Marcos: *"cando a eucaristía remataba, saía a procesión co `Pendón Eclesiástico´ diante, abrindo paso e anunciando, ao mesmo tempo, que viñan detrás, é dicir, os `ciriais´e os `estandartes´, xunto con moita xente que desexaba ir ata San Marcos a pé, e que, mentres andaban, ían dicindo letanías, chamadas `Rogativas do Día de San Marcos´. Ao chegaren á capela, celebrábase a misa maior."*[23].

A festa de San Marcos celebrábase tradicionalmente o día de San Marcos Evanxelista que non é outro que o 25 de abril. Pero, co paso dos anos, o día de celebración foi trasladándose á fin de semana, realizándose a festa xeralmente o venres e o sábado. Pero xa temos dito que o lugar de San Marcos se atopa nos lindeiros da parroquia, de xeito que queda xeograficamente máis próximo a Magalofes que aos lugares de Souto ou Pedre en Sillobre. Isto é significativo porque en Magalofes a festa parroquial celebrábase o día 23 de abril en honor a San Xurxo. Tamén en Magalofes tomaron a decisión de trasladar a celebración da festa patronal á primeira fin de semana despois do día 23 de abril. Para non coincidir dúas celebracións festivas na mesma fin de semana, en San Marcos decidiron trasladar a festa de San Marcos á segunda fin de semana despois do 25 de abril. Isto entraría en contraste co rexeitamento que se ten producido en San Marcos arredor

23. *Idem*. pp 72-73.

da posibilidade de realizar cambios no día de celebración dalgunha das festas celebrada na iglesia parroquial de Sillobre defendendo que se trataba de festas que tiñan unha compoñente familiar máis importante que o feito de poder atraer a máis forasteiros por trasladar a celebración a unha fin de semana.

Hai tamén referencias doutra romería na parroquia de Sillobre que se celebrou por última vez no ano 1986 e que tivo moita sona entre as décadas dos 70 e os 80. Era a romaría celebrada en honor a San Xiao en Belelle, xunto ao río do mesmo nome. Tiña lugar os días 2 e 3 de agosto. Non está moi claro cal foi a orixe da romaría, e según datos achegados por María Rivera[24] estaría relacionada cunha capela existente na zona, a *"Capela de San Xiao, ao carón da casa señorial da fami - lia Piñeiro, en Belelle,…"*, hoxe desaparecida.

Ao contrario do que sucede na maior parte das parroquias de Fene, en Sillobre non se procedeu a crear ningunha festa *ex novo* nos últimos anos. A tipoloxía destas novas festas en Fene é moi interesante e responde a perspectivas de innovación moi diversas: danse iniciativas de tipo gastronómico como a festa da Orella en Limodre ou de tipo laico como a romaría do Pote en Maniños ou a festa do Camiñante Descoñecido en Barallobre. O que si se ten producido en Sillobre é a prolongación dalgunha das festas a un día máis con algunha peculiaridade neste ocasión tamén de tipo

Igrexa de Santa Mariña de Sillobre.



24. *Idem*. pp 74

gastronómico. É o caso da festa de San Pedro que inicia os actos o día anterior, o 28 de xuño, cunha sardiñada popular no adro da igrexa parroquial despois de efectuada a lectura do pregón das festas, posteriormente hai unha verbena con orquestra pola noite.

Do conxunto de festas celebradas na parroquia de Sillobre dende a perspectiva dos propios veciños sen dúbida a festa máis significativa é a da patroa, Santa Mariña, seguida polo San Ramón. Estas dúas son as referencias festivas máis relevantes entre os veciños, pero sempre marcando a diferencia de natureza entre elas: unha é a festa patronal e a outra é unha romaría. *"A patrona é Santa María, pero como o San Ramón… e que era moito, tanta xente… por todas partes…"*.

Fonte de San Ramón e Santa Mariña.

Imaxe de San Ramón Nonato.

Imaxe do San Ramón pequeno.

III

A romaría de San Ramón é unha festa organizada polas xentes da parroquia pero na que o protagonismo é dos romeiros que, por definición, son xente de fóra que se despraza en peregrinación ata o lugar sagrado no que se venera o santo milagreiro. O primeiro paso para a celebración da romaría é a decisión de facela así como que un grupo de personas decida asumir a responsabilidade de organizala. Isto soía realizarse o mesmo día que se remataba a romaría e o San Roque dese ano, sendo a mesma comisión encargada de organizar a romaría que remataba a que lle comunicaba ao cura a intención de continuar o ano seguinte: *"Tíñamos a costumbre de facela tódolos anos pois xa lle decíamos dun ano pó outro. A misa pagábamos. Dous días despois da festa, ou o día que nos cadraba, lle pagábamos o que nos cobraba pola misa e xa lle decíamos que seguía - mos pó ano e listo, e xa non había máis."*

Pero dentro deste costume de *"facela tódolos anos"* ten que entrar a circunstancia do relevo duns membros da comisión por outros ou incluso de toda a comisión. No seguinte exemplo relatan como esa incorporación de xente nova á organización das festas se fixo a maior parte das veces dun xeito paulatino, comezando por organizar unha festa o día anterior a romaría de San Ramón: *"Xa era eu chaval, de sempre* [a organizaban]. *Aquí había dous homes, un era de aquí e outro era das do…, dous mayores que a facían todos os anos* [a festa]*… vamos, tiñan a costumbre de facela todos os anos, e despois* [pasamos a facela] *nosoutros de chavales… eu cando empecei e máis outro chaval tíñamos 18 anos. Non fixemos San Ramón, fixemos outra festa a víspera de San Ramón, fixémola nosoutros… antes facían San José, San Antonio… pero eso acabouse… e entonces como éramos chavales fixemos unha festa de San José a víspera de San Ramón."*

Pero tamén existiron circunstancias extraordinarias que propiciaron a desestructuración do sistema habitual de organización festiva. A máis representativa dende o punto de vista dos veciños que viviron aqueles anos foi sen dúbida a guerra do 36: *"Pois sería… tiña eu 18 anos daquela e teño 87, e despois claro os 19 anos fumos pa o servicio, e claro, botei dous anos de servicio. Nese tempo xa non se fixo festa ningunha. E resulta que ao vir de servicio, entrei no 34 e vin no 36, en xaneiro, e en julio xa empezou a revolta e xa non fixemos máis festas, e despois o tempo que botei na guerra tampouco non se podían facer. Eu cando vin… cando se acabou a guerra fixeran Santa Marina, pero non fixeran o Carmen, e nosoutros, os que viñemos, que eu vin licenciado o tres de agosto, fixemos o San Ramón e en vez de facer o San Roque fixemos o Carmen. E seguimos facendo a de San Ramón varios anos e cando… despois, e non sei que ano serían, ten o chaval meu… e tería seis anos, sería pois no 47-48, e nosoutros deixamos de facer a festa, e fixeronna algúns veciños de aquí, que por certo fixeron moi ben… que aquí se facían moi boas festas!. Por San Ramón e por Santa Mariña tamén… aquí se facían moi boas festas ¿eh? Por San Ramón e por Santa Mariña tamén… aquí facíanse boas festas todos… había chavales que lles gustaba facer e traballaban…".*

"No, non; deixamos de facelas nosoutros, e viñeron outros. Algún dos que a facíamos morreron e despois xa fumos deixando."

Á hora de formarse a comisión organizadora da festa os criterios que se seguían para establecer quen se integraba nela eran basicamente dous. Por un lado está o da veciñanza, ser natural da parroquia, sen que en ningún momento se marcase pauta ningunha de representatividade dos diferentes lugares do conxunto parroquial. Máis ben era este segundo criterio básico, o que máis era tido en conta era a afinidade persoal entre os membros da comisión, é dicir os lazos de amizade: *"Aquí* [elixir a xente da comisión] *por lugares non, eso non… por pandillas, por compañeiros andabas sempre cos mismos e eso…".*

"Xuntabamos dous ou tres, máis ben catro, os de sempre, e dice: Que ¿vamos face-la festa? E facíamos claro."

"Aquí seguíase a mesma tradición, os que a facían facíanna o millor dous anos ou tres, e despois o millor non a facían máis, facíannas outros. Máis de catro non. Pero por lugares non [non se elixía a xente con ese criterio], *sempre veciños pero de calquera sitio sin distinguir de aquí ou de acolá…".*

Constituída a comisión organizadora do San Ramón, o seguinte era a recadación de fondos. A casuística podía variar en canto ao momento no que se comezaban os preparativos. Antigamente a celebración era máis sinxela en infraestructura, necesitándose menos diñeiro para sufragala e menos tempo para realizar as compras de foguetes ou de contratar uns músicos. Este aspecto foise complicando cos anos e por exemplo as contratación dos músicos xa se tiñan que realizar case dun ano para o outro se se quería contar coas mellores orquestras, o que tamén conlevaba a recadación dunha cantidade de diñeiro notablemente maior.

"Xuntábamonos uns quince días antes. Salíamos a pedir por aí. Pó San Ramón había que levar saco, que lle pedías fruta pola parroquia, trigo, patacas non, pola parroquia trigo. E xuntabas un pouco de trigo, ou o que che daban en cartos, e des - pois veña…"

"Ao millor dous íbamos pedir por aquí por un lugar e outros dous iban por outro, e así ¿non? Se recaudaba diñeiro e trigo, pó San Ramón ¿eh?. Pa patrona nada, non se pedía más que diñeiro."

"A comisión xuntábase unhas veces un ano antes e outras quince días antes. Na década dos 60 se contrataban as orquestas na Coruña, cos directores das orquestas directamente, sin intermediarios. Na Coruña na Tacita de Plata… Logo en Ferrol na calle Real, na esquina coa plaza de Armas, donde está ahora a Caixa había un bar, pois alí… en canto se formaba a comisión era o primeiro que se facía."

"Logo se contrataban os fuegos artificiales, pa alá de Betanzos, si había moito diñeiro, y con outro de aquí. Si había poucos cartos solo co de aquí. Se ofertaban os toldos, viñan a falar co presidente da comisión para poñer os toldos. Antes había máis."

O aspecto que particularizaba a romaría do San Ramón respecto das outras celebracións festivas da parroquia no que fai referencia á recadación de fondos que facía a comisión era a posibilidade de que as casas en lugar de diñeiro puidesen dar trigo ou froitas. Isto só era posible no caso do San Ramón e, como analizaremos máis adiante, tiña unha xustificación relacionada coa propia orixe da romaría. Pero co paso dos anos esa xustificación orixinal foi perdendo vixencia nas memorias dos veciños e son outras as argumentacións esgrimidas á hora de explicar esa particularidade do San Ramón. Imos presentar algunhas delas.

Para a maioría das opinións que poidemos recabar a clave do asunto radica en que Sillobre era unha parroquia rural na que as posibilidades de obter diñeiro eran mínimas, isto faría que ás casas lles resultara máis doado contribuír con aquilo que producían.

> *"Aquí Sillobre, fai cincuenta ou sesenta anos, a xente vivía da labranza e en canto o que necesitaba de moneda pos o conseguían as mulleres lavando roupa pa Ferrol…"*

> *"O trigo se sega en Julio, a finales. E entón daban trigo porque diñeiro non había…"*

> *"Imaginadevos nunha casa donde non había cartos pa comprar pa comer, que escasearan xa as patacas arredor das Navidades. Claro, decía ela… traballábase moito cacho de terra pero non había con que estercala porque os toxos eran pa quenta-la agua pa facerlle a bogada á roupa… diñeiro* [había] *pouco, si acaso as lavandeiras que cobraban en Ferrol, e en Puentedeume, e algún que tivera oficio* [refírese a un traballo non agrícola]*…"*

> *"Outra cousa non había meu rei, que cartos non tiñamos, era o que había… e tamén era a costumbre. Hoxe xa non, hoxe xa variou xa non é esa costumbre, non se pide máis que cartos, nin tampouco tran o fruto que lle traían… ¡xuntábase moito trigo aquí!".*

Moito máis minoritaria, pero tamén tivemos oportunidade de recollela en varias zonas, é a opinión de que o feito de entregarlle o mellor dos cultivos ao San Ramón está en relación cun agradecemento por ter protexido ese ano o nacemento das colleitas e dos froitos:

> *"… o dos frutos é polo San Ramón, é pola naturaleza. O que dá a terra, ti xa me entendes… que nace dela, ofrécese o mellor a San Ramón como todo o que nace. Igual que nos partos cando veñen ofrecidas, agradécese o nacimento do… que todo fora ben. E ca cosecha tamén."*

> *"…pois algo deso tiña que haber porque o que daba trigo, e uvas e… pois tiña que ser algo deso, senón non traían deso… e despois as mulleres… que se ofrecían, sería porque de parto, deso…"*

A comisión das festas percorría toda a parroquia, que é a máis grande do concello, recadando diñeiro ou especies por todas as casas de todos os lugares o que de por si era un traballo difícil, no que a experiencia de telo feito algunha vez anterior axudaba moito. Os cambios no número de habitantes nos diferentes lugares é un aspecto que destacan todos os que participaron naqueles anos e cos que tivemos a posibilidade de falar.

"Eso dá moito traballo, dá moito traballo dá, porque hai que andar toda a parroquia e xúntase pouco…"

"Hai máis [xente agora na parroquia que antes]. *A parroquia aumentou, pero non como eso, como Fene… pero aquí foise pouca xente de aquí, home si fóronse algúns, pero pouco. Pero a que vén nova, non quere facer a festa, non teñen ganas de traballar. Si vai algún chaval, vai con xente maior. Porque aquí había un que a facía moito, porque nosoutros xa claro, xa hai anos que a deixamos de facer porque claro un se cansa… e había chavales que iban con xente maior. Un que hai dous anos que morreu facía moitas. E tamén levaba algún chaval con el, pero claro os chavales tamén iban con el… porque non sabes, el dirigíaos, el era o que dirigía todo como sabía como era todo, el os iba acompañando e na máis."*

Os fondos que lograba reunir a comisión eran todos basicamente achegados polos veciños, sen contribucións institucionais. Andando os anos estas últimas chegaron ocasionalmente, e non necesariamente en diñeiro (algún tipo de subvención sempre escasa) senón tamén nalgún tipo de infraestructura. Deste xeito a responsabilidade de organizar a festa era sempre un risco dado que as posibilidades de financiación eran moi limitadas e polo tanto tamén a posibilidade de facer ese ano unhas boas festas. Pero na decisión de celebrar a festa, incluso nas circunstancias máis difíciles, pesaba e pesa fundamentalmente a intención de pór de manifesto o vigor e o dinamismo da parroquia:

"… home, festa sempre ten que haber, como vai ser si non, si non, non somos nadie. Que van decir en Maniños ou en Cabalar si non facemos as festas. Aínda que solo sea a misa e unhos fuegos…"

Sen embargo houbo algún ano no que non se fixo romaría, e son numerosos os casos de xente que viviu os mellores anos da romería que se amosan pesimistas co futuro, pero incluso neses casos defenden a necesidade de facela:

"Hai pouco interés por manter a festa. Deixar de facela creo que non, porque sempre vai habendo [quen a faga]*… si non son chavales hai xente maior que… eu tamén, era unha cousa que me gustaba, que non quedara sin soster a festa, gustábame que a houbera, prefiero que a haxa aínda que teña que dar algo pa a festa que que non a haxa, e eso que non vou más que… si vamos vamos á misa pola mañan, que a noite xa non vamos…"*

"Eu creo que aquí… a xente… sempre ha de haber algunha que tire [pola festa do San Ramón], *que axude…haberá outros que non pero… a outros non lles interesa que a haxa, pero a outros si. A xente que é algo maior, non maior de todo, que teña*

por ahí 50-60 anos eso… que as fagan eles. A festa tamén a un lles gusta e a outros non… a min tamén si me mandan ir a unha discoteca hoxe…"

Outro dos aspectos que son previos á celebración da romería eran os invitados. O costume era contar con invitados nas casas da parroquia nas ocasións festivas, principalmente o día da patroa, Santa Mariña, e o Carme, o 18 e 19 de xullo. Pero tamén na romaría de San Ramón e na festa de San Roque podíase contar coa asistencia xa de familiares ou dalgún tipo de amigos ou achegados dos anfitrións. Este tipo de xuntanzas antes da guerra ao parecer non eran infrecuentes xa que ao ser a agricultura a dedicación máis habitual, no mes de agosto as casas contaban con abundante tempo libre.

Os cambios pricipiaron cando os empregos no sector industrial comezaron a ser maioritarios entre as casas da comarca. A romaría de San Ramón non era un día festivo senón laborable o que sen dúbida facía inicialmente imposible a asistencia a romaría. Para moitos dos informantes isto foi unha das razóns fundamentais polo que a romaría comezou a decaer a partir dos anos 60, pero outros, se ben recoñecen que algo disto ocorreu, non aceptan que esa fose unha circunstancia determinante, xa que naqueles anos eran posibles outras estratexias para participar na festa, simplemente non ían traballar, algo que ao parecer xa se tiña como natural nestes casos ou cando había que axudar nas tarefas do campo nas épocas de máis actividade:

"A partir do 50-60 a romería decaeu. Seguía vindo xente a misa… pero como no era festa no calendario, había que ir traballar, en Ferrol, en Astano que xa había, e cada vez máis…"

"… pois claro que se iba, ¡e logo! No taller [refírese ao taller do estaleiro] *xa sabí - an que ese día os de Sillobre non iban a traballar, e os doutros sitios tampouco… o día da patrona máis, pero polo San Ramón tamén que era moita festa…"*

A romaría era unha das de máis sona de toda a comarca, e a ela asistían xentes dende Valdoviño, Ferrol, Serantes, Mugardos, Ares, Laraxe, Pontedeume, A Capela, As Pontes, e incluso de provincias de fóra de Galicia. Cando a romaría coñeceu os seus mellores anos as comunicacións eran máis difíciles: non había Ponte das Pías e había que dar a volta por Xubia ou ben coller a lancha en Ferrol se se viña da outra banda da ría; se eran desta banda a xente viña polos camiños acurtando distancias:

"Antes viñamos a pé, por aí arriba polo… que acortabas moito cacho, e carretera aínda non había. Eu quitaba os zapatos, senón cando chegabas estaban todos rotos, que eran sandalias de esparto daquel…".

"…víaste antes e xa te comprometías pó San Ramón… ¡que vamos logo ao San

Ramón! E vamos. O día pola mañán salías temprano e xa te encontrabas coa xente polo camiño e íbamos xuntos de festa… comprometíaste a ir xuntos e levábamor o carro coas empanadas e a comida, e íbamos cantando polo camiño… ¡érache moita festa!"

"… e recollías a xente según ibas andando, de todos os sitios… chegabas a un cruce e xa estaban esperando pa xuntarse e música, que levaba a gaita…"

"se facía festa ao ir polo camiño, iba todo o barrio".

"… ao ir era o mellor da festa, todos xuntos cantando, bebendo, sin distinghos, que alí todos éramos un, aínda que non o veras o resto do ano… era moito, o mellor, o melloriño…"

"… a xente que viña ofrecida salía a mañanciña, porque quería chegar cedo, por facer misa, xa sabes, viñan de toda a volta… ¿daqui? [da parroquia] *poucos o máis eran de lonxe, ofrecidos que viñan de Mugardos, de Ferrol, de Castro…"*

Dende moi cedo no día da romaría, ás oito ou ás nove da mañá, xa se comezaban a celebrar misas na igrexa parroquial de Sillobre. Eran misas pedidas polos devotos que se ofreceran a vir ou que viñan por outra persona, cada media hora aproximadamente celebrábase unha misa. O número de misas pedidas polos devotos foi algo que mudou ao longo dos anos. Se aínda hai quen recorda misas dende as oito da mañá cada media hora ata o momento de celebrar a misa maior, xa nos anos máis recentes ese tipo de misa votiva foi sendo cada vez máis excepcional, habendo incluso anos nos que non se pediu ningunha. As causas polas que pedían as misas eran relacionadas fundamentalmente con partos, pero tamén coas colleitas:

"No trance dos partos as mulleres se ofrecían a San Ramón, era o máis frecuente. Do outro, das cosechas… algunha vez… na misa cantábase:

"Vuestra madre ya preñada
al 8º mes murió
y al tercer día le abrió
un lado punta acerada
por la herida ensangrentada
os sacaron portentoso
senos protector y guía
San Ramón nonato glorioso."

O acto principal da romaría era sen dúbida a misa maior, que adoitaba celebrarse entre as doce e a unha da mañá. Outra parte importante do ritual, que tiña lugar na misa maior, era o que se denomina "poñer o santo". Trátase dunha figura pequena de San Ramón que ten unha asa pola súa parte traseira, por onde se collía, e as personas que quixeran podían porse de xeonllos diante del e bicaban o santo despois de que o sacerdote lles fixera o sinal da cruz.

> *"E na misa maior había un que poñía o santo, que era o San Ramón pequeno. Poñía o santo e dábanlle… botábanlle algo ¿non?…"*

A xente pedía que lle puxeran o santo *"para que San Ramón multiplicara os favores."* A persoa que poñía o santo era *"un dos que levaba a comisión* [da festa]". Podía ser calquera da comisión *ou o sacristán, pero soía ser sempre un dos da comisión de festas: "Si. Había un que o poñía sempre el. Poñíallo* [o santo] *ao que quería* [que llo puxesen]*…"*. A xustificación de que fose un da comisión o que poñía o santo era que a quen se lle poñía o santo daba unha ofrenda, e o conxunto delas pasaba a engrosar os ingresos da comisión de festas: *"…o que quería botáballe algo, unha limosna, e xuntábase… os cartos facían falta, canto máis se xuntaba mellor festa se facía…"*.

Como colofón da misa maior tiña lugar a celebración da procesión. Sácanse os santos e dáse unha volta á igrexa.

> *"Daquela sacábanse todos os santos, sacábase San Roque, San Ramón, Santa Mariña, o Niño Dios, o Carmen, a Purísima… diante sempre iba, chámanlle o Niño Dios, un pequeniño, despois si non era o patrón, San Roque, e despois iban as santas, e detrás de todo iba o santo, o que era, vaia o do patrón… si era día de San Ramón, San Ramón, si era o día de San Roque iba San Roque detrás e diante San Ramón…"*

Tamén neste aspecto hai que introducir matizacións, xa que non sempre había xente suficiente para levar todas as imaxes na procesión:

> *"… as imaxes salen si hai xente pa levalas, e cada vez había menos. Hai familias que levan un altar, que están ao coidado del vaia, e eles buscan levadores. A ima - xen da festa si que sale e a da patrona sempre…"*

> *"… que daquela salían todos os santos, que había moita xente [fala dos anos 40-50]… pero para eso [sacar os santos] ahora poucos. Aquí hai pouca xente pa sacalo, non salen todos. Tanto nunha festa coma na outra non salen todos."*

Cando se realizaba a procesión era moi frecuente que os ofrecidos fosen de xeonllos a carón da procesión, pero algúns intentaban ir debaixo da imaxe do santo:

" e despois as mulleres… eso xa non, iban debaixo del [do santo] *que se ofrecían, sería porque de parto, deso… non sei… e iban moitas de rodillas arredor da igle - sia. Debaixo do santo ¿eh? A que podía ir e a que non iba detrás."*

"O que se ofrecían moitos a vir a San Ramón e andar debaixo del, que se ofrecí - an… era porque de parto se ofrecían. Difícil era ir debaixo do santo de rodillas toda a procesión, pero era máis problema pos que levaban o santo que para os ofrecidos…"

Os devotos non só realizaban este tipo de penitencias senón que a maioría o que facía era poñer velas (costume que foi a que máis perdurou), e tamén traer algún tipo de ofrenda que colga- ban da imaxe do santo e que o acompañaba durante a procesión. O máis frecuente era pendurarlle dos brazos do santo acios de uvas:

"…lle traían o millor das cosechas, trigo, peras, uvas… pero do milloriño. E col - gaban os racimos de uva colgados dos brazos do santo…"

Foi este un costume que cos anos se foi perdendo tamén:

"Despois que se acabou a guerra non viña tanta xente, antes si, pero desde que acabou a guerra non viña tanta xente á romería, viña… e anos despois viña moita xente, pero así como viña antes, tanta, tanta, non, foi baixando e cada vez foi parando cada vez menos… e non lle traían nada ao santo nin…"

Unha vez máis a xustificación da perda do costume de traer ofrendas das colleitas vén polos cambios operados no ámbito económico:

"… cambiou a forma de vida e de vivir do campo pasouse a vivir da industria. Ofrecerlle uvas ao santo non ten lógica eso era antes, antes si…"

De todos os xeitos parece ser que este costume de pendurar uvas no San Ramón durante a procesión a última vez que temos recollido que sucedera foi a finais dos anos cincuenta, no 58 ou 59. Tamén parece ser que nalgunhas ocasións emigrantes da parroquia penduraron do santo billetes tal como se fai noutras romarías, pero isto tería sido algo esporádico sen chegar a formar nunca parte dunha renovación da tradición.

Todos os froitos das colleitas que se tiñan recollido pola comisión de festas antes da roma- ría eran gardados nunhas huchas e o día da romaría, xeralmente despois da misa maior, ou ben pola tarde na festa, subhastábanse no adro da igrexa, de xeito que o diñeiro que se conseguise pasara a

formar parte dos fondos para sufragar os festexos. Tamén se subhastaban os froitos que os devotos traían ese mesmo día da romaría e que penduraban da imaxe do santo. Os froitos perecedeiros subhastábanse o mesmo día da romaría, pero no caso de que non se dese subhastado a bo prezo todo o trigo, ou o maínzo etc., facíase outra subhasta o día de San Roque ou incluso o día 8 de setembro. Nesa data facíase só unha misa pola mañá, pero era frecuente que camiño da romaría que ese día se celebraba en Neda, romeiros que non puideran acudir a Sillobre ao San Ramón e estaban ofrecidos, ou tiñan algún outro interese particular por facelo, pasaran por Sillobre antes a oír misa. Dado que ían en grupos numerosos para acudiren á celebración de Neda podía xuntarse en Sillobre un número moi abundante de xente na misa. Esta circunstancia era aproveitada para subhastar aquilo que todavía puidera quedar sen vender das ofrendas que se fixeran a San Ramón.

"… o día oito de setembro non era outra festa no. Facíase misa pola mañá nada máis. E viñan romeiros, que seguro que irían para septiembre e quedarían en Neda. Viñan a Sillobre á misa e máis… estaban ofrecidos, porque eso era o que se facía."

Rematada a procesión arredor da igrexa de Sillobre, había sesión de música e baile para quen quixera bailar. Nos anos máis recentes realízase a sesión vermouth con orquestra. Habitualmente eran os homes e xente xove, homes ou mulleres as que quedaban para participar nesta sesión musical despois de rematada a procesión, porque as mulleres adultas soían ir para a casa a rematar os arranxos da comida familiar. Nesta tarefa soían ser axudadas polas mulleres que acudiran como invitadas ás casas da parroquia. As comidas eran copiosas e duraban ata ben entrada a tarde. Non era costume que os da parroquia comesen no campo como os romeiros:

"A xente de aquí comía na casa porque tiñan moitos invitados… os de aquí atenden aos invitados"

No caso dos romeiros, xa temos dito que traían a súa propia comida xeralmente en carros, pois o habitual era que viñeran por grupos a pasar o día de romaría en Sillobre. Ademais hai que ter en conta que no propio lugar no que se celebraba a romaría a penas había establecementos públicos nos que se deran comidas:

"Non había bares, solo unha tenda, e centos de romeiros. Era un negocio. Chegou a haber ata sete toldos no San Ramón. Cerca había a taberna de Cupeiro, e a de Feal, que á noite cerraban."

" A tenda de Feal (que xa a montou no ano 30) daba comidas polas festas. Tamén era ferretería. Había outra tenda pero non daba comidas."

Os romeiros buscaban polas leiras e montes dos arredores un lugar axeitado para instalarse e comer:

"A xente se situaba para as comidas no Monte do Cura con pino e felga; no campo frente a escola había un carballo e unha cerdeira: todo era sombra. Tamen por atrás da iglesia; indo pó campo de fútbol, polo cementerio arriba. A carreta se enchía de coches dos militares que viñan de Ferrol."

"Viña moita xente, aquí era unha barbaridade. Chegaban cerca das casas de arriba de merendas. E todos os arredores da iglesia, todas esas ladeiras eran campos [agora a maioría está edificado, son casas particulares]. *A xente buscaba poñerse cerca das fontes."*

"Moitos viñan días antes a ver o sitio e facían cabanas; pedían permiso aos donos das fincas. Se non quería [dar permiso o dono] *o día da festa estaba alí de guardia. Pero normalmente quería, non se estropeaba nada…"*

"Si, si, non lle tiñan que pedir permiso a nadie tampouco ¿eh?. Iban merendar, nadie lles decía nada, buscaban unha sombra. A xente tampouco non facía mal ¿eh? Porque hoxe se acaso aínda hai quen faga algo ¿non? Si se `rascan´ algo, daquela no…"

Xa temos indicado que os romeiros traían a súa propia música para escoitar no camiño así como para amenizar as merendas ou comidas, gaiteiros, tamborileiros ou acordeonistas. Organizábanse bailes informais nos que se podían integrar xentes doutros grupos que acudiran tamén á romaría. Xa pola tarde volvía a tocar a orquestra para o baile, e neste punto tamén os cambios foron significativos:

"Tocaba a orquesta ao mediodía… e despois, o que facíamos pola tarde… bueno ahora xa empezaba máis tarde, daquela empezaban as cinco ou polas catro empezaban as festas, que non empezaban como ahora. Acabábase a unha ou hasta as dúas. A primeira hasta as doce [da noite], *e así íbamos facendo…"*

"… a festa empezaba aí polas cinco ou así ¿non?, cando se acabou a guerra ás catro ¿eh?. En tanto non pasaron así dous anos ou tres, había que empezar cedo. Daquela acabábase á unha, que viña a Guardia Civil por alí. O cura, falábamos co cura que había, e falaba con eles e deixaban unha hora máis, unha hora máis vamos, sin o permiso. Tiñan permiso hasta as doce e deixaban hasta a unha ou as dúas."

Que a orquesta fixera a verbena a esas horas da tarde e rematara arredor da unha da mañá non era só por razóns de policía controladas pola Garda Civil. Os romeiros viñan de moi lonxe e a pé ou en carros na maioría dos casos, ou ben na lancha que cruzaba a ría. Moitos xa a partir da

media tarde e antes de empezar a noite xa emprendían o camiño de volta para poder facer a viaxe con luz natural. Así mesmo, aínda que se volvera en grupos máis tarde camiñando pola noite, os gustos eran outros:

> *"… eu vexo unha cousa mal* [da festa de agora, ano 2002], *o empezala tan tarde* [a verbena]. *Eu creo que sería ben pa juventud pa todo, porque a juventud si vai tra - ballar non… e si estudia tampouco… debía de acabar un pouco máis cedo. Eu non digo que acabara ás 2 da mañá tampouco. Sobre as catro da mañá ou ás cinco."*

> *"Eu a diversión sempre me gustou moito, pero ter o seu límite para descansar e…. Pero claro hoxe chegan ás oito da maña e dormen todo o día, pero antes non podí - amos facer esto. Á unha xa estabamos collendo de volta cada un pa súa casa. Esto é unha cousa que eu vexo que se vai acabar co tempo… según empezou esto a de acabar tamen, porque a xente hase cansar deso de vivir tan tarde, e si hai que tra - ballar… e traballo hai pouco…"*

> *"Os romeiros non se quedaban á verbena que era con sol. Traían a súa música par - ticular, gaiteiros ou acordeón. A festa facíanna polo camiño e na merenda…"*

Xa pola noite botábanse os fogos artificiais tratando de que fosen os mellores posibles ou cando menos mellores que os lanzados nas festas das parroquias veciñas. Incluso en ocasións botábase un globo xigante de papel. Esta era unha tradición cuia existencia xa constaba en documentos do arquivo parroquial, no *Libro de Cuentas del Glorioso San Ramón Nonato*, que se fixera cando menos no ano 1874. Moito despois, xa no século XX, esta tradición recuperouse e foron varios os anos en que se lanzaron globos xigantes[25] de papel polo San Ramón, sendo o último lanzado ata agora no ano 1995. Esta recuperación da tradición de lanzar un globo polo San Ramón trasladouse á celebración das outras festas da parroquia:

> *"Bueno, aquí o globo facíase pero o que o facía morreu, inda non hai moitos anos que o fixo, pero morreu. El igual o facía na festa esa* [San Ramón] *que na outra. E ten feito festas tamén."*.

Non temos recollido datos significativos de conflictividade nas celebracións festivas, cousa que sen dúbida debeu de existir en maior ou menor medida. En xeral, polos poucos datos que puidemos recompilar sobre este asunto, adoitaban tratarse de lixeiras liortas por efecto do alcol pero sen máis trascendencia. Só tivemos noticia dun incidente grave con dúas personas doutra parroquia que se presentaron no adro da iglesia a cabalo e en actitude desafiante e nada respectuosa, o que provocou a reacción violenta dos veciños:

25. Rivera Rodríguez, M. *Sillobre ven de antigo.* p. 70: cita ás dúas persoas que se encargaron de facer e botar o globo, dun tamaño que oscilaba entre 1,50m. e os 10m.

"Problemas, houbo un problema, pero deso xa hai anos, porque eu tería dezaoito anos daquela tamén, e viñeran cando estaban sacando… salindo a procesión, que daquela salían todos os santos, que había moita xente, e viñera… porque ti a R. de Fene non o conociche… ese e mais o F … de Barallobre, que tamén tiña… era un rapaz xa… viñeron nun carro de cabalos cando estaban sacando a procesión, e fixeron un revoltijo aí que… o F, si non aparta a cabeza mátanno, colleron unha pedra grande e tiroulla encima da cabeza que si non a aparta esmághalle a cabeza, sangraba alí… déronlle máis bastonazos na cabeza que María Santísima…"

"Aquí peleas non… si algunha revolta pequena, había sempre algún que quería armar jaleo, pero como estaba a Guardia Civil, cortaba… "

"Aquí unha parexa [da Gardia Civil] de Fene unha vez por San Ramón, había unhos chavales que querían armar un follón con outros, non sei porque era. E claro, colléronnos a Guardia Civil, eran un sargento e mais un guardia, e díxolle o guardia ao sargento:
- ¿Que, tomo nota sargento?
E díxolle:
- Mira non tomes nota, que si tomas nota quen vai paghala vai ser o pai…
E manghoulle dúas castañas alí diante do casino. Pero hoxe xa non o poden facer"

Rematada a romaría de San Ramón, o día seguinte, 1 de setembro, celebrábase a festa de San Roque. Neste caso as celebracións responden ás que habitualmente se realizan para calquera outra festividade parroquial. Á mañanciña anunciábase a festa con bombas de palenque. Polo mediodía celébrase a Misa Solemne na igrexa parroquial que ía seguida da procesión arredor do edificio eclesiástico, presidida pola imaxe de San Roque. Rematados os actos relixiosos bótanse varias tracas de fogos de artificio con remate de bombas de palenque. Antes de ir xantar realizábase unha sesión vermouth amenizada por unha orquestra. Xa pola tarde, e cada vez máis contra a noite, celébrase a verbena. Nesta festa de San Roque o protagonismo era dos propios veciños da parroquia e dos seus invitados.

Xa vimos como o ciclo do San Ramón se remataba o día oito de setembro en que se realizaba a *Misa de Romeiros*, que xa comentamos que era a ocasión que aproveitaban aqueles devotos que estando ofrecidos a San Ramón non tiveran a posibilidade de acudir á súa romaría o 31 de agosto. Xuntábanse tamén este día de setembro, tal como temos comentado, en Sillobre as xentes que ían de paso á parroquia de Santa María de Neda as *Festas de Setembro* ou *Día da Patrona.* Moitos eran os que de camiño a Neda paraban na misa en Sillobre.

Un elemento que tamén formaba parte da romaría e da súa liturxia era a Fonte de San Ramón situada ao pe da igrexa parroquial, tamén coñecida como Fonte dos Milagres. Ten unha

figuriña pequena de San Ramón tallada en pedra, que foi varias veces deteriorada e incluso roubada. A actual é unha nova reproducción que se colocou no ano 1998. Ten a fonte dous canos de auga que manan todo o ano, un deles é o cano de Santa Mariña e o outro é o cano de San Ramón. Non parece haber narracións que relacionen a fonte nin a súa auga con efectos terapéuticos ou máxicos propios. As súas virtudes virían dadas como prolongación das facultades milagreiras do santo. Algúns romeiros levaban auga para as súas casas collida o mesmo día da romaría e especialmente facíanno os que viñan a visitar o santo en nome doutra persona que non puidera asistir. Esta tería a posibilidade de participar no rito a través da auga que lle traían da Fonte de San Ramón como un xeito de afirmar a súa devoción e de axudar ás virtudes milagreiras do santo.

> *"… e levaban a agua da fonte, que si lla daban a muller milloraba… outros disque a botaban por riba da barrigha e tamén, pero bebela era máis porque lle chegha - ba ao neno* [o feto]…*"*

IV

Para ter unha perspectiva máis acabada imos intentar completar os datos etnográficos presentados ata agora cunha descrición das transformacións operadas na romaría de San Ramón nos anos máis recentes, nás últimas edicións da romaría. Atenderemos á narración que algúns dos actuais protagonistas da romaría fan da mesma, así como ás súas propias explicacións e xustificacións elaboradas para dar conta deses cambios operados nos rituais.

Actualmente a Comisión organizadora é única para todas as festas de Sillobre: o 29 de xuño San Pedro; o 18-19 de xullo Santa Mariña e o Carme e xa no 31 de agosto e o 1 de setembro San Ramón e San Roque. Dende o ano 1963 parece ser que este é o costume, que unha mesma comisión se encargue de facer todas as festas, se ben isto non se conseguiu realizar en todos os anos dende entón. Así por exemplo, o ano 1981 foi noticia na prensa que o San Ramón de Sillobre non saíra por primeira vez en procesión[26]. Por outra banda xa temos feito referencias de que nalgún ano se volveron a facer festas que xa non se facían incluso dende antes da guerra. Pero hai un grao alto de acordo en canto a que a decadencia das festas, entre as que inclúen ao San Ramón, é algo que se inicia a partir da década dos 60 do século XX:

> *" … dende o 60 podes decir que a festa decaeu* [fala do San Ramón]. *Antes tiña máis forza o valor espiritual que o diñeiro…"*

> *"… centos de romeiros pola romería, con devotos… colgando uvas do San Ramón… hasta o 58 despois ca! Algún ano si moita xente pero como antes nada de nada…"*

26. *Ferrol Diario,* 2 de setembro de 1981.

Antes as comisións de festas estaban formadas integramente por homes, non será ata anos moi recentes en que mulleres pasen a formar parte delas. Sen embargo a diferencia máis significativa para os nosos informantes, o cambio máis relevante, non viría dada por este feito senón polo de que na comisión se integre xente nova ou non.

> *"… había a costumbre de facer a festa a misma xente. A veces había jóvenes, pero pouco… sempre era xente más maior a que tiraba… e cánsaste, sempre a mesma xente, non hai relevo… parece que ahora si, pero xa é outra cousa…"*

Á hora de recadar fondos para a romería a comisión tivo que cambiar de estratexias. As festas cada vez son máis caras e faise necesario contar cuns ingresos moi elevados para as posibilidades dos propios veciños:

> *"… vaise polas casas, pero máis por ir que polos cartos. Antes sabías xa canto te iban dar en cada unha de un ano pa outro. Pero ahora xa non pode ser. Hai casas de xente moi maior que non pode dar para a festa…"*

> *"A media de idade da parroquia elévase polas casas novas de Pedre* [urbanización de recente construcción]*, do resto nada. Non podes pedirlle tanto aos veciños, hoxe xa non pode ser así…"*

Para recadar fondos os últimos anos recórrese a editar unha revista na que se insire publicidade de establecementos comerciais e industriais de toda a comarca, co que se vai recadando máis diñeiro. A isto súmase toda unha serie de actividades ao longo do ano para recadar diñeiro na parroquia, fundamentalmente ceas, ceas baile e sardiñadas. Este tipo de actividades están a xogar nos últimos anos un papel moi importante nas novas pautas de sociabilidade e identidade parroquial.

Cambiou tamén notablemente o marco físico no que se desenvolvía a romaría. Hoxe os arredores da igrexa parroquial de Sillobre están edificados de vivendas, unha escola pública, un centro social dunha entidade cultural, unha estrada asfaltada con abundante circulación, etc. Xa non sería posible repetir hoxe en día as imaxes que nos contaban de centos de romeiros apostados polos campos da zona, nas inmediacións da igrexa e o adro, buscando as sombras nunha paixase bucólica e rural, para realizar as súas merendas e comidas campestres. De todos os xeitos fixéronse iniciativas nese sentido. Concretamente na edición do ano 2000 convocáronse premios para as mellores merendas na romaría de San Ramón.

Aquí aparece outro dos aspectos que tamen se transformaron: non só o espacio xa non é significativamente o mesmo senón que as xentes que acoden xa non veñen nas mesmas condicións. Hoxe acódese masivamente en automóbil, co que hai serios problemas para aparcar nos días de festa, empregar este tipo de locomoción rompeu coa necesidade de adicar practicamente o día com-

pleto, ou alomenos gran parte del, á romaría se se quería participar nela; o coche permite por exemplo comer na propia casa, ou nun restaurante, así como poder achegarse á romaría cando se quera para participar daquel aspecto da celebración festiva que máis lle interese a cadaquén: a misa, a procesión ou a verbena. Ademais a xente que asiste é nos últimos anos maioritariamente xente con vinculacións familiares ou de amizade con algún veciño da parroquia:

> *"Teñen familiares aquí, e veñen aquí, é a que máis ben. E eses veñen invitados, ese é da que máis xente ven as festas de Sillobre, de fora poucos. Pode ser que veña algo, pero moi pouco. Porque o día de San Ramón non hai nadie aquí pó que había antes, que non se podía mover un polo atrio. E ahora esta vacío completamente, ven esa xente que ven invitada. E acabouse o outro…"*
> *"ahora xente xoven moi pouca, asistentes moi pouca. Maioritariamente xente da parroquia. Invitados xa moi poucos.."*

Este notable descenso de romeiros nas merendas, ata a súa práctica desaparición, ten a súa correspondencia co descenso da presencia de devotos ofrecidos nos rituais relixiosos. O número de misas pedidas polos devotos antes da misa maior decaeu ata incluso chegar a non habelas, e o mesmo pódese dicir das penitencias durante a procesión do santo arredor da igrexa. Xa non se ven manifestacións de penitencia e devoción consistentes en ir de xeonllos debaixo da imaxe de San Ramón. Outro tanto ocorre co ritual de poñer o santo que xa non é algo que se poida ver con frecuencia despois da misa maior.

Semellante situación é a que tamén se pode describir acerca do costume de subhastar os productos do campo que os veciños achegaban para sufragar os gastos da romería.

> *"No 66 aínda daban trigo e no 63 tamén para o San Ramón … ahora xa nada, xa non se cultivan as terras. Ahora todo vive da industria…"*

O que pola contra se considera que cobrou vigor son a sesión vermouth e a verbena. As orquestras son das mellores que se poden contratar, e inténtase que sexan as máis afamadas do momento. Procúrase que os fogos de artificio tamén sexan os mellores posibles. Despois da sesión vermouth chega o tempo das comidas, que fundamentalmente se limitan ás comidas familiares; incluso está cobrando presencia, neste aspecto, un novo costume: ir comer a algún restaurante. Ultimamente estase impulsando a realización durante a tarde de toda unha serie de actividades de entretemento e diversión:

> *"… xogos, carreiras mecánicas, concursos, premios,… no adro da iglesia…"*

Xa temos visto como antigamente a verbena comezaba pola tarde, aínda que a maioría dos romeiros non puideran asistir a ela pois iniciaban o regreso a media tarde ou incluso despois de

comer. Segundo foron pasando os anos, a hora de comezo da verbena foise retrasando así como tamén a hora á que finalizaba. Este cambio é un dos máis destacados por aqueles veciños de Sillobre que tiveron a posibilidade de participar da romaría tal como era antes e como é agora:

> *"A min gustábame ir as festas coma o primeiro, e gustábame que as houbera, divertirse. Pero divertirse doutra forma, non tan a esas horas da mañá. Empezar ás oito da tarde ou ás dez e acabar ahí ás catro ou cinco, que nadie sabía nin a que hora viñas, viñas e nadie te vía. Ás oito da mañá chegan por aí os coches cos homes, e mulleres e todo!"*

> *"A min gústame unha verbena… a min gústame moito máis un baile dos que había antes, que era un baile normal, sin ruidos nin cousas… pero a outros non, esa forma que lles gusta ahora así. Iso tamén o millor cambia como cambiou dun para outro, ahora ¿non? Do que había antes ao de ahora."*

PLURALIDADE SEMÁNTICA E TRANSFORMACIÓN RITUAL

Imos someter de seguido a unha consideración máis analítica o conxunto de datos etnográficos descritos nas páxinas anteriores co obxecto de ir destacando algúns aspectos que nos permitan chegar a unha maior comprensión da celebración festiva do San Ramón de Sillobre, as súas transformacións ao longo dos últimos anos e a súa configuración actual.

Na celebración da romaría temos visto como existen diversos niveis de implicación que teñen experimentado significativas transformacións nos últimos decenios. Así vemos como dende os primeiros recordos dos participantes no San Ramón aos que podemos facer referencia, o protagonismo na organización da romaría corresponde aos propios veciños da parroquia que en todo momento da celebración festiva teñen un papel fundamental. Eles son os que toman a decisión de facer a romaría cada ano, ou de non facela como xa ten ocorrido algunhas veces. Son os veciños de Sillobre os encargados de recoller os fondos necesarios e facer as xestións oportunas para que o día da romaría todo este a punto na igrexa e no recinto da festa. Agora ben, ese protagonismo veciñal na organización ten que ser compartido na maior parte das actividades que se poñen en escena o día da romaría. Xunto coas tarefas e funcións executadas polos veciños son fundamentais as dos devotos romeiros que dende unha ampla comarca achéganse á romaría xa en agradecemento a San Ramón xa por algunha petición cumprida, xa buscando un favor do Santo, os devotos ofrecidos, ou ben por pasar un día de festa e lecer campestre. Nesta confluencia de xentes que veñen de fóra da parroquia o 31 de agosto, hai que integrar tamén a todos e cada un dos invitados que veñen a pasar o día cos seus parentes e amigos residentes na parroquia de Sillobre. Son este grupo de convidados xunto cos veciños residentes da parroquia os que configuran a celebración comunitaria local fundamentalmente a través da comensalidade de carácter familiar e doméstica.

13 de agosto de 1216

Doña Teresa Bermúdez, hermana de doña Urraca, que se había apoderado injustamente de lo que su padre don Bermudo había dado al Abad de Sobrado, don Egidio, para que el Señor le perdonara el grave pecado cometido, restituyó y dió de nuevo, al abad don Enrique y a sus monjes, la heredad de Noguerosa y todo lo que había usurpado al Monasterio[27].

In Dei Nomine. Notum sit praesentibus atque futuris quod ego Dna. Tharasia Vermudi vobis abbati Dno. Henrrico et omni conventui de Supaddo tam praesenti quam futuro facio cartam donationis et quitationis in perpetuum valituram de tota hereditate de ***Nugueirosa*** *cum omnibus pertinentijs suis intus et foris prope et longe sicut eam Pater meus Vermudus Petri iure hereditario tenuit et posedit et hoc facio pro remedio animae meae et parentum meorum quorum fuit hereditas ad ecclesiae et ad iluminanda altaria et ut conventus annuatim habeat inde pitantiam in die Sancto Paschae et ut misericors Dns. liberet me de peccato, quod feci tenen - do iniuste quia pater meus dedit illam abbati de Supaddo Dno. Egidio, ut ibi mite - ret ordinem Sancti Benedicti; sicut in manda ipsius continetur. Dono igitur supra - dictam hereditatem Deo et Beatae Mariae et praedicto conventui ut eam habeat iure hereditario et posideat in perpetuum, etc. Facta carta donationis in Era M.CC. LIIIJ et quotum idus Augusti*[28]*.* (Era 1.254. 13 de Agosto de 1.216).

Cronicón de Santa María de Sobrado. Libro II. Punto I. Capítulo VI. Apartado 142. La transcripción está tomada de este manuscrito, consultado gracias a la amabilidad de Santiago DAVIÑA, que transcribió este Memorial. Transcripción incompleta.

27. *Memorial del monasterio de Sobrado.* Manuscrito. Instituto Padre Sarmiento. Folio 159. CARBAJO, fray Mauricio. *Cronicón de Santa María de Sobrado.* Libro I. Parte 20. Capítulo XII. Apartado 326. La transcripción está tomada de este manuscrito, consultado gracias a la amabilidad de Santiago DAVIÑA, que transcribió este Memorial.

28. Carbajo pone el 15 de agosto de 1218, pero es claro que idus de agosto corresponde al día 13.

Qui presentes fuerunt: Abbas Supaddi Dns. Henrricus testis confirmat. Abbas de Azinario test. et confirmat. Abbas V. de Melone, test. conf. Petrus Ioannis monachs Supadi. Abbas Petrus de Sancto Claudio testis et confirmat. Frater Fernandus Froile conf. Nutio Ferdinandi mayordomus ipstus Dna. Tharasiae test. et conf. Abbas Dns. Laurentius de Martinus capellanus Dna. Tharasiae testis et confirmat. Ursariae testis et confirmat. Fernandus Ioannis Nepos. Dnae. Tharasiae testis et confirm.

6

13 de febrero de 1218

Don Rodrigo Fernández confirma al monasterio de Sobrado y a su abad don Enrique, lo que su abuelo don Bermudo, su madre doña Teresa y su tía doña Sancha Bermúdez habían dado a Sobrado en Noguerosa, y deja a su muerte a Sobrado cuanto había adquirido, pidiendo que le enterrasen en el Monasterio [29].

Era MCCLVI et quotum idus Februarij. In Dei nomine amen. Notum sit prae atque futuris, quod ego Dominus Rudericus Fernandiz, vobis Abbati Domino Enrriquo et conventui de Supaddo recipio totam hereditatem de ***Nugeirosa*** *cum omnibus pertinentijs suis, quam vos iure hereditario habetis ex donatione Avi mei Domini Vermudi Petri et Matris meae Dominae Theresiae et tía meae Domina Santiae Vermudi, sicut in mandis eorum resonat, ali videlicet pacto, ut in vita mea tantum teneam illam de vobis et ad obitum meum tam istud, quod a vobis recipio, quam quidquid ibi adquisivi, vel adquisiero, tam in rebus mobilibus quam inmobilibus, totum vobis liberum et quietum ex omni parte et voce mea remaneat. Et sciendum quod mater mea Domina Tharasia titulo pignoris dederat MCLX solidos super illum partem Dominae Santiae, quam pecuniam Domina Tharasia vobis quitavit et redido vobis posessionem integram. Quod si aliquis violentium michi et vobis fecerint. Et manu mei, vel alij, preter quam in mandis superius memoratis resonat, quocumque modo potuero, tam fratres meos, quam alios ab ista posessione removere debeo, ita quod ad mortem meam libera vobis et expedita permaneat, et vos quantum porueritis me ad hoc adiuvare debetis. De cetero professionem vobis facio et mando, quod corpus meum in monasterio Supaddi ubicunque obiero, habeat sepultuam, et in nullo alio loco debeo sepulturam habere, vel habitum religionis asumere; insuper promito quod in tota vita mea sim fidelis amicus et vasallus Sancte*

29. CARBAJO, fray Mauricio. *Cronicón de Santa María de Sobrado.* Libro II. Punto I. Capítulo VI. Apartado 155. La transcripción está tomada de este manuscrito, consultado gracias a la amabilidad de Santiago DAVIÑA, que transcribió este Memorial.

Mariae de Supaddo, et recipio a vobis duos equos et centum quanquaginta solidos, et istud et alia bona quae mihi facitis debeo promereri vobis in omnibus servitijs pro posse meo, etc.

Qui presentes fuerunt Prior Dominus Fernandus Suarij, testis et confirmat; Subprior Petrus Vermudis, testis et confirmat; Dominus Petrus Ioannis celarius mayor, testis et confirmat; Fr. Petrus Oveque, testis et confirmat. Fr. Fernandus Froyla, testis et confirmat; Petrus Vermudi de Curtis, testis et confirmat; Sebastianus Petri, testis et confirmat. Ioannes Martini qui notuit, testis et confirmat.

7

8 de junio de 1369.

Requerimiento del monasterio de Sobrado contra Fernán Pérez de Andrade y sus hombres por la construcción de un castillo en la peña de Leboreiro, en tierras propiedad del Monasterio[30].

Eira de mil e quatrocientos e sete años, oito días de junio en presencia de mí Debastián Pérez y notario público del Rey Nuestro Señor, e de Sobrado, e de dos testigos adeante escriptos estando eno cabildo do mosteiro de Santa María de Sobrado da orden de Cistel que he eno arçobispado de Santiago, don frey Esteban Sejas Prior do dito moesteiro por si e en nome do conbento do dicto moesteiro que presente esta e outorga disso que a el e ao dicto conbento era dicto que Fernán Pérez de Andrade escudeiro quería facer hum castelo et torres en a pena que chama do Leboredo[31] *que he eno couto de* ***Nogeyrosa*** *acerca da ponte deume a qual pena e couto e lugares e heredades e señorío era do dicto moesteiro de Sobrado et que o dicto Fernán Pérez de Andrade non temendo a Deus e en gran daño e perjuicio de sua alma por força e contra boontade do dicto conbento e homes boos do dicto moesteiro quería façer o dicto castelo en a dita pena de Leboredo e en o dicto couto da qual cosa o dicto Prior e conbento desía que abían gran medo e temor de se les seguir de daño e perda do dicto moesteiro e de seus lugares e beees et que o dicto Prior e conbento abían medo e gran pabor do dicto*

30. Transcripción efectuada a partir de la copia en papel que se encuentra en el ARG. Fondo Vaamonde Lores. Carpeta 4-6-22. Este documento aparece citado con transcripción parcial por VAAAMONDE LORES,César. en *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes*. BRAG. Tomo VIII. Nº 89. Año 1915. Páginas 106 y 108. También en COMERMA Y BATALLA , Avelino. *Los castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade. Ferrol 1903, aunque en este caso la trans - cripción que efectúa no corresponde al original del ARG. No obstante, COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, en su obra Historia de Puentedeume y su comarca*, Puentedeume 1971, toma los datos de COMERMA Y BATALLA, para su exposición sobre el castillo en las páginas 146-150 de su libro.

31. Peña de Leboreiro, en la parroquia de san Cosme de Noguerosa, en el ayuntamiento de Pontedeume.

Fernán Pérez e de seus homes dos corpos e dos avenços e juraban por sua ordeen que non ousaban ir a adicta pena de Leboredo nen a os dictos lugares nen enreda do dicto Fernán Pérez facía esta dicta defensa, nen a cada hun de eles, et por esta causa que el o dicto Prior oze en este dicto día por sí e en nombre do dicto con - bentoque presente esta e outorga, que defendía e amparaba a dicta pena de Leboredo e heredades de enrreda dela, et odicto couto de ***Noguerosa****, con fíador para dereito que dicto Fernán Pérez nen outros en nombre del non feciesen casti - llo ne fortaleza, ne casas, nenguna pena dista pena de Leboredo ne enas hereda - des denrreda dela disendo o dicto Prior que daba a dicto fiador para ante seu señor el Rey, e para ante seus ministros e justicias en lo temporal. Et para ante o seu señor obispo, en para ante seus auditores en espiritual, en para ante cada hum deles que façan direito ao dicto Fernán Pérez, ou aoutro qualquier deles, saber se facan demandaou que el tenga, et que seu dicto Fernán Pérez ou outros por él sobre esto fecesen ou labrasen ou dicto castelo, ou torres, ou casas, ou outras cubarras, ou outros edificios, algunos en a dicta pena de Leborado, ou denrreda dela, que todo fuese por força e contra bountade do dicto moesteiro e conbento del et sobre fiador para direito assí como aquel ou aquelles que touman et rouban alleo por força e contra bountade de aqueles cuyo he. Diciendo o dicto Prior que daba e dió o dicto fiador para ante o dicto señor Reye para ante o señor obispo que façan e se façian direito como dicto he. Con el cual fiador o dicto Prior alçou mao ques a saber Juan Freire, morador en Lodeiro, que estaba presente e outorga la dicta fiadoría. Et demais que se o dicto Fernán Pérez eu outros algunos por el contra esto pasasen eu labrasen en fasendo o dicto castelo e torres en a dicta pena e heredade e señorío do dicto Moesteiro, que prestaba deodesir e querelar ao dicto señor Rey, ea seus ministros e justicias hu seu direito foro. Et todo mal e força seu resgo que a eles o dicto Fernán Pérez façía eu façesse eu mandase faser, et de todo esto que sobre dicto he, o dicto Prior por sí e en nombre do dicto conbento pide a mi o dicto notario hum traslado, o dous, ou tres ou mais quantos les complesem para guissa do seu direito. Feito en o dicto cabildo dia e era sobredictos.*

Testigos Juan García de Lodeiro e Fernán Ferreiño e Gerónimo Pérez e Pedro Aidido, moradores en Villa Nouba e outros. Eu Sebastián Pérez, notario público do dicto Moesteiro que presente fuy, eu firmo o meu nome e sillal e pono en testimo - nio de verdad que tal he.

Nota: Concuerda con el original.

Firma: Fray Basilio Centenero.

8

11 de noviembre de 1733

El monasterio de Sobrado efectúa reclamación sobre sus posesiones de la Graña de Brión, haciendo mención del foro de la Noguerosa.

Al ilustrísimo Procurador General.

Muy señor mío:

El correo pasado escribí a Ud. previniéndole como por cesión que dicen ha hecho el señor conde de Lemos a su Majestad, que Dios guarde, de la villa de la Graña de Brión, el Corregidor de La Coruña tomó posesión, en nombre de su Majestad, de la dicha villa y todo su terreno, sin hacer memoria del monasterio de Sobrado, y que era necesario hacer alguna representación y opinión. Ahora digo, que para hacer notorio a Dios y al mundo, que esta oposición no es voluntaria sino justifi - cada y muy seria obligación, que remito a Ud esa copia auténtica de una ejecuto - ria y carta de amparoque el señor Rey don Juan el primero, en las cortes que cele - bró en Soria en la era de 1418, que es año de 1380, mandó despachar a favor de este Monasterio y contra algunos señores, hombres poderosos de este reino de Galicia, que tenían tomadas, con título de encomienda, a este Monasterio muchas haciendas y granjas y que entre éstos, fue uno Fernán Pérez de Andrade, que tenía en encomienda el coto de san Payo de Aranga y otras granjas; Martín Sánchez de las Mariñas, que tenía en encomienda el coto de Santiago de Reboredo y el de Bejo, y la encomienda de granjas que eran del Monasterio, y contra su voluntad. Y así mismo, contra Garci Rodríguez, que tenía en encomienda la granja de Brion. Y los jueces que su Majestad nombró para que conociesen de esta causa en vista de los privilegios y papeles que el Monasterio presentó, mandaron a los sobredi - chos que dejasen libre y desembargado al Monasterio todo cuanto le tenían toma - do con tal título de encomienda, y que le restituyesen los maravedís, pan y otras cosas que hubiesen llevado desde que se dió la carta en Soria. Y en virtud de esta carta expresada los sobredichos señores dejaron al Monasterio libres las hacien - das que llevaran con título de tales encomiendas, y uno de ellos fue Garci Rodríguez que llevara la Graña de Brión. Martín Sánchez de las Mariñas fue padre de Ares Pardo; éste fue padre de Gómez Pérez; éste entre otras hijas, tuvo a doña María de las Mariñas; de ésta fue hijo legítimo don Fernando de Andrade; de éste fue hija doña Teresa de Andrade, que casó con don Fernando Ruiz de Castro, conde de Lemos, y de éste fue hijo don Pedro Fernández de Castro; de éste fue hijo don Fernando de Castro; de éste fueron hijos don Pedro Fernández de Castro y don Francisco (Fernández) de Castro. Don Pedro Fernández de Castro

no tuvo sucesión, y entró en los estados don Francisco de Castro su hermano, que casó con doña Lucrecia Lignara y tuvo por hijo a don Francisco Fernández de Castro, y éste a don Pedro Fernández de Castro, que casado con doña Ana de Borja Centellas, tuvieron por su hijo a el señor don Ginés Fernández de Castro, que vive y Dios conceda muchos años, conde de Lemos. Todo este enlazamiento no es más que para entroncar a el señor conde de lemos con Martín Sánchez de las Mariñas, y que no tiene correlación con Garci Rodríguez, que fue quien tuvo encomienda la granja de Brión.

La realidad del caso es que el señor Conde nunca tuvo, ni sus ilustres progenitores, en la granja de Brión dominio de propiedad, más que únicamente la jurisdicción del aire, y la facultad de nombrar alcalde ordinario, y nombrar cura, y esto es por cesión y concordia que el Monasterio hizo con su casa; y también percibe su excelencia el producto de la alcavala foránea, que es lo que se debe de alcavala de lo que se viene a vender de afuera a dicha villa, que es una cosa tan corta que no sé que llegue a cuatro ducados de venta.

La era de 1191, que es año de 1158, el deán don Pelayo y cabildo de la dicha iglesia de Santiago, hicieron donación a este Monasterio de la iglesia de san Andrés de Brión en tierra de Trasancos, junto a el mar, en la ribera del río Jubia, con todas sus pertenencias y derechuras, y en virtud de esta donación, el Monasterio estuvo poseedor hasta los años de 1360, y en este tiempo, a sus expensas, el Monasterio pobló aquel sitio, poniendo allí un monje prior que administrase las ventas y haciendas, y de ésto hay más de cierto y tantos instrumentos de foros antiguos en pergamino hasta el año de 1500 en los cuales dió el Monasterio en foro, a unos casas hechas a costa del Monasterio, a otros sitios que llamaban plazas para fabricar más casas, a otros heredades, viñas y prados; y desde el año 1500 hasta 1700 hay otros muchos más foros en papel, que de unos y otros remito a Ud. minuta en otra cubierta para no amontonar más bulto. Yo no alcanzo, como se pueda decir con probabilidad de verdad, que el señor Conde tiene foro hecho al Monasterio por su casa, cuando el Monasterio acostumbró a hacer foros a los cautsantes de las casas de excelencia como consta del foro que el año de 1497 hizo doña María de las Mariñas y a su factor Rodrigo de Taibo, según que antes lo habían llevado en foro Gómez Pérez y Ares Pardo, su padre y abuelo, y muchos años antes doña Mencía de Meira, viuda que quedó de Pedro Fernández de Andrade, estando en sus casas de la villa de Betanzos en cinco días del mes de noviembre del año de 1433 hizo desembargo de las heredades y casares que llevaba en foro del Monasterio de Sobrado, en manos de fray Alonso de Compostela, Ovenzal, o Prior de la Graña de Noguerosa, de los bienes que llevaba en foro en la feligresía de Noguerosa; que está firmado y signado de Diego Arias, Notario público del Rey en Betanzos.

De donde se deduce cuan antiguo es en este Monasterio el hacer foros a los ascendientes de la casa de los señores condes de Andrade. En la era de 1407, que es año de 1369, don frai Esteban Fernández, Prior de Sobrado y del convento, hizo protesta a Fernán Pérez de Andrade Escudero, que no hiciese la torre y castillo que llaman de Andrade sobre la peña que llaman de Leboreiro, que es en el coto de Noguerosa, cerca de la Puente de Eume, porque el territorio es del monasterio de Sobrado que pasó por testimonio de Sebastián Pérez, escribano público del Rey en los cotos de Sobrado, el que está signado y firmado de dicho escribano. Después hubo concordia entre el Monasterio y dicho Fernán Pérez de Andrade, y se le permitió hacer la torre y castillo, con que pagase por el sitio diez maravedís cada año, los que se pagaron muchos años después, hasta que se levantó la casa de Andrade con no pagarlos. Dió dicho Fernán Pérez de Andrade por su fiador a Juan Freire, vecino de Lodeiro, con lo cual se le permitió fundar el castillo. Pidió el Prior un testimonio, dos o más para su derecho, que se le dió.

No hay memoria ni tradición que este Monasterio haya recibido en foro desde que se fundó, que hace más de mil años, de persona alguna ni señor, bienes algunos. Con que no se hace verosímil que pueda haber tal foro, y si lo hubiese por falta de su observancia, sería nulo, inválido y defectuoso, a que no se debe dar crédito, porque esto de foros sin observancia, son instrumentos voluntarios y dolosos.

Es cuanto se me ofrece decir por ahora hasta que Ud. me avise del estado de la cosa, y advierto que podrá ser en grave detrimento de las ánimas del Purgatorio, porque debajo de estos bienes están hipotecadas las limosnas de dos misas que se dicen todos los días en este Monasterio por benefactoribus, como a Ud. le consta. Dios lo remedie, que pienso que no han de quitar la lámpara a el Santísimo Sacramento y los cálices de la iglesia. Sobrado, a 11 de noviembre de 1733.

Firmado M. Del P. y Bernabé Palaños.

En el mismo documento aparecen las siguientes notas:

Nota 1:
Si Ud. hallase que será conveniente que le remita otro privilegio de el señor rey don Sancho, dado en Lugo, en la era de 1324, que es año de 1286, en que concede al Monasterio el diezmo del ballenaje que se matase en el puerto de el Prioiro, por cuanto el dicho puerto fue abierto en propiedad del Monasterio, y le remitiré por que este puerto y monte de el Prioiro lo lleva y goza hoy el señor conde de Lemos por cesión del Monasterio. Para que participe a su excelencia esta noticia, hasta que yo la escriba, que lo haré bueno a todo tiempo.

Nota 2:
Amigo, aquí quien pierde es el Monasterio que el Conde se interesa y mucho. Si se puede estar con su excelencia y hacer la representación, no será fuera de razón, que es buen cristiano y temeroso de Dios.

Nota 3:
La misma contaduría de su excelencia de Monforte y de Puente de Eume informa - rá a su excelencia como de la Graña no percibe renta más que lo que produce la alcavala, que el terreno es del Monasterio.

Siglas:

ARG = Archivo Reino de Galicia.
BRAG = Boletín Real Academia Gallega.

LÍMITES PARROQUIAIS, LÍMITES SIMBÓLICOS, CONMEMORACIÓNS RITUAIS: O MARCO DE SAN LOURENZO

Eva Loureiro Souto

INTRODUCCIÓN

Este traballo xira en torno ao marco de San Lourenzo situado entre os concellos de Fene e Cabanas e ás diversas manifestacións rituais que actualmente continúan a levarse ao cabo en relación con este lugar e co santo do que toma o seu nome. Para dar conta dalgúns dos moitos significados que teñen estes rituais percorreremos diferentes escenarios seguindo como fío conductor a devoción a San Lourenzo e a descrición das diversas prácticas rituais que se celebran nos diferentes contextos nos que este santo está presente. Polo tanto comezaremos describindo o marco de San Lourenzo e a antiga capela que nun tempo acubillou a este marco, visitaremos os rituais festivos que se realizaban antigamente na romaría de San Lourenzo e se realizan hoxe en día nas festas patronais de Laraxe. Xunto con eles poderemos revisar algunhas das lendas que dan conta da orixe da romaría adicada a este santo e que expresan as relacións existentes entre algunhas das parroquias da comarca. Por último remataremos voltando ao marco para descubrir algúns dos rituais curativos e protectores que todavía se levan ao cabo neste espacio.

Ao longo de todo este traballo propoñémonos revisar algúns dos moitos cambios e tamén algunhas das permanencias que teñen acontecido no contexto espacial, social e simbólico tanto do marco coma da imaxe de San Lourenzo. Tamén pretendemos explorar o papel das lendas relacionadas con San Lourenzo no proceso de construcción social da parroquia de Laraxe como unha comunidade e escrutar as diferencias e as continuidades nos valores e significados que esta comunidade lles vén proporcionando ao marco, ás festas e a San Lourenzo desde hai xa moitos anos. Comezaremos este percorrido acudindo ata o lugar onde se atopa o marco por vez primeira.

O marco de San Lourenzo é un rectángulo de granito coas súas arestas moi desgastadas polo paso do tempo e que conta con aproximadamente trinta centímetros de altura, vintetrés centímetros de anchura e cincuenta e cinco centímetros de lonxitude. Está situado nun punto que marca o límite entre catro parroquias desta comarca: San Salvador de Maniños, Santa Olaia de Limodre, San Martiño do Porto e San Mamede de Laraxe[1]. Actualmente as dúas primeiras parroquias forman parte do concello de Fene, mentres que as dúas últimas pertencen ao concello de Cabanas. Hoxe en día o lugar no que está situado este marco pertence administrativamente ao concello de Fene.

1. Véxase Mapa .

MAPA: localización do marco de San Lourenzo e as catro parroquias veciñas.

Non é este o único exemplo deste tipo de marcos que sinalan os límites entre as diferentes parroquias que aínda se poden visitar nesta comarca. Nun artigo escrito por Francisco Vales Villamarín e publicado por primeira vez no ano 1972 son descritos outros dous marcos máis. O primeiro deles estaría situado a bastantes quilómetros da comarca do Eume, concretamente no monte Medela, a carón da capela de San Xoán Bautista, no concello de Cesuras. O segundo estivo localizado hai xa bastante tempo na parroquia de Santiago de Franza, no achegado concello de Mugardos. Este último marco tiña a peculiaridade de estar situado no interior da antiga capela de San Victorio, hoxe totalmente desaparecida, e tería como principal función, segundo quen dá noticia deste marco, o cardeal Jerónimo del Hoyo[2], dividir as xurisdiccións do conde de Lemos e do cabido compostelán. Máis adiante veremos que o marco de San Lourenzo presenta algunhas similitudes con estes dous casos.

Por outra banda, nun traballo publicado en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios* no ano 1998[3], aparece mencionado outro marco situado dentro dos límites do concello de Cabanas, trataríase do marco do Salto. Este marco é unha pedra tamén de granito cunha forma cónica duns corenta centímetros de altura que marca o límite entre as parroquias de Santa Cruz do Salto, San Mamede de Laraxe e San Estebo de Irís. Unha das súas características máis sobranceiras consiste na súa capacidade para curar o meigallo e o mal de ollo seguindo un ritual propio que presenta moitas similitudes co utilizado no marco de San Lourenzo. Aínda que, ao contrario do que sucede neste marco, non aparece no Salto ningunha mostra de que esas liturxias continúen na actualidade levándose ao cabo. Pero si que se convertiu este lugar en parte do patrimonio etnográfico e cultural desta comarca perseguindo uns fins turísticos, xa que está sinalizada a súa situación cun cartel onde aparece descrito parte do ritual que se realizaba neste espacio.

Marco do Salto.

A existencia no pasado doutros moitos marcos, algúns deles xa desaparecidos, aínda é lembrada na comarca. Por exemplo, a capela de San Marcos, na parroquia fenesa de Santa Mariña de Sillobre, foi construída durante o século XIX sobre un lugar onde anteriormente se achaba un marco. Este punto diferenciaba nun primeiro momento distintos coutos xurisdiccionais e posteriormente distintos concellos, concretamente Fene e Cabanas. Esta característica provocou que durante moito tempo a capela de San Marcos fora coñecida como "a capela do marco".

2. Véxase VALES VILLAMARÍN, Francisco: "El marco del Monte Medela", p. 13.

3. TOSCANO NOVELLA, Mª Cristina; LUACES ANCA, Javier; FERRER SIERRA, Santiago e PENEDO ROMERO, Rafael: "O Patrimonio cultural no concello de Cabanas".



Capela de San Marcos.

Así mesmo entre os concellos de Monfero e Vilarmaior está situado o marco da Cartelida que, ao igual que o marco de San Lourenzo, marca o límite entre catro parroquias desta bisbarra: San Xurxo de Queixeiro e Santa María de Vilachá no concello de Monfero, San Pedro de Grandal en Vilarmaior e a parroquia de Santa Mariña de Taboada que está repartida entre os concellos de Monfero, Vilarmaior e mais Pontedeume. Ao redor deste marco todavía pervive un rico ritual destinado á curación dos meigallos e de todos os males que poida provocar a envexa e o mal de ollo. O seu desenvolvemento é moi similar ao que se realiza para acudir ata o marco de San Lourenzo[4].

Son moitos máis os marcos dos que só gardan recordo os máis vellos dos lugares. En fontes como o Catastro de Ensenada (1752) aparecen reflectidos un bo número deses fitos que demarcaban os límites entre as parroquias. Todavía existen algúns deles, agachados entre as herbas e os toxos, e non marcando unicamente os límites entre as diferentes propiedades como resulta habitual no agro, senón que delimitan tamén o espacio dos diferentes concellos. A memoria destas sinalizacións vaise perdendo rapidamente conforme pasan os anos e van morrendo os máis vellos.

Con estes datos sucintos vemos que este tipo de sinalizacións non resultan algo estraño nin alleo á comarca eumesa, e incluso que actualmente aínda perviven algúns marcos moi destacados por diversas razóns, aínda que a maioría das veces están relacionados coa curación dos moi diversos males que poden estar provocados polo mal de ollo ou a envexa. De todos os xeitos a inter-

4. Un relato etnográfico que exemplifica un ritual destinado a cortar a envexa e que está referido a este marco da Cartelida aparece en LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*, pp. 339 – 340.

pretación que se lle dá á súa existencia e á súa función, non só segundo as opinións de diferentes autores coñecedores destas materias senón tamén por aqueles veciños que saben destes marcos, é bastante variada e heteroxénea. Centrarémonos no caso do marco de San Lourenzo para tentar dar razón dalgunha das que son consideradas como as súas características máis sobranceiras.

O marco de San Lourenzo está situado á beira dun antigo camiño, aínda que hoxe a paisaxe das proximidades mudou en grande medida debido á construcción do traxecto da autoestrada do Atlántico entre Cabanas e Fene e pola situación nuns terreos moi próximos do polígono industrial de Vilar do Colo. Esta localización e a súa paisaxe aínda poden variar en maior grao nos próximos anos debido á ampliación do polígono industrial polas parcelas que rodean o marco. Para ir visitalo abonda con coller, na estrada que se dirixe cara a Ferrol desde a nacional VI (estrada 651), o desvío en Laraxe que se dirixe cara a Limodre e achegarse ata el paseando por un camiño que morre na estrada e que está situado á dereita e xusto despois de cruzar a ponte que pasa por riba da autoestrada. De todos os xeitos son varios os camiños que se poden seguir para chegar ata el, constituíndo esta unha característica directamente relacionada con algúns dos rituais que aínda hoxe se continúan a celebrar a carón do marco e nos que este é un dos principais protagonistas.

Hoxe en día unha das primeiras impresións que a visión do estado do marco de San Lourenzo provoca nun visitante descoñecedor das tradicións que aínda perviven neste lugar é a sorpresa causada pola grande cantidade de obxectos alleos a unha paisaxe aparentemente tan "natural" como é a que rodea o marco. Incluso unha muller que visitara recentemente o lugar despois de pasar varios anos sen ver o seu estado comentaba sorprendida a desilusión que lle causou contemplar a "suciedade" que rodeaba o marco, xa que o atopara rodeado de moitos dos obxectos, como velas, moedas e roupa usada, que alí deixan as persoas que acoden a este lugar seguindo un ritual determinado que será descrito máis adiante.

O contraste entre a situación do marco e das súas proximidades máis achegadas fronte aos terreos que o rodean, en verdade pode resultar sorprendente. Despois de pasear durante máis de cincocentos metros por un fermoso camiño que vai entre os montes cheos de vexetación e rodeado por numerosos piñeiros, carballos e silveiras, atopámonos cunha pedra de forma alongada e rodeada e cercada por pequenos anacos de baldosas que cobren restos de velas e botes de vidro cheos de aceite impedindo que se mollen, algunhas das velas xa non son máis que restos de cera derretida, a maioría delas son similares ás utilizadas nas igrexas. Pódense atopar varias moedas de céntimos de euro espalladas ao seu redor, ramas de árbores, flores artificiais, vidros rotos e tamén algunha peza de roupa, con apariencia de ter sido moi usada, ciscada entre as silvas e os fieitos que rodean o marco. Na súa maior parte trátase de roupa interior ou doutras pezas de uso cotián pertencentes exclusivamente a mulleres e a nenos pequenos. De feito a peza de roupa máis abondosamente presente xunto ao marco son os sosténs.

Todos estes obxectos estannos a falar do uso humano que aínda nestes tempos se lle dá ao marco de San Lourenzo, das antigas tradicións aínda hoxe repetidas e revividas por todos aqueles

Estado actual do marco de San Lourenzo.

que procuran a curación dunha enfermidade, ben propia ou ben dun familiar ou coñecido, ou a superación dun mal de ollo froito da envexa, ou a consecución dun desexo vital primordial, seguindo uns rituais fixos e establecidos moi claramente desde xa hai moito tempo atrás. Estamos vendo como se lle continúan outorgando a este espacio liminal uns valores simbólicos que lle proporcionan ao marco de San Lourenzo un significativo lugar na xeografía moral dos veciños desta zona.

A ANTIGA ERMIDA DE SAN LOURENZO

Aínda que hoxe en día non queda ningún tipo de resto arquitectónico identificable como tal ao redor do marco, existen algúns datos que confirman con total seguridade a existencia noutros tempos dunha capela adicada a San Lourenzo que fora edificada neste lugar. Este dato, xunto con outras particularidades desta pedra, fai que algúns autores identifiquen o marco de San Lourenzo cun menhir, ou polo menos, o clasifiquen como un resto dun posible monumento megalítico, aínda que hoxe consideran estes investigadores que se atopa totalmente desfigurado o que lles provoca dúbidas sobre a súa identificación e clasificación como resto prehistórico.

Esta teoría estaría baseada en dúas características consideradas como fundamentais do marco. A primeira delas trataríase dos seus poderes curativos, unha peculiaridade compartida con outras chantas similares espalladas por toda Galicia e que estaría vinculado cos antigos cultos ás pedras, constituíndo o marco de San Lourenzo unha reminiscencia da relixiosidade que, segundo

esta teoría, mantiñan os habitantes destas zonas nun pasado moi remoto. En segundo lugar, relacionan a antiga existencia dunha capela nese lugar cun intento de cristianización. En lugares con elementos deste tipo resultaría moi común a construcción de capelas, ermidas ou outros símbolos cristiáns neses espacios onde antigamente se realizaban outro tipo de cultos non cristiáns, como acontecería, por exemplo, cos cruceiros situados nas encrucilladas de moitos camiños ou coas ermidas situadas en lugares que foran habitados de forma continua con anterioridade á romanización de Galicia.

Ese caso estaría exemplificado por outro dos marcos descritos por Francisco Vales Villamarín no artículo xa citado, trataríase concretamente do marco situado en Franza (Mugardos) que estaba ubicado no interior dunha igrexa edificada dentro da croa dunha construcción castrexa. Parece ser que a edificación desa ermida estaría intimamente relacionada coa aparición de San Victorio nese lugar. Este feito é interpretado como unha forma da Igrexa católica de desviar cara ao cristianismo un culto xa existente desde antigo. Deste xeito Francisco Vales Villamarín chega a afirmar: *"O feito de atoparse o citado fito dentro da propia igrexa dá idea do interese que as xerarquías eclesiásticas tiveron – é de supoñer – en conservalo, desviando o culto, que, seguramente, víñaselle rendindo desde antigo e orientándoo hacia aquel santo que, segundo a tradición, aparecérase milagrosamente na croa da antedita fortificación castreña, onde houbo de ser levantado despois o santuario de referencia"*[5].

Esta hipótese coloca en relación directa este tipo de marcos con algunhas das tradicións locais referentes aos castros, aos tesouros que se atopan debaixo deles, á existencia de mouros, mouras e outros seres encantados, que ás veces son considerados reminiscencias de antigos cultos e relixiosidades moi remotos que posteriormente foron cristianizados mediante a construcción enriba do lugar dunha capela ou dunha ermita. A súa clasificación neste ámbito proporcionaría ao marco de San Lourenzo todo un contexto moi rico e atraente que de feito foi frecuentemente utilizado por algúns investigadores locais, aínda que de maneiras moi diferentes[6].

De todos os xeitos non existe ningunha noticia de que se teñan atopado restos megalíticos ou prehistóricos nos arredores máis próximos ao marco de San Lourenzo. Incluso os castros localizados nas súas proximidades (de feito o Castro de Prismos entre as parroquias fenesas de Limodre e Maniños está situado nos seus arredores) están situados o suficientemente lonxe como para que os seus restos non poidan ser confundidos con este significativo lugar.

Pola contra si que sabemos con toda certeza que alí existiu unha capela baixo a advocación de San Lourenzo que, segundo tamén recolle Francisco Vales Villamarín, desapareceu por completo debido a unha grande explosión de foguetería ocorrida no seu interior, quedando como úni-

5. *Op. cit*. pax. 14.

6. Véxase entre outros a LLORCA FREIRE, Guillermo; PÉREZ ALBERTI, Augusto e ROMERO MASIÁ, Ana Mª: *Camiños de Ferrolterra*; ROMERO MASIA, Ana Mª e POSE MESURA, Xosé Manuel: *Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol*; TOSCANO NOVELLA,Cristina e LUACES ANCA, Javier: *Cabanas. Historia y patrimonio cultural* ou VALES VILLAMARÍN, Francisco: "El marco del Monte Medela" en *Anuario Brigantino*.

cos restos do que anteriormente existía alí a imaxe de San Lourenzo e a base de pedra do altar. Non atopamos máis noticias sobre a desaparición da capela, aínda que algún informante comentou que el cría que a pedra que fora utilizada para a construcción da capela, que non era moita xa que esa edificación probablemente non contaría con grandes dimensións, fora reutilizada polos veciños, de aí que non quede no lugar ningún resto arquitectónico da antiga ermida.

Tamén no Catastro de Ensenada aparecen algunhas referencias a este marco e á existencia da capela de San Lourenzo, xunto con outras sinalizacións de características semellantes localizadas nesta comarca. Ao describir a demarcación da parroquia de San Mamede de Laraxe recóllese:

> *"Tiene dha fra dedistancia desde L. a P. unquarto de Legua, ylomismo desde el N. al S. yde Circunferencia una legua quepara Caminarla seocuparan dos Oras linda principiando enla Fuente de Sixto, siguiendo auna marca quese alla enel lugar da Pedrado Couto ydesde alliaun marco quese alla enlapanda de Formaris, y desde esta aotro Marco quellaman do Salto, siguiendo al Zeleiro do Barreiro, y desde este sitio alrio dos Feltros endonde hace dos Gallas, y desde alli almarco do Peteiro y Carballas, y desde este al Cortello de Juan Gomez, siguiendo alaboca del Castro, y de alli al marco delas seijas de Santiago ydesde este ala fuente del Tiro, siguiendo al marco de Chamoso, caminando al fijo de Quintía, y dealli ala Cameleira del Val escuro de Presmos,* ***y dealli ala fuente desn. Lorenzo, ydesde esta aun marco quese alla dentro dela Hermita del mismo Santo*** *y desde este sitio ala Fuente que dicen delapresa siguiendo al rio del pin pin ydealli al rio das gallas y sitio da Veiga, siguiendo al Camino Rl. quepasa a Puente de Eume por la orilla del mismo rio".*[7]

No mesmo lugar pero no capítulo onde se recolle a demarcación da parroquia de San Martiño do Porto, tamén situada no municipio de Cabanas, aparece de novo esta capela:

> *"Ocupa eltermino deella desde L. a P. unquarto de Legua: y de N. a S. otro linda por L. conla Jurisdicción de Caaveiro, yfeligresia de Yrines, por P. conel rio Castro Riviera mar: por N. conla feligresia desanta eulalia de limodre, y porel S. conel Arenal quese halla ala salida dela Puente dela Villa de Puente Dehume, sucircunferencia, consiste enuna legua quese handará en dos horas, cuia division y demarcacion principia enel marco de piedra degrano al sitio do estreito Junto ala Rivera del Mar desde este sigue al Crucero quese halla enel Puente Deheume, y deaali corre arriva porel Arroio de Anido enderechura al sitio da fonte Zega, desde esta pasa al sitio do moyño da Veiga confinanti conla feligresia de Larage y consiguiente mente* ***ala hermita de san Lorenzo, endonde linda conlas feligresias de Limodre y san Salvador de Maniños*** *y circundando desde esta ala peña llama -*

7. VéxaseFERNÁNDEZ RIFÓN, Andrés: *Cabanas, Erines, Laraxe, Porto, Regüela, Salto, Soaserra según las respuestas generales del Catastro de Ensenada y emblemas del municipio*, p. 32. O destacado en negriña é noso.

da do Rego corre al Marco dela Cruz, y de alli vaja porel Rio de Castro al Mar conqn. termina[8]*".*

De feito, algúns dos informantes aos que consultamos durante a realización do traballo de campo destinado á redacción deste artigo identificaban o marco de San Lourenzo coa base do altar da antiga capela adicada a ese santo. Iso podería explicar segundo eles o carácter sagrado que aínda conserva esta pedra e que lle proporciona as súas características protectoras e curativas peculiares e que, á súa vez, provocan que un número considerable de persoas continúen a acudir a este lugar procurando resolver algúns dos seus problemas vitais máis urxentes. A consecución deses desexos procúrase mediante a intervención dunha instancia sobrenatural e metafísica, xa que esta pedra non é como o resto que hai nas proximidades, senón que sobre ela se oficiou a misa, o que lle proporcionou a súa característica de pedra sagrada que se mantén inmutable ao longo do tempo. Aínda que xa non queden restos desta capela nese sitio, malia que a imaxe do santo fora trasladada a outra localización e de que soamente quede unha pequena pedra de granito no suposto sitio onde estaba situado o altar, este espacio continuaría sendo considerado un lugar sagrado, o que lle proporcionaría esas características especiais que todavía non desapareceron co transcorrer do tempo e cos diferentes e moi relevantes cambios no contexto do marco e da imaxe de San Lourenzo.

A ROMARÍA DE SAN LOURENZO EN LARAXE

Actualmente aínda se celebra todos os anos na parroquia de San Mamede de Laraxe unha festa adicada a San Lourenzo. Xa Antonio Couceiro Freijomil na súa *Historia de Pontedeume* cita a celebración dunha romaría de San Lourenzo en Laraxe describíndoa, xunto coas celebradas noutras parroquias desta comarca, como unha tradicional romaría moi concorrida por todos os veciños dos lugares máis próximos. Esa romaría xa non se festexa como tal na actualidade, senón que pasou a ser un día máis dentro das festas patronais de Laraxe. Non hai concentración de romeiros o día da festa, nin existe comida campestre, tampouco se mantén a peregrinación a pé ao lugar de culto seguindo unha promesa. A festa é organizada polos propios veciños a través dunha única comisión de festas, polo que se ten convertido nunha celebración local, perdendo o carácter supraparroquial que caracteriza ás romarías.

As romarías presentan varias diferencias moi significativas respecto ás festas parroquiais. Normalmente mobilizan a persoas que habitan nunha extensa zona espacial e funcionan como referentes dunha área ampla. Aínda que se asista á romaría en grupos de parentes ou veciños que non teñan moita relación co resto dos asistentes, o feito de asistir indica a existencia *"dunha comuni - dade de crenzas e valores que está por riba dos intereses particulares e das diferencias locais"*[9].

8. *Idem,* p. 44. O destacado en negriña é noso.

9. Véxase VV. AA. : *Rituales y proceso social*, p. 68.

As festas patronais constitúen un momento de expresión da existencia dunha comunidade local. Mediante elas represéntase un específico sentido de pertenencia a un determinado grupo. Nestes casos o ritual festivo *"separa, illa a unhas comunidades de outras, confírelles interioridade e afir - mación fronte a similares unidades externas e próximas. Os santos patróns dos pobos, as proce - sións ás súas ermidas que actúan como atalaias do termo municipal e as festas na súa honra ope - ran como poderosos símbolos locais definindo quen é membro, e quen non o é, da comunidade"*[10].

A romaría de San Lourenzo é actualmente un día máis das festas da parroquia, de feito está organizada pola mesma Comisión que prepara as festas patronais. Sen embargo a devoción a este santo ten tanta forza nesta parroquia que, en moitos aspectos, usurpou o lugar do verdadeiro patrón de Laraxe, San Mamede, nas celebracións anuais destes festexos parroquiais. As festas que se celebran nesta parroquia son as festas de Laraxe, non son de San Mamede ou de San Lourenzo, pero as xornadas festivas teñen lugar en torno ao dez de agosto, o día de San Lourenzo.

Hoxe en día as festas da parroquia de Laraxe celébranse durante tres días do mes de agosto. Hai xa algúns anos o número de festas relixiosas celebradas nesta parroquia era moito máis numeroso. Deste xeito o día dous de febreiro celebrábase a Virxe da Candieira considerada a *"outra patroa"* da parroquia xunto con San Mamede, e tamén se festexaban o San Xosé e o San Antonio. Hoxe esas celebracións perderon moita da súa importancia para o conxunto dos veciños deste lugar e non son festexadas tal e como se facía antigamente. Actualmente as festas relixiosas parroquiais quedan concentradas nestes tres días do mes de agosto: o sete de agosto é o día adicado ao patrón da parroquia, San Mamede; o día dez está reservado para San Lourenzo e o día once está destinado á celebración do Corpus Christi. Durante estes últimos anos a estes tres días sumouse unha xornada máis, o doce de agosto, durante a que se celebra unha sardiñada para todos os veciños e visitantes no campo de San Mamede, utilizado como campo da festa durante todas as celebracións. Non se celebran festas e verbenas durante as catro xornadas que dura a celebración, senón que polo San Mamede (7 de agosto) ofíciase exclusivamente unha misa solemne na igrexa parroquial, quedando concentradas as festas máis profanas nos outros tres días consecutivos (10, 11 e 12 de agosto). De feito son estes tres días os que son anunciados como festas de Laraxe polo que son estas tres xornadas as coñecidas polos veciños de toda a comarca como as festas desta parroquia.

A explicación dada a esta circunstancia ten unha aparente orixe funcional e material. Os días para a celebración das verbenas e da festa han de estar todos xuntos, é mellor para a xente que vén de fóra, tanto para os visitantes como para os feirantes, que non se poderían permitir pasar días inactivos nun mesmo sitio. Ademais resultaría moito máis caro concentrar as festas entre San Mamede e San Lourenzo xa que serían máis as xornadas e consecuentemente habería que gastar máis cartos. Por outra banda, o San Lourenzo sempre foi a festa máis concorrida de todas as que se celebraban na parroquia e tamén a ese santo téñenlle os veciños un cariño especial. Polo tanto prefírese organizar as festas durante estes días, relegando á festividade de San Mamede a unha

10. Véxase LISÓN TOLOSANA,Carmelo: "Límites simbólicos (rituales de separación)" en *Invitación a la antropología cultural de España*, p. 85.

posición secundaria, aínda que tamén sexa sempre conmemorado e continúe sendo o patrón da parroquia.

Esta non é a única modificación que existe nesta festa con respecto ao que ocorría ata hai ben poucos anos. Esta circunstancia non conleva que a festa parroquial perdera a súa importancia. Acontece o contrario, todos os anos son moi numerosas as persoas que asisten a celebrala e son unhas festas coñecidas por toda a bisbarra. Moitas destas xentes que asisten cada ano xa non viven en Laraxe, pero non dubidan en voltar todos os agostos á que fora a súa casa para ir á misa, á procesión, ás verbenas e á sardiñada. Durante estes días *"as festas congregan as poboacións, densifi - can as relacións sociais e constitúenas en comunidade"*[11].

A primeira das modificacións desta celebración vén dada polo xeito de organizar a festa. Actualmente fórmase unha Comisión de Festas para organizar todos os festexos. Nela están presentes tanto homes como mulleres e é a encargada da organización dos diferentes actos e de xuntar os cartos necesarios para poder levar os festexos ao cabo. Na designación da Comisión de Festas ten unha ampla marxe de influencia unha asociación da parroquia, concretamente a Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva *"San Mamede"* de Laraxe, que funciona como unha asociación veciñal. De feito foi esta asociación quen conseguiu mercar unha leira para poder celebrar as festas patronais e quen acondicionou ese espacio co esforzo persoal dalgúns dos seus socios e directivos ata convertelo no lugar máis apropiado para celebrar estes festexos. Incluso houbo anos nos que esta Sociedade elixía directamente a composición da Comisión e xunto con ela trataban de cómo liquidar algúns gastos e do coidado das instalacións.

Hai anos, ata finais da década dos setenta do século XX, tamén era un grupo de persoas, formado por homes con case total exclusividade, o que se facía cargo da organización das festas, pero non existía ningunha asociación veciñal que puidera intervir na súa formación. O número de persoas que se involucraban directamente na organización dos festexos era máis reducido e os mesmos organizadores soían repetir as súas tarefas durante varios anos. Ademais cada festa era organizada por un grupo de persoas diferente e establecíase unha diferenciación moi clara entre as festas patronais e a romaría de San Lourenzo. De feito unha soa persoa aínda recordada polos veciños, José Prego Mesías, organizou el só a romaría de San Lourenzo durante bastantes anos. Pero a proximidade temporal de ámbalas dúas celebracións acabou por confundilas ata quedar convertidas nunha única festa parroquial.

O xeito de xuntar os cartos suficientes para facer unha boa festa tamén variou en gran medida. Nos tempos pasados os veciños daban aos organizadores ben diñeiro ou ben trigo e maínzo. Estes dous productos eran xuntados polos membros destas Comisións que ían polas casas recolléndoos antes da celebración da festa e eran vendidos tamén con anterioridade para reunir os cartos cos que sufragar os posibles gastos que conlevaba a celebración dos diferentes actos. Actualmente os veciños só dan cartos, non se recollen productos do campo, sobre todo porque xa

11. VÉXASE VELASCO,Honorio;CRUCES, Francisco e DÍAZ DE RADA, Ángel: "Fiestas de todos, fiestas para todos".

non se cultivan moitas das hortas e leiras que antes había na parroquia e os diferentes establecementos comerciais da comarca poden tamén colaborar economicamente incluíndo a súa publicidade na revista co programa das festas que se edita cada verán.

Antigamente a chegada de ámbalas dúas festas, tanto das patronais coma da romaría de San Lourenzo debido á súa proximidade temporal aínda que eran consideradas conmemoracións diferentes, estaba marcada pola limpeza e engalanamento da igrexa e máis das imaxes dos santos. A escultura do patrón da parroquia, San Mamede, era lavada con esmero nunha pía que aínda hoxe forma parte do adro da igrexa. Concretamente esta pía está situada debaixo dun dos muros que delimita o espacio do adro. Era esa a única imaxe de todas as gardadas na igrexa parroquial que podía ser lavada nese lugar, nin sequera o San Lourenzo tiña ese privilexio. Esta pía, coñecida como *"a Pía de San Mamede"* ou *"a Tumba do Santo"* trátase dun sarcófago con forma antropomorfa labrado a partir dunha única pedra de granito e do que só se conserva a súa parte inferior. A súa orixe parece remontarse ata a época do Alto Medievo. Ademais de ser o lugar onde se lava a San Mamede, atribúese a este sarcófago un carácter máxico debido, entre outras razóns, á presencia constante de auga no seu interior. Os veciños aseguran que ignoran a procedencia desa auga, aínda que se asegura que non procede da chuvia. Algúns veciños pensan que a pía está situada enriba dun manancial e que a auga entra por unha fractura da parte inferior do sarcófago, aínda que ninguén demostrou esa teoría. Ademais asegúrase con toda rotundidade que a cantidade de auga dentro da pía permanece constante ao longo de todo o ano. Nunca reborda aínda que veña un inverno de moita chuvia e sempre posúe a mesma cantidade de auga, tamén nos tempos estivais de maior sequía. Incluso chégase a afirmar que estas peculiaridades case máxicas proveñen de que este é o sarcófago onde fora enterrado San Mamede, de aí tamén que sexa a súa imaxe a única que teña o dereito de ser lavada coa auga desta pía.

Pía de San Mamede.



Todos os días das festas, despois das alboradas dos gaiteiros e das bombas de palenque, comezaban e comezan coa misa oficiada na igrexa parroquial. Posteriormente saían algunhas das imaxes que están gardadas na igrexa en procesión polo camiño situado ao redor do templo. No día de San Mamede era a imaxe deste santo a que encabezaba esta procesión, despois de el, acompañándoo, as esculturas de San Lourenzo, San Antonio e San Xosé, pechando sempre a comitiva a Virxe da Candieira. O resto das imaxes gardadas na igrexa non saía na procesión. No día de San Lourenzo saía a procesión coas mesmas catro imaxes, aínda que mudaban as súas posicións, xa que San Mamede deixaba o seu lugar no comezo do cortexo á imaxe de San Lourenzo. O día once, durante o que se celebraba o Corpus Christi, ía só o palio, non saía na procesión ningún dos santos. É nesta parte da celebración onde se produciron as menores modificacións con respecto ao que sucede na actualidade.

**Altar maior da igrexa de Laraxe con algunhas das imaxes gardadas no seu interior.
A escultura central é de San Mamede.**

Era no día de San Lourenzo onde se concentraban os festexos máis profanos. Aínda que esta festa non era tan concorrida como outras das moitas que se celebraban por toda a comarca, eran moi numerosos os grupos de veciños das parroquias e dos concellos próximos os que se achegaban ata a romaría. Todos viñan coa súa comida e bebida e achegábanse en grandes cuadrillas formadas cando as persoas que acudían á festa se cruzaban nos camiños que levaban ata a igrexa de San Mamede de Laraxe. Os veciños de cada lugar agardaban polos outros, pois xa sabían con anterioridade quen ía á festa, ata que formaban unha boa partida que se achegaba á Laraxe armando balbordo e no medio de bromas e alegría. E no campo situado preto da igrexa, coñecido como o

campo de Prego xa que ese era o apelido do seu propietario, situábanse os numerosos grupos de familias e de amigos e celebraban alí as súas merendas. A festa e o baile, nos que participaban tanto os romeiros coma os veciños de Laraxe, duraban ata ben entrada a noite, ou ata que a Garda Civil, sempre atenta a controlar o que sucedía durante toda a xornada, o permitira. Despois comezaba o regreso dos grupos de romeiros cara ás súas aldeas, tamén en grandes grupos que ían minguando cando cada veciño chegaba á súa casa. Acababa deste xeito a xornada de romaría.

Actualmente tamén cambiou a localización do campo da festa, xa que pasou a estar situado nunha parte máis alta da parroquia. O campo máis preto da igrexa quedou afectado pola ampliación da estrada 651 a Ferrol e desde hai anos está plantado con grandes eucaliptos. No novo espacio para a festa construíuse un campo máis amplo para a realización dos diferentes festexos e conta con moi diversos equipamentos. Foi a Asociación *"San Mamede"* de Laraxe a principal precursora da nova instalación do campo da festa para mellorar a súa celebración.

Antigamente aínda quedaba tempo na romaría para que se levaran ao cabo outros aspectos da festa. Algúns deles estaban centrados nos actos que realizaban os ofrecidos ante o santo. Algunhas persoas ofrecíanse a San Lourenzo ou facían unha promesa en momentos de necesidade solicitando a axuda deste santo, polo que, entre outras cousas, tiñan que acudir todos os anos á súa festa. A San Lourenzo relaciónaselle coa protección ante os incendios e é considerado un santo avogoso das queimaduras[12], debido á forma en que faleceu sufrindo martirio: foi queimado vivo sobre unha grella, de aí que se represente este santo levando unha grella nunha das súas mans. Pero os ofrecidos acudían a esta romaría tamén por outras razóns ben diferentes. A presencia dos ofrecidos a San Lourenzo facíase especialmente presente durante a procesión ao redor da igrexa parroquial. Algunhas persoas facían o percorrido da procesión de xeonllos diante dos santos. Outros, que sufrían de diferentes males, eran situados polos seus acompañantes ou por vontade propia debaixo da imaxe de San Lourenzo mentres procesionaban. Se estes non querían axeonllarse e colocarse baixo o santo podían chegar a ser obrigados entre empuxóns e expresións máis ou menos festivas segundo a doenza que sufrira o ofrecido.

Posteriormente, despois de celebrada a misa, algunhas persoas entraban na igrexa e pedían que se lles *"puxera o santo"*. Para iso resultaba necesaria unha pequena imaxe de madeira que representaba a San Lourenzo. Con ela na man dalgunha persoa que organizara a festa ou que soubera como poñer o santo achegábanse os ofrecidos e tamén outras persoas. A estes, que soían estar axeonllados e rezando, púñaselles o santo diante da súa faciana e eles bicábano mentres rezaban algunha oración deixando tamén algunhas moedas na boeta que situaban preto dos fieis. Segundo comentaban algunhas das persoas de máis idade que viviron estes rituais xa desaparecidos, o principal obxectivo que se perseguía con estas accións era evitar os males provocados polos meigallos, polo mal de ollo ou polas envexas e acadar a protección e a mediación do santo para que o ofrecido e todos os seus tivesen durante todo o ano *"moita bonanza"*.

12. MARIÑO FERRO,Xosé Ramón: *Antropoloxía de Galicia*, p. 396.

Hoxe xa non se realizan este tipo de rituais. Hai persoas que asisten todos os anos á misa, pero xa ninguén vai á procesión de xeonllos nin se pon o santo aos fregueses. Estas son consideradas cousas de vellos que se facían antes, hai xa moitos anos, porque daquela *"había moita ignorancia"* e son cuestións das que se fala, ben en voz baixa ou ben entre risas, recordando as cousas estrañas que facía a xente de antes, como cando lles enfermaba unha vaca e levábana ata o adro da igrexa para que dese voltas arredor do templo e así conseguir a súa melloría. Pero hoxe as cousas cambiaron e a xente *"xa non fai cousas desas, porque non hai ninguén que crea nelas*".

Outra das modificacións máis significativas que aconteceron durante estes anos consiste no paso de celebrar a festa na igrexa e nos campos próximos con todos os veciños da parroquia e dos concellos veciños a facer a festa na casa reunindo a toda a familia durante unha abondosa comida. Hoxe desapareceron totalmente as merendas celebradas durante o San Lourenzo nas proximidades da igrexa, ninguén asiste levando a comida da casa á romaría para reunirse todos os familiares e veciños e xantar xuntos. Só na sardiñada que se celebra o último día da festa rememórase en certa maneira esta tradición xa perdida. Pero xa non son os romeiros quen levan a súa propia comida e invitan aos coñecidos ás súas merendas, hai unha comisión organizadora que é a encargada de mercar, preparar e repartir as sardiñas entre os asistentes. Hoxe en día as persoas que van á festa de San Lourenzo desde fóra da parroquia de Laraxe pasaron de ser *"romeiros"* a ser *"invitados"*.

Este cambio no xeito de referirse ás persoas que van ás festas é ilustrativo das transformacións que viviu non só a romaría de San Lourenzo e a parroquia de Laraxe, senón sobre todo os seus habitantes e visitantes e a súa forma de vida. Son moitas as mudanzas que aconteceron na zona durante todo o século pasado e algunhas das sucedidas durante os últimos anos aparecen reflectidas nesa distinción entre *"romeiros"*, xentes das aldeas veciñas que veñen andando a pasar o día na festa e a pedirlle ao santo a súa protección, e *"invitados"*, persoas que tamén veñen de fóra, moitas veces da cidade, para estar coa súa familia e pasalo ben na festa e na sardiñada. Foron moitos os factores que influíron neses cambios. Segundo algúns dos informantes, nesta transformación tivo moito peso o gran aumento no uso dos vehículos particulares. *"Agora colles o coche e estás na festa nun momento, non hai porque pasar todo o día fóra"*. Ninguén ten que traer as empanadas, os lacóns, os cabritos asados, o pan e o viño para facer a merenda mentres se pasa todo o día na festa. Hoxe é posible comer na propia casa e acercarse en automóbil en pouco tempo, por moi lonxe que se estea. Xa non se fai o camiño a pé acompañado polos veciños, nin se pasa todo o día na festa, senón que se vai á hora da verbena ou da *"sesión vermouth"* e cando estas acaban se volta para a casa no coche.

Por outra banda tampouco se considera que resulte tan necesaria a intervención de San Lourenzo como puidera telo sido noutras épocas. Xa non se pon o santo na igrexa para conseguir *"bonanza"* e as actuacións contra o mal de ollo ou a envexa son levadas ao cabo por profesionais non relacionados coa igrexa. De feito existen bruxas na comarca que viven da realización deste tipo de rituais. Como dicía un informante: *"Din que o santo este era moi bo contra os incendios e tamén coas queimaduras...* [...]. *Entre a Xunta, o SERGAS e Medio Ambiente debeu perder moita clientela"*.

Ademais comézase a establecer unha nova diferenciación entre os veciños coa celebración da festa entre os residentes permanentes e os residentes temporais. Un número considerable de antigos veciños de Laraxe ou os seus descendentes directos xa non viven na parroquia. Moitos marcharon ata Fene ou a Ferrol e Narón debido a que atoparon traballo na construcción naval ou na cidade e puideron mercar pisos dentro dunha zona urbana. Outros marcharon aínda máis lonxe, a outras cidades e rexións onde atoparon un emprego que consideraban máis adecuado e favorable para eles e para as súas familias e abandonaron por completo a ocupación agropecuaria antigamente maioritaria na parroquia.

Algúns dos descendentes das vellas familias de Laraxe ou os mesmos veciños emigrados construíron novas casas na parroquia. Xunto a eles outras persoas anteriormente alleas a esta zona elixiron Laraxe para edificar unha nova vivenda ou unha segunda residencia. Os descendentes dos antigos veciños, aproveitando que posuían a propiedade duns terreos que contan cunha magnífica situación entre Ferrol e A Coruña, con praias nas proximidades, nun lugar que goza dunhas privilexiadas vistas sobre a ría de Pontedeume e o Golfo Ártabro, levantaron novas casas seguindo uns criterios estéticos propios que as diferencian das que foran construídas con anterioridade. Estas vivendas non están habitadas polos seus propietarios durante todos os meses do ano, senón que son utilizadas case que unicamente nas vacacións estivais ou durante as fins de semana ou outros días festivos.

Tamén voltan para a festa moitas das persoas que xa non habitan nin teñen propiedades en Laraxe, pero que continúan mantendo familia nesta parroquia. Os fillos e os netos regresan á casa dos seus pais e avós e organízanse grandes e pantagruélicas comidas durante as que toda a familia permanece reunida durante varias horas. Coa chegada da xornada festiva fanse presentes os cambios que aconteceron no seo da familia ao longo dos anos. Pero tamén é o momento en que acaba un ciclo temporal e dá comezo outro. O tempo pasa pero todos os agostos chega o momento de acudir á festa da casa familiar. O fluír do tempo e os cambios que con el veñen son respondidos coa creación dunha memoria regularizada a través de ciclos, que teñen nas festas unha das súas principais marcas reguladoras. Malia a dispersión do vello grupo doméstico e da disgregación dos veciños da antiga parroquia, continúanse a celebrar as festas que se constitúen en momentos básicos de acción de toda a comunidade. Cada comunidade local diferénciase do resto dos veciños celebrando as súas propias festas e constituíndoas como unha tradición propia exclusivamente da súa parroquia. A festa pasa a ser un momento de recordo e de re-creación da comunidade creando deste xeito un ciclo que asegura a continuidade indefinida desa comunidade mediante a celebración anual da súa propia festa.

Ao mesmo tempo esta comunidade queda convertida nunha *"comunidade tradicional"*. A festa sempre ten unha orixe remota e celébrase seguindo uns costumes que se considera que veñen de moi antigo e que a penas viviron transformacións. Deste xeito a construcción dunha tradición, que aínda que teña pasado por moitas modificacións continúa sendo considerada propia e exclusiva dese único lugar e desa única comunidade, constitúe unha das súas maneiras de perdurar ao

longo do tempo. Así tamén se asegura a pervivencia da súa identidade como única e diferenciada do resto da comarca e se lle outorga unha maior cohesión á parroquia. Estas, á súa vez, alimentan o desexo de facer cada ano unhas mellores festas pero sempre seguindo con esas tradicións *"anti - gas"* e *"características"* deste lugar.

OS PASEOS DE SAN LOURENZO.

Existe unha antiga lenda nesta zona que dá conta da pelexa entre os rapaces de Maniños e mailos de Laraxe por ver en que parroquia quedaba a imaxe de San Lourenzo despois de que a súa capela, situada no lugar onde se atopa actualmente o marco co nome deste santo, quedase destruída. Non se sabe cando puido acontecer este feito. Entre os informantes algún comentaba *"¡ui! eso foi moito antes de que eu estivera por aquí... antes de que eu nacera... hai moitos anos"* outros aseguraban *"isto aconteceu por alá... si, si, polo século XIX"*. A memoria das persoas que coñecen esta historia sitúa este acontecemento nun momento bastante arredado e totalmente indeterminado, nun tempo que poderiamos cualificar de mítico, característico e propio dos mitos de fundación de moitas comunidades. Ninguén podería dicir cando pasou este suceso nin identificar o nome ou a identidade persoal dos seus protagonistas, aínda que non teñan ningunha dúbida de que o que imos relatar pasou realmente tal e como eles o contan.

A historia relatada por diferentes informantes presenta un fío común bastante ben definido. Cando desapareceu a ermida, quedou unicamente nese lugar a imaxe de San Lourenzo e a base do altar da capela (que algúns identifican co actual marco de San Lourenzo) polo que a escultura ficou sen un lugar onde estar depositada e o santo sen un templo onde recibir culto. Os homes de Maniños foron os primeiros en decidir que a imaxe debería estar na súa igrexa, polo que a recolleron e a gardaron no seu templo, no que é actualmente a súa antiga igrexa parroquial de San Salvador. Pero a xente das outras tres freguesías que rodeaban a desaparecida ermida non estaba de acordo con esa decisión, xa que a capela estaba situada na fronteira entre esas catro parroquias, polo que consideraban que a súa propiedade non pertencía a ningunha delas en exclusiva e ninguén tiña o dereito de levar o santo para a súa igrexa.

Ao día seguinte de que levaran ao santo para a súa parroquia, cando foron abrir pola mañá cedo o templo, descubriron que a imaxe de San Lourenzo desaparecera da igrexa de Maniños. Pero ao mesmo tempo que os de Maniños comprobaban abraiados esta asombrosa desaparición, os de Laraxe descubrían, se cabe aínda moito máis sorprendidos que os seus veciños, que o santo estaba na súa igrexa, coa única pero decisiva diferencia de que tiña os seus pés enteiramente manchados pola lama. Aquela noite chovera e o santo manchara os seus pés no camiño lamento que tivo que atravesar para ir desde a igrexa de Maniños á de Laraxe. San Lourenzo quería estar en Laraxe, por iso marchou de Maniños a pesar de que tivese que enlamar os seus pés, e por esa razón é alí onde se quedou o santo e onde se celebra todos os dez de agosto a súa romaría.

Outra versión desta historia destaca unha das situacións anteriores. Cando San Lourenzo camiñaba cara a igrexa de Laraxe, despois de ser levado a Maniños polos rapaces deste lugar, manchou os pés na lama porque durante eses días chovera moito e estaban os camiños entre as dúas parroquias totalmente enlamados. Pola mañá moi cedo os veciños de Laraxe que se achegaron ata a súa igrexa, atoparon sorprendidos ao santo, sentado ante a pía de San Mamede ao lado do adro da igrexa, xa que estaba lavando alí os seus pés e quitando deles o barro do camiño.

Nembargantes existe outra explicación moito máis prosaica sobre este "paseo" nocturno do santo. E é a mesma xente de Laraxe os que a contan entre chiscos e risas despois de narrar con moita seriedade a lenda anterior. O que aconteceu "realmente" sería o seguinte. Cando os rapaces de Laraxe comprobaron que o San Lourenzo desaparecera, enseguida lle botaron a culpa aos de Maniños de que foran eles quen lles roubaran o "seu" santo e o levaran de onde con anterioridade se atopaba a súa ermida. Comprobaron que a súa imaxe estaba na igrexa parroquial de San Salvador de Maniños e decidiron ir buscalo. Xuntáronse algúns mozos pola noite e, escondidos pola escuridade e sen facer ningún ruido para que ninguén os descubrira, foron ata a igrexa de Maniños, entraron no templo e alí estaba a imaxe. Colleron a San Lourenzo, botárono ás costas dun deles e marcharon correndo con el para Laraxe evitando que ningunha persoa de Maniños os vise. Pero como eles sabían ben que os de Maniños non ían deixar de reclamar o santo pois tamén o consideraban como algo propio, pensaron outra solución que lles permitira acabar con todas estas probables polémicas e quedarse eles definitivamente co San Lourenzo. Mentres ían polo camiño para Laraxe matinando nestas cuestións un deles atopou a mellor solución. Colleron unha pouca lama e mancharon con ela os pés do santo finxindo que este andara só polos camiños enlamados. Esa sería a proba necesaria para convencer aos de Maniños de que o San Lourenzo quería quedar en Laraxe e que tantas veces como o levaran para Maniños, voltaría pola noite a Laraxe aínda que estivera chovendo e tivera que manchar os pés. E acertaron coa solución xa que, cando os de Maniños viron que o San Lourenzo *"marchara"* el só desde a súa igrexa andando ata Laraxe, quedaron convencidos de que este santo pertencía á parroquia veciña xa que el quería estar alí. Por tanto era nese lugar onde debía celebrarse a súa romaría. Nunca máis voltaron a reclamar o santo e tamén eles asisten todos os anos ás festas de Laraxe e a romaría de San Lourenzo.

Imaxe de San Lourenzo gardada na igrexa de San Mamede de Laraxe.

Antiga imaxe de San Lourenzo.

Actualmente a imaxe de San Lourenzo que se garda na igrexa de Laraxe non é a mesma que protagonizou esta historia. A antiga imaxe deste santo, máis modesta que a actual, está depositada nunha casa particular de Laraxe, pois hai xa moitos anos foi sorteada entre os veciños da parroquia para conseguir fondos cos que mercar outra escultura máis moderna. Esta figura máis actual é a que hoxe se pode contemplar no altar maior da igrexa de San Mamede.

As diferencias entre os diferentes relatos desta lenda son moi significativas. Segundo a última versión desta lenda, non existiu ningunha intervención divina nin ultraterrena ao longo de todo o episodio, non foi San Lourenzo quen tomou unha decisión acerca do lugar onde debía recibir culto. Aínda máis, o santo queda reducido a unha imaxe de madeira sen vontade propia que é carretada ás costas dun mozo e que tampouco ten capacidades marabillosas para facer cumprir os seus desexos, tal como acontece no primeiro relato dos feitos. Son os rapaces de Laraxe os que conseguen quedarse co santo superando aos seus veciños de Maniños. O que se resalta nesta última narración non é que Laraxe fora o sitio elixido por unha entidade sobrehumana, senón que se destaca a valentía, a sutileza e tamén a renartería da xente de Laraxe, características que lles permiten saír adiante como comunidade, incluso cando se enfrontan a parroquias veciñas de maior entidade e poboación. Non esquezamos que Maniños chegou a ser un concello independente durante algúns anos do século XIX. Pero o que deixan traslucir ámbalas dúas historias é que Laraxe existe non só como unha entidade física ou como unha división da administración eclesial, senón tamén como unha comunidade cunhas características e peculiaridades propias que serven para distinguila do resto das parroquias da comarca.

Por outra banda, ademais da sorpresa que poida suscitar a sagacidade e a astucia dos rapaces de Laraxe para conseguir quedar co San Lourenzo, este relato tamén provoca unha grande curiosidade e algunhas preguntas, especialmente unha: ¿Por que tiñan tanto interese os de Maniños por quedar coa imaxe dun santo que ten unha romaría que se celebra *"tradicionalmente"* nunha das súas parroquias veciñas? Unha razón de gran peso que explica esta situación aparece nunha entrevista recollida nun dos programas das festas de Laraxe que se publicaron durante estes últimos anos. Preséntase nese programa unha entrevista realizada o catro de agosto de 1961 por un xornalista do periódico El Ideal Gallego a un dos principais organizadores que tivo en tempos pasados as festas de Laraxe, José Prego Mesías. Nesa entrevista pregúntaselle pola antigüidade da imaxe de San Lourenzo. A resposta é tremendamente interesante, polo que é transcrita na súa totalidade[13]:

Xornalista: *¿É moi antiga a imaxe de San Lourenzo que hoxe é venerada?*
José Prego Mesías*: É bastante, pero aínda o era máis a que existía nunha cova*

13. Programa das festas de Laraxe 1997, p. 24.

situada precisamente no centro de catro parroquias: Laraxe, San Martiño do Porto, Limodre e Maniños. Por esta particular disposición, cada ano era unha das catro parroquias a encargada de organizar as festas.

Moita é a información que aparece nesta resposta. En primeiro lugar, hai que ter en conta en qué momento e desde qué experiencia está respondendo José Prego Mesías. Aínda que a entrevista foi realizada no ano 1961, José Prego Mesías xa non organizaba daquela as festas de Laraxe. Este home foi o organizador principal das festas desta parroquia durante uns trinta anos, pero as últimas que el organizou foi no 1946. Polo tanto el era coñecedor de moitas das historias referentes a San Lourenzo que hoxe están case que totalmente esquencidas polos veciños de Laraxe. Na entrevista non aparece ningunha referencia á capela de San Lourenzo, senón que se alude a unha cova situada no mesmo lugar onde actualmente se atopa o marco de San Lourenzo e onde se alzou tempo atrás esa capela. Aínda que as proximidades do marco teñen que haber cambiado en grande medida desde o momento en que o coñeceu José Prego Mesías, aínda hoxe é visible un pequeno desnivel entre o lugar onde se atopa o marco e as parcelas situadas detrás del. Incluso ese desnivel puidera ter sido aproveitado para a construcción da antiga capela, da que hai que recordar que debeu de ter unhas dimensións bastante reducidas e ser bastante humilde.

O marco de San Lourenzo e o seu contorno.

Pero aínda resulta moito máis interesante a información que proporciona José Prego Mesías acerca do xeito de organizar a festa de San Lourenzo no pasado. Existiu un tempo no que esta romaría non tiña unha localización espacial fixa nin se festexaba unicamente en Laraxe, senón que era cada unha das parroquias que actualmente rodean ao marco de San Lourenzo as que alternativamente organizaban esta festa. Ademais de celebrar as festividades de cada un dos patróns parroquiais xunto con outras festas relixiosas, cada unha destas catro parroquias era a encargada de

organizar cada catro anos a conmemoración de San Lourenzo. Vemos polo tanto que non se trataba dunha celebración exclusivamente dos veciños da parroquia de San Mamede de Laraxe, senón que era unha festividade propia dunha zona de maior amplitude. Só a súa organización estaba delimitada pola súa veciñanza ao lugar onde hoxe se atopa o marco de San Lourenzo e onde antigamente se atopaba a capela deste mesmo santo. Pero a súa influencia chegaba moito máis lonxe, xa que os romeiros podían vir desde outras parroquias alleas a estas catro e que podían estar afastadas delas por varios quilómetros. Hai que subliñar que a superación do ámbito local é unha das principais características propias das romarías.

Cómpre lembrarmos neste momento que a creación dos concellos de Cabanas e Fene é relativamente próxima no tempo. Non é ata o ano 1836, co desenvolvemento na provincia de A Coruña do Real decreto do 23 de xullo de 1835 sobre a división municipal, que estes dous concellos alcanzan a súa configuración actual. Incluso uns anos antes existira un concello en Maniños e outro en Barallobre. No antigo réxime as catro parroquias que rodean o marco de San Lourenzo estaban baixo a xurisdicción de Pontedeume na provincia de Betanzos e formaban parte, xunto con boa parte desta bisbarra, do señorío do Conde de Lemos. Polo tanto non podía existir daquela unha posible rivalidade municipal, senón que eran as catro parroquias veciñas, coas súas diferentes identidades, as que podían articular un conflicto deste tipo.

As parroquias galegas, en palabras de C. Lisón Tolosana, forman *"unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada"*[14], constitúen a unidade de referencia e de posición persoal máis inmediata e normal para os habitantes do rural. E os distintos patróns e santos de cada parroquia, dos que se gardan as súas imaxes nos altares das igrexas, funcionan como *"catalizadores"* da cohesión parroquial, incluso, e sobre todo, nos momentos de conflicto con outras parroquias veciñas. A disputa por ver en qué lugar quedaba o San Lourenzo non era unicamente unha pelexa por quedar cunha imaxe de máis ou menos valor ou por decidir quen celebraba unha romaría, senón que tamén entraba en xogo nesta disputa a identidade e a capacidade de cada parroquia para facerse valer e defender o que se cre como propio. E para iso non se bota man unicamente de elementos humanos, como poden ser a intelixencia e o talento dos rapaces de Laraxe que conseguiron convencer a todos os seus veciños de que San Lourenzo andou polos camiños enlamados para quedar en Laraxe, senón que tamén se procura a intervención de instancias sobrenaturais ante as que só cabe a obediencia. A primeira versión que contan os veciños de Laraxe é que San Lourenzo chegou á súa igrexa andando e enlamando os seus pés. Aínda que se coñeza a outra historia e sexa esta a que se ten como *"real"*, comézase a conversa contando un relato no que é o santo quen decide o lugar onde debe recibir culto. Non son os seres humanos os que decidiron, senón que entrou en xogo unha decisión ultraterrena que debe ser acatada por todos os devotos.

Outra das razóns que podería explicar o gran interese por ficar coa imaxe de San Lourenzo e a gran importancia que alcanzou como romaría a súa festa vén dada por unha das capacidades que se lle atribúe a este santo. Este argumento ten unha orixe de tipo material, aínda que tamén está

14. Véxase LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología cultural de Galicia,* p. 56

baseado noutra lenda acerca de San Lourenzo e da súa chegada a esta comarca. No programa das festas do ano 2001 publícase un pequeno artigo no que se explica a razón de por qué as festas de San Lourenzo non só rivalizan coas do verdadeiro patrón de Laraxe, San Mamede, senón que chegan a melloralas, convertendo a San Lourenzo no verdadeiro patrón da parroquia e no santo máis querido polos seus veciños[15].

Neste artigo dátase a chegada de San Lourenzo a esta bisbarra na primeira metade do século XVIII. Uns anos antes da súa arribada a estes lugares, o santo perdera a súa freguesía situada en Castela-A Mancha debido aos grandes incendios provocados por unha vaga de calor. Desde ese momento San Lourenzo propúxose loitar en contra do lume percorrendo toda a Península. Comezou a visitar moitos pobos e aldeas, pero non tivo éxito en ser recibido en ningunha parroquia, pois todas tiñan xa o seu patrón e ningún quería compartir o seu posto con el. Andando e andando pasaron algúns anos ata que un día chegou ata o límite entre as freguesías de Maniños e Laraxe e ficou a esperar nese sitio por ver se podía quedar alí. Como nun primeiro momento ningún dos patróns das dúas parroquias (San Salvador e San Mamede respectivamente) o quería en ningunha das súas igrexas pois temían que lles poidera facer competencia e que lles arrebatase aos seus fieis, construíu o santo coas súas propias mans unha pequena capela para protexerse da chuvia e do frío. Pero os veciños das dúas parroquias pronto descubriron as boas capacidades do santo para loitar contra os incendios. Naqueles tempos plantábase lume aos terreos con moita frecuencia, xa que había que cavar e queimar os montes para poder sementar neles trigo e centeo. En moitas ocasións estas queimas podían converterse nun gran incendio, provocando grandes desgracias entre os campesiños. Por iso resultaba tan importante a intervención de San Lourenzo. Cando un incendio podía chegar a converterse en perigoso, os fregueses recorrían ao santo e, gracias á súa dilixencia, conseguían controlar o lume, ben porque de súpeto amainaba o vento que lle estaba dando forza as lapas, ben porque comezaba de súpeto a chover con tanta forza que o incendio se extinguía de contado. Ademais a localización da capela de San Lourenzo era a perfecta para un santo adicado a defender os campesiños do lume. O lugar onde hoxe se atopa o marco de San Lourenzo e onde antigamente se situaba a súa capela localízase no alto dos montes que serven como límites aos actuais concellos de Cabanas e Fene. É un lugar agreste no que, excluíndo as parcelas do próximo polígono industrial de Vilar do Colo, predomina un uso forestal. Apenas existen vivendas nos seus arredores e as máis próximas son de recente construcción.

De aí que da cuestión de quen quedaba cun santo que podería traer tantos beneficios para os labregos, nacería a competencia e a rivalidade entre Maniños e Laraxe. As dúas parroquias necesitaban da intervención do santo para axudalos nas súas tarefas agrícolas e para protexelos dos incendios, polo que os seus veciños estaban totalmente dispostos a enfrontarse entre eles para conseguir en exclusiva a presencia do santo na súa parroquia e tamén a súa mediación contra os incendios e a súa protección. E esa circunstancia sería a que provocou o nacemento dalgunhas das lendas existentes sobre San Lourenzo e a súa chegada á parroquia de Laraxe.

15. Véxase "De cómo San Lourenzo lle gañou o posto a San Mamede e por iso é o patrón de Laraxe" no Programa das festas de Laraxe, 2001.

OS MILAGRES DO MARCO DE SAN LOURENZO.

Atribúense ao marco de San Lourenzo extraordinarios poderes para a curación de todo tipo de enfermidades e males, sobre todo relacionados co mal de ollo e coa envexa, e a capacidade de conceder algúns favores e "bonanza" en xeral a todo aquel que estea moi necesitado e recorra a el. Esa condición milagreira da pedra provocou, como recolle nun dos seus relatos o veciño da parroquia de Limodre Sindo Seixido[16], que a xente chegara a arrincar anacos da pedra para convertelos en amuletos e poder así levar sempre con eles unha parte do marco para que actuase como unha protección. Accións moi semellantes eran realizadas con certa frecuencia por moitas persoas ata non hai moito tempo. Recollíanse anacos da ara onde un sacerdote tiña oficiado misa e xunto con outros elementos, (sobre todo con allos, castañas de Indias ou cornos de vacalouras), metíanse nunha pequena bolsiña ou nun saquiño. Estes podíanse levar nos petos ou, con maior frecuencia, ser colgadas dos pescozos dos nenos máis pequenos para que así quedaran protexidos contra as posibles malas influencias ou accións das meigas, da envexa dos veciños ou do mal de ollo. No caso dos pedazos arrincados dunha ara, o mal é combatido polo ben mediante un obxecto considerado sagrado. Este tamén é o caso do marco de San Lourenzo, non só polas súas capacidades para evitar o mal de ollo e proporcionar bonanza, senón tamén porque hai moitas persoas que cren que o marco formou parte do ara da antiga capela de San Lourenzo erixida nese lugar.

Sen embargo esa non é a maneira máis estendida de pedirlle ao marco algún favor. De feito existe toda unha liturxia que hai que realizar para conseguir os beneficios que o marco é San Lourenzo poidan proporcionar. Esta liturxia, aínda que contén lixeiras variacións segundo o que se pretenda conseguir do marco, comeza cando se elixe o día máis adecuado para visitar este espacio. A xornada máis favorable para acudir a el é o primeiro venres de cada mes, seguido polo primeiro martes de cada mes. De todos os xeitos, parece que todos os venres e os martes ao longo de todo o ano poden resultar propicios para acudir a este lugar perseguindo uns obxectivos curativos, aínda que si que resulta preferible achegarse ata o marco durante a noite e non mentres haxa luz diurna. O ofrecido debe ir acompañado por outras dúas persoas. Este grupo debe facer o camiño de ida por un sitio diferente ao lugar por onde se volta, non se pode repetir o mesmo itinerario. Antes de saír da casa tamén resulta imprescindible realizar varios actos: hai que acender unha vela e deixala acesa durante o tempo no que se acode o marco, tamén na casa hai que cravar un coitelo nun bolo de pan recén feito (tradicionalmente considérase que os coitelos e as navallas protexen e *"cortan"* o mal de ollo e a envexa) e, indo xa de camiño, hai que recoller nove pedras pequenas nunha encrucillada. Feito todo isto, xa resulta posible comenzar a visita ao marco de San Lourenzo.

Todos estes preliminares teñen a súa propia interpretación. O lugar onde se atopa o marco de San Lourenzo é considerado un espacio sagrado, ou alomenos, tense por ser un punto que posúe unha misteriosa e extraordinaria potencia. Por iso resulta imprescindible a realización dun conxunto de actos para achegarse ata el. Como espacio sagrado, este lugar está rodeado e defendido por tabúes, de aí que non resulte posible achegarse ata el procurando un obxectivo curativo ou

16. VÉXASE SEIXIDO, Sindo: "O marco de San Lourenzo" en *A gloria é un afiador* pp. 39 – 42.

sanador se non se cumpren con anterioridade unhas determinadas condicións. Mediante elas preténdese alcanzar unha condición nova e diferente das situacións cotiás e ordinarias que permita cambiar o estado dos individuos participantes para deste modo conseguir eses obxectivos e desexos persoais, especialmente a recuperación da saúde.

Hai que ir ao marco preferiblemente pola noite e evitando o contacto co resto dos veciños. O traxecto ten que facerse en completo silencio, polo que moitas das veces vanse recitando oracións mentalmente. Mentres se fai o camiño non se pode pronunciar ningunha palabra. Deste xeito, o grupo que se dirixe ao marco non pode saúdar nin responder ao saúdo de ninguén, nin tampouco manter ningunha conversación entre eles. Como di C. Lisón Tolosana referíndose ao seguimento deste tipo de rituais: *"a separación da esfera de relacións ordinarias, a negación dalgunhas delas, o formalismo, a duplicación de camiños e a actividade nocturna marcan simbolicamente a entrada a unha condición e espacio metafísicos, rituais*[17]*"*. En canto se chega ao marco o primeiro que hai que facer é o sinal da cruz. Con posterioridade comézanse a dar nove voltas ao redor do marco. Outras persoas cren que son sete as voltas que hai que dar, pero sempre é nesario que sexa un número impar e idéntico ao número de pedras que se tiñan collido nunha encrucillada. En cada volta hai que tirar unha desas pedras e facelo sempre polo ombreiro esquerdo mentres se recita algunha oración. Estas que seguen están destinadas a curar o mal de ollo, os feitizos ou os meigallos e tamén a cortar a envexa, pero existen outras moitas dependendo do que se pretenda conseguir cando se visita o marco:

"Meigas e meigos de ameigar,
Bruxas e bruxos de embruxar,
Tanto disfrutedes de min,
Como desta pedra que vou tirar."

Ou tamén,

"Tanto goce de min
Quen me queira mal,
Como gocei desta pedra
Que agora vou tirar."

Todas estas oracións teñen que rematar sempre de xeito ineludible coas seguintes palabras:

"Non é polo meu poder
Nin pola miña sabiduría,
É polo poder de Dios Padre
E polo da Virxe María."

17. LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*, p. 122.

Pola súa banda, Sindo Seixido no relato xa citado no que aparece o marco de San Lourenzo, recolle outra das oracións utilizadas para pedirlle ao marco axuda. Neste caso a protagonista da narración vai ata o marco para solicitarlle que lle provoque un aborto despois de quedar embarazada dun veciño que emigrou en canto soubo da noticia. A cada volta que da Donatila, a protagonista, ao redor do marco, deixa un patacón sobre a pedra e di as seguintes palabras:

"Pedra milagreira,
Pedriña afincada,
Líbrame desta barriga;
A ti non che custa nada.
Aí che deixo a gabelada"[18].

Aínda que estes dous tipos de oracións son moi diferentes entre si, tamén presentan algunhas semellanzas. Para conseguir a maior eficacia posible hai que repetir as mesmas palabras cada vez que se dea unha volta ao marco. Durante todo o tempo que se estea a realizar este ritual hai que procurar prestar toda a atención posible. Esa atención ten que ser aínda maior cando se recitan as diferentes oracións. Non cabe a posibilidade de que haxa ningunha equivocación, todo debe facerse e ser dito como manda o costume, sen erros ou alteracións de ningún tipo. Se os chegase a haber, o ritual quedaría totalmente invalidado. Non se conseguirían ningún dos obxectivos buscados cando se achega alguén ao marco ou, aínda moito peor, sairía vencedora a persoa que provocou o mal que se intentaba neutralizar coa visita a este lugar.

O poder curativo deste tipo de accións ten a súa fonte no poder do ritual. Mediante as diferentes actuacións que hai que realizar cando se decide visitar o marco de San Lourenzo preténdese manipular as manifestacións do sagrado ou do metafísico e dalgún xeito participar nelas conseguindo que actúen conforme as necesidades e desexos de quen realiza o ritual. Toda esa representación constituiría a orixe do poder terapéutico do ritual levado ao cabo neste lugar. De aí tamén provén a importancia de facer todo segundo o costume e de recitar sen equivocación algunha das diferentes oracións. Preténdese a superación dos males propios mediante conxuros e oracións que establecen distintas similitudes e semellanzas partindo dalgún elemento coñecido e observable habitualmente. No primeiro caso, o mal que sofre a persoa que vai ata o marco é identificado coas nove pedras pequenas que se botan polo ombreiro esquerdo en cada unha das voltas que se lle dá ao marco. Esas pedras quedan xunto ao marco e, con elas, queda o mal que tanto inquietou ao visitante. Ese é o sentido cara ao que apunta o contido das dúas oracións transcritas en primeiro lugar. Identifícase o ben que puideran alcanzar todos aqueles que queren mal a quen asiste ao marco co beneficio que este pode sacar dunha pedra recollida nun camiño. Esas pedras son deixadas no lugar onde se realiza o ritual e xunto con elas queda o mal, voltando os oficiantes ás súas casas liberados dos males que anteriormente puideran sentir.

18. *Loc. Cit.* p. 41.

No segundo caso parece que a relación entre o visitante é o marco é de diferente índole. Parece que se establecera unha relación case de tipo comercial entre ámbalas dúas partes. A rapaza Donatila, facendo uso dun ritual que lle ensinara unha das súas tías, pretende conseguir a intervención do marco e do seu poder místico entregándolle nove patacóns. Pero non é unha relación económica, xa que a rapaza non vai ao marco por unha razón económica, senón que bota man de el porque cre na eficacia do ritual que vai levar ao cabo e ese rito inclúe a presencia das moedas. Tamén aquí a eficacia simbólica é o eixo que articula o poder místico que se atopa no marco de San Lourenzo.

Semella que este tipo de rito xa non é o máis numeroso entre os realizados ao carón do marco. Algunha xente comentabanos que agora apenas aparecen moedas neste lugar. Ata hai vinte anos estas persoas sabían cantos visitantes tivera o marco polo número de moedas que aparecían espalladas polos seus arredores. Hoxe continúan sendo visibles os restos bastante numerosos deixados no marco cando se realiza alí un ritual, pero o número de moedas decreceu en grande medida, debido sobre todo a substitución desas moedas polas pedras dunha encrucillada.

Antes de deixar o lugar e de voltar para a casa seguindo outro camiño diferente ao utilizado para a ida (é algo que cómpre recordarmos), hai que deixar unha esmola ao santo nas proximidades do marco e tamén algunha prenda do ofrecido, especialmente nos casos en que este, debido á enfermidade que poida sufrir,ou a que prefira non asistir persoalmente ou a algunha outra razón, non puidera ir por el mesmo ata este lugar.

Detalle dos restos de velas e ofrendas deixadas no marco.

Como xa comentamos máis arriba, actualmente parece que xa non son moitas as persoas que deixan unha esmola ao santo ou que en vez que tirar nove pedras polo ombreiro esquerdo botan moedas. Varias persoas recordan que durante a súa infancia un dos seus entretementos favoritos era ir ata o marco de San Lourenzo para ver que deixaran as persoas que foran ao lugar para facer algún ritual. Se estes nenos atopaban algunha moeda, non dubidaban en collela para gastala eles, malia que os seus maiores tíñanllelo totalmente prohibido porque aseguraban que o mal que tiña abandonado alí a xente que fora ata marco meteríase dentro de quen collera ou tocara algo do que había ao seu redor.

É necesario recordar que o camiño de ida ten que ser diferente do camiño de volta co fin de enganar ao mal. Quen vai ao marco achégase ata el portando un mal que lle provocou outra persoa. Mediante o ritual o mal é depositado ao redor do marco e nos diferentes elementos que se utilizan para levalo ao cabo, xa sexan pedras, moedas ou ramas de árbores. Pero o mal quere voltar con aquela persoa coa que foi ata o marco, polo que é necesario cambiar o itinerario de volta para que ese mal non poda regresar coas persoas que o deixaron alí.

Tamén resulta moi importante no primeiro caso lembrarmos que todas as oracións teñen que rematar cos catro versos que aluden a unha intervención divina no desenvolvemento do ritual. O poder que posúe o marco de San Lourenzo e as súas capacidades teñen unha fundamentación última no poder divino. Non son as persoas que realizan o ritual as que teñen o poder para protexer do mal, tampouco é a pedra do marco a que actúa por si mesma. As melloras conseguidas mediante a visita ao marco son adxudicadas a unha intervención celestial. Pola contra, no segundo caso, non se interpela a ningún santo, nin á Virxe, nin a Deus, senón que na pedra como tal parece residir unha forza sobrehumana capaz de conceder favores e de outorgar a súa protección a aqueles que lla solicitan.

De todos os xeitos seguindo calquera dos posibles rituais utilizados ao redor do marco e botando man das diferentes oracións para solicitar a súa intervención, parece claro que neste lugar reside unha forza especial, sobrehumana. E parece que esa forza está baseada sobre dous eixos: a eficacia simbólica do ritual e a situación do marco de San Lourenzo nun punto espacial moi concreto, unha fronteira, o límite entre catro parroquias desta comarca.

CONCLUSIÓNS. LÍMITES PARROQUIAIS, LÍMITES MORAIS, CONMEMORACIÓNS RITUAIS.

Son moi numerosas as historias que existen en toda Galicia nas que as pedras ocupan un lugar principal. Entre elas un grupo importante constitúeno as lendas referidas aos marcos. Moitas delas dan conta dos castigos infrinxidos a algunhas ánimas que están no Purgatorio por ter cambiado algún marco do seu sitio para conseguir aumentar o tamaño das súas leiras; estas non descansarán ata alguén teña devolto o marco ao seu lugar orixinal, polo que pasan as noites á procura

dalgunha persoa que desfaga o cambio que eles fixeron e regrese o marco ao seu lugar. Outras moitas das historias referentes aos marcos teñen como eixo o seu papel como lugares onde realizar un ritual dirixido á curación ou á protección ante o mal de ollo ou a envexa. A este tipo pertencen algúns dos ditos sobre o marco de San Lourenzo. Pero, como vimos ao longo deste traballo, a extensión e a importancia de todo o que ocorre ao redor deste lugar vai máis alá.

O relato que ofrecen os veciños das parroquias que rodean ao marco fai que se descoñezan por completo as orixes tanto do marco de San Lourenzo como da imaxe que se atopaba na capela situada neste lugar. Nas historias que dan conta da chegada da imaxe de San Lourenzo a Laraxe sitúase a súa vinda nun tempo mítico e descoñecido, propio dos mitos de formación de moitas comunidades. Este é un tempo ilimitado, sobre el é posible construír e proxectar os argumentos necesarios para explicar a existencia presente. Pero tamén este se trata dun tempo moral, xa que sanciona e xustifica unha orde, unha institución, unha norma ou un dereito, tales como por exemplo o dereito que ten a parroquia de Laraxe a organizar a romaría de San Lourenzo celebrándoa dunha determinada maneira *"tradicional"* ou a división dos veciños e das casas segundo a parroquia á que pertenzan.

Contrastando coa falta de exactitude respecto ao momento no que comezou a romaría de San Lourenzo ou foi construída a súa capela, o espacio onde hoxe está situado o marco e antes estaba situada a ermida de San Lourenzo é absolutamente concreto e exacto. Todos os veciños saben como chegar ata o lugar onde se atopa e son moitos os camiñantes que dando un paseo se achegan ata el. A vaguedade temporal da súa orixe contrasta coa exactitude do espacio físico da súa localización. O lugar onde se atopa o marco é o punto exacto no que limitan as parroquias de San Martiño do Porto, Laraxe, Maniños e Limodre. Pero non é unicamente un lugar ben coñecido, ademais trátase dun espacio cun carácter metafísico, xa que a enerxía sacra é facilmente reactivada nese lugar, de tal xeito que incluso se poden realizar alí curacións.

Este é ademais un espacio liminal, fronteirizo. Mediante el son marcadas unhas barreiras que delimitan o espacio que lle corresponde a cada unha das comunidades veciñas. Pero non se trata só dunha fronteira marcada pola división administrativa eclesiástica, senón que nese lugar se atopa tamén unha fronteira moral. Ese límite quedaba aínda máis marcado cando existía unha capela no lugar. Segundo C. Lisón Tolosana: *"as ermidas situadas fóra do núcleo habitado, en lugares agrestes, elevados e ás que se desprazan (Rite de marge) os veciños anualmente para celebrar unha das súas dúas festas patronais, son moitas veces repositorios dunha tradición ou lenda de orixe ou límites da comunidade"*[19].

Isto tamén aconteceu con San Lourenzo. A historia que dá conta da súa chegada a Laraxe atribúelle unha especial importancia na historia desta comunidade elaborada polos seus propios veciños. A celebración da romaría de San Lourenzo constitúe unha proba da antiquísima orixe

19. LISÓN TOLOSANA,Carmelo: "Aragón festivo (La fiesta como estrategia simbólica)" en *Antropología social y herme - néutica,* pp. 58 – 59.

dunha comunidade, neste caso a parroquia de Laraxe, que dá conta do seu propio pasado, historia e tradición. E que bota man dun dos seus moitos pasados, unha das súas historias e unha das súas tradicións para xustificar a súa propia existencia como comunidade e para revitalizala cada vez que se recordan esas lendas relativas a San Lourenzo e, sobre todo, cada vez que se celebran as súas festas patronais xunta coa romaría de San Lourenzo.

O ritual de curación que se realiza utilizando o marco de San Lourenzo pode ser visto como un modo de reavivación dun rito de límites. Partindo dunha experiencia cotiá de tránsito e dun movemento externo e obxectivo, alcánzase unha formulación sintética e metafórica de transformacións místicas invisibles. O seu resultado é o restablecemento da saúde e a liberación do mal que acosaba ao visitante. Pero ese ritual ten que ser realizado nun espacio moi concreto, o punto que marca a fronteira entre comunidades distintas.

Despois do percorrido feito ao longo deste traballo podemos rematalo recordando que o contorno é, en grande parte, mental. A configuración do espacio, os límites entre as parroquias e os municipios responden a intereses fundamentalmente culturais. Eses límites vense reforzados mediante actuacións simbólicas e rituais. Son estas as que lle confiren a estes lugares un importante valor moral. E todo isto é utilizado moitas veces como fundamentación da existencia de diversas comunidades. A existencia duns límites é utilizada non tanto para definir as características intrínsecas a esa comunidade, senón para definir as características de todos aqueles que son alleos a ela, para crear un "Outro" ao que utilizar para distinguirse como comunidade cunha única, aínda que ás veces contadictoria e sempre con tensións, identidade propia.

Coidamos que este é tamén o caso do marco e da romaría de San Lourenzo. A súa característica de estar situado nun espacio liminal provocou a súa grande importancia na xeografía moral dos veciños desta zona. Os rituais que reforzaban ese límite foron mudando en gran medida ao longo do tempo. Nun primeiro lugar era a romaría de San Lourenzo celebrada na antiga capela a que recordaba anualmente a unión das diferentes parroquias que a rodeaban, pero ao mesmo tempo, evocaba a existencia individual desas catro freguesías e das súas correspondentes identidades parroquiais. Esta cirscuntancia mantívose ata que unha das catro parroquias quedou co santo e coa súa festa, cambiando o lugar da escultura de San Lourenzo e o lugar de celebración da súa romaría, convertíndoa nunha festa dunha única parroquia.

Pero a existencia desa barreira entre as diferentes parroquias provocou que os veciños destes lugares continúasen a realizar diferentes actuacións rituais e simbólicas que pasaron de ser unha forma de recordar a existencia das catro parroquias e dos lazos de unión compartidos entre elas mediante o seu culto a un único santo unificador San Lourenzo, a unha forma de curación ou de protección debido á eficacia simbólica do ritual que se leva a cabo xunto ao marco situado neste lugar. Polo tanto, a celebración da romaría de San Lourenzo, tanto a antiga como as actuais festas de Laraxe, a curación de enfermidades por medio do marco... estaría relacionado cun lugar exacto, un límite, e coa extraordinaria potencia que o ritual e as accións simbólicas proporcionan.

BIBLIOGRAFÍA

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio: *Historia de Pontedeume e a súa comarca.* Xunta de Galicia. Pontedeume. 1995. [4ª ed.].

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. CIS – Siglo XXI. Madrid. 1984.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio: *Gallegos ante un espejo. Imaginación antropológica en la historia.* Ediciós do Castro. Sada. 1987.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio: "Antropología Simbólica del paisaje" en González Alcantud, J.A. y González de Molina (eds): *La tierra, mito, ritos y realidades.* Anthropos-Diputación Provincial de Granada. Barcelona. 1992, pp. 391 – 399.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio: "Cosmología popular gallega" en KOTTAK, C.P.: *Antropología. Una exploración de la diversidad humana con temas de la cul - tura hispana*. McGraw-Hill. Madrid 1977, pp. 399-430.

FERNÁNDEZ RIFÓN, Andrés: *Cabanas, Erines, Laraxe, Porto, Regüela, Salto, Soaserra según las respuestas generales del Catastro de Ensenada y emblemas del municipio.* Deputación da Coruña. A Coruña. 1999.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología cultural de Galicia.* Akal. Madrid. 1990 [1973].

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: "Límites simbólicos (rituales de separación)" en *Invitación a la antropología cultural de España*. Akal. 1991 [1980].

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: "Aragón festivo (La fiesta como estrategia simbólica)" en *Antropología social y hermenéutica.* Fondo de Cultura Económica. Madrid. 1983, pp. 43- 83.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia.* Akal. Madrid. 1987.

LLORCA FREIRE, Guillermo; PÉREZ ALBERTI, Augusto & ROMERO MASIÁ, Ana Mª: *Camiños de Ferrolterra.* Mancomunidade de Ferrol. Pontedeume. 1982.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Antropoloxía de Galicia.* Xerais. Vigo. 2000.

ROMERO MASIA, Ana Mª & POSE MESURA, Xosé Manuel: *Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol.* Padroado do Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña. A Coruña. 1986.

SEIXIDO, Sindo: *A gloria é un afiador.* Ediciós do Castro. A Coruña. 1992.

TOSCANO NOVELLA, Mª Cristina; LUACES ANCA, Javier; FERRER SIERRA, Santiago & PENEDO ROMERO, Rafael: "O Patrimonio cultural no concello de Cabanas" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, nº 5, xuño 1998, pp. 147 – 173.

TOSCANO NOVELLA, Cristina & LUACES ANCA, Javier: *Cabanas. Historia y patrimonio cul - tural.* Concello de Cabanas. Cabanas. 1999.

VALES VILLAMARÍN, Francisco: "El marco del Monte Medela" en *Anuario Brigantino*, nº 22. 1999, pp. 11–20. Publicado por primeira vez en 1972.

VELASCO, Honorio; CRUCES, Francisco & DÍAZ DE RADA, Ángel: "Fiestas de todos, fiestas para todos" en *Antropología*, nº 11, marzo, 1996.

VV. AA.: *Rituales y proceso social. Estudio comparativo en cinco zonas españolas*. Ministerio de Cultura. Madrid. 1991.

HISTORIA DAS INVESTIGACIÓNS SOBRE O MEGALITISMO NO CONCELLO DAS PONTES (A CORUÑA)

María Martín Seijo

REVISIÓN DOS ESTUDIOS SOBRE MEGALITISMO

A historia dos monumentos megalíticos e dos materiais arqueolóxicos vinculados a este vén determinada polas circunstancias específicas do lugar no que se atopan. Durante o século XIX a vila das Pontes era escollida como lugar de repouso por xentes acomodadas da comarca ferrolá e do Ortegal, que se trasladaban a este lugar a tomar as augas ferruxinosas. Foi neste contexto no que se produciron os achados arqueolóxicos de Santiago de la Iglesia e os primeiros estudios do megalitismo da zona por Federico Maciñeira y Pardo de Lama. As súas investigacións xeraron un coñecemento sobre os monumentos megalíticos das Pontes, e sobre os materiais arqueolóxicos contidos neles que tiveron unha proxección nacional e internacional.

Sen embargo, durante o século XX produciuse unha sistemática e masiva destrucción de evidencias arqueolóxicas, debido á explotación do xacemento de lignito no val das Pontes iniciada nos anos 40 coa instalación do complexo industrial de ENCASO e intensificada dende 1975 coa instalación de ENDESA, que explotou o xacemento de lignitos mediante unha mina a ceo aberto de 15 km2, a maior de toda a Península Ibérica. Non foi ata finais da década dos 80 cando se deseñou un proxecto de colaboración entre a Xunta de Galicia e a empresa propietaria da explotación de lignito co fin de realizar intervencións arqueolóxicas previas á destrucción destes túmulos polo avance da mina ou da entulleira.

Aínda que o val das Pontes pervive só na memoria, consérvanse importantes concentracións tumulares en determinadas zonas como a Serra do Cheibán ou a Mourela (aínda que xa están moi afectadas por múltiples violacións e obras realizadas nas súas inmediacións), ou mesmo nas parroquias de Somede e o Freixo. No ano 1935, Federico Maciñeira describía así os túmulos da comarca das Pontes: *"Pues tanto en este amplio y plano valle de formación terciaria y diluvial per - teneciente a la villa de Puentes de García Rodríguez (Ortigueira), cuanto en las colinas y sierras que lo contornean, aparecen por todos lados –aún aparte de los que hayan podido ser arrasados en las zonas de cultivo- gran número de túmulos allí denominados "medoñas", la mayoría de ellos agrupados en los lugares incultos que el tojo y el brezo cubren por completo."* (Maciñeira, 1935)

Santiago de la Iglesia, o médico e naturalista ferrolán, descubriu durante unha das súas estancias na vila das Pontes en xullo de 1893 os dous vasos campaniformes, como nos relata

Federico Maciñeira (1947): *"hallándose en julio de 1893 en Puentes, en cura de montaña, entre - tuvo su descanso explorando unas cuantas medoñas del grupo de la Vilavella, inmediatas al pue - blo"*. A motivación de Santiago de la Iglesia sen embargo non ía máis aló do interese por atopar algún tesouro agachado, *"sin gran rigor científico –debido a que lo hizo más bien por simple curio - sidad que por afán investigador-..."* (Maciñeira, 1941).

Federico Maciñeira foi realmente o primeiro investigador que se ocupou de estudiar sistematicamente os túmulos das Pontes dende o ano 1894. Non foi casual o feito de que o primeiro grupo de medoñas e círculos líticos que estudiou fosen as Medoñas da Mourela (Maciñeira, 1929), xa que se atopaban nas marxes do camiño que ía dende a vila ata a fonte das Boliqueiras; foron obxecto dun estudio publicado na Ilustración Artística de Barcelona no ano 1895. Ademais de realizar as súas propias investigacións arqueolóxicas, levou a cabo unha recompilación de datos dos achados realizados por Santiago de la Iglesia entre outros, deixando constancia en moitos casos de materiais actualmente desaparecidos.

Cando Maciñeira explorou e escavou os túmulos da comarca das Pontes moitos deles foran xa total ou parcialmente destruídos, polos labores agrícolas ou polos campesiños da zona en busca de imaxinarios tesouros: *"Instigados por una echadora de cartas, reuniéronse varios decididos mozos del contorno para rescatar las imaginarias riquezas que la mámoa guardaba y allá fueron, empleando varias noches* [...] *hasta dejar al descubierto la cámara tumular."* (Maciñeira, 1929)

Incluso no ano 1880 durante a realización dunhas investigacións mineiras, uns ingleses escavaron un túmulo na Mourela, atopando varias pezas arqueolóxicas. As intervencións nestes monumentos fixéronse máis frecuentes e agresivas despois do achado dos vasos campaniformes e do tesouro das Pontes incitadas pola procura de vestixios arqueolóxicos: *"Pocos meses antes de investigarla, habíanla ido a reconocer unos señores de Ferrol –marinos y militares- atraídos por la resonancia local del hallazgo* [...] *quienes para el examen interno del túmulo, atacaron el mon - tículo por la base y flanco del Este con una zanja hasta dar con el dolmen* [...]*"* (Maciñeira, 1929).

O inicio da explotación de lignito a grande escala no val comezou durante os anos 40, aínda que xa no século XIX e probablemente antes se viña explotando o carbón de pedra nunha pequena mina ao carón do río Eume. Sen embargo o comezo da explotación do lignito co emprego de maquinaria pesada suporá a desaparición tanto de aldeas e lugares, coma dos xacementos arqueolóxicos existentes na zona de explotación. Este avance da mina provocará a desaparición de varios conxuntos tumulares, e probablemente dalgún outro túmulo illado ademais dos materiais arqueolóxicos que acollían.

Durante os anos 70 a O.J.E. realizou escavacións en varios túmulos, entre eles un túmulo en Portorroibo, do que se extraeron diferentes materiais que naquel momento foron depositados no Museo da O.J.E. da Coruña, pero dos que hoxe descoñecemos a súa localización, neses mesmos anos houbo incluso peñas que se adicaron a realizar "escavacións" (Rivera Rouco, 1976). Ademais

destas intervencións nos monumentos megalíticos das que nos quedou constancia, supoñemos que houbo outras moitas das que descoñecemos tanto os autores como os posibles materiais aparecidos.

Xa a finais dos anos 80, creouse ENDESA-ARQUEOLOXÍA, e no ano 1987 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Dirección Xeral de Patrimonio Artístico e Documental da Xunta de Galicia con ENDESA, co obxectivo de comezar un *"proxecto de investigación arqueolóxico integral"*, que contaría co apoio institucional da Xunta e co apoio material de ENDESA (Rodríguez Casal; Vaquero Lastres, Rey Seara, 1995). Realizando intervencións preferentemente nos xacementos con perigo inminente de desaparición polo avance da mina, da entulleira ou pola realización de diversas obras (construcción de estradas, canais de conducción de auga, etc): 1988 nos túmulos da Telleira na Ponte da Pedra, 1989 en Reboredo, 1990 en Illade, 1992 no Forgoselo e no 1994 a prospección arqueolóxica de todo o concello. Paralelamente no 1992 na Mourela tamén se levaron ao cabo traballos de prospección e escavación de túmulos e de estructuras asociadas.

OS MONUMENTOS MEGALÍTICOS ESTUDIADOS

A continuación realizaremos unha revisión das investigacións nas estructuras tumulares e outras estructuras asociadas agrupándoas en necrópoles. Este labor sen embargo vese dificultado polo feito de que os estudios realizados sobre esta zona (exceptuando os de Maciñeira) son parciais, centrándose en aspectos concretos como a localización dos túmulos (Bello Diéguez; Criado Boado; Vázquez Varela, 1984 e 1987), o estudio de determinados materiais arqueolóxicos ou a intervención en agrupacións tumulares concretas (Pombo Mosquera, 1993-4; Vaquero Lastres, 1995, 1997, 1999; Eguileta Franco, 1997).

As **Medoñas da Mourela**, que tamén recibían o nome de Pedras Chantadas, eran un grupo de sete túmulos dolménicos, algún deles de grandes dimensións e dous círculos líticos. Destes dous últimos temos a descrición e a documentación gráfica (fotografías e planos) realizada por Federico Maciñeira, xa que foron destruídos durante a construcción dunha estrada: *"Desdichadamente, entre el 1902 y 1904, al construírse el camino vecinal de las Boliqueiras que por allí cruza, fueron destrozados los círculos líticos para utilizar su magnífica piedra de blanco cuarzo en el firme del mismo, sin dejar el menor vestigio de ellos, ni de los mojones que marginaban el viejo camino inmediato."* (Maciñeira, 1943)

Na prospección realizada no ano 1992 por J.M. Eguileta Franco (1997), observábanse aínda en superficie pedras de seixo branco de tamaño mediano correspondentes ao círculo lítico menor, que se distribuían en dous círculos líticos concéntricos, nunha plataforma lixeiramente sobreelevada con respecto ao terreo circundante. A necrópole da Mourela situábase a ambos lados do camiño real das Pontes a Guitiriz e Betanzos, un camiño que presentaba a particularidade de estar limitado por seixos brancos semellantes aos dos círculos líticos. Durante o ano 1992, debido

á construcción dun polígono industrial nesta zona que afectaba parcialmente ás mámoas leváronse ao cabo toda unha serie de sondaxes arqueolóxicas de urxencia nas medoñas (Eguileta, 1997).

A Medoña 1 da Mourela atopábase moi destruída xa cando a estudiou Federico Maciñeira (1929): *"representa las ruínas de una mámoa pequeña desbaratada por el hombre"*. A medoña 1 (MM-M1) non presentaba ningún tipo de construcción no seu interior, pero si un anel lítico formado por bloques de cuarzo e minúsculos carbóns no estrato IV (Eguileta, 1997). Nesta medoña destaca a ausencia de cerámica, a abafadora maioría de restos non elaborados (prismas), e as pezas elaboradas realizadas en cuarzo (raspador, pequena aixola). A medoña 2 (MM-M2) acollía tamén terra mesturada con pequenos carbóns, incluso se localizou unha estreita mancha oval preto da área central (Eguileta, 1997). As pezas atopadas foron unicamente dúas: un fragmento de cuarzo cristalizado e unha posible punta de frecha realizada en esquisto. En ámbalas dúas medoñas, debido ao avanzado estado de destrucción no que se atoparon, J.M. Eguileta non considera que estas pezas sexan representativas dos enxovais.

A medoña 4 da Mourela foi violada polos campesiños, como xa sinalamos anteriormente, atraídos polas lendas que facían referencia a tesouros escondidos e instigados por unha botadora de cartas, segundo recolle Federico Maciñeira (1929), atopando no seu interior tres obxectos metálicos (de cobre ou bronce), dos que un sería *"una especie de esferita de unos tres centímetros de diá - metro, con una pequeña anilla de suspensión"*, todos estes obxectos foron fundidos polos broncistas da localidade. Na medoña 6 apareceron carbóns vexetais, e na 7, nunha cámara poligonal simple pechada, atopáronse: un cicel, carbón vexetal e terra calcinada. A análise de carbono 14 dos carbóns (CSIC-977) aparecidos nesta medoña ofrecen unha datación calibrada de 2.398-2.139 (Alonso Matthías; Bello Diéguez, 1997). Medio quilómetro máis arriba, seguindo o camiño real das Pontes a Guitiriz e Betanzos, atopábase a medoña que foi "escavada" por uns ingleses no 1880, no seu interior non acollía unha construcción megalítica, pero si *"una especie de rotonda formada por guija - rros"* (Maciñeira, 1929) e na que se atoparon: *"carbones, una pequeña espada de cobre o bronce y un raro objeto, también metálico, que los ingleses le dijeron ser un collar"* (Maciñeira, 1929)

Na chaira das Pontes destacan a necrópole da Veiga da Vilavella, da Veiga dos Mouros e da Telleira na Ponte da Pedra, e do Cerrado de Illade; as tres eran importantes concentracións tumulares, nalgunhas delas atopáronse os materiais arqueolóxicos máis significativos. Existían outras en lugares como o Meidelo (medoñas187, 190, 202, 203, 204, 189, 201), a Veiga do Rebeirón (medoñas 185, 186), o Casal da Boa (159, 160), e Portorroibo.

A necrópole da **Veiga da Vilavella** atopábase situada nun lugar próximo ao río Eume, e estaba constituída por unha agrupación de túmulos que foron explorados por Santiago de La Iglesia no 1893, e posteriormente por Federico Maciñeira. A medoña 240 contiña unha banda de ouro, e un conxunto de pezas de cobre, que constitúen o que se denominou o tesouro das Pontes (Hernando Gonzalo, 1983). O conxunto de pezas de cobre está composto por un puñal de espigo de folla alongada con biselado, roto no seu extremo distal, e catro puntas de proxectil con pedúnculo. Estas

pezas correspóndense cun momento avanzado do Calcolítico. A medoña 245 da Veiga da Vilavella acollía nun túmulo realizado unicamente con terra unha construcción en cista con oito soportes e unha laxe de cuberta, na que se atopou un machado pulimentado, entre pequenas pedras cuarzosas e fragmentos de carbón (Maciñeira, 1941; Fábregas, 1991). Próximo a estes apareceu tamén un único fragmento de campaniforme internacional de moi pequeno tamaño (Criado Boado; Vázquez Varela, 1982).

A medoña 242, explorada por Santiago de La Iglesia, non acollía ningún tipo de construcción, estaba unicamente formada por terra limpa e contiña os restos de dous vasos campaniformes, na situación que recolle Maciñeira de maneira textual dunha conversa co médico ferrolán: *"y en la base, sobre el piso natural, entre abundantes residuos de combustión, tropecé con muchos frag - mentos cerámicos correspondientes al gran vaso caliciforme"*. Santiago de la Iglesia realizou el mesmo a reconstrucción dos vasos campaniformes, mediante lacre e cartón, crendo que se trataba dos fragmentos dun único vaso, obtendo unha forma estraña semellante a un cáliz. Luis Pericot, tras examinar o vaso, observou as diferencias existentes na decoración da parte superior e inferior do obxecto, e o seu posterior estudio levouno a dictaminar que se trataba de dous vasos. O vaso *"caliciforme"* foi remitido ao Servicio de Investigacións Arqueolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Barcelona, que dirixía por aquel entón o Dr. Bosch Gimpera, que corroborou o dictame de Pericot, reconstruíndo os dous vasos campaniformes. Aínda que a reconstrucción se limitou a uns mínimos, ademais da obtención de dous moldes. A derradeira restauración destes vasos que estaban nun estado de evidente deterioro produciuse nos anos 90 (Fernández Ibáñez, 1992). Na obra de Castillo Yurrita *La Cultura del vaso campaniforme (Su origen y extensión en Europa)* do ano 1928 recóllense como evidencias dentro do grupo de Galicia estes dous vasos campaniformes, como uns dos escasos exemplares atopados ata entón.

Vasos campaniformes da Vilavella (Castillo, 1928).)

A necrópole da **Veiga dos Mouros** na Ponte da Pedra estaba formada por un conxunto de cinco túmulos (Maciñeira, 1944). O túmulo 219 estaba composto dunha laxe de pizarra fincada sobre o piso natural e lixeiramente inclinada cara ao oeste, a media altura nos lados leste e oeste aparecen dúas pequenas laxes de pizarra. Neste túmulo atopáronse un coitelo de sílex de sección trapezoidal, fragmentos de dous vasos campaniformes, unha bola de ocre, restos de carbóns de madeira, cinza e terra calcinada (Maciñeira, 1944; López Cuevillas, 1959).

O túmulo 229 da Veiga dos Mouros acollía unha cámara rectangular (cista) formada por catro laxes e unha cuberta, nela atopáronse un machado do tipo I pulido, aixola tipo IIB pulida, tres láminas de enxadas pulidas, dous cinceis e unha maza (Fábregas, 1991). Este tipo de enxoval sería do tipo Rechaba, que correspondería a un momento avanzado do Megalítico ou xa Calcolítico (Vázquez Varela, 1979). Estas pezas foron atopadas polos campesiños no ano 1891, cando intentaban extraer as laxes de pizarra para empregalas na repisa dun balcón, descubrindo no fondo da estructura entre residuos de carbón as anteriores pezas líticas (Maciñeira, 1943). Dous anos despois regalaron unha destas pezas a D. Santiago de la Iglesia, sinalando Maciñeira: *"*[...] *y de ahí tal vez naciese en él la idea de explorar algunas otras medoñas"*.

No ano 1991 foi escavado un túmulo desta necrópole por J. Vaquero Lastres (PP0) (Vaquero Lastres, 1995b, 1999), este túmulo estaría constituído por unha construcción orixinal que foi posteriormente alterada, posuiría unha delimitación circular en madeira (foxa e cerca) cunha estructura de inhumación central configurada a partir dos ortostatos fincados lonxitudinalmente, aliñados e inclinados cara dentro, baixo os que se deposita o suposto cadáver sobre un solo preparado. A alteración da estructura orixinal viría causada por: *"Un grupo posterior arranca uno de los ortostatos, construye un túmulo e instala otra nueva losa en la misma posición aproximada de la extraída pero en la parte superior del túmulo. Una nueva estructura en la que la estela (sin la orientación e inclinación de la anterior y de diferente pizarra) está trabajada hasta conseguir una forma rectangular. En su parte occidental (exterior del primer recinto) se excava una fosa."* (Vaquero Lastres, 1995b)

O grupo da **Telleira**, na Ponte da Pedra, estaba constituído por cinco túmulos: 216, 217, 218, 223 e 227. A medoña 227 (da Telleira 1) foi excavada no ano 1988 (Pombo, 1993/4). O chan de base desta medoña estaba formado por unha grande concentración de cantos rolados procedentes da terraza cuaternaria, illando o túmulo do solo. Atopáronse no seu interior materiais líticos, un chopper (formando parte do empedrado), un útil dobre: buril e perforador, unha punta bec, un disco de técnica levallois con nove extraccións, dúas láminas e dúas laminiñas, e varias lascas. Algunha destas pezas procedente da terraza cuaternaria podería constatar a ocupación durante o paleolítico desta zona.

A medoña 223 (da Telleira 2) está situada a 150 m ao E-NE da anterior (Pombo, 1993/4). Ambas son semellantes na súa morfoloxía externa e na conformación da área na que se asentaba (concentrando tamén cantos rolados). Contiña unha extructura interior e situada no centro da

medoña formada por unha chanta inclinada cara ao norte feita de lousa (xisto). A medoña 217 presentaba dúas chantas de lousa (xisto), que Pombo atribúe a unha posible estructura de corredor, dato que non puideron comprobar polo remate da campaña.

No **Cerrado de Illade**, parroquia de Santa María da Vilavella, existía un conxunto de sete túmulos, que se corresponden coa numeración de Federico Maciñeira do 191 ao 197, tendo como características principais o seu perfil sumamente aplanado, nalgún dos casos, e a súa proximidade (Maciñeira, 1943). Seis deles foron escavados durante os anos 1990 e 1991, por J. Vaquero Lastres. Nestes túmulos constatouse o emprego da madeira nas construccións tumulares IL0, IL1, IL2, IL3 (Vaquero Lastres, 1995b, 1999). En IL0, un enterramento individualizado nunha excavación da rocha, limitada por unha estructura con acceso ao interior mediante unha rampla de madeira que apareceu carbonizada, datada por C14 cara o 5.200 BP (Vaquero Lastres, 1995b; López Gómez, 1999), que configuraría un camiño de acceso á parte central deste túmulo, cunhas medidas máximas aproximadas de 175 x 270 cms (Carrera Ramírez, 1996). A estructura é excepcional dende o punto de vista histórico, o que determinou que se realizasen toda unha serie de labores de conservación co fin de musealizala nun futuro, aínda que ata o momento se atopa nun almacén de ENDESA nas Pontes.

O conxunto de túmulos (231 a 237) do lugar da **Fraga Vella** en Portorroibo, (Maciñeira, 1929), desaparecidos polo avance da explotación mineira e dos que nos queda unicamente a documentación gráfica de Federico Maciñeira. Era un conxunto formado por unha medoña de planta redondeada e sete túmulos "oviformes" que non conteñen unha estructura dolménica e situados nunha zona semipantanosa e emboscada. Durante os anos 70 a O.J.E. realizou diversas "intervencións" nos túmulos das Pontes, entre eles no túmulo de forma esférica de Portorroibo, que ao parecer tampouco contiña ningunha construcción pétrea no seu interior pero no que: "*Los objetos hallados fueron: piezas de pizarra pulimentada, hacha de piedra tallada de cuarcita, alabardas de pizarra, puntas de flecha de sílex o cuarcita, raspadores y buriles del mismo material, hachas pequeñas o raspadores de sílex, ídolo amulético de pizarra y trozos de argamasa (probables restos humanos)*" (Rivera Rouco, 1976). Actualmente non posuímos máis datos sobre este enxoval que se atopa en "paradoiro descoñecido". O conxunto tumular de Portorroibo foi posteriormente destruído polo avance da explotación mineira, xunto co conxunto de sete túmulos do Meidelo (187, 190, 202, 203, 204, 189, 201).

A continuación centrarémonos naquelas construccións tumulares que se atopan nos distintos relevos que circundan o val das Pontes, ou que se atopan noutros puntos do concello. No 1992 realizouse unha prospección dunha pequena zona que circunda a cubeta terciaria, a causa da instalación neles dun polígono industrial (Eguileta, 1997). Durante esta prospección catalogáronse once mámoas, das que unicamente dúas apareceron illadas: seis túmulos no Tesouro, unha medoña no Pinel, outra en Sáa e tres no lugar de Maciñeira.

No **Chao de Reboredo**, que se atopaba nunha elevación próxima á zona de maior concentración tumular da chaira, existía unha necrópole formada por catro túmulos (161, 162, 163 e 164),

próximos aos cales en dirección SE existían outros tres (165, 166, 167) e un máis no monte Grou (168). Dous túmulos do Chao de Reboredo foron escavados no 1989 por Vaquero Lastres. O túmulo RB1 (Vaquero Lastres, 1995e, 1999) presentaba no referente á arquitectura do túmulo unha quincena de bloques dispersos de seixo branco, colocados concentricamente no chan. Ademais apareceu un pequeno oco escavado na rocha (que Vaquero relaciona cun oco de poste), os restos dunha estructura bandeada de 50 cm de ancho cunha liña central de terra moi endurecida que podería vincularse con delimitacións realizadas en madeira *"tenga que ver o no con el túmulo, y siendo anterior o contemporánea a éste"*, ademais do rexistro de dúas zonas de terra compactada dentro da circunferencia descrita.

En RB1 apareceron tamén restos de lume, en concreto unha capa de cinza en toda a superficie excavada por enriba do que podería ser o solo orixinal, moi semellante á que apareceu en RB2. Rexistrouse ademais un *"claro fuego estructurado a base de fragmentos de cuarzo de los que pudimos recoger varias muestras de madera carbonizada"* (Vaquero Lastres, 1995e). Os materiais arqueolóxicos aparecidos en RB1 (Vaquero Lastres, 1995f) son un disco perforado fabricado en lousa (dos que existen paralelos na zona Vilavella e Monte Grou de placas aparecidas durante unha prospección), unha lousa perforada semicircular, un denticulado realizado en lousa, unha ficha circular tamén en lousa e un prisma de cristal de cuarzo. En RB2 apareceu un alisador de pedra de gran (Vaquero Lastres, 1999g).

No **Forgoselo** tamén realizou Vaquero escavacións arqueolóxicas nas medoñas: FO0, FO1, FO2 e FO3, das que o único que coñecemos ademais da súa localización é que o túmulo FO1 sería an unha inhumación en foxa sobre un túmulo (Vaquero Lastres, 1995b; 1996).

A **Serra do Cheibán** acollería tamén unha importante concentración de túmulos, vintetrés en total (aínda que non todos estarían na comarca das Pontes), que se aliñarían a ambos lados do camiño real que une As Pontes coa parroquia de Seixas (Somozas). No lugar de **Marraxón**, situado xa máis ao interior da comarca, existía tamén un conxunto de seis túmulos, dos que polo menos un foi "explorado" pola "Peña San Miguel", no que se atoparon *"hachas de piedra tallada en cuarcita"* (Rivera Rouco, 1976), e que probablemente contivera algún tipo de estructura de madeira carbonizada: *"poseen cámara poligonal, del tipo dolménico, pero sus lajas verticales son de madera en vez de piedra, actualmente carbonizadas. Llevan por tapa superior varias piezas de pizarra"* (Rivera Rouco, 1976). Nas parroquias máis interiores da comarca das Pontes tamén rexistrou Maciñeira túmulos megalíticos. No pico **Caxado** da parroquia do Deveso, unha das maiores elevacións montañosas da provincia da Coruña, con 757 m de altitude, existen catro túmulos megalíticos, os números 139, 140, 141 e 149 (Maciñeira, 1943). Na parroquia de **Somede**, na Veiga da Nata os 142, e 143, na Camposa do Foxo os 144, e 145 e no Campo das Medas o 150 (Maciñeira, 1943).

CONCLUSIÓNS

A realización desta breve revisión lévanos a formular varias conclusións de carácter xeral sobre as estructuras tumulares das Pontes, pero antes debemos deixar claro que todas as investigacións parten da parcialidade dos datos dispoñibles, debido fundamentalmente a dúas causas: a primeira sería a certeza que temos de numerosas expoliacións e violacións de túmulos que proporcionaron materiais arqueolóxicos que actualmente se atopan en mans de particulares, e a segunda sería a utilización unicamente dos datos publicados sobre estas intervencións, referidos a intervencións puntuais ou a aspectos concretos relacionados coa disposición espacial dos túmulos no espacio.

Mostra	Procedencia	Cronoloxías C14 calibradas (ANE)						
MM-M7 / CSIC-977	Inerior cámara						2398-2139	
ILO.55248 / GrN19208	-				4314-3986			
ILO.59270 / GrN19209	-	7482-7047						
ILO.72229 / GrN19210	-				4228-3953			
ILO.80212 / GrN19211	-		6172-5441					
IL1.33372 / GrN19212	Entrada recinto							1406-926
IL3.12229 / GrN19213	Fogar						2467-2068	
RB1.15679 / GrN19214	Fogar						2464-2034	
PPO.15225 / GrN19215	-							809-535
PPO.20337 / GrN19216	Fogar da foxa							1414-915
PPO.24429 / GrN19217	Empalizada					3969-3654		
ILO.80212 / Beta51900	-			5059-4345				
IL5.14395 / Beta51901	Foxa						2881-2142	

Táboa 1. Datacións de C14 dos túmulos (Alonso, Bello, 1997; Vaquero, 1999).

Partindo desta base, sen embargo podemos sinalar varios feitos significativos na enumeración realizada e á vista das datacións de C 14 realizadas: o primeiro feito destacable sería a extraordinaria perduración temporal destes túmulos, dende o campaniforme ata a Idade do Bronce, observable na variación dos enxovais, das estructuras e incluso na reutilización das estructuras tumulares para realizar inhumacións individuais en foxa (RB1, FO1, IL2).

Outro elemento a destacar sería a aparición reiterada de determinados materiais tanto para realizar a construcción como formando parte da estructura e dos enxovais. Estes materiais son o seixo, o cuarzo cristalizado, a pizarra e a madeira. O seixo empregouse tanto para realizar corazas pétreas no exterior dos túmulos como para construír determinadas estructuras no seu interior. A lousa aparece nos enterramentos en forma de laxes de tamaño variable, ou nos enxovais como pezas elaboradas (RB1). Tamén é destacable a aparición da madeira carbonizada formando parte fundamental dalgunha destas estructuras tumulares, coma o túmulo de Marraxón do que non posuímos máis que a referencia antes sinalada (Rivera Rouco, 1976) e no Cerrado de Illade (Vaquero Lastres, 1995b): *"El empleo de maderas en las construcciones puede considerarse elemental en cuatro de los yacimientos que investigué (IL0, IL1, IL3, PP0); parecen ser de hecho, arquitecturas de madera"*. É significativa tamén a selección de determinadas terras, de características específicas, e cunha disposición intencionada, como xa sinalara Federico Maciñeira e como se pode observar claramente nos artigos de Eguileta Franco (1997) e de Vaquero Lastres (1996).

Estructura funeraria	Residuos da combustión	Fogares	Estructuras de madeira
MM-M1			
MM-M2			
MM-M6			
MM-M7			
240 Veiga da Vilavella			
245 Veiga da Vilavella			
242 Veiga da Vilavella			
229 Veiga dos Mouros			
219 Veiga dos Mouros			
ILO			
RB1			
RB2			
PPO			

Táboa 2. Evidencias do lume e das estrucuras de madeira presentes nos túmulos.

A importancia fundamental do lume no ritual funerario constátase pola reiterada presencia nos túmulos de todo tipo de evidencias relacionadas coa combustión: fragmentos e partículas de carbón (Medoña 1, 2, 6, 7 da Mourela), tizóns ou leños de carbón (estructura de madeira carbonizada de IL0), cinzas (RB1, RB2), terra calcinada (219 da Veiga dos Mouros), etc.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO MATTHÍAS, F.; BELLO DIÉGUEZ, J.M.

1997 "Cronología y periodización del fenómeno megalítico en Galicia a la luz de las dataciones de C14", A.A. RODRÍGUEZ CASAL (ed) O *Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo*, Univ. De Santiago de Compostela, Santiago

BELLO DIÉGUEZ, J.M.; CRIADO BOADO, F.; VÁZQUEZ VARELA, J.M.

1982 "Sobre la cultura megalítica y los caminos antiguos en Galicia", *El Museo de Pontevedra*, XXXVI

1984 "Megalitismo y medio geológico en el Noroeste peninsular", *Revista de Guimarâes*, vol. XCIV.

1987 *La cultura megalítica de la provincia de la Coruña y sus relaciones con el marco natural: implicaciones socioeconómicas*, Ed. Diputación Provincial, A Coruña.

BOUZA BREY, F.; MARTÍNEZ LÓPEZ, X et GARCÍA MARTÍNEZ, M.C.

1974 “Novos exemplares de cerámica campaniforme na Galicia”, *Actas do III Congresso Nacional de Arqueologia*, vol. I, Porto.

CARRERA RAMÍREZ, F.

1996 “Arqueología y Restauración. Un ejemplo aplicado a los yacimientos megalíticos”, *El Fenómeno Megalítico en Galicia*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, Santiago.

CASTILLO YURRITA. A. del
1928 *La Cultura del Vaso Campaniforme (Su origen y extensión en Europa)*, Unviversidad de Barcelona, Barcelona.

CRIADO BOADO, F.
1988 “Mámoas y rozas: panorámica general sobre la distribución de los túmulos megalíticos gallegos”, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, Vol. XXVIII, fasc.1-2.

CRIADO BOADO, F.; VAQUERO LASTRES, J.
1993 “Monumentos, nudos en el pañuelo. Megalitos, nudos en el espacio: Análisis del emplazamiento de los monumentos tumulares gallegos”, *Espacio, tiempo y forma*, Serie I, Tomo 6.

CRIADO BOADO, F.; VÁZQUEZ VARELA, J.M.
1982 *La cerámica campaniforme en Galicia*, Ed. Do Castro, Sada-A Coruña.

EGUILETA FRANCO, J.M.
1997 “Sondeos arqueológicos de urgencia en "As Medoñas da Mourela" y prospección en el polígono industrial de "Penapurreira" (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña): Memoria de las actividades”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t.VII, vol. 2.

FÁBREGAS VALCARCE, R.,
1984 "La industria de piedra pulida en las sepulturas megalíticas de Galicia", *Trabajos de Prehistoria*, vol.41.
1990-1"Industria lítica y mámoas del Noroeste: algunos caracteres fundamentales", *Castrelos*, III-IV.
1991 *Megalitismo del Noroeste de la Península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*, UNED, Madrid.
1993 "¿Enterramientos tumulares en la Edad del Bronce? Nuevas evidencias para el Noroeste", *Espacio, tiempo y forma*, Serie I, Tomo 6.
1996 "O material lítico nunha perspectiva socio-económica", *El fenómeno megalítico en Galicia, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba*, Santiago.

FÁBREGAS VALCARCE, R.; FUENTE ANDRÉS, F de la
1988 "Aproximaciones a la cultura material del megalitismo gallego: la industria lítica pulimentada y el material cerámico", *Arqueohistórica 2*, Santiago.

FÉRNANDEZ IBÁÑEZ, C.
1991 "Conservación y restauración de cerámica campaniforme. (Trabajos desarrollados en uno de los recipientes del monumento megalítico de "As Pontes", A Coruña)", *Gallaecia*, nº12.

HERNANDO GONZALO, A.,

1983 "La orfebrería durante el Calcolítico y el Bronce Antiguo en la Península Ibérica", *Trabajos de Prehistoria*, vol. 40.

LÓPEZ CUEVILLAS, F.

1929. *Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galicia*, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, II.

1955 "Caracteres de la Cultura Megalítica del Noroeste", *III C.A.N.*, Zaragoza.

1959 "La época megalítica en el Noroeste de la Península", *Caesaraugusta*, XIII-XIV.

1973 "Prehistoria", OTERO PEDRAYO, R. *Historia de Galicia,* Ed. Galicia.

LÓPEZ CUEVILLAS, F.; BOUZA BREY, F.,

1929. *Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza*, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, Ed. Nós, A Coruña.

LÓPEZ FOXO, M.

1988 *Ortigueira na Cultura Galega,* Imprenta Fojo, Ortigueira.

LÓPEZ GÓMEZ, F.S.

1999 *Os primeiros galegos. Prehistoria e Arqueoloxía*, Ed. Lea, Santiago.

MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F.

1929 *Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos en la cuenca superior del río Eume*, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, A Coruña.

1935 "La distribución de las estaciones prehistóricas ortegalesas y sus características", *Boletín de la Academia Gallega*, XXII.

1941 "El vaso campaniforme y condiciones de sus intactos yacimientos tumulares en la estación de Puentes del Cabo Ortegal", *Atlantis (Actas y memorias de la sociedad españo - la de Antropología, Etnografía y Prehistoria),* Tomo XVI, Cuadernos III-IV.

1944-5 "Túmulos prehistóricos. Inventario descriptivo de los doscientos ochenta y seis túmulos prehistóricos hasta ahora descubiertos en la avanzada comarca del Cabo Ortegal", *Boletín de la Real Academia Gallega,* XXIII-XXIV.

1947 *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*, C.S.I.C., Santiago.

POMBO MOSQUERA, X.A.,

1991 "Proxecto arqueolóxico ENDESA", *Arqueoloxía/Informes 2. Campaña 1988*, Xunta de Galicia, Santiago.

1993-4 "Excavacións de mámoas na área de expansión mineira de ENDESA (As Pontes, A Coruña) 1988", *Brigantium*, vol.8.

RAMIL REGO, E.; RAMIL SONEIRA, J.
1996 "El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipaleolítico", in FÁBREGAS VALCARCE, R. (ed.) *Os primeiros poboadores de Galicia: o Paleolítico*, Ed. Do Castro, A Coruña.

RIVERA ROUCO, E.
1976 *Historia de Puentes de García Rodríguez,* La Voz de Galicia, A Coruña.

RODRÍGUEZ CASAL, A. A.
1990 O *Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia,* Univ. Santiago de Compostela, Santiago.
1996 "Reflexiones desde Galicia sobre el Megalitismo Atlántico", in RAMIL REGO, E. (ed.) *El Fenómeno Megalítico en Galicia*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, Santiago.
1997 "Neolitización e Megalitismo en Galicia", in RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (ed.) *O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo,* Univ. Santiago de Compostela, Santiago.

RODRÍGUEZ CASAL, A.A.; VAQUERO LASTRES, X.; REY SEARA, E.
1995 "Proxecto arqueolóxico ENDESA (As Pontes de García Rodríguez)", *Arqueoloxía/Informes 3. Campaña 1989*, Xunta de Galicia, Santiago.

VAQUERO LASTRES, J.
1989 "¿Dónde diablos se esconden nuestros muertos que no los podemos ver? Reflexiones sobre el emplazamiento de los túmulos del NW?", *Gallaecia*, 11: 81-108.
1991-2 "Del análisis del emplazamiento al estudio de la distribución de túmulos en el NW", *Brigantium*, 7: 151-176.
1995a "Túmulos del NW peninsular: escenarios", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995b "Túmulos del NW peninsular: escenas", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995c "Cubeta de As Pontes: túmulos y problemática de intervención", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995d "Ver y moverse: túmulos en el NW peninsular", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995e "Túmulos tardíos en el NW. RB1: Estructuras", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995f "Túmulos tardíos en el NW. RB1: Piezas", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.
1995g "Túmulos de Reboredo RB 1-2 (As Pontes, A Coruña)", *Arqueoloxía/Informes 3. Campaña 1989*, Xunta de Galicia, Santiago.
1996 "Trabajos sobre los túmulos de la cubeta de As Pontes y su entorno", in RAMIL

REGO, E. (ed.) E*l Fenómeno Megalítico en Galicia*, Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, Santiago.

1999 *Les extrêmes ditintcts. La configuration de l'espace dans les sociétés ayant bâti des tertres funéraires dans le Nord-Ouest ibérique*, BAR International Series, 821

VAQUERO LASTRES, J.; VÁZQUEZ COLLAZO, S.

1995 "Túmulos tardíos en NW. RB1: piezas", *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*, Vigo.

VÁZQUEZ VARELA, J.M.

1979 "El horizonte de Rechaba: una nueva fase de la cultura megalítica del Noroeste peninsular", *Boletín Auriense*, Tomo IX.

1988 "El ocre en el megalitismo de Galicia", *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, Vol. XXVIII, fasc. 1-2

APROXIMACIÓN AOS SOBRENOMES DE PONTEDEUME: UN TRABALLO DE CAMPO

Pablo García Campos e Lidia Sieira Rodríguez

Á miña familia.
A Ramón.

PEQUENA INTRODUCCIÓN AOS SOBRENOMES

O nome é a palabra coa que se distingue e designa un ser animado ou inanimado.

O sobrenome ou alcume[1] é o nome que se lle dá a unha persoa, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias. O nome e o sobrenome fan referencia a unha mesma acción: nomear, función que desde moi antigo se lle atribuíu ao home (véxase a *Biblia*, Xénese 2,19), pero desde dous puntos de vista diferentes; o primeiro implica nomear unha xeneralidade e o segundo, pola contra, é máis específico, porque fai referencia á persoa, é máis, substitúe ao nome.

O sobrenome remóntase ao mundo romano, cando as persoas libres e máis concretamente os integrantes das familias patricias (*gens*) utilizaban tres elementos para nomearse. Un exemplo disto é Marcus Tulius Cicero. Marcus é o *praenomen* (sería o noso nome actual), Tulius é o *nomen* (sería o noso apelido) e Cicero é o **cognomen** (sería o sobrenome), que significa chícharo.

COMO NACEU ESTE TRABALLO

Este artigo é froito da elaboración dun traballo de clase para a materia de Cultura e Tradición Popular, que tiña como finalidade a introducción dos alumnos na metodoloxía do traballo de campo como medio de investigación para a Antropoloxía.

O tema que escollemos foi o dos sobrenomes en Pontedeume, e despois de que fose puntuado decidimos que podería ser interesante publicalo nesta revista co propósito de que servise como punto de inicio para un traballo de investigación de maior extensión sobre este tema, xa sexa feito polos autores ou por outras persoas.

1. *Diccionario da Real Academia Galega,* 1997. Convén ter en conta que tamén hai outras palabras que fan referencia de forma semellante á realidade expresada polo sobrenome . Entre elas cabe destacar en galego: apelativo e sobrenome *(Diccionario da Real Academia Galega, 1997). En castelán: apodo, alias, mote, mal nombre, sobrenombre (Diccionario de la Real Academia Española,* 2001; *Nueva Enciclopedia Larousse*, 1983). Segundo a *Nueva Enciclopedia Larousse* alias e sobrenombre aluden á calidades ou circunstancias boas ou malas e pola contra mal nombre e mote implican menosprezo, burla e ironía.

O TRABALLO DE CAMPO

Obxectivos

1. Observar a función do sobrenome dende dúas perspectivas, unha persoal como substituto do nome e caracterizador de personalidades, e outra social como medio de clasificación sociolóxico.

2. Estudiar a relación entre os sobrenomes e o contorno onde aparecen, neste caso a vila de Pontedeume. Aquí deben considerarse varios aspectos:

- Como inflúe que Pontedeume sexa unha vila de orixe medieval e de carácter mariñeiro.
- Cal é o grao de permanencia dos sobrenomes tradicionais co paso do tempo e que outros sobrenomes se foron engadindo a estes.
- ¿Existen diferencias entre os sobrenomes que se dan na vila cos que se dan nas diferentes parroquias do concello?
- Cal é o tratamento que en canto ao sobrenomes se lle dá ás persoas que son doutro lugar en Pontedeume.
- Desde unha perspectiva negativa, ¿en que medida afecta o sobrenome á integración ou desarraigo da persoa que o leva na comunidade da que forma parte?

Metodoloxía e cuestións realizadas

O método investigación foi a entrevista persoal. Debido ao carácter introductorio do traballo só se fixeron dúas, a Jesús Filgueiras Allegue e Andrés López Carpente. O primeiro paso que demos foi formularlles o tema e os nosos obxectivos. Non houbo, por parte deles, ningún tipo de receo nin suspicacia, a causa do coñecemento mutuo.

As preguntas foron as seguintes:

1. ¿Por que o chaman así?
2. ¿Cal é a orixe do seu sobrenome?
3. ¿Moléstalle que o chamen polo seu sobrenome?
4. ¿Herdouno ou puxéronllo de novo?
5. ¿Había diferencias de sobrenomes entre as distintas zonas da vila?
6. ¿Había algún alcume para os das parroquias do concello ou viceversa?
7. ¿Había algunha denominación para a xente de poboacións próximas a Pontedeume?
8. ¿Coñece algunha anécdota sobre os sobrenomes de Pontedeume?

Ao longo das entrevistas non só nos centramos nestas cuestións básicas, senón que fomos tomando nota doutras que se suscitaron, de forma que a conversación fose fluída e non se limitase tan bruscamente ás preguntas do cuestionario anterior. Por isto, o diálogo transcorreu nun ambiente agradable, o que foi fundamental para a obtención de información.

Tan boa foi a experiencia que nos invitaron a acudir a eles cando fose necesario e sen ningún tipo de problema.

As entrevistas

Para a realización destas entrevistas fomos á vila de Pontedeume e, tras unha pequena visita por ela, dirixímonos ás casas dos entrevistados.

ENTREVISTA A JESÚS FILGUEIRAS ALLEGUE

Este entrevistado foi o que nos proporcionou a lista dos sobrenomes de Pontedeume que incluímos como anexo. Esta clasificación conta cunha curiosa introducción que nos facilita algunhas conclusións posteriores.

O alcume co que se nomea a esta persoa é o *Moeche*. A orixe, segundo a súa explicación, remóntase ao seu bisavó, orixinario de *Moeche*. El conta que certo día cando estaban na igrexa o cura preguntou por Antón o *Moeche* (o seu bisavó) e o sancristán ao oír tal sobrenome decidiu que era o adecuado, e así foi como lle quedou. Este sobrenome transmitiuse de xeración en xeración, pasando a denominar así á familia.

Á pregunta de se lle molestaba responde negativamente, que o "leva con moito honor", é máis, quere que o coñezan así e, para que isto sexa posible, nas súas tarxetas de visita ademais de poñer o seu nome e apelidos pon tamén o seu alcume; segundo a súa expresión "é unha herencia como outra que me puideron deixar meus pais".

Non recorda ningunha distinción de sobrenomes por rúas ou zonas do pobo, o que si afirma é que de mozo os rapaces dunha mesma zona agrupábanse en "pandillas".

El fala de diferencias na denominación en canto a sobrenomes da xente do pobo e das parroquias. Os das parroquias chaman aos do pobo *pixín da vila* en referencia á condición mariñeira do pobo, *dáñe* pola curiosa pronunciación que teñen os do pobo da forma galega normativa "dálle" ou *vilanchos* con ton despectivo.

Como exemplo desa distinción entre vila e parroquias citounos estes versos:

Si naciche en Pontedeume
e non fuches apodado
non negues si te chaman
"pixín, "dañe" ou "vilancho".

A denominación de *pixín* utilizábase para nomear a todos os habitantes de pobos mariñeiros. Un exemplo diso é que tamén se usa en Cedeira neste sentido.

Á pregunta de se existía esta mesma distinción entre Pontedeume e outros lugares falounos do caso de Ferrol. En Pontedeume, aos ferroláns chamáselles comunmente *Ferrol + anos* cun ton despectivo, xa que non gozaban de moi boa fama.

ENTREVISTA A ANDRÉS LÓPEZ CARPENTE

O alcume co que se nomea a esta persoa é o *Lorcho*, facendo referencia aos zapatos vellos ou a aquelas zapatillas abertas polo talón.

Segundo conta Andrés o sobrenome venlle da madriña da súa nai, aínda que non sabe o porqué.

Deixa claro que non lle molesta que o chamen así, é máis, admite que en canto se lle pon a unha persoa un sobrenome "xa quedas marcado para sempre" e certos alcumes, segundo el, xa viñan dados, en certa maneira non podes escapar ao teu destino.

Tamén admite a importancia do alcume como substituto total do nome e os apelidos, xa que recoñece non saber os nomes e apelidos de numerosa xente da que nos falou, aínda que si coñece o seu sobrenome.

Despois de falar sobre outros temas para ir contestando de maneira indirecta a algunhas cuestións, comentounos que hai algunhas anécdotas divertidas con respecto aos sobrenomes:

Ao instalárense en Pontedeume as primeiras liñas telefónicas, cando alguén realizaba unha chamada, a telefonista tiña que conectar unha caravilla con outra, e non facía falla aprender o número, xa que a maioría das veces os interlocutores utilizaban directamente os sobrenomes das persoas coas que se quería poñer en contacto, e a telefonista, que xa os coñecía, conectaba directamente. A aparición das novas tecnoloxías e o aumento de números fixeron que este método desaparecese lentamente.

A chegada da televisión a Pontedeume provocou que moitos actores se identificasen con xente da vila, como por exemplo o popular Antonio Garisa que tiña o seu "dobre" en o *Peneiras*, de tal forma que cando o actor interpretaba unha serie ou película xa non era el que o actuaba senón o *Peneiras*.

Ademais engadiu que ninguén quedaba sen alcume en Pontedeume (incluído o cura da súa época moza, ao que lle chamaban *castaña ruda* debido ao seu carácter). Sobre o grande número de sobrenomes dixo: "aquí o que non cae resbala".

Cando a unha persoa non lle gustaba que o chamaran polo sobrenome, sobre todo porque podía ser mal soante, utilizábano insistentemente "por fastidiar" e porque "no pecado vai a penitencia".

Á pregunta de se había algunha diferencia entre Pontedeume e outras zonas, contesta que aos de Ferrol chamábaselles *cacos-ferrolis*; aos de Cabanas, o concello da outra marxe do río *capa - dores* por ser alí unha profesión abundante e aos de Centroña, unha parroquia do municipio, *carri - lanos*. Este último sobrenome ten a súa orixe a principios do século XX, cando se construíu a liña férrea Madrid-Betanzos que tiña paso por Pontedeume. Era habitual o uso das "carrilanas" para o transporte de man de obra coma de material e facíase imprescindible no caso de Centroña por ter unha pendente moi pronunciada.

Afirma que certas rúas tiñan o seu sobrenome. Por exemplo: a actual rúa Mancebo recibía o nome irónico de *calle da Botella* porque había dúas tabernas que estaban cheas de xente. A actual travesía Real recibía o nome de *calle de los paragüeros* porque alí vivían os membros desa familia e alí tiñan o seu taller.

Tamén mencionou as actuais rúa dos Ferreiros e rúa Pescadería facendo referencia a antigos oficios que había no pobo, pero sen facer ningún tipo de aclaración sobre elas.

A medida que falaba íanos enumerando algúns sobrenomes persoais, dalgúns sabía a orixe e doutros non. Por exemplo:

- Señor Lorenzo o *Xixas*: Xixas era o nome que comunmente se lle daba ao peixe cociñado para que os máis pequenos o comesen e non protestasen.
- *As Papollas.*
- *A Cupacha.*
- *A Papaxibas.*

CLASIFICACIÓN DOS SOBRENOMES

